



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 11

VIII lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 23 de xuño de 2009

Presidencia da Excma. Sra. D.^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

Punto Preliminar

Ditame da Comisión do Estatuto dos Deputados, sobre as declaracións de actividades presentadas polos deputados e polas deputadas desta Cámara na VIII Lexislatura (art. 16.2 do Regulamento).

1. Textos Lexislativos

1.1. Debate e votación, polo procedemento de lectura única, do proxecto de lei polo que se modifica o texto refundido la Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo

08/PL-0002 (1551)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 28, do 04.06.2009

Publicación emendas á totalidade, BOPG núm. 33, do 16.06.2009

1.2. Debate e votación, polo procedemento de lectura única, do proxecto de lei polo que se modifica o texto refundido la Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro

08/PL-0003 (1552)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 28, do 04.06.2009

Publicación emendas á totalidade, BOPG núm. 33, do 16.06.2009

2. Fixación do número de membros da Cámara e posterior designación das deputadas e deputados para a defensa das Proposicións de lei presentadas perante o Congreso dos Deputados:

- De tranferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria .

07/PPLC-0004 (25.696)

Debate en Pleno día 8 de abril de 2008, DS núm 123

Texto aprobado – BOPG núm. 533, do 11 de abril de 2008

Publicación no Congreso – BOCG núm B-101-1º, 5 de maio de 2008

- Pola que se modifica a Lei 27/1992 do 24 de novembro de portos do estado e da mariña mercante.

07/PPLC-0003 (25.365)

Debate en Pleno día 10 de xuñl de 2008, DS núm 131

Texto aprobado – BOPG núm. 573, do 13 de xuño de 2008

Publicación no Congreso – BOCG núm B-119-1, 9 de xullo de 2008

- De modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xullo, do réxime electoral xeral, para posibilitar a homoxeneización do procedemento de voto das persoas residentes no exterior co resto dos cidadáns.

07/PPLC-0005 (29.369)

Debate en Pleno día 14 de xullo de 2008, DS núm 135

Texto aprobado – BOPG núm. 588, do 15 de xullo de 2008

Publicación no Congreso – BOCG núm B-121-1, 159 de setembro de 2008

3. Comparecencias en Pleno

3.1. 08/CPP-0053 (2799)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do presidente da Xunta de Galicia, para informar sobre o alcance e contido da reunión que mantivo o pasado día 15 de xuño co presidente do Goberno español, Sr. Rodríguez Zapatero

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 35 f.1, do 18.06.2009

3.2. 08/CPP-0011 (355)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para informar dos obxectivos e liñas xerais de actuación política do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 8, do 24.04.2009

3.3. 08/CPP-0013 (357)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para informar dos obxectivos e das liñas xerais de actuación política do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 8, do 24.04.2009

4. Mocións

4.1. 08/MOC-0004 (2603)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa e 2 deputados máis

Sobre as presuntas incompatibilidades do Sr. Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 765, publicada no BOPG núm. 15, do 12.05.2009, correccións no BOPG núm. 24, do 28.05.2009 e debatida na sesión plenaria do 09.06.2009)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 35 f.1, do 18.06.2009

4.2. 08/MOC-0005 (2665)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pose Mesura, Modesto

Sobre a continuación da construción do novo hospital de Vigo, así como da ampliación do Complexo Hospitalario de Pontevedra. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 617, publicada no BOPG núm. 15, do 12.05.2009, e debatida na sesión plenaria do 09.06.2009)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 35 f.1, do 18.06.2009

4.3. 08/MOC-0006 (2703)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre o cumprimento polo Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da normativa vixente en materia de función pública. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 913, publicada no BOPG núm. 20, do 20.05.2009, e debatida na sesión plenaria do 09.06.2009)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 35 f.1, do 18.06.2009

5. Proposicións non de lei ante o Pleno

5.1. 08/PNP-0040 (1267)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vázquez Fernández, Manuel e 23 deputados máis

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego para a prórroga dos prazos previstos no artigo 6.4 da Lei 9/2007, do 22 de xuño, sobre a regularización e actualización de inscricións de embarcacións pesqueiras no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras e no censo da frota pesqueira operativa

Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG núm. 28, do 04.06.2009

5.2. 08/PNP-0060 (1737)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis

Sobre a actuación do Goberno galego en relación coa reunión en Santiago de Compostela dun consello de ministros da Unión Euro-

pea, a ser posible o Consello de Ministros Europeos de Cultura, coincidindo co Ano Xacobeo 2010 e coa presidencia española da Unión Europea

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 30, do 10.06.2009

5.3. 08/PNP-0061 (1744)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez González, Román

Sobre as xestións do Goberno galego para a definición dos títulos universitarios de Enxeñería en Informática, a regulación das súas atribucións profesionais, así como a consideración dos seus Colexios Profesionais

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 30, do 10.06.2009

5.4. 08/PNP-0071 (1954)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción e 3 deputados máis

Sobre a exención das taxas universitarias para todos os estudantes con pais e nais desempregados para garantir o seu acceso á formación universitaria en igualdade de condicións e o establecemento de mecanismos para a súa aplicación no curso 2009-2010

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 30, do 10.06.2009

6. Interpelacións

6.1. 08/INT-0005 (444)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Tomé Roca, José e 5 deputados máis

Sobre as previsións da Consellaría de Traballo e Benestar respecto da publicación e aplicación da Orde pola que se regularan e convocaran axudas destinadas a complementar o desemprego das persoas traballadoras de empresas en crise da Comunidade Autónoma de Galicia afectadas por expedientes de regulación de emprego e suspensión

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 13, do 07.05.2009

6.2. 08/INT-0009 (518)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a posición do Sr. conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no referente ao cumprimento do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 13, do 07.05.2009

6.3. 08/INT-0022 (682)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Cervinho González, Francisco Julio e Pose Mesura, Modesto

Sobre as previsións do Goberno galego respecto dos compromisos recollidos no Plan de mellora da atención primaria 2007-2011, así como do cumprimento dos obxectivos previstos nel

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 15, do 12.05.2009

7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

7.1. 08/POPX-0007 (2770)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vázquez Fernández, Manuel

Sobre a avaliación do Sr. presidente a Xunta de Galicia da acción do seu Goberno, transcorridos máis de 100 días dende as eleccións

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 35 f.2, do 18.06.2009

7.2. 08/POPX-0008 (2782)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre os avances concretos derivados da reunión levada a cabo o pasado día 15 de xuño polo Sr. presidente da Xunta de Galicia co Sr. presidente do Goberno español

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 35 f.2, do 18.06.2009

8. Preguntas orais ante o Pleno

8.1. 08/POP-0168 (2726)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as medidas que vai poñer en marcha a Xunta de Galicia en relación coa normalización e erradicación dos prexuízos contra a homosexualidade (Art. 155.5)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 35 f.2, do 18.06.2009

8.2. 08/POP-0172 (2730)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da rectificación da súa política de comunicación (Art. 155.5)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 35 f.2, do 18.06.2009

8.3. 08/POP-0023 (504)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Cervinho González, Francisco Julio

Sobre a opinión do Sr. conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria respecto dos contidos da publicación da Fundación FAES titulada Las paradojas de la normalización del gallego.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 15, do 12.05.2009

8.4. 08/POP-0052 (521)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do inicio dun proceso de privatización da CRTVG.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 15, do 12.05.2009

8.5. 08/POP-0039 (630)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seara Sobrado, Laura Carmen e Gallego Calvar, María Carmen
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do proxecto do Parque Medioambiental de Galicia, previsto en Carballeda de Avia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 15, do 12.05.2009

8.6. 08/POP-0082 (993)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Miranda, Antonio e 7 deputados máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da situación de parálise que se está a producir na entidade local menor de Berán, no concello de Leiro (Ourense) (art. 155.5)

Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG núm. 20, do 20.05.2009

8.7. 08/POP-0090 (1199)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique
Sobre a negociación colectiva do sector do metal da provincia de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 28, do 04.06.2009

8.8. 08/POP-0113 (1508)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis
Sobre a postura do Goberno galego en relación coa reforma da política pesqueira común (PPC)

Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG núm. 28, do 04.06.2009

8.9. 08/POP-0131 (1772)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Santalices Vieira, Miguel Ángel e 6 deputados máis
Sobre as previsións do Goberno galego relativas á non inclusión do persoal funcionario na carreira profesional sanitaria

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 30, do 10.06.2009

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Declaración institucional.

A señora presidenta le unha declaración institucional, que é aprobada por asentimento, na que condena o atentado de ETA que lle custou a vida a D. Eduardo Antonio Puelles García, en Arrigorriaga, o venres 19 de xuño. (Páx. 9.)

Alteración da orde do día.

A señora presidenta comunícalle á Cámara unha alteración da orde do día, por petición do Goberno e co consentimento dos portavoces dos grupos parlamentarios, consistente no seguinte: a pregunta núm. 630, de dona Laura Seara Sobrado e dona Carmen Gallego Calvar, do G. P. dos Socialistas de Galicia, substanciárase a continuación da comparecencia do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. (Páx. 9.)

Ditame da Comisión do Estatuto dos Deputados sobre as declaracións de actividades presentadas polos deputados e polas deputadas desta Cámara na VIII lexislatura (art. 16.2 do Regulamento). (Punto preliminar da orde do día.)

Presentación do ditame: Sr. presidente da Comisión do Estatuto dos Deputados (Negreira Souto). (Páx. 9.)

A señora presidenta somete á aprobación da Cámara o Ditame da Comisión, que queda aprobado por asentimento. (Páx. 10.)

Debate e votación, polo procedemento de lectura única, do Proxecto de lei polo que se modifica o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: Sra. conselleira de Facenda (Páx. 10.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade: Sr. Lobeira Domínguez (BNG) (Páx. 11.) e Sr. Lage Tuñas (S) (Páx. 15.)

Rolda do grupo parlamentario non emendante: Sr. Rodríguez Miranda (P) (Páx. 17.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Lobeira Domínguez (BNG) (Páx. 19.) e Sr. Lage Tuñas (S) (Páx. 20.)

Debate e votación, polo procedemento de lectura única, do Proxecto de lei polo que se modifica o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: Sra conselleira de Facenda (Páx. 22.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade: Sr. Blanco Álvarez (BNG) (Páx. 22.) e Sra. Caride Estévez (S) (Páx. 24.)

Rolda do grupo parlamentario non emendante: Sr. Puy Fraga (P) (Páx. 27.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Blanco Álvarez (BNG) (Páx. 29.) e Sra. Caride Estévez (S) (Páx. 30.)

Votación do Proxecto de lei polo que se modifica o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo.

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: rexeitada por 35 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 31.)

Votación da emenda á totalidade con texto alternativo do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: rexeitada por 35 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 31.)

Votación da emenda á totalidade de devolución do G.P. dos Socialistas de Galicia: rexeitada por 35 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 32.)

Votación do proxecto de lei polo que se modifica o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo: aprobado por 38 votos a favor, 35 en contra e ningunha abstención. (Páx. 32.)

Votación do Proxecto de lei polo que se modifica o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: rexeitada por 35 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 32.)

Votación da emenda á totalidade de devolución do G.P. dos Socialistas de Galicia: rexeitada por 35 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 32.)

Votación do Proxecto de lei polo que se modifica o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro: aprobado por 38 votos a favor, 35 en contra e ningunha abstención. (Páx. 32.)

Fixación do número de membros da Cámara e posterior designación das deputadas e dos deputados para a defensa das proposicións de lei presentadas perante o Congreso dos Deputados:

–De transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria.

–Pola que se modifica a Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da Mariña Mercante.

–De modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xullo, do réxime electoral xeral, para posibilitar a homoxeneización do procedemento de voto das persoas residentes no exterior co resto dos cidadáns. (Punto segundo da orde do día.)

A señora presidenta somete á aprobación da Cámara a designación das deputadas e dos deputados propostos pola Mesa do Parlamento para a defensa das respectivas proposicións de lei perante o Congreso dos Deputados, que queda aprobada por asentimento. (Páx. 32.)

Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar sobre o alcance e contido da reunión que mantivo o pasado día 15 de xuño co presidente do Goberno español, Sr. Rodríguez Zapatero. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. presidente da Xunta de Galicia. (Páx. 33.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Aymerich Cano (BNG) (Páx. 39.), Sr. Vázquez Fernández (S) (Páx. 44.) e Sr. Ruíz Rivas (P). (Páx.46 .)

Réplica do Goberno: Sr. presidente da Xunta de Galicia. (Páx. 46.)

A señora presidenta abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. .) Nesta rolda interveñen o Sr. Aymerich Cano (BNG) (Páx. 50.), o Sr. Vázquez Fernández (S) (Páx. 51), o Sr. Ruíz Rivas (P). (Páx.51 .) e o Sr. presidente da Xunta de Galicia. (Páx. 53.)

Suspéndese a sesión ás dúas e seis minutos da tarde.

Retómase a sesión ás catro e dous minutos da tarde.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para informar dos obxectivos e das liñas xerais de actuación política do seu departamento. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. (Páx. 56.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Suárez Canal (BNG) (Páx. 65.), Sr. Lage Tuñas (S) (Páx. 67.) e Sr. Rodríguez Miranda (P). (Páx. 69.)

Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. (Páx. 71.)

A señora presidenta abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx.75 .) Nesta rolda interveñen o Sr. Suárez Canal (BNG) (Páx. 75.), o Sr. Lage Tuñas (S) (Páx. 76.), o Sr. Rodríguez Miranda (P) (Páx. 78.) e o Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. (Páx. 79.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para informar dos obxectivos e das liñas xerais de actuación política do seu departamento. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Páx. 81.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Táboas Veleiro (BNG) (Páx. 93.), Sra. Barcón Sánchez (S) (Páx. 96.) e Sr. Gómez Alonso (P). (Páx. 97.)

Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Páx. 99.)

A señora presidenta abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 101.) Nesta rolda interveñen a Sra. Táboas Veleiro (BNG) (Páx. 101.), a Sra. Barcón Sánchez (S) (Páx. 103.), o Sr. Gómez Alonso (P) (Páx. 105.) e o Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. (Páx. .)

Pregunta de D.^a Laura Seara Sobrado e D.^a María del Carmen Gallego Calvar, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto do proxecto do Parque Medioambiental de Galicia previsto en Carballeda de Avia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Seara Sobrado (S). (Páx. 106.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Páx. 107.)

Réplica da autora: Sra. Seara Sobrado (S). (Páx. 108.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Páx. 108.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a María Tereixa Paz Franco e dous deputados máis, sobre as presuntas incompatibilidades do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Suárez Canal (BNG). (Páx. 109.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Pose Mesura (S) (Páx. 111.) e Sr. Castiñeira Broz (P). (Páx.112.)

Nova intervención do Sr. Suárez Canal (BNG). (Páx. 114.)

Suspéndese a sesión ás nove do serán.

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

A señora PRESIDENTA: Vaian ocupando os seus asentos, señorías, por favor.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 35, do 18 de xuño de 2009, polo que non se procede á súa lectura.

Declaración institucional

A señora PRESIDENTA: Señorías, antes de entrar na orde do día, sometemos ao Pleno da Cámara, por iniciativa de todos os grupos parlamentarios, a seguinte declaración institucional:

“O Parlamento de Galicia, por unanimidade, acorda:

Primeiro, condenar o brutal atentado que lle custou a vida ao policía nacional don Eduardo Antonio Puelles García, asasinado vilmente pola banda terrorista ETA, en Arrigorriaga, o pasado venres 19 de xuño.

Segundo, amosarlles o noso cariño, cercanía e condolencia aos seus familiares e amigos. Tamén a nosa solidariedade aos seus compañeiros e ao conxunto das Forzas de Seguridade do Estado e da Ertzaintza.

Terceiro, o Parlamento de Galicia fai votos para que esta sexa a derradeira declaración institucional que haxa que aprobar por mor do terrorismo etarra.

Parlamento de Galicia, 23 de xuño de 2009”.

Alteración na orde do día

A señora PRESIDENTA: Quero comunicar ás súas señorías unha modificación na orde do día a petición do Goberno e co coñecemento e consentimento dos portavoces. Así, a Pregunta número 630, de dona Laura Seara Sobrado e dona María Carmen Gallego Calvar, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, substanciarase a continuación da comparecencia do conselleiro de Medio Ambiente ao longo desta tarde.

Entramos, pois, señorías, na orde do día.

Ditame da Comisión do Estatuto dos Deputados sobre as declaracións de actividades presentadas polos deputados e polas deputadas desta Cámara na VIII lexislatura

A señora PRESIDENTA: Para a lectura do ditame da Comisión, ten a palabra o presidente da Comisión do Estatuto dos Deputados, don Carlos Negreira Souto.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN DO ESTATUTO DOS DEPUTADOS (Negreira Souto): Bos días, señora presidenta, señoras deputadas, señores deputados.

A Comisión do Estatuto dos Deputados, nas reunións do 18 ao 25 de maio e do 15 ao 16 de xuño de 2009, tendo en conta os seguintes antecedentes, a dita Comisión do Estatuto dos Deputados examinou as declaracións de actividades presentadas polas deputadas e polos deputados da oitava lexislatura, para o efecto de elaborar a proposta de compatibilidade encomendada.

Fundamentos normativos:

Primeiro, a Comisión do Estatuto dos Deputados desenvolveu o seu labor nos termos previstos no artigo 16.2 do Regulamento da Cámara. As deputadas e os deputados teñen a obriga de comunicar por escrito calquera modificación que se produza nas súas actividades e que poida afectar a súa situación funcional ou económica como parlamentario ou parlamentaria.

En correspondencia co cumprimento desta obriga, a Comisión, pola súa banda, asume unha función permanente de revisar a dita situación e de manter e modificar posteriormente a súa proposta.

Segundo, no exercicio da súa función de verificación, confrontou as declaracións presentadas coas causas de incompatibilidade establecidas nos artigos 4 e 6 da Lei autonómica 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, e a súa concordancia cos artigos 6 e 155.2 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño.

Rematado o seu labor, e por unanimidade, emite o seguinte ditame:

“As deputadas e os deputados da VIII lexislatura do Parlamento de Galicia non están, neste intre, a teor da documentación presentada e das manifestacións realizadas, incursos en causas de incompatibilidade funcional e, xa que logo, poden exercer con plenitude os dereitos e deberes inherentes ao cargo de parlamentario.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2009”.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, don Carlos Negreira.

Sométese a aprobación por asentimento da Cámara o ditame. (*Asentimento.*)

Queda, pois, aprobado por asentimento desta Cámara o Ditame da Comisión do Estatuto dos Deputados, sobre as declaracións de actividades presentadas na VIII lexislatura.

Pasamos ao seguinte punto da orde do día, textos lexislativos.

Debate e votación, polo procedemento de lectura única, do proxecto de lei polo que se modifica o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo

A señora PRESIDENTA: Para a presentación deste proxecto de lei pola Xunta de Galicia ten a palabra a conselleira de Facenda, dona Marta Fernández Currás.

A señora CONSELLEIRA DE FACENDA (Fernández Currás): Grazas, presidenta.

Señorías, bos días.

A miña intervención non pode empezar doutra forma que reiterando os principios legais en que se ampara a reforma:

En primeiro lugar, o acceso á función pública debe respectar os principios de mérito e capacidade, de acordo co artigo 103.3 da Constitución española, principios recollidos, así mesmo, no artigo 36 do Decreto legislativo 1/2008.

Tal e como establecen tanto a Constitución no artigo 3 coma o Estatuto de autonomía no artigo 5 e coma a propia Lei de

normalización lingüística, os dereitos lingüísticos da cidadanía galega abranguen o dereito ao uso do idioma galego e do idioma castelán, sen ningún tipo de discriminación.

A administración serve con obxectividade os intereses xerais e debe garantir os dereitos lingüísticos dos administrados e das administradas, pero tanto respecto do idioma galego coma do idioma castelán. E tamén a administración, no servizo desta obxectividade, debe procurar contar cos mellores profesionais, profesionais formados e competentes, capaces de prestar os mellores servizos aos cidadáns, tanto se utilizan o galego coma se utilizan o castelán.

O artigo 11 da Lei de normalización lingüística sinala que nas probas selectivas que se realicen no proceso ás prazas da función pública galega, tanto na Administración autonómica coma na Administración local, valorarase, entre outros méritos, o grao de coñecemento das linguas oficiais, que se ponderará para cada nivel profesional. Co obxecto de garantir o coñecemento do galego nas convocatorias de procesos selectivos incluírase un exame en galego, agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente.

As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e valoración do exame. Todo isto, como non podía ser doutra forma, sen prexuízo daquelas probas que teñan que realizarse en galego para as prazas que requiran un especial coñecemento da lingua galega. O debate non reside, polo tanto, nun feito de descoñecer o galego, nin de abrir as portas aos de fóra, como se ten dito; trátase de garantir a seguridade xurídica dos procedementos de selección e de garantir os dereitos constitucionais dos cidadáns.

Nas convocatorias de procesos selectivos incluírase o coñecemento da lingua galega, ponderado, segundo o grupo de clasificación, co obxecto de garantir o coñecemento da lingua galega por parte do persoal que se seleccione para o acceso á función pública galega.

Así mesmo, en determinados corpos, escalas ou categorías pertencentes ao ámbito sanitario, social ou outros que se establezan, a consellaría competente en materia de función pública poderá modular a necesidade de acreditación do coñecemento da lingua galega, co fin de posibilitar unha axeitada prestación de servizos públicos á cidadanía.

Todos queremos os mellores médicos, os mellores profesionais, e non ten sentido que un excelente médico non pase un exame non polos seus coñecementos técnicos, senón por un deficiente manexo da lingua galega. O que haberá que facer, e esa é a obriga da administración, é facilitarlle unha mellora do coñecemento da lingua galega. O que non parece razoable é prescindir dun bo médico.

Polo tanto, o que debe primar é o absoluto respecto á hora de que os opositores, como calquera outro cidadán, elixan con liberdade a lingua na que se queren expresar, sen que as esixencias do poder público, en calquera dirección, poidan menoscabar o exercicio deste dereito.

Tamén, e isto é obvio, debe garantirse que calquera cidadán no momento de dirixirse a algún órgano da Administración autonómica o poida facer en galego ou en castelán, e isto é un dereito que a administración debe garantir, xa que os idiomas oficiais son o galego e o castelán.

Así mesmo, hai que posibilitar que a mobilidade da cidadanía, por todo o territorio nacional, non se vexa limitada, nin menoscabada, por barreiras lingüísticas. As barreiras, incluídas as idiomáticas, non son boas.

Precisamente a Comisión Europea está traballando nunha liña ben diferente, co obxecto de crear un mercado europeo de traballo baseado no principio de igualdade de trato e unha mellor harmonización das condicións de traballo e dos sistemas sociais. Precisamente, tamén, a liberdade de desprazarse e traballar no ámbito da Unión Europea é a máis e a mellor valorada polos cidadáns europeos, segundo a enquisa realizada no 2006 no marco da celebración do Ano europeo da mobilidade dos traballadores.

A lingua supón o vehículo a través do cal se desenvolven as relacións entre a administración e os administrados, e para posibilitar que esta se realice sen ningún tipo de discriminación é necesario garantir o dereito dos administrados a dirixirse a esta en calquera dos dous idiomas oficiais, tanto en galego coma en castelán, para acadar así unha administración de calidade.

Polo tanto, non estamos a falar de desprotexer o idioma, non estamos a impulsar o exercicio profesional sen coñecemento do idioma, estamos a impulsar a selección dos mellores

profesionais, dos mellores, e garantimos o coñecemento do idioma, xa que a administración debe responsabilizarse de que todos os traballadores públicos o coñezan ao 100%. Ese é fundamentalmente un labor de formación e non só de selección.

Lin hai pouco unha loa sobre a competencia plurilingüe, e aplaudo o fomento desa competencia. Agora, o que a administración debe esixir, polo menos, é a competencia bilingüe, que é a que garante a redacción do artigo 35 do proxecto de lei. Trátase de fomentar a competencia lingüística, trátase de garantir a elección, e aí deberá estar o debate e non no enfrontamento nin no vitimismo lingüístico.

En definitiva —e remato—, non se trata de ningún menoscabo dos dereitos dos galego falantes. Pola contra, a reforma garante o dereito de todos os galegos a empregar calquera dos dous idiomas oficiais e uns servizos públicos de calidade para todos os galegos e galegas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas, conselleira.

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución e con texto alternativo de posicionamento respecto do proxecto de lei.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra don Bieito Lobeira Domínguez.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Señora presidenta, señoras deputadas, señores deputados.

Acaban de comprobalo coa intervención da señora conselleira: hoxe chegamos ao acto final dunha auténtica farsa. Hoxe pretende o Partido Popular consumir no Parlamento de Galicia o que é o primeiro atentado lexislativo contra a lingua galega no que vai da lexislatura. Aquí teñen o consenso do Partido Popular en materia lingüística, cos dous grupos parlamentares da oposición en contra, cos sindicatos da función pública manifestándose neste momento fóra das paredes dos valos deste Parlamento en defensa da lingua galega.

Comprenderán que neste contexto e consenso, o que é consenso moito non hai neste proxecto de lei, e o Partido Popu-

lar é perfectamente consciente, pero tira para adiante. Tira para adiante porque se debe a uns obxectivos e a un programa político que non ten nada a ver cos intereses e coa identidade do noso país.

E nós, o Bloque Nacionalista Galego, facendo o que temos que facer, presentando unha emenda á totalidade de devolución deste abxecto, ruín e miserable proxecto de lei, cun texto alternativo que vén ser literalmente a redacción do artigo da antiga Lei da función pública de Galiza. Falou non sei que a señora conselleira de principios legais. Nós, desde o BNG, queremoslle falar de dereitos humanos, do dereito inalienábel que ten todo ser humano na súa propia terra, no seu país, a poder falar, a poderse expresar e a poder recibir atención en galego na administración do seu propio país.

Mais pretendemos tamén neste debate, a poder ser, señores do Partido Popular, señora conselleira, que non nos tomen por parvos, nin a nós nin ao pobo galego.

O Partido Popular pretende, a través desta medida, deste proxecto de lei e doutras que simultaneamente se están a poñer en marcha en departamentos diversos da Administración autonómica, o exterminio da lingua galega do propio país e, sobre todo, da oficialidade na administración na utilización deste idioma. Ou noutras palabras: conculcar os dereitos democráticos, os dereitos lingüísticos do pobo galego a se dirixir en lingua galega na súa propia administración. E para iso utilizan, efectivamente, o nome da liberdade. Prostitúen o concepto de liberdade sacándolle o seu significado orixinal para xustificar nin mais nin menos que, en nome desa liberdade proclamada polo Partido Popular, o galego ten que desaparecer.

Asúmano e proclámeno sen complexos. Isto é o que pretende o Partido Popular, mais, por favor, non nos tomen por parvos. ¡Canta demagogia escoitamos neste momento da señora conselleira!

A sociedade galega ten que saber que, efectivamente, este proxecto de lei se xustifica na súa exposición de motivos na seguinte frase que foi lida sen ningún tipo de rubor pola señora conselleira: “Hai que posibilitar que a mobilidade dos cidadáns e das cidadás por todo o territorio nacional non se vexa limitada nin menoscabada por barreiras lingüísticas de ningún tipo”.

Señores, o noso non é un idioma, é unha barreira lingüística. O galego non é unha lingua, é unha traba, é un lastre. O galego limita, hai que acabar co galego para posibilitar a eliminación do que vostedes denominan barreiras lingüísticas e que, efectivamente, se produza na administración un desembarco masivo de xente de fóra do noso país.

Mais o problema non é que sexa de fóra do noso país, o problema é que descoñece a lingua e a cultura do noso país e, por tanto, non vai ser posíbel respectar os dereitos inalienábeis de nós, dos administrados galegos, a podermos utilizar o galego na nosa propia administración, na nosa propia terra.

¿Son conscientes vostedes, señores do Partido Popular, de que este proxecto de lei vai converter a Galiza no único país e na única Comunidade Autónoma do Estado español na que o galego non vai ser de uso obrigatorio nas probas de selección —e falamos dun triste exame tipo test—, a diferenza do resto das comunidades autónomas? Imos ser os únicos que para entrar a traballar na administración galega nin sequer imos ter que superar un exame tipo test. Os únicos: Illas Baleares, Navarra (na parte euskera), o País Vasco, Principado de Cataluña e así sucesivamente. Galiza é a única á que á súa lingua propia vostedes non lle dan nin o dereito a poder ser de obrigado coñecemento por parte dos funcionarios e funcionarias.

E a pregunta evidentemente é, ¿en función de que intereses están traballando vostedes? ¿Dos intereses do propio país ou dos intereses da xente de fóra para que poida vir a Galiza a traballar? É que é así, é que é un problema tamén do ponto de vista laboral. Vostedes non traballan, non gobernan en función dos intereses de aquí. Gobernan en función dos intereses de fóra.

E no propio articulado curiosamente chegan a manipular a legalidade vixente en materia lingüística, porque o Estatuto de autonomía de Galiza ou a Lei de normalización lingüística, señores, non di só o que dixo a señora conselleira, ¡non! Fala, efectivamente, de non discriminación ¡ah! Pero obrigan a administración, os poderes públicos deste país a defender a lingua galega, e ademais de xeito progresivo, non contemplando marchas atrás, de xeito progresivo.

Iso desapareceu das palabras da señora conselleira e, desde logo, deste texto legal. Que chega, e xa non á exposición de

motivos, senón ao articulado, ao seguinte: ¡fíxense que concepción do idioma galego e do idioma español! O galego dise aquí como lingua propia de Galiza e o castelán lingua oficial en Galiza.

Amigos, aí chegamos, efectivamente, ese é o trato legal que lle queren dar ao galego, de dialecto. Como trato legal. Efectivamente, o castelán é lingua oficial e o galego tamén, non é só lingua propia, que o é, mais é tamén lingua oficial. E ten unha serie de dereitos vinculados precisamente a esa consideración legal que vostedes se cargan literalmente a través deste proxecto de lei.

A nós, por iso lles dicía, non nos fagan parvos, por favor, nin a nós nin ao pobo galego. Os únicos argumentos que teñen para xustificar este proxecto de lei teñen a ver coa suposta vulneración de dereitos que significa que unha persoa teña que facer en galego unha, polo menos, das probas para presentarse a funcionario.

Nós afirmamos que unha persoa que non é quen de entender un exame tipo test en galego non está en condicións para poder prestar atención oral ou escrita en galego aos administrados. É evidente que quen non saiba ler, quen non poida ler un exame tipo test en galego está incapacitado logo para prestar atención oral ou escrita aos administrados galegos.

É máis, con esta proposta do Partido Popular, con este proxecto de lei que lamentabelmente se vai aprobar con toda probabilidade no día de hoxe, calquera persoa que non saiba galego, mais que teña convalidados os correspondentes celgas a través, por exemplo, do antigo bacharelato, do BUP, que eu creo que aquí todas e todos temos, vai ter automaticamente o celga 4.

Eu dígolles que hai xente nestas bancadas ou no propio Goberno do Partido Popular que é incapaz de articular unha conversa en galego, e ten o certificado, o Celga 4 convalidado a través, precisamente, do bacharelato, sen ningún problema. Eu dígolles que iso non —e son perfectamente conscientes— significa absolutamente nada.

En definitiva, señoras e señores, o Goberno do Partido Popular en pleno século XXI está a levar a adiante exactamente a mesma estratexia de españolización do noso país emprendida séculos atrás, e consistente na introdución masiva na

administración a través do sistema educativo, da xustiza, mesmo da igrexa, de funcionariado alleo que descoñece a nosa lingua e cultura, converténdose así a administración nun elemento activamente desgaleguizador.

Queren facer que a administración galega e os concellos galegos sexan os únicos de todo o territorio do Estado español no que o coñecemento da súa lingua propia non sexa obrigatorio nas probas de selección deste persoal.

E nós pensamos que son as administracións as que teñen que estar ao servizo do pobo e non os pobos adaptárense aos criterios das administracións, ¡non! É exactamente ao revés.

O máis grave é que nunca se viu, cando menos do punto de vista lexislativo, de xeito tan claro ou tan nítido que o proxecto do Partido Popular en Galiza consista precisamente no intento de inculcarlle ao pobo galego máis sentimento, máis complexo de inferioridade, de autoodio; de que pense a sociedade que o idioma propio deste país non vale para nada, que non somos nada colectivamente, que para ser algo na vida temos que renunciar ao noso, ao que somos, comezando pola lingua galega. Que o galego, en definitiva, é un pobo inútil que non vale para nada.

E este tipo de medidas o que conducen é exactamente a iso, porque para presentarse a unhas oposicións o galego non vale absolutamente para nada. Isto é o que vai facer o Partido Popular con este proxecto de lei.

Nós preguntámonos, e estou convencido de que polo menos sectores do Partido Popular, con independencia das contradicións que cadaquén teña, seguro, estou seguro que o poden entender: ¿por que razón non queren o galego nas oposicións? Quero dicir, ¿que inmensos problemas ten o galego para non poder estar presente nas oposicións, nunha proba tipo test?

¿De verdade non lles doe que na sanidade haxa pacientes galegos que se teñan que autotraducir de xeito absolutamente forzado, na propia administración do país; ou na xustiza non lles doe que haxa persoas ás que se lles impón falar en español; ou, como ten acontecido no noso país, que haxa parellas que tiveran que casar por desexo propio en galego, mais acompañados de intérpretes en Galiza? Isto pasa no noso país, ¡eh! E agora lamentabelmente terá que pasar moitísimo máis.

¿Non cren que o pobo galego se merece unha administración competente, profesional, de calidade, con funcionariado que garanta a liberdade de expresión en galego por parte dos administrados e a recibir precisamente en galego, tamén, atención?

En definitiva, ¿tanto lles pagan por facer o que están facendo? ¿Por traizoar este país? É que é así, é que son auténticos mercenarios ao servizo dunha causa que non se merece este país. Estamos a falar de dereitos democráticos, de dereitos democráticos, de democracia, de liberdade a poder usar o noso idioma na nosa propia terra.

¿Como é posíbel que unha lei a nivel de Estado, a Lei do emprego público do Estado, permita que en Madrid o Partido Popular chegue a acordos en materia lingüística e aquí en Galiza, na propia terra, no propio Parlamento, na casa dos galegos e das galegas, sexa imposible nin sequera reproducir o mandato que a lei estatal dá en relación cos dereitos lingüísticos?

É que é terríbel, é terríbel que vostedes reduzan este Parlamento na práctica ao local social da FAES. ¡Claro! Con ese tipo de criterios e de argumentos que son terribéis desde o punto de vista democrático, sobre todo dun pobo tan necesitado de autoestima, de orgullo, de dignidade, como é pobo galego, despois de todo o que pasou e de todos os castigos que recibiu historicamente tamén por razóns lingüísticas e por termos unha identidade. Por sermos, en definitiva, unha comunidade humana diferenciada, goste ou non goste, que ten tamén na lingua e na cultura propia un atributo, unha importantísima contribución á historia da humanidade.

Eu creo que vostedes son perfectamente conscientes de que a día de hoxe o galego é a lingua maioritaria de Galiza. Non só é a lingua propia, non só é a lingua oficial. É a lingua na que se expresa de forma habitual a maior parte da poboación galega.

Sabemos tamén que hai xente que non fala habitualmente en galego, mais que quere tamén o seu idioma, que quere tamén a súa terra, o seu país, e non lle gustaría que o galego desaparecera do mapa. Polas razóns que sexan, moitas son de tipo histórico, falan en castelán, pero queren tamén a lingua galega. E vostedes non poden ollar para outro lado.

Eu dígolles que ninguén, que ningún Goberno, que ningunha maioría absoluta ten dereito a eliminar a maior contribu-

ción que fixo o pobo galego ao longo da súa historia á evolución da humanidade, que se chama a lingua galega.

Estiven revisando textos de hai anos. É terríbel comprobar como un patriota galego, un nacionalista –isto non é que estea chiscando o ollo aos supostos sectores galeguistas do Partido Popular–, pero como unha persoa como Daniel Castelao que en tempos moi difíciles defendeu a lingua galega, como setenta anos despois da escritura da primeira parte polo menos deste libro, como poden ter tanta vixencia textos que a continuación –son obviamente da súa autoría– facemos neste momento nosos:

“Prohibídeches o galego nas escolas para producir no espírito dos nosos rapaces un complexo de inferioridade, facéndolles crer que falar galego era falar mal e que falar castelán era falar ben. Refugáchedes o galego ante os tribunais de xustiza e chegástedes a castellanizar barbaramente as toponimias galegas. ¿E de que vos valeu? Porque despois de máis de catro séculos de política asimilista, exercida con toda riqueza de astucias e de violencias, o noso idioma está vivo. Sodes, pois, uns imperialistas fracasados.”

O Partido Popular con este proxecto de lei intenta desgaleguizar a administración. Sabemos que noutros departamentos da Administración autonómica, nomeadamente a Consellaría de Educación, a Consellaría de Cultura e moitos outros departamentos...

A señora PRESIDENTA: Por favor, vaia rematando.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ:... fan todo o posíbel –remato, señora presidenta– por eliminar tamén un estatus pírrico e precario da lingua galega.

Son vostedes uns imperialistas fracasados, con nós non van contar para esta farsa. E dígolles máis, non van poder con nós. Cando digo con nós, falo co pobo galego que está orgulloso do idioma que pariu historicamente, do idioma no que se expresa habitualmente.

Grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Lobeira.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra don José Manuel Lage Tuñas.

O señor LAGE TUÑAS: Bo día, señora presidenta, señora conselleira de Facenda.

Señoras deputadas, señores deputados, estamos hoxe diante da tramitación dun proxecto de lei que ao xuízo dos socialistas galegos é un ataque directo ao corazón do país. É un ataque directo ao corazón do país, un ataque directo aos sinais de identidade do noso pobo. Podería dicir que vostedes están intentando facer unha maioría e, en nome da liberdade, o seu 18 de xullo contra a lingua galega. É unha decisión que é a primeira decisión que van tomar cunha maioría neste Parlamento, aplicando o rodillo, por primeira vez, por primeira vez, contra a lingua galega. É o primeiro Goberno deste país desde que hai Comunidade Autónoma que toma decisións en contra do noso idioma. Debería caerlles a cara de vergonza. Porque en nome da liberdade falsean a realidade dos opositores e das persoas que queren acceder á función pública. É unha involución.

E recordaba eu no Pleno pasado, como ben se dicía e ben nos diferenciaba, cando se falaba —e vostedes facíano con orgullo— das súas tropas de Irak. As súas tropas de Irak é tomar decisións en contra da lingua; as nosas, a primeira foi poñer a gratuidade dos libros de texto. ¿Esa tamén a van atacar agora? Poden sentirse ben orgullosos da súa política: sesenta días de Goberno de Alberto Núñez Feijóo que supoñen nin máis nin menos que retroceso, paralización e ataque aos sinais de identidade deste país.

É o regreso ao pasado, pero un pasado que é anterior á existencia propia do Partido Popular, diría que o embrión da federación de partidos de Alianza Popular cando daquela se incorporaba un técnico ben xoven chamado Xosé Luís Barreiro Rivas. Non creo que isto teña nada que ver con ese Partido Popular do que fala un destacado dirixente chamado Rafael Cuíña, ou moitos outros que se din galeguistas e fan ou din facer seña de identidade dende unha provincia, que é a provincia de Ourense. Van ser cómplices co seu voto e vai pesar sobre as súas conciencias esta primeira decisión, ao igual que a do decreto sobre o galego. Pesará sobre a súa conciencia —se é que a teñen—, porque non se pode ter conciencia de país, non se pode defender Galicia tomando decisións como a que van tomar hoxe. É unha tropelía, é unha auténtica tropelía.

E ademais faise cos sindicatos da función pública en contra. E isto é unha decisión que non é menor, porque a anterior

modificación —como vostedes ben saberán— da Lei da función pública de Galicia fíxose respecto do artigo que agora van modificar, fíxose co acordo dos sindicatos maioritarios da función pública: a Unión Xeral de Traballadores, Comisiós Obreiras e a Confederación Intersindical Galega.

E digo que en nome da liberdade falsean o debate, porque veñen falando de que fan esta reforma para que haxa máis médicos en Galicia. Iso é falso, e é falso porque terán que explicar vostedes se os excelentes médicos en Cataluña, en Valencia, en Navarra ou en Baleares non os hai por unha cuestión de lingua. ¿É que a vostedes non lles parece importante, dentro do plano da atención médica, poder entender os pacientes? Vostedes fan demagogia. ¿Ou é que fan só isto polos médicos? Homes e mulleres que se dedican á sanidade. ¿É que acaso as persoas que se dedican á educación non son función pública? ¿Ou é que as persoas que se dedican, sen ir máis lonxe, a limpar nun instituto como persoal auxiliar non son persoal que accede á función pública? Vostedes están falseando o debate.

E é máis, un gran especialista en medicina non accede por unha oposición, na maior parte dos casos é a través doutro sistema. Por iso están enganando a poboación. E, por certo, se neste país faltan médicos débese en gran parte ás súas decisións durante dezaseis anos de Goberno, á sangría que supuxo que houbera moitos mozos e mozas que estudaron medicina e se tiveron que ir a Inglaterra e a Portugal. Esa é a súa responsabilidade. E, por certo, non debe de haber moito problema coa lingua cando agora se estivo intentando que retornaran e se ve todos os días a través dos medios de comunicación que o problema non está na lingua. Iso é falsear o debate. Nunca volveron tantos médicos como agora, nunca.

E, por certo, señora conselleira, iso de que cadaquén se poida expresar na súa lingua é facilmente compartible por todos, pero a liberdade ten que ver con que todos poidamos ser atendidos na lingua ou ben en galego ou ben en castelán. ¿A que non nos preguntamos por que as probas teñen que ser en castelán ou en galego?, o que dicimos é que teñan competencia. E para iso que mellor que facer unha proba, polo menos unha proba, que é o que di a normativa que está hoxe vixente: facer unha proba en lingua galega.

Vostedes están hoxe non só atentando contra a lingua galega, non están só facendo un ataque ao corazón do país, senón

que ademais están incorporando unha clara inseguridade xurídica. Señora conselleira, díganos hoxe aquí que pasa cos procesos que están en curso, que foron convocados con outra normativa. ¿Vostede vai garantir que as probas que se celebren, cos resultados correspondentes, van ser plenamente garantistas? ¿Somos capaces de asegurarlles aos opositores que hoxe están facendo un proceso selectivo, e xa realizaron algunhas das probas, que os resultados non poidan ser impugnados nun tribunal de xustiza? Cando se convoca un proceso selectivo cunha normativa, e na metade do camiño cambian a normativa e afecta a ese proceso, ¿vostede pode dicir hoxe aquí no Parlamento de Galicia que fai garantía diso? ¿É capaz de dicir que non hai inseguridade xurídica? Ao noso grupo parlamentario gustaríalle escoitalo, sobre todo porque iso incorporaría maior tranquilidade a moitas e moitos dos opositores que hoxe están celebrando procesos selectivos de acceso á función pública.

E, señora conselleira de Facenda, ¿non sería máis razoable que o Goberno de Galicia, sen ir polo trámite de urxencia, presentara unha nova lei de adaptación ao Estatuto básico do empregado público? ¿Non sería moito máis razoable? ¿Ou é que tiñan tanta présa, había unha situación de alarma social? ¿Había alarma social porque había algún cidadán que tivera problemas en facer, polo menos, unha proba en galego? Paréceme a min que para vivir en Galicia haberá que entender e atender as galegas e os galegos. E entender e atender as galegas e os galegos significa que cada un se exprese na lingua que queira, pero significa tamén que o atendan a cada un na lingua que queiran e na que un se exprese. E iso hai que ser capaces de garantilo, señora conselleira; garantir que os cidadáns poidan dirixirse nas dúas linguas, esixir competencia bilingüe, que hai vitimismo lingüístico.

Vostede debería de pensar que cando fala de garantía xurídica e respecto aos dereitos constitucionais, cando fala de servizos públicos de calidade, o que está facendo é un discurso oco. ¿Ou é que acaso os servizos públicos de calidade non poden ser tamén en galego? ¿É que só poden ser noutra lingua? Ao grupo socialista parécelle que as linguas son para entenderse, as linguas non deberían de servir para confrontar. E foi e segue sendo o Partido Popular o que utiliza as linguas para confrontar. A mellor maneira de demostrar a competencia en galego é utilizándoa de maneira práctica xa nos procesos selectivos, señora conselleira, pois os certificados e as validacións non son garantes dun verdadeiro coñecemen-

to práctico da lingua. Unha persoa, ao noso xuízo, que non é quen de facer un exame en galego, dificilmente pode atender unha persoa ou redactar un documento nesta lingua. Alén diso, os certificados non teñen que eximir de demostrar dunha maneira práctica os coñecementos; do mesmo xeito que, por exemplo, un veterinario non deixa de facer as probas prácticas do proceso selectivo a pesar de ter un título que acredite os seus coñecementos. ¿É que acaso por ter unha titulación un supera un proceso selectivo? Non, ¿verdade? Polo tanto, ¿onde está o problema de que polo menos unha das probas se desenvolva en galego?

Se o artigo 5 do Estatuto de autonomía di que a lingua propia de Galicia é o galego. É que vostede fala de barreiras como se o galego fose un elemento extraño. O galego, a nosa lingua, é un sinal de identidade, é unha lingua para entenderse e é a lingua do país. Tamén o é o castelán, pero o galego debe de ser promovido, e debe de ser promovido en termos positivos, tal como recolle a Lei de normalización lingüística e o Plan xeral de normalización lingüística. A vostede parécelle seguramente que é un remuíño de ideas, porque supoño que non discrepará do seu compañeiro de Goberno. A nós parécenos que o Plan xeral de normalización lingüística é o punto de encontro dos tres grupos parlamentarios que hai na Cámara. O Plan xeral de normalización lingüística está sufrindo un ataque por parte do Grupo Popular que sustenta o Goberno. E a modificación desta Lei da función pública non é máis que un paso nese ataque aos dereitos lingüísticos das galegas e dos galegos. Non se trata de escoller entre bilingüismo ou probas en galego, trátase de que, polo menos, unha das probas que se faga para traballar na Xunta se faga en galego, e dicir o contrario é falsear o debate, señora conselleira.

Nós entendemos que o seu Goberno, co presidente á cabeza, está convertido no azote da lingua galega. Todas as decisións que tomou con respecto ao idioma son involucionistas, son decisións que atentan contra a normativa da que nos dotamos. Se recorda a Lei de normalización lingüística, di no seu artigo 6 que os cidadáns teñen dereito ao uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa administración pública, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma. No artigo 9 recorda como nos rexistros públicos dependentes da administración galega os asentamentos se farán na lingua oficial en que estea redactado o documento ou se faga a manifestación. Se unha persoa non pode facer un exame en

galego, se non pode demostrar minimamente que sabe expresarse e redactar en galego, ¿como vai cumprir o artigo 9 da Lei de normalización lingüística, señora conselleira? ¿Podería aclararnos como van facer iso? Sería bo.

Eu só quero recordarlle que o Parlamento de Galicia aprobou o 22 de setembro de 2004, por unanimidade, o Plan de normalización lingüística. Ese plan foi vinte e un anos despois da aprobación, tamén por unanimidade, da Lei de normalización lingüística; unha lei na que, por certo, traballaron arreo, entre outros, Ramón Piñeiro e Carlos Casares, que foron deputados do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, do noso grupo. Estamos a falar dun instrumento válido e eficaz como é a Lei de normalización lingüística. E desde o plan xeral dicíase daquela que contaba cun plan e cunhas medidas de apoio concretas que foran elaboradas tendo en conta a nosa realidade lingüística. Vostedes botan á papeleira o Plan de normalización lingüística coas decisións que están tomando. E daquela dicía unha persoa ben coñecida que a todas e a todos os que contribuíron ao longo do pasado século a obrar o milagre de converter unha lingua de ferro nunha fala de ouro –como dixera Pondal– lles daba o seu agradecemento; era o presidente da Xunta, era o presidente Fraga.

A señora PRESIDENTA: Por favor, vaia rematando, señor Lage Tuñas.

O señor LAGE TUÑAS: Remato, señora presidenta.

Un plan de normalización da lingua galega non debe ter como obxectivo desprazar unha ou outra lingua, nin impedir que os galegos aprendamos outros idiomas, senón que debe servir para que calquera poida vivir plenamente en galego, tal e como recoñecen a Constitución e o Estatuto de autonomía, que garanten a cooficialidade do galego e mais do castelán no territorio de Galicia. Daquela o presidente da Xunta e o Partido Popular aprobaban o Plan xeral de normalización lingüística; daquela, en 2004, era posible o consenso lingüístico, hoxe tiran ao lixo o Plan xeral de normalización lingüística, toman unha decisión involucionista e atacan o corazón do país, atacan a lingua galega. Con nós non van contar, e por iso presentamos unha emenda de devolución para que o texto quede tal cal está.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Lage.

Rolda do grupo parlamentario non emendante. (*Pausa.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra don Antonio Rodríguez Miranda.

O señor RODRÍGUEZ MIRANDA: Grazas, señora presidenta.

Bos días a todos, señoras deputadas, señores deputados, compartimos con vostedes, e seguramente coincidimos, o amor a Galicia e o amor ao galego. O PP non vai eliminar o galego das oposicións, a pesar de todo o que aquí se dixo, logo falarei desa retahíla de insultos e descualificacións. O PP vai garantir que os novos traballadores que accedan á administración galega saiban galego para atender os cidadáns en galego, e deben saber galego e terán que demostralo no transcurso dos procesos selectivos. O PP quere garantir que se seleccionen os aspirantes máis capacitados, respectando o seu dereito a elixir lingua á hora de demostrar os seus coñecementos. O PP quere cumprir un compromiso electoral acadado cos galegos o día 1 de marzo.

Porque o PP si que quere recuperar o consenso en materia de lingua e tamén no acceso á administración pública. Porque nós imos recuperar hoxe ese consenso, o consenso de vinte e cinco anos en Galicia, ese consenso que vostedes racharon, precisamente, no ano 2007 cando modificaron a lei, ese consenso que despois de vinte e cinco anos en Galicia se seguía unha práctica que era que para demostrar os coñecementos técnicos os aspirantes podían elixir lingua, e posteriormente tiñan que acreditar o coñecemento da lingua. Ese foi o consenso de Fraga que agora moitos veñen aquí precisamente a reclamar, ¡benvidos a el, benvidos a el! Pero, desde logo, as súas palabras, aquí vertidas, para nada reflicten ese interese de consenso.

Linguaxe do Bloque Nacionalista Galego: atentado, exterminio, ruín, abxecto, galego ten que desaparecer, autoodio, renuncia ao noso, galego pobo inútil, galego non vale para nada, traizoar o país, mercenarios, imperialistas fracasados, e quedáronme moitos no tinteiro.

Pero, pola outra banda, non lle quedan á zaga: ataque ao corazón de Galicia, 18 de xullo da lingua galega, tropelía. Parece que están situados no mesmo lugar, parece que o Par-

tido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, xa en materia de lingua, están fusionados completamente, ¡felicitacións!, nós seguiremos fusionados cos galegos, cos galegos que nos dan a súa confianza. *(Aplausos.)*

Porque, miren vostedes, nós consideramos que o acceso á función pública debe respectar os principios constitucionais, eses establecidos no artigo 103, como dixo a señora conselleira. Nós consideramos que a Constitución española, que o Estatuto de autonomía, que a Lei de normalización lingüística... –por certo, no seu día impugnada polo Partido Socialista–, nesas normas recóllense os dereitos lingüísticos da cidadanía galega. Eses dereitos significan usar o idioma galego e o idioma castelán sen ningún tipo de discriminación.

Nós cremos que o que debe primar é o absoluto respecto á hora de que os cidadáns e as cidadás elixan con liberdade a lingua na que se queren expresar, sen que esixencias do poder público, en calquera dirección que se realicen, poidan menoscabar o exercicio deste dereito. Nós consideramos que se debe garantir que calquera cidadán, no momento de dirixirse a un órgano da Administración autonómica, poida facer uso deste dereito individual e, por tanto, poida utilizar calquera dos dous idiomas.

E nós tamén consideramos, como considera a maioría dos galegos, que ten que haber, e que hai que posibilitar, a mobilidade da cidadanía por todo o territorio nacional, e que non se vexa limitada, efectivamente, nin menoscabada por barreiras lingüísticas de ningún tipo. Nós non temos fobia aos que non falan galego, nós cremos tamén na igualdade de todos os españois, porque nós considerámonos españois.

Nós cremos que a administración se debe responsabilizar de que todos os traballadores públicos coñezan o galego, como aquí se dixo na selección e tamén na formación. Pero, miren vostedes, falan de historia, o que dicía a Lei 4/88, da Lei da función pública de Galicia, texto aprobado por un Goberno tripartito nesta Cámara. Decía: “Nas probas selectivas que se realizan para o acceso ás prazas da Administración autónoma, terase en conta o coñecemento da lingua galega”, nada máis, iso é o que dicía: ano 88.

No ano 92 foi modificada cunha maioría popular, e pasou a dicir: “Nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración autonómica terá que demostrarse

o coñecemento da lingua galega”. O Partido Popular modificouna para melloralala e para ampliar as garantías, e hoxe, hoxe, imos volver recuperar ese consenso que tivemos durante vinte e cinco anos, porque a lei agora di que a administración debe garantir os dereitos constitucionais e lingüísticos dos galegos. Porque a lei di de xeito claro, se é que a leron, e antes de votar os deputados que aquí se sentan deberían lela, para ver en conciencia, efectivamente, o que van votar, di que se incluírá un exame de galego, agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua conforme a normativa vixente. ¿É que agora os títulos de galego do sistema educativo galego non valen? ¿É que quen estuda o galego no bacharelato e lle dan un título iso non vale? ¿É que os cursos financiados con fondos públicos iso non vale para acreditar o coñecemento do galego? Pois logo, ¿para que estamos facendo todo iso?

++++Miren vostedes, alguén puña aquí en tela de xuízo a posibilidade de que houbera problemas de interpretación xurídica, inseguridade xurídica para os aspirantes. Señor Lage, lea esa lei, disposición transitoria única, a liberdade de elección da lingua galega e castelá nas probas selectivas seralle aplicable a todos os procesos selectivos da Comunidade Autónoma en curso, e que aínda non estean finalizados, respecto daqueles exercicios non realizados. Os feitos, xa están feitos, e os que se fagan, os aspirantes terán a liberdade de escoller a lingua galega ou a lingua castelá para realízalos, e terán, ademais, que demostrar o coñecemento do galego. Claridade, señor Lage, claridade, hai que lerse a lei.

Pero miren vostedes, presentan unhas emendas que, desde logo, están cheas de falsidades. O Grupo Socialista, por exemplo, di que este proxecto só ten por obxecto atacar os dereitos lingüísticos dos cidadáns. Non señor, este proxecto ten como finalidade asegurar o coñecemento do galego na administración e garantir a liberdade dos cidadáns, este é o obxecto deste proxecto. *(Aplausos.)*

E o Bloque Nacionalista Galego fala de eliminar calquera tipo de garantía; evidentemente non sabe entender o que di a redacción da lei, señor Lobeira, non o sabe entender, lea ben, e se non a entende, que lla expliquen, pero iso non o di este proxecto de lei, como acabo de lerllo, e pódollo ler outra vez, e se quere tamén llo explico. Aquí fala de que efectivamente se atenta contra o Plan de normalización, e o Plan de normalización di vostede na súa emenda que sinalaba a

necesidade de impulsar medidas de capacidade lingüística, esixíbles nos procesos de acceso á función pública e no desempeño desta función; dío o plan, moi ben, pois a lei di que os funcionarios teñen a obriga de coñecer o galego, creo que se corresponde perfectamente co Plan de normalización.

Pero vostede mesmo cualifica de pírrica a normativa vixente, pero se vostedes a aprobaron, aprobouse cos seus votos, que non cos deste grupo, ¡pero nin lle vale, nin lle vale o que vostedes fixeron! Mire, o que si está claro, o que si está claro, é que coa nova redacción da lei queda garantido que os novos traballadores públicos acrediten o coñecemento do galego como requisito imprescindible para asegurar que os cidadáns galegos poidan ser atendidos en galego ou en castelán. Segundo eles, mesmo decide con igual calidade e con igual eficacia.

Segundo, coa nova redacción da lei queda garantido o acceso á Administración autonómica dos aspirantes mellor preparados e poden exercer a súa liberdade, escollendo entre as dúas linguas oficiais á hora de acreditar os seus coñecementos. Hoxe o galego está na rúa, está na escola, está na casa, está na administración, mesmo vostede, señor Lobeira, recoñeceu que é lingua maioritaria; pois dígolles desde aquí que o galego cada día vai estar máis presente polo camiño que están marcando os galegos e as galegas, e nós somos e temos e asumimos a responsabilidade de que así siga sendo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rodríguez Miranda.

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes.
(*Pausa.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra don Bieito Lobeira Domínguez.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Grazas, señora presidenta.

O galego é a lingua maioritaria, de momento, no pobo; na xustiza, non, está excluída; na administración está devaluada; na inmensa maioría, en determinado tipo de actividades, está vetada ou prohibida; no Grupo Popular non é maioritaria, non. Entón, é maioritaria no pobo galego, iso si, como

expresión da vontade libre e historicamente adquirida que provocou que teñamos, efectivamente, un idioma propio, como é a lingua galega.

Di o portavoz do Partido Popular que o PP está fusionado cos galegos. Desde logo actuacións como esta, coa análise tamén que deriva desta intervención, indica que están fusionados, si, fusionados coa Fundación FAES, en torno, ¡claro!, á asunción, á crítica, dos postulados racistas e xenófobos que esta fundación ten contra Galiza e contra os galegos. Tere-mos oportunidade de debatelos neste Parlamento. ¿Que pensan de nós, como nos tratan, e que pensan da lingua galega?

Ou sexa, para o Partido Popular este proxecto de lei significa, literalmente, volver ao consenso. Vostede, sinceramente, ¿pensa que hai consenso? Vostede está mal, se pensa que isto é consenso, isto non é dunha persoa normal, non, non hai consenso; nós imos votar en contra, o Partido Socialista vai votar en contra, hai xente na rúa –traballadores da función pública, delegados sindicais que agrupan o 90% dos traballadores e traballadoras da función pública– manifestándose contra este proxecto de lei. ¡Non hai consenso, sáquese dese mundo!

O tema da liberdade, é que é alucinante, alucinante. Fíxense, este proxecto de lei, xa o dixo tamén a señora conselleira, garante que un opositor, unha opositora, chega ás oposicións e libremente escolle o galego ou o español, así libremente, ¡ah!

Imos ver, eu creo que todos os que aquí estamos fomos no seu día alfabetizados e escolarizados ou integramente en español ou de xeito absolutamente maioritario en español. Unha persoa vai a unha academia e recibe os temarios integramente en español e a súa formación integramente en español. Mesmo pola vía universitaria, unha facultade como a de dereito, toda a carreira integramente en español, todo o proceso formativo en español, ¡ah, chegas ás probas e escolle! Home, se levas toda a vida mamando intelectualmente textos, temarios nun idioma, é do xénero bobo, por iso lle digo que non nos tomen por parvos, pensar que logo escolla el libre; non, está vinculada ao idioma no que se adquiriu a formación, pero iso é elemental.

Pero é que ademais o problema en Galiza do noso idioma non é unha cuestión só sociolingüística, ten un carácter tamén psicosocial, e foi evidente na intervención tanto da señora con-

selleira coma do portavoz do Partido Popular; psicosocial, porque o peor que lle pode pasar a un ser humano, ou polo menos é unha visión persoal, o peor dun ser humano é renegar do seu pobo, da súa terra, renegar dos seus e renegar do idioma, excluír a lingua dos seus pais, dos seus antepasados.

Señor Miranda, señores do Partido Popular, é renegar do seu, é renegar da súa terra, eu non sei que prezo lles pagarán ou como lles quedará o corpo, ou se xa o interiorizan como natural e como normal, pensando que renegando da terra se van facer máis modernos, van estar en mellores condicións para conquistar o mundo.

Vostedes non son modernos, son renegados, son acomplegados, teñen vergoña de seren galegos, de exercer como galegos tamén do punto de vista lingüístico. E xa o que é o colmo do retrato do colonizado, efectivamente, é asociar calidade nos servizos públicos ao idioma español. Entón quítase a proba eliminatória en galego para permitir que nos veñan moitos médicos ou funcionarios moi ben preparados para prestar servizo na nosa administración. É alucinante. Ou sexa, o galego non é sinónimo de calidade, sinónimo de calidade é o español. Comezando por aí, ¡claro, efectivamente!, porque os galegos marcharon para Portugal, onde, por certo, o idioma español é bastante máis inútil que o noso, ¿verdade?, en Portugal.

Pero fóra diso. A mobilidade.

Eu supoño que en Polonia haberá excelentes médicos. Polonia é estado membro da Unión Europea. Pero é que se non saben falar en español, non veñen.

E nos procesos selectivos de Murcia, por exemplo, que ten un idioma propio, que se chama español –porque non é que nós sexamos unha comunidade con idioma propio, é que todos os territorios do mundo teñen idioma propio, a non ser que sexan mudos os seus habitantes, (*Risos.*) ¡claro!–; Murcia ten un idioma propio que é o español, e opositores que non coñezan o idioma propio non poden entrar a facer procesos selectivos. Pero é que é elemental ...

A señora PRESIDENTA: Por favor vaia rematando, señor Lobeira.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ:... e non é unha imposición dos murcianos, que non están radicalizados nin batasuniza-

dos. É que é un dereito humano elemental que as persoas poidan ter unha administración ao seu servizo e competente lingüisticamente. E este proxecto de lei cárgase os dereitos democráticos dos galegos.

Para nós ese é o problema de fondo. Esta non é unha cuestión de orientación ideolóxica, non. É un problema democrático de fondo. Cárgase os dereitos humanos, porque os dereitos lingüísticos son dereitos humanos inherentes á propia condición de ser humano digno e orgulloso.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Lobeira.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: E imos facer todo o que estea na nosa man para evitar que este atentado se poida perpetrar, polo menos no tempo.

Obrigado, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Lobeira.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra don José Manuel Lage Tuñas.

O señor LAGE TUÑAS: Grazas, señora presidenta.

En primeiro lugar, señor Rodríguez Miranda, supoño que o de ler podemoslle reclamar uns aos outros, pero non hai nada mellor que dar lectura para que todo o mundo escoite con atención, e no artigo único de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia dise que as bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e valoración deste exame. Refírense ao exame de galego.

¿Quéreme dicir, señor Miranda, se as convocatorias xa se produciron, porque os procesos están en marcha, como se garante este artigo? ¿Vostede que vén aquí dicir se un sabe ler ou non!

Vostede, vostede se quere pode dicirlles aos opositores que garante que unha oposición que foi convocada cunhas bases, agora se atopa cunha normativa diferente. E, polo tanto, cando fala de ler é mellor que un actúe cun pouco máis de humildade e vaia ao texto. E as bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e a valoración

deste exame, do exame de galego. Se a convocatoria xa se produciu antes de que se aprobara a lei, señor Miranda, ¿onde está recollido iso nas bases, se as bases se fixeron con anterioridade?

En todo caso, entendo que a algunhas persoas lles moleste que se lles chame ás cousas polo seu nome, cando se fai demagogia. Nas probas de acceso á función pública enchéuselles a boca a construír titulares en torno a que querían que volvesen médicos e a que non perderamos a persoal sanitario. Mire, se o persoal médico non tivera que facer a proba do galego porque puideramos perder profesionais, entón, daquela, a unha persoa que accede ou vai a unha oposición para ser operario de mantemento de vías, ¿pode explicarlle vostede para que ten que saber a Constitución e o Estatuto de autonomía? Dígoo, pois como do que se trata é de que un médico opere ou de que faga unha boa análise e non importa a lingua. ¡Demagogia, señor Rodríguez Miranda, demagogia!

¿Por que un profesor, unha muller ou un home, que se dedique ao ensino debe de ter calidades e capacidade para entender a atender un neno ou unha nena na súa lingua se fora o galego e non fora o castelán? Si, ¿e que lle outorga? ¿Un certificado? Si, señor Miranda, moi ben.

Eu entendo que para vostede ao mellor aínda é complicado facer a defensa deste proxecto de lei. Vostede que está no tránsito entre a Deputación de Ourense e Monte Pío, non se sabe moi ben se queda por Lalín; pero se quedara por Lalín podíalle preguntar ao señor Román Rodríguez, pódelle preguntar porque o señor Román Rodríguez, deputado hoxe do Grupo Parlamentario Popular, é un dos membros que participou na elaboración do Plan xeral de normalización lingüística, que supoño que lle parecerá que é un remuíño de ideas. Román Rodríguez, deputado do Grupo Popular, vai votar hoxe en contra dunha lei, en contra, a favor da súa, pero en contra da normativa vixente, amparada polo Plan xeral no que el participou.

E aqueles que se din galeguistas e están nese grupo, non teñen nada de galeguistas, nada. O que están é dando un paso atrás xunto ao Grupo Popular. E eu sei que lles doe, sei que lles doe cando se apela á conciencia. Pero a conciencia, a conciencia debería... Non se poñan nerviosos, porque a reforma di que se propón para garantir a liberdade lingüísti-

ca dos opositores. Quero lembrarlle que para que os administrados e as administradas poidan ter dereito de usar o galego ante a administración, os traballadores e as traballadoras teñen que ter a obriga de coñecer a lingua propia e oficial de Galicia.

Con pasos como os que se dan hoxe, o que están é perpetrando un ataque contra a lingua. Por máis que lles doia é un ataque ao corazón do país, señor Miranda. ¡Si que o é, si que o é!

E, desde logo, pesará sobre as súas conciencias, porque este é o primeiro paso e virán máis. Porque vostedes teñen decidida unha actuación regresiva en canto á lingua. Este é o primeiro paso e, por moito que lle doia, si é o “18 de xullo” contra a lingua galega. Porque é o primeiro paso, aínda non chegamos ao “1 de abril”, pero seguro que chegaremos, porque a iso é ao que vostedes levan. Levan a decisión tomada de cambiar o que son decisións de gobernos autonómicos dende o ano 81.

A señora PRESIDENTA: Por favor, vaia rematando, señor Lage.

O señor LAGE TUÑAS: É o primeiro Goberno autonómico e a primeira maioría que nun Parlamento impón decisións contrarias á lingua galega. Que quede claro. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Lage. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Para que quere a palabra, señor Román Rodríguez? *(O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.)* Non lle vou dar a palabra. Eu creo que a intervención do señor Lage fixo referencia a unha votación que fixo vostede e paréceme que non procede.

Imos pasar ao seguinte punto da orde do día.

Debate e votación, polo procedemento de lectura única, do Proxecto de lei polo que se modifica o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro

A señora PRESIDENTA: Para a presentación do proxecto de lei pola Xunta de Galicia ten a palabra a conselleira de Facenda, dona Marta Fernández Currás.

A señora CONSELLEIRA DE FACENDA (Fernández Currás):
Moitas grazas, presidenta.

Señorías, vou ser moi breve, porque o texto presentado responde só a unha intención: buscar instrumentos ao servizo dunha xestión transparente e responsable.

O profesor Barea resume o significado da transparencia na xestión pública mediante unha simple comparación. A transparencia é ao sector público o que o mercado é ao sector privado.

Hoxe temos claro que precisamos de disciplina orzamentaria, e non a teremos sen transparencia. O resultado da actividade financeira da Comunidade Autónoma vai vir determinado pola capacidade ou necesidade de financiación, entre outros, de consorcios e fundacións. Porque esta magnitude mídese no ámbito da Unión Europea en termos de contabilidade nacional no sistema do SEC-95.

Se temos en conta que hai fundacións e consorcios financiados con cargo ao orzamento da Comunidade Autónoma íntegra ou maioritariamente, e que non se veñen incluíndo nos orzamentos, podemos ver xa unha certa falta de transparencia na elaboración destes orzamentos.

O obxectivo de estabilidade orzamentaria debe cumprirse tanto na fase de elaboración coma da aprobación e execución do orzamento, en cumprimento dunha normativa básica do Estado. Polo que resulta preciso adaptar a normativa financeira da Comunidade Autónoma para acadar este obxectivo.

Neste sentido, o artigo 5 da lei básica indica que os orzamentos dos suxeitos comprendidos no ámbito de actuación da lei e as súas liquidacións deberán conter información suficiente e axeitada para permitir a verificación da adecuación do principio de estabilidade orzamentario, así como o cumprimento do propio obxectivo de estabilidade orzamentaria e a observancia das normas impostas pola normativa de contabilidade nacional.

Engade o artigo 6.2 da mesma lei que as disposicións legais e regulamentarias, e mesmo os actos administrativos que afecten os gastos públicos, deberán valorar as repercusións e efectos sobre estabilidade orzamentaria, e deberán supedi-

tarse de forma estrita ao cumprimento das esixencias deste principio.

Este proxecto de lei pretende modificar o ámbito subxectivo de aplicación, o denominado sector das administracións públicas, que recolle tamén as contas de todos os axentes autonómicos financiados maioritariamente, polo menos, con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma.

Pretender o equilibrio ao abeiro da Lei de estabilidade orzamentaria, baseándose na simple igualdade dos capítulos non financeiros do orzamento, sen ter en conta os axustes con criterios de contabilidade nacional, nin todas as entidades que integran o sector administracións públicas, é abocarse á incerteza do resultado da liquidación neses mesmos termos.

Iso forzosamente implica que na elaboración do orzamento deben preverse xa os axustes positivos e negativos sobre os ingresos e gastos por aplicación dos criterios do SEC-95, obtendo, como dicíamos, o límite do gasto non financeiro en termos de contabilidade nacional.

E isto dende o inicio, tal e como esixe a propia Lei de estabilidade orzamentaria, e non só á hora de presentar a conta xeral ao Parlamento.

Por último, quero destacar a importancia de que opere xa no próximo orzamento, de aí a urxencia desta tramitación.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución e de posicionamento respecto do proxecto de lei.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra don Fernando Blanco Álvarez.

O señor BLANCO ÁLVAREZ: Señora presidenta, señorías.

A verdade é que vostedes non mediron as consecuencias de entrar nunha guerra hai anos e eu creo que tampouco están medindo as consecuencias de entrar nunha batalla contra o galego, pero seguramente sacarán conclusións vostedes nos próximos anos sobre o que significa iniciar esa batalla.

A Lei de réxime económico e financeiro que se trae aquí, polo procedemento de lectura única, para nós, en primeiro lugar, non ten senso de que veña por este procedemento, señora conselleira. Entre outras cuestións porque como vostede fai referencia tamén na propia exposición de motivos, fala dunha reforma integral da propia Lei de réxime financeiro, co cal nós concordamos.

Efectivamente, podemos ter puntos de conexión no que se refire a unha modificación que incorpore, entre outros, criterios como os que, por exemplo, o Informe do Consello de Contas puxo de manifesto como consecuencia da análise do exercicio de 2005: obxectivos, resultados, maior transparencia, efectivamente, integración de fundacións, consorcios ou axencias.

Pero cremos que ese era o camiño axeitado. Un procedemento normal, un procedemento ordinario onde puideramos facer todos as aportacións que permitiran mellorar, efectivamente, esta Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galiza e, por tanto, dar unha resposta atinada ás necesidades que ten nestes momentos o país.

Pero non é así, e opta por un procedemento de lectura único, que o único punto que varía substancialmente é a integración das fundacións, dos consorcios e das axencias dentro do orzamento da Xunta de Galiza.

E, polo tanto, nós cremos que se perde unha boa oportunidade, efectivamente, para facer un traballo moito máis profundo, un traballo moito máis profundo, un traballo que nos permita mellorar substancialmente esa Lei réxime financeiro, e polo tanto entendemos –como xa lle manifestaba na miña primeira intervención, no Pleno anterior– que non é o camiño axeitado. Se se quere facer ben, se se quere facer unha lei ademais con consenso, desde logo este non é o camiño acertado.

Pero é que, a maiores, señora conselleira, nós vemos certas eivas xurídicas ou certa imposibilidade de aplicala na práctica esta modificación que vostede propón en función doutros argumentos e doutras leis que están en vigor, como é a Lei de fundacións, como é o artigo 39 da Lei 12/2006, de decembro, onde por exemplo se establece claramente que só obriga aos padroados a elaborar e remitirle ao protectorado nos tres últimos meses un plan de actuación, unha previsión

de ingresos e gastos, unha memoria explicativa. En ningún caso, por certo –en ningún caso, por certo–, orzamentos de explotación ou de capital. E, polo tanto, hai unha Lei de fundacións que en todo caso establece cal é o funcionamento das fundacións; e polo tanto, indubidablemente, hai unha certa contradición entre o que vostede quere aprobar aquí e o que vai poder aplicar despois. Porque hai fundacións que efectivamente poden rematar ese prazo e que incluso di que no comezo do exercicio seguinte presentarán, en todo caso, ese plan de actuacións.

Polo tanto, aquí, evidentemente, algo choca, e é que esta lei non obriga ás fundacións a modificar os criterios polos cal se regulan. E teño que dicirlle ademais, por certo, que a Lei de fundacións está dentro, xa, dos criterios SEC, dos criterios que a propia lei agora quere implementarlle.. E aquí pódese dar unha circunstancia que obxectivamente contrapón dúas leis. Creo que o razoable sería modificalo de xeito que isto evidentemente non sucedera.

Pero é que ademais fálase tamén dunha lista de fundacións públicas, cando vostede sabe, perfectamente, a propia lei establece que teñen carácter de públicas aquelas nas que as achegas da Administración autónoma sexa maioritaria, ou ben que sexa a través de subvencións tamén da Comunidade Autónoma onde teñamos participación nos órganos de goberno ou nos órganos de dirección. O cal sucede, por certo, con moitas das fundacións de carácter privado que hoxe mesmo están en marcha e que aplicando ese criterio serían xa automaticamente fundacións públicas. Polo tanto, dunha análise dos seus orzamentos, evidentemente, xa se desprende que poden ser en función das achegas da propia administración ou das subvencións que teñan previsto fundacións de carácter público, co cal, indubidablemente, a nós parécenos isto un pouco redundante.

Creo que se está perdendo unha oportunidade para efectivamente introducir eses criterios que desde o Consello de Contas se teñen reflectido. Creo que é bo que efectivamente exista a transparencia –isto non significa que existira descontrol, nin moito menos–, pero como vostede sabe ademais, perfectamente, están suxeitas ao control de intervención, están suxeitas tamén á tutela que a propia consellaría establece en moitos casos nela; e, polo tanto, non é que camparan por onde quixeran, senón que, evidentemente, ese control se facía por parte tamén da Intervención Xeral.

Podía facer cunha lei de orzamentos esa inclusión e deixar esta lei para unha análise moito máis profunda, un proxecto ordinario de tramitación que permitira que fixeramos todos as achegas e que tamén implementáramos dentro dela as modificacións que o propio Consello de Contas, ou as suxerencias que o propio Consello de Contas, ten establecido.

E neste sentido como non é o procedemento acaído, como temos serias dúbidas xurídicas sobre a aplicación na práctica desta lei que imposibilita a posta en marcha ou o vigor da Lei de fundacións, que establece os criterios diferentes, sinceramente cremos que non é ocasión, cremos que debe devolvela. Faga un proxecto ordinario de tramitación desta lei e seguramente aí nos encontraremos todos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Blanco.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra dona María José Caride Estévez.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Bos días, Presidencia.

Señores deputados, señora conselleira.

Como xa lle dixemos no anterior Pleno, nós entendemos que esta modificación da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia é unha ocasión perdida, unha ocasión perdida para abordar o que vostedes mesmos recoñecen na exposición de motivos. Porque na exposición de motivos desta lei especifícase e afirmase que a lei é acreedora toda ela dunha reforma integral; sen embargo fan unha reforma pobre, unha reforma curta, unha reforma que non obedece ás necesidades que vostedes mesmos explicitan que son necesarias para mellorar o control, a transparencia, a eficacia e o rigor dos recursos públicos en Galicia.

Na comparecencia da señora conselleira na Comisión especificou, ademais, que o novo Goberno galego quere modificar esta lei. Polo tanto, entendemos —e esa é a nosa proposta— que esta é unha ocasión perdida. E o que lles dicimos é: non fagan vostedes esta modificación, esperen e fagamos un novo proxecto de lei de réxime financeiro ou orzamentario de Galicia, unha nova lei de facenda de Galicia que permita

cubrir todas as eivas que o paso do tempo, as novas necesidades, as novas singularidades de Galicia, e tamén a evolución doutras lexislacións, fixeron que dende logo foran necesarias tamén achegar.

Pero o que é máis, eu diría que ademais esta lei, este proxecto de lei, tramitado como de lectura única, nin sequera obedece ao obxectivo que explicitamente se determina na exposición de motivos. Non soamente é que hai que facer unha reforma integral desta lei, senón que ademais o obxectivo perseguido é a estabilidade financeira e orzamentaria. E para a estabilidade financeira e orzamentaria quedan moitas cousas fóra.

Vostedes céntranse unicamente en incorporar todas aquelas axencias, fundacións e consorcios dentro dos orzamentos da Xunta de Galicia. Por certo, como lle recordaban hai un intre, estas institucións, estes organismos, estas axencias, consorcios e fundacións xa estaban controladas pola Intervención Xeral da Xunta de Galicia. É máis, isto poderíamos entender que non é máis que abondar nesa operación de maquillaxe que quere facer o novo Goberno galego, ¿por que? Porque o control orzamentario xa se facía, de todas as fundacións, axencias e consorcios, non tiña só que fiscalizar as súas contas, senón presentar os programas de actuacións, investimentos e financiamento.

Por certo, definindo tamén os obxectivos e ata que punto cumprían os obxectivos especificados pola Xunta de Galicia. E ademais o resultado da contabilidade orzamentaria facíase en termos de contabilidade nacional. Cando se presentan as contas consolidadas da Xunta de Galicia xa se fan en termos SEC, polo tanto incorporando todos eses organismos e fundacións que vostede di que agora hai que introducir no orzamento. Nós non estamos en contra de mellorar o control orzamentario, pero si das oportunidades perdidas.

Como lle digo, esta lei ademais nin sequera resposta aos obxectivos que vostedes presentan. Vostedes din que o que temos que perseguir é unha mellora na transparencia ou no control orzamentario. A conselleira de feito fixo aquí mención a unha cita explícita do que significaba a transparencia. Conselleira, vostede sabe ben o que non é transparencia: non é transparencia o que vostede atopou cando era interventora xeral da Xunta de Galicia co anterior Goberno, non eran transparencia os 415 millóns de euros de burato na sanidade

pública que deixou o anterior Goberno do Partido Popular. Vostede sabe que non é transparencia a quebra financeira das fundacións sanitarias, que non eran transparencia as facturas sen rexistrar nos caixóns. E sabe que todo iso rematou, rematou co anterior Goberno e esperemos que non volvan vostedes ás vellas mañas que se daban para maquillar as contas públicas.

Pero ademais non obedece o que especifica que pretenden como obxectivo, e non obedece porque para ese tan querido obxectivo de estabilidade financeira e orzamentaria non introducen vostedes ningunha cuestión que teña que ver co proceso de orzamentación plurianual, como xa lle dixemos. Porque estamos nun ciclo económico, hoxe máis que nunca apreciamos como estamos nunha fase de decrecemento da economía, e vostedes non introducen nin aproveitan esta ocasión para facer o que hoxe xa se fai, introducir conceptos de plurianualidade dentro da orzamentación pública. As novas normas orzamentarias, tanto do Estado coma doutras comunidades autónomas, establecen a necesidade de elaborar uns escenarios plurianuais con carácter previo á elaboración do orzamento do correspondente exercicio.

Polo tanto, ¿por que desaproveitan esta ocasión? Se tamén é fundamental para poder elaborar axeitadamente os orzamentos do ano 2010. ¿Por que soamente están vostedes preocupados na maquillaxe de dicir que incorporan as fundacións e incorporan os consorcios, e non os fondos das cuestións que fagan que o orzamento sexa de maior calidade.

Pero ademais é que vostedes tampouco están aproveitando esta modificación para definir que entenden por modificacións orzamentarias e polo tanto facer o seguimento do orzamento ao longo da súa vixencia. Nin se plantexan a redución da rendición de contas a este mesmo Parlamento ou a outras institucións. A verdade é que vostedes xustifican a urxencia na necesidade de que a orde de elaboración dos orzamentos do ano 2010 incorpore xa esta cuestión. Pero nós preguntámonos polas ausencias, e, ¿que pasa? A vostedes non lles preocupa como vai ser esa orde de elaboración dos orzamentos do ano 2010 no que se refire ao cambio que se produciu na filosofía da elaboración dos orzamentos incorporando a orzamentación por obxectivos, incorporando medidores deses obxectivos, para que teñamos uns orzamentos que se axusten o máximo posible ás necesidades que ten a economía.

E, polo tanto, que ademais o Goberno galego explicita cales son os obxectivos que persegue, que os explicita e os cuantifique, para que tamén todos os cidadáns poidan facer un seguimento do grao de cumprimento das súas medidas e políticas. Ese foi un cambio que xa estaba introducido no orzamento, na orde de elaboración dos orzamentos do ano 2009, pero que parece que a vostedes agora non lles preocupa. Polo tanto, non entendemos a urxencia cando deixan fóra cuestións tremendamente importantes e só van vostedes á imaxe de facer que fan un orzamento máis transparente e máis controlado.

Pero ademais aos socialistas de Galicia preocúpannos outras cuestións. Porque non soamente é importante, señora conselleira, o control e o rigor orzamentario, senón que nesta situación, en particular na situación de dificultade que atravesamos Galicia, o importante na orde de elaboración dos orzamentos do ano 2010 é que medidas se van tomar para reactivar a economía galega, cal é a estratexia do Goberno galego para axudar os galegos e as galegas a saír e a paliar as dificultades da situación económica.

E aquí parece que non hai interese en explicitar cal é esa estratexia. A señora conselleira ten que sacar xa os manguiños de contable e pensar que é un membro do Goberno galego e que ela ten a potestade de utilizar os recursos públicos da Xunta de Galicia para activar a economía e mellorar a calidade de vida dos galegos e das galegas.

Está moi ben pensar na transparencia, está moi ben pensar no control orzamentario, pero, señora conselleira, o que máis preocupa aos cidadáns galegos que hoxe perden o seu traballo é que fai a Xunta de Galicia para que non perdan o seu traballo, para que o recuperen, para que os seus fillos poidan seguir estudando e para que poidan chegar a fin de mes todos os meses activando a economía.

Polo tanto, o Goberno anterior tiña unha estratexia, e do novo Goberno da Xunta de Galicia non temos nin idea de cal é a súa estratexia. A súa estratexia é a estratexia do non, da parálise, do desgoverno. Ata o de agora todas as informacións que dan aos cidadáns galegos son informacións pesimistas, informacións que crean desconfianza, que non activan a economía.

Mire vostede, o anterior Goberno no ano 2008 licitou 1.598 millóns de euros para activar a economía galega e ademais

para xerar unha mellora na competitividade da economía. Porque o fixo fundamentalmente con infraestruturas que poden dar melloras nos custos de transporte, na calidade dos servizos, na seguridade dos cidadáns; pero ademais en todas aquelas infraestruturas básicas para atender novos servizos e mellora na calidade dos servizos.

¿Que fai o novo Goberno? Porque ata o de agora creo que licitaron 30 millóns de euros. ¿Que van facer xa neste ano 2009, pero no 2010? ¿Cal é a súa estratexia? ¿Pensan utilizar os recursos públicos para activar a economía ou pensan quedar de brazos cruzados dándolles a espalda aos galegos e ás galegas, deixando que cada cal resolva os seus problemas?

Potencien vostedes o emprego axudando ás empresas a que desenvolvan programas de formación, axudando aos traballadores que quedan sen emprego, cun programa específico para que poidan recuperar o seu emprego. Apoien a empresas e a traballadores, utilicen o gasto público para que poidamos xerar máis actividade económica, porque iso suporá tamén máis ingresos para as arcas da Xunta de Galicia e, polo tanto, mellora da potenciación da nosa actividade.

E non soamente iso, potencien vostedes o capital humano, máis e mellor educación. O Goberno anterior tiña claro que a educación era unha prioridade, incrementou máis do 30% do orzamento de Educación, ¿que van facer vostedes? ¿Van seguir nesa tendencia ou van renunciar a utilizar os recursos públicos para mellorar a educación dos nosos nenos e das nosas mozas?

Como vostedes xa anunciaron, vostedes din que van suprimir a gratuidade dos libros de texto, ¿que é o seguinte? ¿Que máis cousas nos van recortar? ¿Van suprimir tamén o transporte escolar para todos? A educación nós defendemos que é universal e gratuíta, non entendemos cal é a súa estratexia respecto a unha peza fundamental do sistema. ¿Van vostedes mellorar os servizos públicos? Mire, a verdade é que a vostede dicíalle: todas estas cuestións que teñen que ver con activar a economía, parece que lle quedan longo, parece que lles dá a espalda, parece que non lle importan. ¿Cantos avais e apoio financeiro, préstamos e demais axudas e subvencións deu a actual Xunta de Galicia desde que está gobernando?

O Goberno anterior, no ano 2008, deu 750 millóns de euros en axudas a empresas, vostedes, ¿canto apoiaron os proxec-

tos empresariais? Esas son as preguntas que hai que empesar a definir, porque son os seus obxectivos para a elaboración do orzamento do ano 2010. Pero vemos que a vostedes isto non lles preocupa moito, preocúpalles, sobor de todo, a estabilidade orzamentaria, a estabilidade orzamentaria e o control orzamentario; e día si e día tamén van vostedes dicindo que non teñen marxe de manobra e que teñen as mans atadas. Isto, esta modificación da lei, non é máis que seguir nesa estratexia de maquillaxe, de facer que fan pero non fan, soamente incorporan algo que xa se facía, que non estamos en desacordo, pero cremos que é raquítico.

Mire vostede, cando vostedes afirman que teñen as mans atadas e que non teñen marxe de manobra, señora conselleira, vostede ten que afirmar aquí cales son os datos cos que vostede se atopou. Vostede sabe que o déficit público en Galicia, no peche do exercicio consolidado, da liquidación de orzamento consolidado do ano 2008 era do 0,36%. O resto de comunidades autónomas, en medio, estaban situadas no 1,45%. Galicia estaba, polo tanto, máis dun punto por debaixo do resto de comunidades autónomas, da media de comunidades autónomas en déficit respecto ao PIB. Polo tanto, ¿como é que non teñen marxe de manobra? Claro que teñen marxe de manobra.

Por certo, na ratio de endebedamento, en moita mellor situación que a que deixou o Partido Popular cando deixou a Xunta de Galicia no ano 2004. Nese intre, a débeda respecto ao PIB era do 7,6%, no 31 do 12 do ano 2008 vostede atopouse co 6,9%, é dicir, 7 puntos menos de débeda respecto ao PIB que o que vostedes deixaron, que o Partido Popular deixou no ano 2004. Pero ademais, se vostedes fixeran as cousas ben, e nas concesións de autoestradas estiveran ben feitos os contratos, ademais, teríamos unha débeda respecto ao PIB do 6,5%. Polo tanto, 1,1 punto por debaixo do que nos deixaron no ano 2004. Fíxose un esforzo importante para mellorar as contas públicas.

Non sabemos que van vostedes facer agora, pero cando afirman que non teñen marxe de manobra e teñen as mans atadas están enganando e mentindo. Por certo, hoxe estamos co proceso de financiamento autonómico, aínda que a conselleira di que non é o momento. Non é o momento para que Galicia, se a cifra se confirma, de 9.000 millóns de euros, o acordo deste Parlamento di que Galicia ten que ter 639 millóns de euros, non é o momento para que Galicia reciba

639 millóns de euros adicionais; para vostedes non será o momento, para os cidadáns galegos que esperan a mellora dos servizos públicos si que é o momento.

Cando vostedes afirman que teñen as mans atadas, están considerando que non queren pechar ese acordo de financiación autonómica.

Miren vostedes, non se convertan no azote do Partido Popular de Mariano Rajoy en contra do Goberno de Zapatero, e pensen nos intereses dos cidadáns de Galicia. Ademais, señora conselleira, cando vostede afirma que quere rigor e control orzamentario, nós tamén o queremos, pero non eliminan vostedes as ferramentas que teñen na man: o déficit e o endebedamento; iso si, déficit e endebedamento cun obxectivo, mellorar as condicións de vida dos galegos e das galegas, mellorar a actividade económica en Galicia, e non fagan vostedes estes parches que soamente teñen que ver coa súa teima pola publicidade e a maquillaxe para facer que fan unha gran ...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Vaia rematando, señora Caride.

A señora CARIDE ESTÉVEZ:—si, señor— modificación nesta lexislación, que realmente o único que están a facer é un parche. Resolvan o problema de fondo e, sobor de todo, na orde de orzamentos do ano 2010 sigan os principios e obxectivos que se fixeron para a orde de elaboración de orzamentos do ano 2009, porque iso fará que teñamos uns orzamentos con obxectivos, con medición e co control do que fai o Goberno galego ao longo de toda a lexislatura.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Caride.

Rolda do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra don Pedro Puy Fraga.

O señora PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente. Bos días, señoras e señores deputados.

Supoño que non será ningunha sorpresa para os deputados nacionalistas e socialistas que eu avance que o Grupo Parla-

mentario Popular vai votar en contra destas mocións. Sen embargo, este deputado si que ten que amosar a súa sorpresa polos argumentos utilizados, por parte dos grupos mencionados, para presentar emendas de devolución desta reforma lexislativa. Está sorprendido polos argumentos utilizados, que posiblemente teñan que ver co feito de que o primeiro emendante non fixera uso nada máis que da terceira parte do tempo que tiña atribuído e a segunda emendante pois nos plantexara un debate sobre os orzamentos da Comunidade Autónoma que chegará a finais de ano, pero que agora non era procedente.

Estívose a falar de que isto vai con présa, que vai urxente, que era un proxecto que tiña que vir cun pouquiño máis de pausa. Eu, a verdade, é que creo que si, que aquí houbo algunhas présas, pero as présas máis ben están nos emendantes e nos textos que presentan. Hai un *lapsus* na emenda que presenta o Bloque Nacionalista Galego, que sería bo que precisase o señor emendante, di literalmente o texto presentado polo Bloque que quere que se devolva a lei porque a súa reformulación non debeu de ser de lectura única, senón polo trámite ordinario que permitira modificar e debater amplamente unha nova regulamentación orzamentaria que incluíse criterios de carácter plurinacional. A un escápaselle como pode incorporarse a plurinacionalidade a unha lei que regula os orzamentos de Galicia; evidentemente, supoño que o que quere é falar de plurianualidade, pero, evidentemente, tamén é un *lapsus* curioso que non deixa de ter a súa graza e que demostra que a emenda foi feita con moita présa.

Foi feita con tanta présa que, se me permite, e non quero pensar que isto fose un *lapsus freudiano*, que vostede confunde o que son as fundacións privadas coas fundacións públicas. Vostede, tanto no que é o texto da emenda coma no que acaba de dicir agora, menciona o artigo que se refire ás fundacións privadas. Se vostede colle a mesma lei, é o artigo 39 —da Lei de fundacións 12/2006, do 1 de decembro—, ese que vostede dixo de que hai que remitir para o seu control por parte de quen exerce a tutela das fundacións, que é a Consellería de Presidencia, como sabe, no último trimestre, unhas contas que efectivamente non son o balance, etc., é un artigo que afecta as fundacións privadas, pero non as públicas.

As fundacións públicas están regulamentadas a partir do artigo 58, capítulo X, e recórdolle que o artigo 60.4 da lei,

que por certo foi aprobada na pasada lexislatura, di respecto das fundacións públicas: “En materia de orzamentos, contabilidade e auditoría de contas, as fundacións previstas neste capítulo rexeranse polo disposto no Decreto lexislativo 1/1999, polo que se aproba a Lei de réxime financeiro e orzamentario”. É dicir, a lóxica é que modifiquemos a lei para que estas fundacións se incorporen ao orzamento. Non confunda a normativa de fundacións privadas coa normativa das fundacións públicas.

O Partido Socialista na súa emenda di, entre outras cousas, tamén demostrando certa présa por devolver este proxecto, que o proxecto adoece do informe do Consello Consultivo. Señora Caride, o Consello Consultivo non ten que informar os proxectos de lei. Pero indo un pouquiño máis alá, indo ao fondo, o argumento principal que se ten dito aquí é o argumento de que se pode utilizar a orde de elaboración dos orzamentos para 2010 para introducir esta obrigatoriedade de incorporar ao orzamento da Xunta fundacións, etc., porque iso foi o que xa se fixo no ano 2009.

Ben, a min gustaríame recordar que no orzamento vixente do ano 2009 non se incorporaron as fundacións comarcais, a Fundación Rof Codina, a Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, todas elas dependentes da Consellería do Medio Rural. Non se incorporou a Fundación Illa de San Simón, nin a Fundación Deporte Galego, todas elas dependentes da Consellería de Cultura. Tampouco se incorporaron a Fundación Feiras e Exposicións de Lugo, Fundación Feiras e Exposicións para o Desenvolvemento de Galicia, Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico, nin a Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, nin a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, nin o Instituto Feiral da Coruña, nin a Fundación do Centro de Supercomputación de Galicia, nin o Instituto de Estudos Turísticos; nin se incorporaron algúns consorcios, por exemplo, como o Consorcio de Asuntos Sociais, que como todos sabemos recibe 30 millóns de euros e ten carácter público, e ademais público autonómico; 30 millóns de euros o ano pasado, neste exercicio é que tampouco está incorporado aos orzamentos.

A maioría son responsabilidade da anterior área gobernada polo Bloque, pero nisto a orde tampouco foi cumprida, incluso, polos propios conselleiros socialistas. Por exemplo, sen ir máis lonxe, o Consorcio contra os Incendios da Coruña,

cunha transferencia nos orzamentos deste ano de tres millóns de euros, tampouco está incorporado aos orzamentos.

Quero dicir con isto, señora Caride, que a vontade da anterior Consellería de Economía de incorporar as fundacións aos orzamentos parece evidente, con esa orde, pero que evidentemente a orde non foi cumprida, e a orde en si mesma non vale nada se non ten o respaldo legal pertinente, que é xustamente o que o Partido Popular está tratando de facer agora.

O que nos leva ao fondo da cuestión. A modificación impulsada polo Goberno é unha modificación que mellora o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, é unha modificación necesaria, imprescindible e urxente, e é así por motivos de legalidade, como xa se apuntou, para cumprir a Lei xeral de estabilidade orzamentaria, que á súa vez ten que ver coa normativa comunitaria. Para incluír nela, nos orzamentos da Xunta de Galicia, todos os entes instrumentais públicos, para efectos de calcular a capacidade ou necesidade de financiamento do sector público autonómico, de acordo cos criterios SEC.

En segundo lugar, é fundamental tamén, urxente e necesario, por motivos de oportunidade, porque se está a elaborar a orde de elaboración dos orzamentos de 2010 e xa vimos, coa experiencia máis recente, que a orde por si mesma non basta.

Pero, sobre todo, desde o noso punto de vista, e por iso imos rexeitar as emendas de devolución, a reforma é necesaria, imprescindible e urxente por motivos de transparencia, de respecto aos cidadáns, porque sendo certo que todos estes entes están controlados polo control interno, e ninguén falou de nada que non fose diso, simplemente se trata da súa incorporación aos orzamentos da Xunta. O que si é verdade é que o que faltaba nestes entes, insisto, todos os que enumerei anteriormente, era o control parlamentario, o control político, o control do pobo galego que quere saber a que se destinan os seus cartos.

Un control que, por outra banda, non se trata máis que de cumprir o que sempre foron os orzamentos, rexidos, entre outros, como saben vostedes, polos principios de universalidade, de unidade e de publicidade. Son os principios xa clásicos, neoclásicos, keynesianos, e se quere vostede, incluso posmodernos dos orzamentos públicos.

¿Cal é a cuestión, entón, pola que vostedes piden a devolución deste proxecto de lei? Se no fondo parece que están de acordo en que o orzamento mellore, ¿por que non están de acordo coas formas? O Goberno anterior sen respaldo legal non foi capaz de incorporar estes entes instrumentais ao orzamento da Xunta. Os nacionalistas parece que amosaron unha certa incapacidade, unha certa vontade de non incorporalos aos orzamentos da Xunta.

Pois ben, o Grupo Popular anima a mellorar o control parlamentario tamén, neste caso non só apoia esta reforma, senón que a anima, solicita á Xunta que presente canto antes unha reforma integral da Lei de réxime financeiro e orzamentario para incluír o que son os alicerces dunha presupostación moderna. Tamén por separado unha nova lei que regule como funcionan, quen controla e cal é o réxime dos entes instrumentais, todo tipo de entes instrumentais, unha norma fundamental da que a nosa Comunidade Autónoma carece.

Pero como primeiro paso, insisto, necesario, urxente e obrigado, apoiamos esta reforma, polo tanto rexeitaremos as emendas de devolución, porque nós, os populares galegos, estaremos sempre a favor daquelas medidas que introduzan racionalidade e transparencia nos orzamentos públicos da Comunidade Autónoma galega. Porque, señora Caride, uns orzamentos claros, racionais e transparentes, son o primeiro paso para saír da crise.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Puy Fraga.

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes. Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra don Fernando Blanco Álvarez.

O señor BLANCO ÁLVAREZ: Señora presidenta, señorías.

En primeiro lugar, aclarar que se a conselleira fai unha intervención para explicar a lei de tres minutos e medio, por cortesía parece razoable que eu non me alongue moito máis. Quen ten a obriga de explicar a lei, indubidablemente, se é capaz de facelo —e eu creo que o fixo— en tres minutos e medio, non terei eu que tirarme quince para rebater. Porque os argumentos ou son ou non o son, e en pouco espazo de tempo pódese argumentar perfectamente, e aquí vense as diferenzas.

En primeiro lugar, nós dicimos, si, hai que integrar estas fundacións, estes consorcios, estas axencias, pero parécenos que neste momento esa reformulación integral da lei é necesaria e imprescindible. Pero non é que nos pareza a nós, é que na exposición de motivos desta lei claramente se explica así. Polo tanto, aproveitemos para facer, mediante o procedemento ordinario, unha reformulación integral, unha reformulación integral da lei que permita e que dea resposta, efectivamente, a un novo escenario. E nese sentido seguramente nos imos atopar.

En canto a que os populares sempre estiveron a favor da racionalización e a transparencia, o Consello de Contas hai escasos días, analizando orzamentos do Partido Popular, dicía todo o contrario: que non había transparencia, que se adxudicaba de xeito unilateral, e outra serie de cuestións que indubidablemente haberá que ter en conta para reformular esta lei e para poñer esta lei en marcha de xeito ou do xeito que o propio Consello de Contas tiña establecido.

Nós xa manifestamos claramente porque non estamos de acordo coa presentación de lectura única desta lei. Porque queremos, como a exposición de motivos pon, e como nós tamén acreditamos, unha reformulación integral e, polo tanto, un procedemento ordinario.

Pero é máis, e é que ademais non se aclara. Mire, a nosa moción, a nosa emenda, o que di é, porque o di así a lei, que todas as fundacións que teñan máis do 50% por achegas da Administración autonómica ou por subvencións teñan a consideración de carácter público. Polo tanto, algunhas das privadas van ser fundacións públicas.

E, nese sentido, a lei o que lles establece a estas fundacións é que teñen un período para presentar os seus orzamentos. Teñen un período para facer os seus orzamentos, e non é precisamente o da Xunta de Galiza: é no último trimestre do ano. Mentres vostedes sacan a lista, mentres vostedes a poñen en marcha, non teñen ningunha obrigación esas fundacións, que aínda que sexan privadas terán un carácter público, porque indubidablemente eu creo na modificación, e nese sentido pode ser importante, e hai un choque entre dúas lexislacións: a propia das fundacións e a que se está a aprobar aquí. E se non veremos na práctica como, efectivamente, iso se vai producir. E vaise producir de tal maneira que pola vía da práctica inviabiliza mesmo a posta en marcha desta lei.

E algunhas das que vostede facía referencia, seguramente poden estar nese caso, ou algunhas outras que están por aí e onde as achegas da Administración autonómica, tanto como achegas, tanto como subvencións, van definir claramente, porque así o define a Lei de fundacións, que, por certo, xa está de acordo cos criterios SEC e o único que fai é traspoñer eses criterios tamén á propia formulación da Lei de fundacións, van ter, en todo caso, tres meses máis, e en ningún caso, en ningún caso, van ter os orzamentos para o mes de outubro cando os teñan que presentar vostedes. E, polo tanto, vaise dar unha circunstancia, cando menos, contraditoria.

É certo que se vostedes, indubidablemente, pola vía da práctica xa fan máis desas achegas, poderán chamar esas fundacións para dicirlles como queren as cousas. Pero non é menos certo que están xogando con dúas leis que, en todo caso, establecen criterios contraditorios.

Polo tanto, creo que era importante que isto se puxera de manifesto para corrixilo, porque estase a tempo de corrixir e, dalgunha maneira, garantir que, efectivamente, todas aquelas que cumpran os requisitos que a Lei de fundacións establece no seu articulado, e que tamén están dentro dos criterios SEC, eviten unha situación onde, indubidablemente, teña que chocar isto. E eu creo que sería bo que se fixera canto antes para evitar este tipo de situacións.

E no resto estamos nós si a favor da transparencia, a favor indubidablemente da incorporación de fundacións, de axencias ou de consorcios para un mellor grao de coñecemento e de transparencia de todo isto. E, polo tanto, se se plantexa unha reforma integral desta lei, nós indubidablemente traballaremos para melloralala e para aportar todo o que considere necesario. Pero equivócanse no procedemento, non é a lectura única, que parece ser que é o sistema que vostedes están utilizando. Teño que lembrar aquí que é o terceiro proxecto de lei que traen vostedes por lectura única.

É dicir, parece como se tiveran medo de confrontar ou de debater coas outras forzas políticas un modelo que, en todo caso, vai ser difícil de consenso, polo que se está vendo aquí ultimamente. Pero, en todo caso, seguramente as achegas e as suxerencias que poidamos facer poden enriquecer esta lei.

Retire esta lei, plantexe unha reformulación integral, pode facer coa lei de orzamentos o que pretende agora e [...]

A señora PRESIDENTA: Por favor, vaia rematando, señor Blanco.

O señor BLANCO ÁLVAREZ:... estas fundacións e estes consorcios, e evite unha duplicidade, que pode haber un problema xurídico entre dúas leis como a Lei de fundacións e a Lei de réxime financeiro e orzamentario.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Blanco.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra dona María José Caride Estévez.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Si, señora presidenta, señorías.

Señora conselleira, como xa lle dixemos antes, reiterámonos na necesidade de que esta modificación lexislativa pobre e nada novidosa, e que desaproveita unha gran oportunidade, a oportunidade de modificar a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a retiren vostedes.

Vostedes o que teñen que facer, como explicitan por unanimidade na exposición de motivos e como a propia conselleira puxo de manifesto na súa comparecencia, teñan vostedes a coraxe de coller a lei, facer un novo texto alternativo e cubrir as eivas e necesidades que neste momento ten a facenda autonómica.

A verdade é que das intervencións dos grupos parlamentarios gústanme as palabras que fixo o representante do Partido Popular. Porque a verdade é que veu aquí recoñecer que cando están falando de incorporar as fundacións, os consorcios ou as axencias no orzamento da Xunta de Galicia, para nada están a falar de descontrol orzamentario, todo o contrario. Puxo de manifesto que o que se estaba facendo era controlar esas institucións e que non quería confundilo.

O único que faltaba era que o control se fixera tamén por parte do Parlamento galego. Unha cuestión que nos parece relevante, pero que como lles dicía é un tema que, entendemos, as modificacións que require esta lei necesitan que se aborde unha reforma en profundidade. É unha modificación raquítica. Pero si que nos alegamos de que vostede recoñeza con sinceridade de que todas as fundacións, todos os con-

sorcios, todas as axencias tiñan control por parte da Intervención da Xunta de Galicia, e que ademais ese control se facía cos termos da contabilidade nacional, e que ademais, vostede mesmo o sabe, todas esas institucións tiñan que presentar os programas de actuación, investimento e financiamento. Polo tanto, existía control orzamentario.

E dicímoslle, conselleira, que ademais de pensar nesta cuestión puntual de incorporación de axencias, consorcios ou fundacións, pense vostede na necesidade de que a orde de elaboración dos orzamentos do ano 2010 incorpore o que é fundamental para os cidadáns galegos. ¿Cales son os obxectivos que van perseguir as distintas actuacións da Xunta de Galicia? ¿Como se mide o cumprimento deses obxectivos? E iso si que será mellorar en eficacia, en eficiencia e en rigor orzamentario.

Ademais, pense vostede que máis que na estabilidade orzamentaria en *stricto sensu*, aos cidadáns galegos hoxe preocúpalles a estabilidade, pero coas medidas axeitadas para reactivar a economía. É iso o que nos teñen que dicir, por onde vai a estratexia de reactivación da economía, por onde van as actuacións que o Goberno galego quere desenvolver.

Nós xa lle dixemos que nesta modificación apostamos pola reforma integral da lei. Pero ademais hai algunhas cuestións. A vostedes que tanto lles gusta falar de transparencia e de rigor no orzamento, onde xa lle fixemos algunha cuestión, algunha pregunta directa que a conselleira de Facenda non respostou, preguntámoslle directamente, ¿señora conselleira, dado que vostede aprecia tanto a transparencia e o rigor orzamentario, en todas esas obras, en todos eses investimentos que está a executar a Xunta de Galicia ou nas subvencións que está a pagar a Xunta de Galicia, vai utilizar vostede como criterio habitual que se pague antes de que os investimentos estean feitos? ¿Que se pague antes de que os gastos das subvencións estean feitos? Señora conselleira, porque iso tamén é rigor e é transparencia.

E membros deste Goberno, o propio presidente afirmou que o comportamento de certificar obras sen que estiveran rematadas ou incluso nin empezadas era un comportamento habitual. Pois, señora conselleira, vostede sabe que non é habitual. E, polo tanto, gustaríanos saber se non vai seguir sendo habitual nos vindeiros orzamentos, porque esperamos que

vostede actúe co rigor e a transparencia que di que move o seu comportamento para esta modificación legal.

Xa lle dixen, deixe vostede os manguños de contable. Proponha as medidas axeitadas para reactivar a economía galega. Teñen vostedes marxe de manobra, non teñen as mans atadas, teñen marxe no endebedamento, no déficit público e van ter marxe co novo financiamento autonómico. Non renuncien vostedes aos máis de 600 millóns de euros que respectando o acordo parlamentario teñen que achegar a Galicia.

Nós rexeitamos, como xa lle dixen, ou pensamos que esta lei non é axeitada, que esta modificación é raquítica, curta, pobre, non atende as necesidades do financiamento autonómico.

A señora PRESIDENTA: Por favor, vaia rematando, señora Caride.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: E, polo tanto, por iso defendemos esta emenda. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pasamos á votación dos textos lexislativos.

Votación do proxecto de lei polo que se modifica o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo.

Pechamos as portas.

Votación da emenda á totalidade de devolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

Votación da emenda á totalidade con texto alternativo do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

Votación da emenda á totalidade de devolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

Votación do proxecto de lei.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 35.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este proxecto de lei.

Votación do Proxecto de lei polo que se modifica o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Votación da emenda á totalidade de devolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

Votación da emenda á totalidade de devolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

Votación do proxecto de lei.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; abstencións, 35.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este proxecto de lei.

A señora PRESIDENTA: Pasamos ao punto segundo da orde do día.

Fixación do número de membros da Cámara e posterior designación das deputadas e dos deputados para a defensa das proposicións de lei presentadas perante o Congreso dos Deputados:

- De transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria.

- Pola que se modifica a Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da Mariña mercante.

- De modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xullo, do réxime electoral xeral, para posibilitar a homoxeneización do procedemento de voto das persoas residentes no exterior co resto dos cidadáns

A señora PRESIDENTA: O Pleno do Parlamento de Galicia, en sesións celebradas os días 8 de abril, 13 de xuño e 15 de xullo de 2008, aprobou respectivamente as proposicións de lei obxecto deste punto da orde do día para a súa tramitación no Congreso dos Deputados, acordando, asemade, fixar o número de deputadas ou deputados para a súa defensa en tres, procedendo nas mesmas sesións á súa designación.

Presentadas as proposicións de lei no Congreso dos Deputados, logo da disolución do Parlamento de Galicia o 5 de xaneiro de 2009, é constituída a VIII lexislatura, a Mesa, previa audiencia da Xunta de Portavoces, na reunión do 16 de xuño de 2009, acordou incluír na orde do día do Pleno a designación das deputadas e dos deputados para defendelas perante o Congreso dos Deputados. Cómpre, pois, que a nova Cámara, co acordo da maioría absoluta que esixe o Regulamento no seu artigo 163.3, fixe o número de deputadas ou deputados que procederán á súa defensa no Congreso.

A Mesa, logo de escoitada a Xunta de Portavoces, na sesión do 16 de xuño de 2009, acordou propor que sexan tres o número de deputadas ou deputados autonómicos encargados da súa defensa, un por grupo parlamentario, existindo un titular e un suplente.

Sométese, pois, se lles parece, ao asentimento da Cámara que se acepte a proposta da Mesa de que continúen a ser tres o número de deputadas ou deputados autonómicos encargados de defender as proposicións de lei no Congreso dos Deputados.

Queda, pois, aprobada por asentimento a proposta de tres deputadas ou deputados para defender as proposicións de lei no Congreso dos Deputados.

Rematado o prazo fixado para o efecto, as deputadas e os deputados propostos polos grupos parlamentarios titulares e suplentes son os seguintes: para a Proposición de lei de transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, don Anxo Manuel Quintana González, titular, e dona María Teresa Táboas Veleiro, suplente; polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, don Xoaquín María Fernández Leiceaga, titular, e don Ismael Rego González, suplente; polo Grupo Parlamentario Popular, don Pedro Puy Fraga, titular, e don Antonio Rodríguez Miranda, suplente.

Na Proposición de lei pola que se modifica a Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, don Bieito Lobeira Domínguez, titular, e dona Ana Luísa Bouza Santiago, suplente; polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, don Francisco Julio Cerviño González, titular, e dona Beatriz Sestayo Doce, suplente; polo Grupo Parlamentario Popular, don Agustín Baamonde Díaz, titular, e don José Manuel Balseiro Orol, suplente.

E, por último, en relación coa Proposición de lei de modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xullo, do réxime electoral xeral, para posibilitar a homoxeneización do procedemento de voto das persoas residentes no exterior co resto dos cidadáns, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, don Carlos Ignacio Aymerich Cano, titular, e don Alfredo Suárez Canal, suplente; polo Grupo

Parlamentario dos Socialistas de Galicia, don Xoaquín María Fernández Leiceaga, titular, e dona María Soledad Soneira Tajés, suplente; e polo Grupo Parlamentario Popular, don Manuel Santos Ruíz Rivas, titular, e don Antonio Rodríguez Miranda, suplente.

Sométese, pois, ao asentimento da Cámara a designación das deputadas e deputados propostos polos grupos.

Por tanto, enténdense designados por asentimento para defender as respectivas proposicións de lei perante o Congreso dos Deputados as parlamentarias e os parlamentarios antes relacionados.

Pasamos pois ao seguinte punto da orde do día, de comparecencias en Pleno.

Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar sobre o alcance e contido da reunión que mantivo o pasado día 15 de xuño co presidente do Goberno español, Sr. Rodríguez Zapatero

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra para a súa intervención o presidente da Xunta de Galicia, don Alberto Núñez Feijóo.

O señor NÚÑEZ FEIJÓO: Señora presidenta, moitas grazas.

Señoras e señores deputados.

Comparezo ante este Parlamento para informar sobre o desenvolvemento da reunión mantida hai tan só unha semana, o pasado día 15 exactamente, co presidente do Goberno de España, o señor Rodríguez Zapatero. Despois da entrevista co rei, o paso seguinte lóxico era reunirse co presidente do Goberno de España. Galicia é Estado, e como parte do Estado que somos é preciso que existan unhas canles fluídas de comunicación entre as administracións, por iso este tipo de encontros constitúen un elemento esencial para poder traballar de maneira conxunta para tratar de resolver os problemas reais e as inquedanzas dos cidadáns de Galicia.

En primeiro lugar, quixera deixar constancia de que a xuntanza se desenvolveu nun clima de cordialidade, nun clima de vontade e de diálogo e nun clima de respecto institucional. Con esta comparecencia pretendo, por tanto, dar conta ao pobo galego, a través dos seus representantes lexítimos,

dos resultados dunha reunión que considero clave no futuro inmediato de Galicia. É clave por dúas razóns: a primeira, por ser a primeira nesta nova lexislatura e nesta nova etapa do Goberno de Galicia, e tamén é clave pola transcendencia dos temas tratados. Temas, en definitiva, decisivos para modernizar e para sentar as bases do crecemento de Galicia.

Señorías, foron un total de sesenta e un temas os que lle fixen chegar ao presidente do Goberno de España. Foron un total de sesenta e un temas que conformaron a primeira carpeta de traballo entre a Xunta de Galicia e o Goberno de España. Trátase de sesenta e un asuntos pendentes que consideramos que o Goberno de España debe de impulsar nos próximos meses en colaboración coa Xunta de Galicia e que agrupan –ou agrupamos– un informe por cada un dos quinze ministerios que conforman a actual estrutura do Consello de Ministros.

Comprenderán, señorías, que non se trata agora de facer un relatorio de todos e cada un deles. Se mo permiten, nesta comparecencia, gustaríame centrarme naqueles que considero de maior relevancia e de maior urxencia. Só desde o punto de vista indicativo, e para dar conta dos sesenta e un temas que foron plantexados, gustaríame simplemente concretar a agrupación en categorías dos referidos temas: carpeta referida a transferencias pendentes; solicitude do compromiso expreso de certas iniciativas do Goberno –e creo que do Parlamento–: Xacobeo, Cidade da Cultura; modernización e mellora dos servizos estatais en Galicia –estamos falando dos medios contra incendios e estatais, da modernización da xustiza–; modificacións normativas para unha mellor xestión e execución dos programas –falamos de tramitación, de becas de deportistas de alto nivel, contratos de inserción–. Estamos falando de cuestións importantes, sen dúbida, de competitividade do territorio –estoume referindo ao tren de alta velocidade, ás autovías, aos gasodutos–; estamos plantexando tamén cuestións na carpeta de traballo dos sesenta e un temas de conflitividade constitucional, etc., etc.

A nosa intención é tratar a totalidade dos sesenta e un temas coa totalidade dos ministerios que conforman a actual estrutura governamental do Goberno de España. A nosa intención é rematar o ciclo de reunións con todos os ministros nas próximas semanas para poder avaliar polo miúdo os sesenta e un temas aos que estou a facer referencia. Quero dicirlles que neste momento temos confirmadas xa tres reunións:

mañá co ministro de Fomento, o próximo xoves coa ministra de Vivenda e a próxima semana coa vicepresidenta económica e ministra de Economía e Facenda.

Como lles dicía, señorías, dos sesenta e un temas pendentes hai dez temas que considero de especial relevancia e que ocuparán a comparecencia que hoxe teño a honra de facer no Parlamento de Galicia. Dos dez temas hai seis de importancia evidente: asuntos pendentes ante o Tribunal Constitucional, transferencias pendentes para desenvolver o Estatuto de autonomía, a Cidade da Cultura, o Xacobeo 2010, o voto emigrante e o sector naval. Dentro destes dez –xa sinalai seis – hai os outros catro que considero claves: claves neste momento, claves nestes intreos, aos que dedicarei a parte final da intervención. Estou a falar da situación do sector lácteo, da aplicación da Lei da dependencia, das infraestruturas e competitividade e do financiamento autonómico.

O primeiro dos asuntos destes dez importantes refírese, como acabo de mencionar, ás cuestións pendentes do Tribunal Constitucional. Dous recursos de inconstitucionalidade e unha cuestión de inconstitucionalidade son as cuestións que máis nos preocupan. Podo referir, ademais, que o pasado venres tiven a honra de recibir a presidenta do Tribunal Constitucional, onde fixemos un repaso a todos os litixios pendentes entre a Xunta de Galicia e o Goberno de España, e entre o Goberno de España e a Xunta de Galicia. Quero referirme dos dous recursos de inconstitucionalidade a un deles, á Lei de dereito civil de Galicia, aprobada por unanimidade na Cámara, no relativo aos artigos onde se regulan a adopción e a autotutela, que nós entendemos que semellan a lei catalana de dereito civil non recurrida ante o Tribunal Constitucional.

Tamén lle referín ao presidente o recurso de inconstitucionalidade plantexado polo Goberno de España en relación coa Lei de vivenda de Galicia, concretamente no relativo á aplicación aos solos de núcleos rurais galegos, de redución das servidumes, de protección de costas. Saben vostedes que isto afecta directamente a legalidade de milleiros de vivendas. Saben vostedes que iso crea incerteza e inseguridade xurídica en milleiros de propietarios, sobre todo nas zonas do Morrazo e noutras zonas das distintas rías de Galicia.

A segunda cuestión que lle foi plantexada ao presidente do Goberno é relativa ás transferencias. Unha vez máis levei á Moncloa o consenso acadado nesta Cámara na anterior

lexislatura. Trátase de desenvolver ordenadamente os setenta ámbitos de competencias susceptibles de ser transferidos á Comunidade Autónoma. En primeiro lugar, plantexamos as transferencias sobre as que –na nosa opinión, de acordo coa información relativa ou transmitida polo Goberno anterior– existía xa un acordo político. Trátase, polo tanto, de impulsar o traspaso real e efectivo das mesmas. Estoume referindo aos arquivos e bibliotecas, a museos, ao saldo da débeda de superficie e á inspección de traballo.

Tamén plantexei aquelas onde, aínda non estando avanzados, si é necesario avanzar e, polo tanto, iniciar as negociacións. Estoume referindo aos portos de interese xeral, á ordenación do sector pesqueiro, á investigación oceanográfica, á expedición de títulos e tarxetas de identidade das titulacións profesionais náutico-pesqueiras, á transferencia das autoestradas que discorren integramente polo territorio de Galicia, así como, sen esquecer, á transferencia do tráfico.

A terceira cuestión á que fixemos referencia na reunión en Moncloa refírese á Cidade da Cultura como proxecto de Estado. Puxen ao día ao presidente sobre a situación na que se atopa o proxecto e, sobre todo, sobre a decisión inequívoca do Goberno galego de aperturar a Cidade da Cultura ao exterior, de facer claramente un proxecto internacional, de abrir a cultura de Galicia a Europa e América. Lembreille ao presidente o compromiso adquirido no seu día, en febreiro do 2007, como é o antecesor, de considerar a Cidade da Cultura como un proxecto de Estado. Trasladeille, polo tanto, a necesidade de que o Goberno amose o seu apoio, cultural e económico, para que realmente as palabras de proxecto de Estado teñan contido e efectividade. Lembreille antecedentes perfectamente asumibles, o Foro das culturas en Barcelona ou a Expo de Zaragoza. Eses dous proxectos si tiveron respaldo do Estado, parece razoable que o proxecto galego tamén teña ese respaldo do Estado.

A cuarta cuestión refírese ao Xacobeo, unha oportunidade extraordinaria para Galicia e, non nos esquezamos, unha oportunidade extraordinaria para recuperar a caída do turismo en España.

Consciente desta oportunidade, non dubidei en expresar o agradecemento do Goberno pola actitude dilixente da ministra de Cultura co conselleiro de Cultura e Turismo da Xunta

de Galicia, e pola actitude e respaldo da referida ministra ás cuestións de patrocinio e de exencións fiscais.

A coincidencia do Xacobeo coa Presidencia Española da Unión Europea durante o primeiro semestre de 2010 abre un amplo campo de posibilidades de promoción de Galicia e de España, que debemos aproveitar. Consello da Unión Europea, Consello de Ministros de Cultura, Cumio de Xefes de Estado Iberoamericanos, todo isto pode celebrarse en Compostela. Temos que concretar, polo tanto, a colaboración económica e a colaboración cultural da Administración xeral do Estado coa Xunta de Galicia para o éxito económico e turístico e tamén político do Xacobeo 2010.

A quinta cuestión, refírese, señorías, a outro dos consensos acadados nesta Cámara, a necesaria reforma da Lei electoral. Temos que poñer fin á anomalía democrática que supón o actual sistema do voto dos residentes no exterior. É preciso que se desbloquee a reforma do sistema do voto emigrante, non é de recibo que nun país democraticamente consolidado, como España, case o 15% dos cidadáns, nunha das súas comunidades autónomas, aquí, en Galicia, o 15% dos cidadáns non voten coas mesmas garantías do 85% restante.

A dignidade do sistema, a dignidade dos residentes no exterior, a dignidade dos emigrantes esixe que se faga efectiva esta reforma, e así llo fixen saber solemnemente ao presidente do Goberno de España. Non temos outro obxectivo que aproveitar o ano 2009 e o ano 2010 para aprobar esta reforma. Temos tempo dabondo nos períodos de sesións que quedan do ano 2009 e durante o ano 2010 para que esta reforma entre en vigor para as eleccións municipais e autonómicas do ano 2011, para as eleccións xerais que se celebren a continuación e para as eleccións autonómicas do ano 2013.

A sexta cuestión refírese tamén a outro dos consensos acadados nesta Cámara, que plantexei en Moncloa, un consenso non só deste Parlamento, senón tamén de todos os grupos municipais –aínda que non teñan representación parlamentaria– que están na comarca de Ferrolterra. Necesitamos, en serio, que as negociacións ante a Unión Europea frutifiquen. Necesitamos en serio deixar de falar para empezar a actuar. Necesitamos levantar o veto á construción naval e civil na ría de Ferrol. España é o país da Unión Europea que destrúe máis emprego. O paradigma no momento en que se vetou a

construción civil mudou, agora estamos en plena recesión económica con destrución de emprego masivo e, polo tanto, non é razoable que Galicia teña o maior estaleiro de Europa en desuso e que, sen embargo, non o poida poñer a traballar.

O propio presidente do Goberno, no debate do Estado da Nación –recordeillo–, falou de estar disposto a volcar todos os seus esforzos para buscar unha pronta solución.

A sétima cuestión destas dez refírese á situación do sector lácteo. Todos somos conscientes da gran relevancia que o sector lácteo ten e espero que siga tendo en Galicia, e todos somos conscientes do papel preponderante que o sector lácteo galego xoga no Estado. 50.000 persoas afectadas, sector que contribúe notablemente non só a unha cuestión económica, senón tamén á fixación da poboación en amplas zonas no medio rural galego.

A capacidade de producir máis do 37% do total do leite que se consume en España, do 50% do total das explotacións existentes en España, avala a necesidade de tomarse en serio este sector. A ninguén se lle escapa a situación de crise económica na que está o sector. Á subida dos custos de produción, pensos e fertilizantes, hai que engadirlle unha alarmante baixada dos prezos en orixe que está poñendo en moi serio risco a viabilidade de miles de explotacións. Unha baixada, sen dúbida, que ten diversas causas, entre as que destaca, certamente, a baixada da demanda, pero tamén o aumento lineal da cota para todos os países da Unión Europea, decisión comentada amplamente neste Parlamento, que na nosa opinión prexudica gravemente os intereses das explotacións galegas, nalgúns casos mesmo estanse advertindo problemas para garantir a recollida do leite. Desde o primeiro momento que chegamos á Xunta de Galicia, empezamos a actuar, reuníndonos cos sindicatos e buscando solucións para paliar o problema que estamos a padecer.

Pero, sabemos que é imprescindible a implicación do Goberno de España, e sabemos que é imprescindible que o Goberno do Estado amose claramente o seu compromiso con este sector, e así llo trasladei ao presidente do Goberno. Propúxenlle ao presidente do Goberno actuar en todos os frontes: no ámbito da política comunitaria, o Goberno debe iniciar negociacións para aumentar os prezos da intervención do leite; no marco das competencias directas do Goberno de España, o

ministerio debe priorizar os fondos adicionais da política agraria común e destinalos basicamente ao sector lácteo.

É imprescindible que o ministerio sente nunha única mesa os produtores, as industrias e os distribuidores; se isto non se fai, estamos nunha situación tremendamente complexa. Neste sentido, propúxenlle ao presidente, ademais, a oportunidade de que Galicia sexa a sede do Inlac, que se sitúe, como digo, en Galicia, que se sitúe en Galicia a Interprofesional do sector lácteo, porque temos o 37% da produción e o 50% das explotacións, da mesma forma que se situou en Cataluña a sede da Interprofesional do sector porcino ou en Andalucía a sede da Interprofesional do aceite.

A oitava cuestión destas dez refírese, sen dúbida, á Lei da dependencia. A situación actual que lle referín ao presidente do Goberno de España é que neste momento xa temos máis de 77.445 solicitudes, das cales 32.000 son grandes dependentes con dereito a recibir unha prestación xa. Tan só 12.800 están recibindo unha prestación, neste momento 2.800 máis que hai dous meses.

Como saben, Galicia presenta dúas circunstancias que incrementan as dificultades da aplicación da Lei da dependencia, por un lado, o elevado índice de poboación envellecida, máis do 21,7%, e por outro a alta dispersión da poboación e a nosa orografía, que obriga a articular sistemas de mobilidade persoal. A realidade é que ningún destes criterios, nin o envellecemento, nin a dispersión, están sendo considerados actualmente para a distribución dos fondos do Estado ás comunidades autónomas.

Señorías, cando se ditan as leis, é para cumprilas, e a Administración xeral do Estado ten unha obriga legal, unha obriga legal cos dependentes e unha obriga legal coas comunidades autónomas. Galicia non é que necesite máis financiamento do Estado, é que a Galicia lle corresponde máis financiamento do Estado para facer fronte ás obrigas que nos impón a Lei da dependencia. Este incremento de financiamento ten que ser tanto no nivel mínimo coma no nivel acordado.

Neste sentido, os nosos cálculos indícanos que para cubrir os custos derivados na súa totalidade da aplicación da Lei da dependencia en 2010 serían necesarios 600 millóns de euros. Actualmente Galicia recibe do Estado arredor de 100 millóns de euros.

Creo que queda claro que ante este tema desde a Xunta de Galicia non plantexamos nada extraordinario, nin, por suposto, nada a maiores, senón simplemente cumprir a lei. Quero que quede claro tamén que a Xunta de Galicia non vai deixar de cumprir coa súa obriga, que non é outra que atender as persoas dependentes. Tampouco imos deixar de lembrar que o Goberno de España nunca debe de plantexar problemas ás comunidades autónomas sen resolver os problemas que el mesmo crea.

A novena das dez cuestións plantexadas refírese, señorías, ás infraestruturas e á competitividade. Tamén aquí trasladei un dos consensos desta Cámara: fixar prazos certos para a execución das autovías e do tren de alta velocidade. Unhas boas infraestruturas de comunicación son elemento básico para garantir a competitividade de calquera territorio, e por iso, nesta nova etapa, confío de verdade en que a Xunta e o Goberno de España traballen para buscar e atopar resultados a través dunha colaboración leal. Por iso, non podemos esquecer o que ocorreu nos anteriores anos.

En xuño do ano 2004 aprobouse por unanimidade unha moción no Congreso dos Deputados, alí concretábanse todas as datas sobre as infraestruturas viarias e ferroviarias; non é necesario recordar que ningunha delas se cumpríu, ningunha delas se cumpríu. Non é que se cumpriran en parte si ou en parte non, é que ningunha delas se cumpríu. Por iso é necesario retomar este asunto. Resulta imprescindible un novo horizonte realista e ambicioso para a posta en servizo do AVE e das autovías. Uns novos prazos que supoñan a inevitable asunción do atraso producido, pero non máis, non máis atrasos do que ata de agora se teñen producido, que xa son dabondo. Por iso lle propuxemos formalmente ao presidente do Goberno de España un novo escenario de cooperación con dous eixes fundamentais:

- Proceder ao asinamento dun acordo institucional, proceder a concretar a través dun acordo institucional, ao máis alto nivel, tomando como referencia o precedente que supuxo o acordo das autovías con anteriores gobernos socialistas en Galicia.
- Fixar uns prazos realistas e ambiciosos, que serían os prazos mínimos que a técnica actual permite.

Para lograr estes obxectivos, señorías, plantexeiulle dotar dos recursos financeiros adicionais que sexan necesarios para

cumprir os prazos e garantir a súa plena execución. Axilizar ao máximo a tramitación dos expedientes e a constitución inmediata da Comisión de Seguimento das Infraestruturas.

Señorías, a última cuestión plantexada das dez de extraordinaria relevancia refírese ao financiamento autonómico. O financiamento autonómico non se pode plantexar desde o punto de vista de que unhas comunidades autónomas reciban máis e outras menos, senón de que os cidadáns de todas as comunidades autónomas teñan a mesma garantía dos servizos públicos esenciais.

Por iso, sendo consciente da recesión económica na que estamos a vivir, sendo consciente da espectacular caída dos ingresos do IRPF, do IVE e dos impostos especiais, sendo consciente do escenario complicado e inestable no que estamos a pasar, sendo consciente de que estamos ante unha situación excepcional da nosa economía, plantexeiulle ao presidente a posibilidade de reflexionar e de prorrogar o sistema de financiamento actual, de prorrogalo incrementando coas contías adicionais que estean dispostos a poñer, pero mantendo os criterios de reparto acadados por consenso en anteriores anos.

Si, certamente, resulta necesario incrementar os fondos adicionais ás comunidades autónomas, sobre todo por dúas cuestións, porque non recibimos o prometido nos temas da sanidade e porque o financiamento da Lei da dependencia quedou claramente insatisfeito.

Por iso, incrementar o financiamento e repartilo a través dos pactos, dos acordos e dos criterios acadados coa maioría –perdón, coa unanimidade das comunidades autónomas– é unha ferramenta que creo que deberíamos valorar.

En todo caso, de non ser esta a actitude do Goberno de España, como consecuencia doutros intereses políticos, si lle plantexei ao Goberno de España, a través do seu presidente, o consenso acadado outra vez nesta Cámara. O consenso acadado dos tres grupos parlamentarios, o consenso acadado para garantir a igualdade plena de todos os cidadáns no acceso aos servizos públicos, o consenso acadado de ponderar adecuadamente os elementos que inciden realmente na prestación do servizo.

Temos catro puntos máis de envellecemento ca a media de España. Temos case tres puntos e medio máis de envellece-

mento que cando se asinou o anterior acordo de financiamento. Seguimos tendo a metade dos núcleos de poboación de España, máis do 12% da poboación galega reside no exterior.

Polo tanto, os elementos que inciden no custo real da prestación dos servizos plantexada neste Parlamento seguen sendo a nosa guía: o envellecemento, a dispersión, a emigración e o feito do bilingüismo.

Garantir non só un reparto razoable, senón un reparto razoable no tempo, a suficiencia dinámica do sistema. Iso é o que tamén recibín como mandato deste Parlamento e trasladei. A folla de ruta do Goberno de Galicia no financiamento autonómico é defender o consenso acadado nesta Cámara, e así o farei ata o final.

Ata aquí expuxen o resumo dos asuntos que lle presenteí ao presidente. Paso agora a comentarlles non só a actitude do presidente, xa comentada, senón algunhas das cuestións desexadas nesta reunión.

Teño que valorar de xeito positivo a súa actitude respecto á consideración da Cidade da Cultura como un proxecto de Estado e espero que nas reunións co ministro de Asuntos Exteriores e coa ministra de Cultura poidamos avanzar neste compromiso do presidente do Goberno.

Teño que valorar de igual forma positiva o apoio ao Xacobeo 2010, e así espero nas reunións co ministro de Industria poder concretar dentro do Plan do turismo para reactivar a economía, unha peza separada para o Xacobeo 2010.

De igual forma valoro de xeito positivo traballar para que o proceso de transferencias avance, e así o poderei plantexar ante o vicepresidente terceiro do Goberno.

Espero e creo na súa palabra de que solucionemos o voto da emigración. Espero e creo na súa palabra de que desta vez por todas se resolva o veto que neste momento o Goberno de España ten ao voto na emigración e ao voto democrático do voto da emigración.

O presidente asumiu o compromiso de trasladar á ministra de Medio Rural, Medio Ambiente e Medio Mariño a situación do sector lácteo, e espero tamén que frutifique este acordo adoptado polo presidente.

Tamén se comprometeu a que na súa Presidencia na Unión Europea traballe ata conseguir o levantamento do veto dos estaleiros da ría. E espero que no primeiro semestre do ano 2010 ese compromiso que asumiu se cumpra.

Espero igualmente acadar un acordo institucional respecto ás infraestruturas en Galicia, ás infraestruturas prioritarias: o tren de alta velocidade e as autovías. Espero que sexa elaborado co máximo rigor e co máximo realismo, e espero que non supoña unha mera declaración de intencións e si unha nova etapa de respecto mutuo e de lealdade entre o Goberno de España e o Goberno de Galicia.

Estamos xa a traballar por este acordo, e mañá mércores espero acadar pasos decisivos para construír un horizonte concreto e un presuposto concreto no tren de alta velocidade á Comunidade Autónoma.

Esta valoración positiva, referida ás cuestións anteriormente ditas, lamentablemente non as comparto en relación co financiamento. Se hai unha palabra que pode definir a nosa impresión sobre o financiamento é preocupación; incerteza e preocupación.

Recentemente a ministra Salgado afirmaba que o sistema solidario actual é inxusto. Non podo manifestar máis que o meu desacordo con esta afirmación.

Señorías, ¿dende cando a solidariedade se pode asimilar á inxustiza? Como ben saben está previsto... *(Aplausos.)* Como ben saben está previsto unha xuntanza coa vicepresidenta económica do Goberno e ministra de Economía e Facenda, non quero, por tanto, valorar o que aínda non nos foi presentado, pero os antecedentes, como lles digo, señorías, son inquietantes.

O presidente do Goberno, ás vinte e catro horas da xuntanza en Moncloa, dixo nunha cidade, inaugurando unha terminal dun aeroporto internacional, que esa Comunidade Autónoma ía ter un financiamento por riba da media do resto de España. Quero recordar que esa Comunidade Autónoma ten unha terminal internacional e un tren de alta velocidade que en Galicia nunca tivemos, nin terminal internacional nin tren de alta velocidade.

Por iso cando ás comunidades autónomas con maiores rendas se lles garante un financiamento por riba da media do resto das

comunidades autónomas, a pregunta que cabe facer é de onde van saír os cartos, ¿será das comunidades autónomas que teñen unha renda por debaixo da media da renda de España?

Señorías, esta inquietude quero compartila con todos vostedes. Insisto, non me moverei dos compromisos acadados nesta Cámara. A nosa folla de ruta será o acordo parlamentario por unanimidade acadado nesta Cámara. Plantexaremos e defenderemos, e espero o apoio das súas señorías, os criterios da suficiencia, os criterios da igualdade, os criterios da autonomía financeira e corresponsabilidade fiscal.

Señoría, estes principios son irrenunciabes, non para o Goberno, senón para Galicia.

Atopar unha porcentaxe similar á actual porcentaxe que temos no anterior sistema aprobado por unanimidade é o mandato desta Cámara. Eu pódolles asegurar que me manteñerei fiel ao mandato da Cámara.

Señorías, non está de máis, para rematar esta intervención, que recorde os tres principios que marcaron a miña primeira entrevista co presidente do Goberno de España:

- En primeiro lugar, a defensa dos intereses de Galicia.
- En segundo lugar, manter os consensos desta Cámara na reunión.
- E en terceiro lugar, unha actitude de responsabilidade.

Para a defensa dos intereses de Galicia nestes asuntos a ningún de nós nos deberían de mover intereses de partido para manter os intereses xerais de Galicia.

O consenso. Non só o consenso entre nós, senón tamén a vontade de consenso coa Administración xeral do Estado. A vontade de cooperación, de superar as diferenzas e de evitar enfrontamentos que non conducen a nada debe de marcar a nosa actuación.

E, por último, como principio, a responsabilidade. Dende esa responsabilidade serei o primeiro en recoñecer os cumprimentos do presidente do Goberno de España con Galicia, e tamén serei o primeiro en relatar os incumprimentos do presidente do Goberno de España, de producirse.

Señorías... (*Aplausos.*), manteremos o compromiso de dicirlles a verdade aos galegos e defender as posicións que consideramos prioritarias para Galicia. Defenderemos os consensos acadados nesta Cámara e daremos conta, cada vez que exista unha reunión, á Cámara do contido e alcance da referida reunión.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra don Carlos Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Grazas, señora presidenta.

Señorías, señor presidente, en primeiro lugar, sobre a súa entrevista co presidente do Goberno español, dicir que se enmarca na normalidade institucional que deben rexer as relacións entre Galiza e o Estado. Aínda que, vostede mesmo recoñeceuno, os resultados aínda non son moi salientables. O feito da entrevista é positivo, os resultados aínda temos que agardar por eles.

Porque facendo un repaso rápido dos diferentes asuntos tratados antes de entrar nos dous, que eu creo que son, centrais, a cuestión das infraestruturas e o financiamento, porque deles dalgunha forma están pendurados os demais, na construción naval civil non hai ningún compromiso novo á parte do que xa expresara o presidente do Goberno español no debate de política xeral, precisamente aprobando unha proposta de resolución do Bloque Nacionalista Galego, que aproveitando a Presidencia española da Unión Europea se ía intentar levantar un veto; por certo, veto que o Partido Popular impuxo tamén na construción naval civil en Ferrol. Porque foi tamén un goberno do Partido Popular o que impuxo ese veto, esa prohibición de que en Astano se constrúisen buques civís.

Sobre o leite. Está ben que vostedes presionen o Goberno español, pero estaría ben tamén que lembrasen que se agora hai un incremento lineal da cota para todos os estados comunitarios é grazas a que houbo un Goberno español, presidido polo señor Aznar, que no ano 2003 apoiou en Bruxelas esa

reforma intercalar da política agraria común na que se continúa incremento lineal, eliminación das cotas e a desregulación dos mercados. De aí, dese tipo de políticas e desas decisións que o Goberno español, continuado por gobernos españois seguintes, é certo, adoptou no ano 2003, veñen e está a orixe dos problemas do sector.

Nós entendemos que, efectivamente, hai que presionar. Hai que presionar no Goberno español e hai que presionar na Unión Europea para eliminar ese incremento lineal das cotas, para manter a regulación dos mercados e a intervención nos mercados máis alá do ano 2013, e, desde logo, para que poida haber axudas directas aos produtores para poñer o contador a cero, que poidan pagar as súas débedas e cun sector saneado –se se fai cos bancos, penso que se poderá facer co sector do leite– poidamos empezar a traballar en serio.

Poderíamos falar, tamén, das transferencias, onde está ben que vostedes continúen o esforzo realizado polo Goberno anterior, aínda que para pedir transferencias hai que demostrar vontade de autogoberno. Hai que demostrar que un ten ansia de gobernar este país a partir das súas capacidades, sen depender de directrices, sen depender de ordes que veñan de fóra. E, francamente, o aprezo, ou máis ben o desprezo, que vostedes mostran pola lingua galega non é o mellor síntoma de que exista vontade de autogoberno e de que exista realmente unha vontade de autoresponsabilizarse do que son as nosas competencias e os nosos recursos.

Viuse tamén no seu discurso cando fala da lingua en materia de financiamento como un dos elementos que deben supor un maior custo e, por tanto, unha maior aportación no sistema de financiamento, nin sequera é capaz de falar da lingua galega, fala do feito do bilingüismo. Temos unha lingua, a lingua galega, lingua propia, ¿cústalle tanto dicilo, señor Feijóo?

Eu creo que se realmente teñen vostedes esa vontade de autogoberno, queren demostrar..., porque isto é como os cans, cheiran o medo; tamén a falta de vontade de autogoberno, a falta de confianza no país tamén se cheira por parte do Goberno español cando se van negociar as transferencias. Por tanto vostedes deben actuar doutra maneira e ter outra actitude.

En materia de dependencia, efectivamente, espero que retomen, tamén, unha proposta de financiamento da dependen-

cia que foi presentada no Consello Interterritorial de Atención á Dependencia, porque establece as bases do que pode ser un sistema estable de financiamento da dependencia adecuado ás nosas necesidades.

Mais falemos de infraestruturas.

Vostede xa na campaña electoral dixo, un pouco preparou a pista de aterraxe do actual ministro de Fomento, que o AVE non vai chegar no ano 2012, é imposible. Entrevista no *Ideal Galego* do 26 de febreiro do ano 2009.

Non sei se teñen vostedes unha entente ou non, mañá van asinar un convenio en Madrid, mais o certo é que prazo xa había. Neste Parlamento en xullo do ano pasado aprobouse por unanimidade unha proposición de lei asinada polos tres grupos parlamentarios na que se fixaban prazos: 2012, conexión coa Meseta; 2013, todo o eixe atlántico de Ferrol a Tui.

¿Por que renunciámos a eses prazos? ¿Por que llo poñemos fácil ao Goberno español dicíndolle que os prazos que aprobamos aínda non hai un ano neste Parlamento xa non serven?

E, sobre todo, hoxe cando vostede comparece aquí xa coñece cales son os novos prazos que mañá vai ter que asinar. Eu convidoo de verdade, señor Feijóo, a que na segunda intervención nos diga cales son eses prazos, temos que sabelo, é a súa obriga dicírllo á Cámara. Porque se eses prazos van máis alá do ano 2013 terán que explicar de que maneira –ano 2013, remate do período de programación dos fondos estruturais europeos–, como se van financiar esas obras, como se van financiar esas infraestruturas. Ou se van máis alá do ano 2015, efectivamente, e remata no 2013 o período de programación, hai dous anos para compromisos que estean pendentes, pero hai ruxes, ruxes por aí que falan mesmo do 2016, 2017. Por favor, díganos cales son os prazos, vostede coñéceos. Mañá vai asinar o convenio, ten que dicírnolo hoxe, ten que expresarllo hoxe ao conxunto da Cámara. Porque ademais estamos vendo como en Galiza todo son demoras, mentres que para outras comunidades autónomas se confirman os prazos que xa existían. A Valencia o AVE vai chegar no ano 2010, o prazo que xa estaba comprometido, para Galiza non. E no ano 2012, ese ano de conexión coa Meseta xa non era moi ambicioso, estamos falando nin máis nin menos que vinte anos despois de que outras comunidades autónomas, como Andalucía, contén xa con alta veloci-

dade e agora non sabemos se van ser 22, 23, 24, 25...; e non sabemos tampouco como se van financiar. Por tanto, eu creo que debemos ter unha posición non só realista, senón ambiciosa, pero ambiciosa de verdade e de defensa de verdade dos intereses deste país.

En materia de financiamento, é sabido que o Bloque Nacionalista Galego ten unha posición clara sobre a materia de financiamento. Nós entendemos que un sistema de financiamento adecuado ás necesidades de Galiza, máis alá das falsas solidariedades, debe fundarse, en primeiro lugar, nunha análise rigorosa e, por tanto, nun cálculo rigoroso —que vostedes aínda non fixeron— do custo efectivo de prestación dos servizos ou, se se quere, doutra maneira, de exercicio de todas as competencias que teñen os poderes públicos galegos. Ese cálculo vostedes non o fixeron, outras comunidades autónomas si. Castela-León a través dun convenio coa Universidade de Valladolid ten un cálculo detallado, é certo que tamén teñen un novo estatuto, vostedes impediron que Galiza teña un novo estatuto; e nun artigo dese estatuto dise cales son os criterios, superficie, densidade, avellentamento poboacional, que deben ser tidos en conta necesariamente na reforma do sistema. ¿Que fixeron vostedes, señor Feijóo? ¿Onde están os seus estudos? Na Cámara non están. ¿Onde están os informes, as simulacións, os cálculos que dean respaldo á posición que vostedes están defendendo en Madrid? Non os coñecemos, seguramente porque non existen.

En segundo lugar, desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que a cobertura das necesidades de gasto previamente calculadas debe realizarse fundamentalmente a través do produto dos impostos que pagamos os galegos. Por tanto, que non temos porque ter porcentaxes de cesión iguais para todo o territorio. O 50, 50, 58, efectivamente, convenlle a Madrid, convenlle a Valencia, convenlle a Cataluña, por iso eles o calcularon e puxérono nos seus estatutos. Mais non é o que lle convén a Galiza. Nós reclamamos para Galiza o mesmo dereito de fixar bilateralmente, como fixaron estas comunidades autónomas, cal é a porcentaxe de cesión que a nós nos pode interesar. Porque o que para eles supón unha cobertura total das súas necesidades de gasto, para Galiza —ben o sabe vostede— non supón con ese 50, 50, 58 esa cobertura.

E logo o que non pode vostede é ampararse na existencia dun acordo parlamentario. ¿Hai un acordo parlamentario? Si, mais iso non releva o Goberno de facer os seus deberes,

mesmo diría que sendo vostede o presidente do Goberno ten que facer máis deberes. Porque temos un hándicap de partida que é non contar cun novo estatuto, e iso é unha pexa que xa no inicio da negociación nos impide ter unha posición de máis forza. Pero, ¿como hai que compensar iso?, con máis presión, con máis propostas, cun maior activismo na negociación que, francamente, fóra das declaracións mediáticas non existe, non existe.

E hai unha cuestión tamén no acordo parlamentario que debemos ter en conta. Nós votamos en contra, outubro do ano 2001, do sistema vixente, o que impuxo o Partido Popular, o señor Aznar; os deputados galegos do Partido Popular votaron a favor. Nós daquela xa dicíamos: este sistema é contrario aos intereses de Galiza, porque do punto de vista da suficiencia dinámica vai facer que Galiza perda progresivamente peso no sistema. No ano 99, o ano base do sistema vixente...

A señora PRESIDENTA: Por favor, vaia rematando, señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO:... —xa remato, señora presidenta—, Galiza representaba o 7,8% en recursos do conxunto das comunidades autónomas de réxime común. Ano 2007, representamos apenas o 7,1%. Cando falamos de manter o peso relativo, ¿falamos de que, do 7,1 ou do 7,8?, nós entendemos que é do 7,8, ¡claro!, e que se non, ¿que negocio estamos facendo? Non se trata, señoría —e sabe que ten o apoio da Cámara—, de facer simplemente unha oposición mediática e declarativa en Madrid, trátase de traballar con seriedade, con rigor, de traer documentos á Cámara, de traer simulacións á Cámara, de falar coas universidades galegas...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO:... e facer os cálculos que haxa que facer e defender os recursos que este país necesita.

Seguiremos falando do financiamento na réplica.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Aymerich.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra don Manuel Vázquez Fernández.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Bos días, señora presidenta.

Señor presidente, señores deputados, a comparecencia que vén de rematar, a primeira parte que fai vostede, pon en evidencia dous feitos, un deles claro, que é a súa relación co presidente do Goberno, pero pon moi claro, tamén, cal é a súa actitude permanente dende que chega ao Goberno. Ata o día 1 de marzo todos os problemas de Galicia eran problemas do Goberno autónomo galego que estaba xestionando este país. A raíz da entrevista e do que vostede acaba de comentar, está claro que os grandes problemas de Galicia xa non son só un problema do presidente de Galicia, é un problema do presidente de España.

A lectura pormenorizada e a demostración de todo o que vostede acaba de analizar fai que nos próximos catro anos todas as cousas de gran transcendencia que van pasar en Galicia xa non son culpa de vostede, van depender de que Madrid asuma ou non asuma determinadas competencias. Empeza a ser unha característica clásica do seu discurso que permanentemente isto é problema de alguén, que evidentemente non son eu. Unha lectura pormenorizada do seu plantexamento fala de que nas transferencias pois practicamente estamos de acordo en todo, e ten o seu acordo encima da mesa de todos os grupos desta Cámara.

Na Cidade da Cultura, bueno, alegrámonos porque agora xa non volve ser un modelo de despilfarro. Ese xa non é un modelo dunha obra megalómana nin unha obra que ía moi mal e que o Goberno anterior a tiña absolutamente destrozada, agora é cuestión de Estado. Bueno, importante que sexa cuestión de Estado. Por certo, Zaragoza e Barcelona foron dúas exposicións puntuais, non é unha obra para sempre, como a que ten que ter este país.

No tema do voto emigrante eu creo que estamos todos de acordo nunha cousa, no voto en urna. Pero hai que recoñecer, señor Feijóo, que vostede a primeira decisión que toma como Goberno galego é suprimir a delegación en Bos Aires, suprimila, onde van votar nas sedes do Partido Popular, van votar nos centros galegos, cun custo que ten os alquileres deste Goberno que poden roldar os millóns de euros. O problema son 24.000 euros da sede dos 300.000 galegos que viven en Bos Aires. Non hai que ter dobre mensaxe nin

dobre vara de medir: voto emigrante si, pero respecto ao emigrante. A calidade democrática demóstrase votando, pero tamén vivindo e desfrutando duns dereitos que temos cada un de nós.

No naval estamos de acordo, soamente lle recordo que a sanción que se lle impuxo ao naval en Ferrol foi pola política de Aznar, que derivou nunha postura insostible e que todo o mundo aplaudiu naquel momento.

Do sector lácteo soamente lle quero recordar un plantexamento, máis do mesmo, estase convertendo o seu Goberno e vostede nun auténtico especialista en dicirlles aos demais como teñen que arreglar os problemas e non ser capaz de poñer enriba da mesa como vai arreglar el os problemas que ten este país. ¿Como vai arreglar Galicia os problemas que ten o sector lácteo? É poñer elementos diferenciais non só da Unión Europea, por suposto; non só do Goberno central, por suposto. Pero hai comunidades autónomas, como Asturias, que están poñendo encima da mesa elementos diferenciais de axudas directas que compensan claramente este modelo.

No tema da Lei de dependencia evidentemente volvemos estar no de sempre. Vostede vai contando, e tamén teño que recoñecerlle unha certa habilidade para ser capaces de con dúas medias verdades construír unha verdade que acaba sendo unha gran mentira. A suma de dúas medias verdades soe ser unha das maiores mentiras que hai. No modelo de dependencia temos un problema en toda España que temos que resolver, pero ten que ser vostede o primeiro que ten que facer propostas nítidas e claras de participación dos seus fondos no modelo coparticipado que temos que facer aí.

Eu quero soamente dicirlle que cando un o oe falar a vostede pois ten unhas sensacións contraditorias, depende de se o oe falar pola mañá e vai coa camiseta de presidente de Galicia, coa camiseta de Galicia, ou se o oe falar pola tarde e vén coa camiseta do Partido Popular. Vostede pode pasar de saír dicindo que a entrevista con Zapatero foi razoable. Incluso hoxe escoitándoo no primeiro tramo di que, bueno, que isto vai razoablemente ben. Tomeime a liberdade de ir facendo cunha cruz todo aquilo que vostede confía ben para no minuto seguinte dicir que se está humillando a Galicia a través do seu presidente, que se lle está roubando a carteira a Galicia e que vostede non vai permitir isto nunca.

Mire, eu quero recordarlle só dous detalles breves, e entramos nos temas fundamentais, porque evidentemente dez minutos non dan para máis. No tema de infraestruturas voulle dicir un detalle, vostede vai propoñer, mañá ten unha entrevista na que vostede fai unha proposta que é un gran acordo polas infraestruturas deste país. A min paréceme ben, pero recórdolle que vostede á parte de ter que comprometer o Goberno, quen se ten que comprometer cos galegos primeiro é vostede. E non estaría mal que lle dixera a este país o gran acordo da política de infraestruturas que vai facer vostede en Galicia e dicirlle se vai haber hospitais en Vigo, (*Aplausos.*) con fecha de licitación; se vai haber autovía de Carballo, con fecha de construción; se vai haber hospital en Pontevedra. Porque iso de poñerlles deberes aos demais e non facer os seus, home, iso está ben, pero ao final acaba sendo un conto chino.

Mire, en Madrid nós temos garantía e estamos completamente convencidos de que se vai abordar e se vai marcar un escenario de licitación e de obra que vai ser aquel que permita executar razoablemente todo iso. Estamos falando de 8.000 millóns de euros. Pero o AVE non empeza hoxe, o AVE leva moitos anos, anos nos que cando gobernaba o Partido Popular se investían 500 millóns de euros ao ano e anos que cando gobernaba o Partido Socialista se invertían 1.200 millóns de euros ao ano. Non somos todos iguais nin vimos todos do mesmo sitio. Así que vostede vai envolvendo o discurso de maneira como se parecera, bueno, agora cheguei eu, agora imos arreglar isto do AVE. Non, non, non, o AVE está moi adiantado e ten moitas carencias que teremos que arreglar entre todos.

Modelo de financiación, en tres minutos, ¡que difícil!, pero voulle plantexar algo que o imos entender todos. Eu, que teoricamente tiña que ser un galego ben informado nisto da política, sigo sen saber cal é a proposta do meu presidente de Galicia para iniciar un modelo de negociación. (*Aplausos.*) Vostede non ten a autorización desta Cámara nin ten o acordo unánime de ir prorrogar o modelo anterior, iso díxovostede.

Vostede ten un acordo de bases con catro puntos que nos parecen razoables a todos. Pero vostede tería, e píddlolle claramente, antes de iniciar as conversacións que dicirlles aos galegos –desde logo a nós e a todos os galegos– cal é o modelo dimensionado en euros, en prestacións, en porcenta-

xes, canto miden as necesidades dos homes e mulleres deste país. Non se trata dun problema de intentar conseguir que viaíamos cun modelo de custo per cápita, hai que falar dun modelo de servizo per cápita. E cando vostede me consiga a min pactar ese modelo de servizo per cápita, falamos de custos. E está claro, ¡está claro!, que temos que empezar a falar de que o modelo que se está plantexando nos parece que é un modelo que vai prexudicar inicialmente a este país.

Por iso vostede leva o apoio do Partido Socialista de Galicia e creo que do Bloque Nacionalista. Porque está claro que se imos ao modelo onde a carga poboacional é o modelo que máis pesa nesta distribución, non só imos facelo mal cando o fagamos agora, que é unha foto, senón que na liña de diverxencia que imos ir aumentando nos próximos anos cada vez Galicia vai ter menos peso relativo da súa poboación.

Por iso que vostede ten que ir cunha proposta clara de todos os galegos, na que nos incluímos, e á que lle damos a vostede a responsabilidade de levar. Non para ir confrontando con todo o mundo, nin ir dando golpes no peito de que aquí chega o presidente de Galicia, é para xestionar, é para, señor presidente, acordar. Non baralle a teoría de “se non acordo véñome”, e se se vén vostede, ¿que perdemos todos os galegos?, ¿centos de millóns de euros? Porque vostede é moi valente, a clave deste tema é resolvelo, señor presidente, non é ir cantando por toda España unha canción a quen lle guste. Por certo, vostede di que quere o modelo anterior, o apoio a Esperanza Aguirre, o apoio a Camps, ¿quen o apoia a vostede? Non se meta en charcos, señor presidente. Defenda os galegos, iso si, e para defender os galegos ten vostede o apoio do Partido Socialista de Galicia. Isto non é un problema de partidos, é un problema de cidadáns, é un problema de servizos, é un problema de prestacións, é un apoio de todos nós. Home, creo que non é moito pedir, señor Feijóo, que antes de ir a Madrid a defendernos nos ensine aos galegos como nos vai defender, ¿cal é o custo por servizo?, ¿válnlle os custos que calculou o Goberno anterior, que por certo os tiñan mallados? ¿Válnlle? ¿Non lle valen? ¿Cales van ben? ¿Cales van mal? Plantéxeos vostede, e evidentemente podemos chegar a un acordo. Non malinterprete as miñas palabras, señor presidente, nin señores do Grupo do Partido Popular. Temos que defender os intereses de Galicia; primeiro, os intereses de Galicia, e por iso lle digo que lle pido encarecidamente, señor Feijóo, que se saque a camise-

ta do Partido Popular, púñase a camiseta de Galicia, e imos todos detrás.

A señora PRESIDENTA: Por favor, vaia rematando.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Pero polo que estou vendo, vostede, con esa política de poñer pola mañá unha camiseta e pola tarde outra, non lle vai dar bo rédito aos cidadáns deste país. E vostede ten o apoio do Partido Socialista para defender servizos iguais a custos diferentes, ¡mire que fácil!

Servizos iguais para todos os homes de España, e mulleres, pero en Galicia van ter custos diferentes, ¿por que? Porque aquí todo custa moito máis. E ese é o eixe do debate, señor presidente, e aí nos ten a todos, pero en xogos malabares: as medias verdades e a confrontación política como elemento inicial de debate...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ... —remato, señora presidenta—, e a min persoalmente paréceme que neste momento ten un certo toque de frivolidade, non toca política de partido, toca política de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra don Manuel Santos Ruíz Rivas.

O señor RUÍZ RIVAS: Señora presidenta, señorías

En primeiro lugar, darlle a nosa benvida e a nosa satisfacción por esta comparecencia. Parece mentira que ningún dos grupos llo fixera chegar cando, nin máis nin menos, a comparecencia é a petición propia. Eu recordo cando aquí case tiñamos que botar bombas de palenque porque comparecía o anterior presidente. Pois ben, nós enmarcámolo... (*Murmurios.*) ... non, non, bombas de palenque por vostedes, que facían diso unha festa.

Hoxe, sen embargo, non foron quen nin de agradecerllo, nós si llo agradecemos, como lle agradecemos tamén a disposición do Goberno de España á actitude que tivo con vostede,

que tivo con Galicia, ao atender o que son eses compromisos que vostede trasladou.

Ben, eu creo que a xuntanza se enmarca dentro do que deben ser as relacións entre un Goberno, neste caso de Galicia, co que é o Goberno de todos, co Goberno de España. Polo tanto, ese marco debe ser o que foi, o de normalidade institucional, institucionalmente correcto, e un compromiso, que así se expresou, polo menos por parte do presidente de Galicia, de lealdade institucional.

Para nós ten moita importancia o que foi esa xuntanza, o clima desa xuntanza, e a verdade, nós, a pesar de todo iso, o que non imos dicir é que foi un acontecemento interplanetario. Si foi importante, pero o que si temos que dicir é que hai dous elementos ou dúas características nas que se engloba esta xuntanza, por unha parte de tristura, por outra de esperanza. De tristura porque practicamente os sesenta e un temas que alí se levaron son, nin máis nin menos, o resumo do Goberno bipartito, catro anos perdidos. Alí houbo que levar, nin máis nin menos, todos os asuntos que hoxe en día seguen estando incumpridos, non sendo novos.

Pero dicía que tamén foi un momento para nós esperanzador, porque temos o presidente que Galicia necesita, porque nin máis nin menos é o presidente que é quen de trasladarlle a Madrid os problemas que realmente senten os galegos como os propios; ademais faino sabendo tamén diferenciar o que é a urxencia nalgúns destes plantexamentos ou materias do que é a importancia que outros temas, que teñen que ser resoltos, poidan ter dentro desas prioridades.

Por iso, vostede foi fiel ao seu mandato, ademais vostede foi fiel, nin máis nin menos, ao expresado aquí hai poucas datas no seu debate de investidura, por iso nós temos que agradecer que o presidente de Galicia cumprira, nin máis nin menos, os compromisos que vostede adquiriu con Galicia nesta mesma Cámara.

A min gustaríame dicir que unha cousa son os contidos, onde houbo concreción, onde houbo prioridades, onde houbo realismo, e outras cousas poden ser os resultados. Porque iso xa non depende tanto de Galicia coma da vontade que realmente teña o Goberno do señor Zapatero, o Goberno de España de solventar os problemas que vostede transmitiu.

E resultados veranse, e teranse que ver se Dios quer, pero os resultados non son titulares, e das xuntanzas do ano 2005 e seguintes ata o ano 2008 si que non houbo un só resultado, houbo moito titular, e sobre todo, pasado o tempo, podemos ver que son titulares do incumprimento, titulares da mentira. Por iso a nós non nos gusta o ton que aquí se tivo co señor presidente, despois do ton que o presidente soubo levar a esta Cámara con firmeza das reivindicacións de Galicia e con ese respecto institucional que vostedes non tiveron. *(Aplausos.)*

E houbo temas nos que fixo especial fincapé, e houbo temas nos que falou da urxencia para Galicia, nin máis nin menos que de solventalos: o financiamento autonómico. Home, a min realmente escoitar todo o que aquí tivemos que escoitar de financiamento autonómico, o antigo financiamento, aprobado polo PP, o financiamento acordouse no Consello de Política Fiscal e Financeira, sen que ninguén, nin os seus socios entón, señor Aymerich, CiU estivera en contra, todo o contrario; quizais agora como cambiaron de socios e está Esquerra Republicana, pois non lle soen aqueles acordos que son os que hoxe rexen.

E dicían estratexia, a primeira estratexia é negociar sobre a base de que hai un financiamento actual que se pode mellorar cos criterios que actualmente se están aplicando. O que non se pode é negociar coa soga ao pescozo. O que non se pode negociar é pola imposición dalgunha autonomía ou polo mandato que responsablemente foron quen de aprobar no seu momento.

Por iso, eu creo que aquí o que se dixo foi realmente de todo menos un exercicio de realismo, porque eu creo, nin máis nin menos, ¿verdade?, que cando se fala de servizos per cápita, ¿iso é o que defende o seu Goberno en Madrid? ¿Iso é o que defende o Goberno do señor Zapatero? ¿Ou defende maior incremento e maior, nin máis nin menos, recurso per cápita aos quen teñen maior PIB e maior riqueza? Iso é o que o señor Zapatero lle foi dicir a Cataluña, *(Aplausos.)* ¡non me veña con esas cuestións!, porque nós seguimos pensando que a solidariedade é necesaria, e o que pense que a solidariedade é inxustiza, vai estar en contra deste grupo parlamentario.

Por certo, eu crin escoitar á señora conselleira cando aquí estivo, e dixo que recolleu o guante do financiamento, no

mesmo punto onde vostedes o deixaron, nese custo de 1.300 millóns de euros, ¿acórdase?, ¿vostedes en Madrid están de acordo con iso? É que non se pode dicir que o presidente ten unha camiseta cando quere defender os intereses de Galicia, cando vostedes si que teñen dúas camisetas, o seu compromiso aquí e o seu compromiso alá; e polo tanto eu creo que o mesmo ton que tivo o señor presidente debíao ter vostede, cando realmente non nos poden facer a nós culpables do que non nos queren dar, precisamente, ou recoñecer en Madrid.

Por iso, a primeira estratexia é a que o señor presidente dixo, negociemos, pero negociemos sen imposicións e negociemos pensando, nin máis nin menos na calidade dos servizos, no custo dos servizos, e que independentemente de onde un viva, poida ter dereito a eses mesmos servizos. Eu preguntolle, ¿iso é o que defende o Goberno do señor Zapatero, é o que lles ofrece ás autonomías? *(Aplausos.)* ¿É iso?

Polo tanto, eu non quero incidir máis nese tema. O señor presidente ten un mandato parlamentario, e ese mandato parlamentario foi o que defendeu en Madrid, por iso nós llo agradecemos ao señor presidente, e creo que ese é o camiño, o respecto aos grupos e o respecto á posición de Galicia, que foi o que vostede fixo.

De infraestruturas, eu creo que cando menos tamén debían baixar un pouco o diapasón das súas críticas, porque volvo repetir, o que agora estamos tratando é nin máis nin menos que un catálogo de incumprimento dos últimos anos e do Goberno do señor Zapatero. Porque cando estamos a falar da alta velocidade, cando estamos a falar de compromisos con Galicia, estamos a falar dun Consello de Ministros que se celebrou na Coruña, dun Goberno que era o de José María Aznar, e dun Plan Galicia que tiña uns prazos aprobados nesta Cámara, e aprobados no Congreso, e que, sistematicamente, foron incumpridos polo Goberno Zapatero.

Polo tanto, eu tamén aí lles rogaría que cando menos, cando o presidente é quen de mirar para adiante, de non seguir mirando para atrás, cando vostedes acaban de recoñecer que enganaron a toda a cidadanía de Galicia, cuns prazos que non eran cribles, cando o presidente o que fai é un esforzo de mirar para adiante, de intentar buscar solucións, con prazos ambiciosos, con prazos realistas, sen fugar nos seus incumprimentos, creo que vostedes o primeiro que debían facer era incumprir, porque o primeiro que fai o señor presi-

dente é non tapar os ollos ao que é unha realidade, que o AVE é imposible que estea en Galicia no ano 2012, entre outras cousas polos incumprimentos que se tiveron á hora de executar os presupostos ano tras ano na nosa Comunidade.

Polo tanto, creo sinceramente que aí tamén debían facer un acto no que se vira claramente, con toda Galicia, igual que fixo o señor Blanco, ¿verdade?, de constrición, de que vostedes fagan o seu *mea culpa* e recoñezan a todos os galegos que foron uns colaboradores necesarios nesa mentira e non boicoteen o que pode ser un acordo de futuro para Galicia. Pero ese si, un acordo con compromisos e cun convenio no que os galegos saiban a que temos que atermos e que teñamos unha vixilancia permanente a través desa comisión bilateral que vostedes non foron quen de poñer a funcionar durante ese ano.

E non me fale de Carballo, e non me fale desa autovía, porque vostedes viñeron poñer a primeira pedra cando sabían, e non llo dixeron ao novo Goberno, que era imposible, cos problemas que tiña esa empresa, de poñer a segunda, pero a foto da primeira si está posta, polo tanto tampouco nos fagan a nós culpables do que vostedes non foron quen de levar a adiante.

E falamos da Lei de dependencia, e falabamos de medias verdades, e eu voulle dicir unha verdade que si é irrefutable, que hai 20.000 persoas, practicamente, con dereito a recibir esa prestación e que non o están a facer, esa si que é unha verdade, e por iso nos temos que preocupar, e por eses dependentes preocupouse o señor presidente.

Señor presidente, eu remato, eu sei que Galicia está en boas mans, eu sei que Galicia, ademais, pode estar plenamente satisfeita de que vostede en Madrid foi dicirlle, nin máis nin menos, ao presidente, que tamén ten que defender os intereses dos galegos, como é o presidente Zapatero, de cales son as prioridades de Galicia, de cales son as necesidades de Galicia, que Galicia vai ter un Goberno que vai saber respectar o que é o marco institucional, pero á vez vai ser absolutamente esixente con todo o que teña que ver cos cumprimentos para Galicia; porque os cumprimentos que necesita Galicia son, nin máis nin menos, a historia dos incumprimentos que ata agora tivo o señor Zapatero.

Por iso o gato escaldado escapa da auga quente, e nós temos, nin máis nin menos, que con esa colaboración saber tamén

que temos que seguir loitando e traballando por esa Galicia que tanto necesita do acordo de todos os grupos, pero que tantas veces vostedes o que intentan é, nin máis nin menos, dividir e non saber apoiar a un presidente que estivo en Madrid defendendo a todos e a cada un dos galegos e dos seus problemas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Ruíz Rivas.

O señor RUÍZ RIVAS: Moitas grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia, ten a palabra don Alberto Núñez Feijóo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señorías.

Agradézolle, señor Aymerich, o ton da súa intervención, porque creo que acertou vostede coa importancia e transcendencia que está neste momento a pasar o país, que está a pasar Galicia.

Quixera, simplemente, concretarlle algunhas das cuestións que vostede plantexou, porque creo que merecen algunha concreción.

Señoría, en relación coa construción naval, quero recordarlle que do que son culpables os gobernos do Partido Popular foi de axudar os estaleiros para que non foran á quebra. Como consecuencia diso, fomos advertidos pola Unión Europea dunha posible multa, e como consecuencia desa multa foi o Partido Socialista Obreiro Español o que asinou na Unión Europea o veto para facer buques na ría de Ferrol.

Señoría, esta é a realidade, non hai outra realidade, (*Aplausos.*) esta é a realidade concreta, señoría.

Señoría, en relación co leite e co sector lácteo, dicirlle que unha das culpabilidades do Partido Popular cando gobernaba foi, por primeira e única vez, incrementar a cota do leite en Galicia en 500.000 toneladas, como consecuencia do acordo asinado pola comisaria da Unión Europea, a extinta Loyola de Palacio. Esa é a historia, esa é a historia real, e non outra, señorías, que intentamos aquí plantexar dunha forma que vostede e eu sabemos que non é correcta.

Axilizar os trámites para o pago das solicitudes de modernización das explotacións; axilizar os trámites para os pagos das axudas ás explotacións derivadas da política agraria común; adiantar o pago de 70 millóns de euros que os gandeiros non poderían percibir ata entrado o ano que vén, e que poden percibir agora xa dende o mes de xuño; o programa de apoio ao capital circulante; as axudas para mellora da eficacia das explotacións publicadas no *Diario Oficial de Galicia* este mesmo mes; modificar o programa de desenvolvemento rural para priorizar o sector lácteo, e modificar os procedementos para axilizar as axudas solicitadas do plan de mellora foi o que o Goberno —estas sete liñas de actuación— investiu nos sesenta días que leva gobernando en Galicia.

Señoría, o que fixo o Goberno de Galicia foi poñer máis de 120 millóns de euros ou pagados ou desbloqueados en sesenta días de Goberno efectivo que levamos na Comunidade Autónoma.

Polo tanto, señorías, creo que imos seguir traballando desta forma e imos seguir sen ningunha dúbida reuníndonos co sector, co sector maioritario, con todos os sindicatos que queiran reunirse para intentar buscar unha solución a un problema que, dende logo, Galicia non creou, senón que, ao contrario, está neste momento recibindo.

Señorías, en relación coa transferencia di vostede que hai que demostrar o aprecio polo autogoberno.

Toda a vida levamos traballando polo autogoberno. Todas as institucións do autogoberno foron impulsadas e creadas en gobernos do Partido Popular. Todo o autogoberno que ten neste momento Galicia e as transferencias, salvo nove, foron transferidas polo Goberno do Partido Popular. O autogoberno si que cremos nel, señorías. (*Aplausos.*) O autogoberno si que cremos nel.

Non lle vou relatar, señor Aymerich, como empezaron vostedes a súa relación co Partido Socialista. Pasaron da cooperación intelixente —acórdase vostede—, dicían vostedes hai que educar a Madrid no respecto a Galicia. Esa foi a súa primeira etapa. A última etapa foi que o Goberno socialista tiña un ramalazo maleducado. E a última etapa é que o Goberno socialista cruzou todas as liñas vermellas.

Señoría, ese é o seu balance. O noso balance todavía non está escrito, pero creo que non pode vostede dicir que a últi-

ma lexislatura foi lexislatura do autogoberno, senón que diría de “paralización” do autogoberno en Galicia durante o seu mandato, señor Aymerich. (*Aplausos.*)

Quero recordarlle, señor Aymerich, que nós non temos ningunha entente co Partido Socialista Obreiro Español, vostede si. Non temos ningunha entente co ministro de Fomento, vostedes si. Vostedes están gobernando en toda Galicia co Partido Socialista Obreiro Español, nós non. Vostedes... (*Aplausos.*) estiveron apoiando todos os presupostos do Partido Socialista Obreiro Español, nós non. Vostedes, señoría, estiveron dicindo e reiterando que se ía traer o AVE no 2012 a Galicia, nós non.

Señoría, polo tanto, cando vostede me di que prazos son os que mañá imos asinar, eu o que lle podo asegurar é que diso seguro que sabe o seu socio, porque a oferta que me vai plantexar o Partido Socialista Obreiro Español en Madrid supoño que a coñecerá o Partido Socialista Obreiro Español en Galicia, ou quizais non. Quizais non a coñece.

Polo tanto, señoría, o que lle podo plantexar é que imos ser rigorosos no tema dos prazos técnicos e ambiciosos nas cuestións económicas. Teña vostede esa seguridade. Levamos catro anos denunciando os incumprimentos de prazos e imos seguir loitando polos cumprimentos. É a nosa forma de actuar, pero non agora, senón sempre. Cando non facían as autovías, dixémolo. Agora que non están facendo o tren de alta velocidade, tamén o dixemos. Pero non dende o 1 de marzo, señor Aymerich, senón dende o ano 2005. Non hai sesenta días, senón que hai catro anos longos.

Por iso imos mañá negociar e imos mañá plantexar, e por iso imos tentar buscar unha solución a un problema que vostede comprenderá que non o creamos nós, senón que ese problema vén como consecuencia da falta de respecto do Goberno socialista en Madrid a Galicia e tamén do Goberno anterior en Galicia.

Señorías, o que si herdamos do documento de financiamento, o que si herdamos, foi o modelo. Eu asumín a Presidencia da Xunta de Galicia cun financiamento iniciado, eu asumín a Presidencia da Xunta de Galicia cun modelo debuxado cando vostedes estaban no Goberno. E quero reiterarlle agora que vostede fala do 7,8%, que nese modelo está incluído na acta do Consello de Política Fiscal e Financeira que a

porcentaxe de referencia non é o 7,8%, senón que a porcentaxe de referencia é a porcentaxe do actual sistema de financiamento. Iso está asinado por vostedes, ou polo menos polo Partido Socialista Obreiro Español. Polo tanto, non me traia aquí porcentaxes que vostedes xa renunciaran a elas.

Quero dicirlle, en todo caso, señor Aymerich, que entendo perfectamente a súa mensaxe, que intentarei estar á altura das circunstancias, que intentarei non traer para aquí un acordo fácil, que intentarei non aceptar ultimatots, porque Galicia non acepta ultimatots. E, dende logo, que non vou aceptar que o sistema de financiamento estea ultimado, ¿ultimado con quen? Con Galicia, non. Con Galicia non está ultimado. Con Galicia simplemente está iniciado, e iniciar é o contrario de pechar.

Polo tanto, eu requiro o seu apoio para seguir traballando, para seguir traballando diante da vicepresidenta económica do Goberno, para seguir traballando defendendo os intereses xerais de Galicia que nos superan a vostede e a min, ao seu grupo parlamentario e ao noso. Para iso si que lle pido o seu apoio, non dende logo para ententes nin para acordos por debaixo da mesa, non. O que acordemos vano saber vostedes antes de ser asinado. Os acordos aos que poidamos chegar entre o Goberno de Galicia e o Goberno de España saberrano o Partido Socialista de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego antes de ser asinado. Iso é o que lle podo dicir e ao que me comprometo neste Parlamento.

Señorías, creo que é moi importante, sen dúbida, estar á altura das circunstancias en todos os debates, e por iso hai algúns que pensan que a única camiseta que existe é a camiseta do partido, e cando interveñen soamente se poñen a camiseta do partido, sen darse conta de que o partido di unha cousa en Compostela e outra en Madrid. E ao final este problema de esquizofrenia política, de pedir en Galicia o que a sabendas non lle van dar en Madrid, pensando que o culpable é o presidente de Galicia, é simplemente un xogo de nenos, pero Galicia non está para xogos de nenos cando está falando dos temas tan importantes como é reflexar o próximo sistema de financiamento e, sobre todo, os vindeiros anos do financiamento dos servizos públicos esenciais.

Señor Vázquez, vostede cítame aquí palabras súas ou polo menos do seu grupo parlamentario. E vostede dime que agora xa non dicimos que a Cidade da Cultura é un modelo

de despilfarro; pero, señor Vázquez, é que vostede non estaba atento noutras lexislaturas, se esa palabra é a súa, se ese pronunciamento foi o do seu grupo, se constantemente o estiveron dicindo e facendo o contrario. Polo tanto, señor Vázquez, coidado con desprezar a aportación do Estado no Foro das culturas en Barcelona.

¿Vostede estaría disposto comigo a garantir para a Cidade da Cultura o mesmo financiamento que no Foro das culturas de Barcelona? ¿Vostede estaría comigo disposto a esixir do Goberno do Estado o mesmo importe que recibiu Barcelona para un foro de cultura, que como vostede di era un tema puntual? ¿Vostede estaría de acordo en recibir os temas, o que recibe Cataluña para temas puntuais e o que recibe Galicia para investimentos definitivos? Eu acepto ese reto, espero que vostede tamén; e que lle pareza insuficiente ao que recibiu Cataluña soamente para un foro das culturas. E aquí o que estamos a facer é nada máis e nada menos que unha cidade xacobea da cultura.

Señorías, a min sorpréndeme que vostede pense... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Unha cidade xacobea, si. Supoño que estaremos de acordo co Xacobeo. Unha cidade xacobea da cultura.

Digo que, señor Vázquez, a min me sorprende que a vostede lle pareza mal que a administración sexa austera. Que a vostede lle pareza mal que os 300.000 euros ao ano que vostedes gastaban na delegación en Arxentina se substitúan por un convenio cun centro galego –por certo, que ten moitísimos máis anos que a propia Xunta de Galicia, non sabía que xa eran do PP–, que os substitúan por un convenio de 72.000 euros. ¿Parécelle mal aforrar máis de 230.000 euros ao ano? ¿Parécelle mal? A nós non, por iso o facemos.

Mire, señoría, os centros non son de ninguén. Os votos son das persoas, e por iso queremos que os votos se inclúan nunha caixa de cristal. E se vostede non quere..., (*Aplausos.*) se vostede non quere, señor Vázquez, está nun erro. Porque mire, se desta lexislatura saíra o voto en urna, todos os deputados que aquí estamos fariamos un bo servizo ao país e por iso eu sigo contando con vostede e co apoio do seu grupo para conquistar o voto en urna. E pídolle que o Partido Socialista Obreiro Español no Congreso dos Deputados admita e vote a favor do voto en urna dos galegos residentes no exterior.

Señor Vázquez, reitérolle o que lle comentei ao compañeiro voceiro do Bloque Nacionalista Galego. Mire, o veto á construción naval foi un acordo asinado co Goberno socialista de España. Esas son as actas, eses son os acordos da Comisión e da Unión Europea. E eu pídolle simplemente que revise esas actas para comprobar que o asinamento era do Goberno socialista español. E agora o que estamos plantexando xustamente é desfacer un acordo que prexudica os intereses de Galicia, ademais nun novo paradigma económico como é o do paro en España, o do desemprego en España e o do desemprego en Galicia.

Señorías, no tema das infraestruturas vostede plantéxame se nós imos facer as que nos corresponden. Si, imos facer un novo hospital en Vigo, aínda que vostede sabe que non deixaron diñeiro para facelo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*) Imos facer unha nova depuradora en Vigo, aínda que vostede sabe que deixou 5 millóns de euros nunha obra que custa máis de 215. ¿verdade que o sabe, señor Vázquez? (*Murmurios.*)

Polo tanto, imos traballar para intentar solucionar os problemas, porque a xente unha vez que se diagnostican os problemas o que quere é un tratamento eficaz. E por iso imos traballar e licitar o hospital de Vigo e a depuradora de Vigo. Ese era o compromiso e iso é o que imos facer.

Sobre o corredor de Carballo supoño que vostedes en vez de vir aquí a esixir algo, virán aquí a pedir desculpas. Porque poñer primeiras pedras sobre un corredor a sabendas de que as empresas adxudicatarias estaban plantexando un incremento da peaxe do máis do 15%, e que non empezaban a obra mentres non se adoptara e non se autorizara ese incremento, supón dúas posibilidades: ou que vostedes fixeron unha mala adxudicación, ou que vostedes a sabendas de que esa adxudicación non ía ter destino querían simplemente dicirnos antes do 1 de marzo que ían comezar unha obra a sabendas que non ía comezar. (*Murmurios.*) Por iso hai que saír a adiante e facer este tipo de obras e de investimentos a pesar das grandes dificultades.

Señor Vázquez, eu estou convencido de que vostede vai prestar o apoio ao Goberno de Galicia. Porque prestando apoio ao Goberno de Galicia préstalles apoio aos galegos.

Mire, eu pido coherencia. Pido coherencia para non dicir unha cousa aquí e outra alá. Pido coherencia para que o consenso

acadado non se vexa enturbiado por unha postura diferente entre Compostela e Madrid. Pido coherencia, señoría, porque non podemos aceptar os acordos bilaterais que está facendo o Partido Socialista Obreiro Español co Partido Socialista de Cataluña. E pido coherencia ao Partido Socialista de Galicia para que se dea conta de que o que está pactando o Partido Socialista de Cataluña está indo en contra dos intereses xerais e, en consecuencia, dos intereses xerais de Galicia. E pido que esa coherencia a manteña vostede, porque vostede saberá que eu mantereí a coherencia con vostede de mantelo informado. E por iso reitero, señoría, que igualar servizos para a poboación en modo ningún significa igualar financiamento per cápita. É certo que en España incrementou a poboación, é certo (*Murmurios.*) Si, si, é certo. O Partido Socialista de Cataluña di isto, e é verdade. A eles incrementoulles a poboación pediátrica e a nós incrementounos a poboación xeriátrica. E por iso eles teñen moitísimas menos dificultades para atender na sanidade que nós. Mentres nós temos catro puntos por riba da media de maiores de 65 anos en España, temos moitísimas máis dificultades que as que ten o seu colega de partido, o do Partido Socialista de Cataluña. E por iso lle digo, non se preocupe polos colegas do meu partido, nin me comprometen nin me vinculan; gustárame que vostede dixera o mesmo hoxe aquí. (*Aplausos.*)

Vostedes saben igual ca min que cando transferiron os papeis do financiamento —que vostedes estiveron negociando con Madrid desde polo menos mediados do ano 2008; en resumo, vostedes levan máis tempo negociando o financiamento con Madrid que o Goberno—, ¿cales foron os seus avances? ¿Que contías teñen pactadas? ¿Que compromisos nos poden trasladar para erixir como un acordo do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, ambos os dous socios do Partido Socialista en Madrid? ¿Que herdanza nos deixan e que obxectivos xa acadados podemos considerar como propios? Creo que esa pregunta debería de coñecela Galicia. Nós, a resposta —a resposta e a pregunta tamén, porque esta pregunta non se quere facer, pero nós facémola: queda moito por traballar. Non vou facer outra cousa que traballar con coherencia, nada máis que traballar por coherencia. Por iso digo que non imos aceptar ultimatós nin financiamientos ultimados. Quedan moitas cousas por facer e imos seguir traballando.

Señorías, a vindeira semana reunireime coa vicepresidenta económica do Goberno, hai uns días mantiña por terceira

vez unha conversa co presidente do Principado de Asturias sobre o financiamento e o día 1 de xullo reunireime monograficamente co presidente de Castela-León, sobre o financiamento. Espero que todo o noroeste español, con independencia de quen governe en cada comunidade autónoma, plantexe unha postura única en Madrid. Dende logo, pódolle asegurar que nós imos traballar por isto; espero, señoría, que o Partido Socialista tamén. Por iso imos seguir traballando con Asturias, con Castela-León, coa vicepresidenta económica do Goberno, cunha única guía: a defensa dos intereses de Galicia –non hai outra–, cun único compromiso: ser fiel ao consenso acadado nesta Cámara. Non teño ningunha outra guía nin ningún outro compromiso.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente.

Rolda especial de aclaracións. *(Pausa.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra don Carlos Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor presidente, celebro que gostase do meu ton pero sinto non poder dicir o mesmo do seu. Penso que non estivo nesta segunda intervención á altura do que debe ser o presidente dun país como Galiza. Vostede xa goberna, vostede non é o xefe da oposición; vostede goberna e, por tanto, ten que vir aquí dar contas do que está facendo, contas das súas xestións e información relevante á Cámara para que poidamos tomar posición. Non é atacar os grupos da oposición, é gobernar e explicar as cousas. E dígollo como portavoz do Bloque Nacionalista Galego. Nós si que só temos unha camiseta, que é a de Galiza, non estamos aquí... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, non estamos aquí nin pendentes do que diga o señor Camps –con traxe ou sen traxe–, do que diga a señora Aguirre ou do que digan en Madrid, nós vimos aquí só a defender os intereses de Galiza; de Galiza, non do noroeste; de Galiza, deste país.

E ¡home! que vostede me diga que o Partido Popular non asinou ningunha data, pois eu terei que lle refrescar a memoria. Data de rexistro: 10 de xullo do ano 2008 –aínda non pasou un ano–, proposición non de lei a Pleno asinada polos

tres portavoces. ¿Sabe que data hai aquí? O Parlamento insta a Xunta a demandar do Goberno do Estado a se comprometer, con todos os medios materiais e económicos precisos, para a finalización da totalidade do Eixo atlántico de alta velocidade a máis tardar en 2013, así como a garantir a posta en servizo da conexión de alta velocidade entre Galicia e a Meseta en 2012. Asinado polo señor Manuel Ruíz Rivas. Vostedes asinaron isto con nós; por tanto, hai un compromiso de datas do que non podemos abdicar e ao que non podemos renunciar dunha forma –pensamos nós– tan lixeira.

Creo que vostede vai asinar mañá un convenio en materia de infraestruturas co ministro de Fomento. ¡Home!, non nos tome por parvos, se vostede vai asinar mañá un convenio, xa coñece o contido dese convenio. ¿Ou vai mañá a Madrid, negocia e asina no mesmo acto? Non, vostede xa coñece as datas. Dígalle á Cámara cales son esas datas. Vostede comprometeuse agora a dicir, en materia de financiamento: informarei a Cámara antes de adoptar ningunha posición. Ben, pois díganos agora, en materia de infraestruturas, cal é o contido dese convenio que vostede vai asinar mañá, porque está comprometendo gravemente os intereses de Galiza. Se nese convenio o remate da alta velocidade do Eixo atlántico e conexión coa Meseta vai máis alá do ano 2013 teremos un problema grave de financiamento, teremos que saber como se van financiar, como se van rematar. Ten obriga vostede de dicirlllo á Cámara agora, salvo, xa digo, que nos queira tomar por parvos e dicirnos: non, mañá vou a Madrid e no mesmo acto negocio e asino o convenio. Diga qué datas vai asinar vostede mañá en Madrid, ten que llo dicir agora á Cámara; temos dereito, señor Feijoo, a sabelo.

En materia de voto emigrante, temos un acordo na Cámara; penso que tamén nos debería vincular a todos neses termos: voto en urna, non voto en urna con voto por correo de oficio enviado pola Administración. Non, voto en urna. Fagamos todos, apoiemos todos, ese acordo da Cámara tamén no Congreso e no Senado, onde se aproba a reforma da Lei orgánica do réxime electoral xeral.

E en materia de financiamento, eu entendo, señor Feijoo, que vostede está collido, bueno, pois nunha situación complicada. Por un lado, ten que reclamar que o Estado poña máis cartos enriba da mesa, non chega con 9.000 millóns de euros en tres anos, non chega; temos que pedir que poñan máis cartos enriba da mesa, entre outras cousas por-

que eses cartos estámolos pagando nós, son os nosos impostos. Pero, claro, vostede aí entra nunha contradición grave co seu partido en Madrid, que di que non hai que incrementar o gasto público. Para o seu partido en Madrid o financiamento autonómico é máis gasto público; non é mellor sanidade, non é educación; é máis gasto público... Bueno, os recortes que están facendo vostedes aquí xa en educación, en sanidade, etc. Claro, ten que poñer vostede en cuestión que o Estado se reserve o 50% do gasto público total. ¿Por que? ¿Por que temos esa restrición de partida? ¿Por que as comunidades autónomas temos que calcular o custo dos servizos que prestamos e ao Estado non se lle pide semellante exercicio cando –e vostedes votárono tamén no Congreso– hai ministerios –Vivenda, Cultura ou Educación– que son superfluos porque estamos falando de materias xa transferidas ás comunidades autónomas? Poñámos iso tamén enriba da mesa.

Pero, sobre todo, o que nos ten que aclarar, señor Feijoo, chegada a hora da verdade, nesta Cámara e no Congreso, cando haxa que votar no Congreso a reforma da LOFCA para articular legalmente o novo sistema de financiamento autonómico, se ese sistema é lesivo para os intereses de Galiza, qué van votar os deputados galegos do Partido Popular. ¿Que van facer? ¿Van facer como o 27 de outubro do ano 2001, votar a favor dun sistema que xa sabían era lesivo para Galiza? ¿Van obedecer as ordes que lle dean desde Madrid? Porque aquí a contradición... Vostede falaba dunha cidade e dunha terminal [...]

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO:... vostede falaba de Madrid e da T4; podía estar falando de Madrid e da T4. Alí están enterrados miles de millóns de euros que debían estar na alta velocidade en Galiza. E Madrid non é que teña un AVE, é que ten..., agora ten un a Cataluña, teno tamén a Andalucía..., porque seguimos ademais con esa concepción radial; a contradición que ten vostede tamén, efectivamente, con Esperanza Aguirre e co señor Camps, e terá que dilucidala. Repítolle, dígalle á Cámara, cando chegue a reforma do sistema de financiamento ao Congreso, qué van facer os deputados e as deputadas galegas do Partido Popular [...]

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO:... ¿vanse posicionar a favor de Esperanza Aguirre ou van apoiar os intereses de Galiza? Esa é a cuestión que realmente nos interesa saber. Esa, e que nos diga agora cales son as datas que vai asinar mañá para as infraestruturas galegas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Aymerich.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra don Manuel Vázquez Fernández.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Señora presidenta.

Señor presidente, vostede interpreta o debate parlamentario como unha cuestión de colisión permanente. Eu creo que estamos aquí falando de algo transcendental para Galicia e paréceme lexítimo que cada un plantexemos as nosas visións.

Vostede, cando fai a escala de demanda que lle fai a Madrid e alguén lle di aquí que vostede tamén debería falar da súa escala de obrigacións, tómalo como un ataque persoal, converte isto en: ¡oia!, como alguén se atreva a dicirme a min en Galicia o que teño que facer eu.

Vostede di do hospital de Vigo. Non o fai porque non quere. Quedoulle documentado, con propostas económicas, e, se non o quere facer, é problema seu.

Da depuradora de Vigo, quedalle un convenio para firmar, con dotación económica do Estado, da Xunta, con compromiso da Econor, con todo. ¿Sabe o que nos deixou vostede a nós da depuradora de Vigo? Unha multa da Unión Europea de máis de 40 millóns de euros. (*Aplausos.*) Iso é o que nos deixaban para nós.

Pero, mire, eu quero aproveitar, señor Feijoo, os escasos minutos que teño para falar dun tema moi importante. Mire, non me resisto a falar outra vez de Arxentina; ou sexa, me parece tan cruel que a austeridade sempre empece polos mesmos. A austeridade sempre empeza polo que está peor de todos. E aos 300.000 galegos de Arxentina que vostede lle suprima o dereito de ter unha casa neutral onde ir traballar e vivir paréceme cruel. Sería moito máis lóxico que vostede

renunciara á súa residencia de Monte Pío, que custa vinte veces máis que a delegación de Arxentina e dixo que non a ía usar nunca e estaa usando. (*Aplausos.*) Esas son as cousas das que ten que falar vostede.

Pero non nos perdamos nun debate do que teremos moito tempo de falar. Eu quero falarlle desde aquí e dicirlle unha cousa concreta, señor Feijoo: non se confunda, ten a colaboración dos socialistas de Galicia, ten a colaboración nosa. Ten que ir a Madrid, ten que plantexar un debate que vai estar respaldado por todos os galegos deste país e por nós. Pero pedímoslle unha cousa que me parece que é xusta: ensínenos o que vai levar vostede a Madrid; ensínelles aos galegos deste país cal é a proposta do seu presidente. Señor presidente, vostede enfádase moi a miúdo porque ten un problema: gobernar. Pero é que vostede é o presidente, xa non vale botar balóns para aquí nin botóns para alí nin para o pasado. Vostede ten que arreglar o problema do leite, vostede, que é o presidente de Galicia, e vostede ten que garantirlles aos galegos que vai conseguir unha negociación para o financiamento autonómico que resolva os problemas deste país.

Démoslle hai uns días un cheque nesta Cámara todos os grupos, démoslle un cheque, pero agora non nos pida que vaia o cheque en branco, poña o que custa ese cheque, que saibamos todos canto vale o noso cheque en Madrid e que saibamos todos se nos vai defender ben, regular ou mal. Non é moito pedir. Eu creo que é normal que haxa diferenzas políticas nos grupos parlamentarios, pero neste momento, insíntolle, non estamos nun debate de partidos. Vostede dicía aquí: ¡Home!, é que o Partido Socialista de Cataluña... Oia, ¿e o PP de Madrid?, ¿e o PP de Valencia? ¿Non están claramente nun modelo que prexudica a Galicia? Claro que prexudica. Pero eu veño aquí a defender os intereses dos homes e mulleres deste país. Por iso que lle insisto moito nun detalle: está claro que, cando falamos de servizos per cápita, falamos de servizos nun país no que todo custa moito, porque a sanidade leva dúas correccións fundamentais, o envellecemento e a dispersión; porque a educación ten un problema de dispersión, ten un problema de que non nacen nenos, de que reducimos as nosas taxas de escolarización. Porque as infraestruturas teñen un problema de orografía e de dificultades; porque os servizos aos cidadáns do exterior custan máis recursos. Pero, evidentemente, estamos mandándoo a vostede, señor presidente, para que leve alí e defenda todo isto. E non se preocupe polo Partido Socialista de

Galicia; o Partido Socialista de Galicia vai defender os intereses dos homes e mulleres deste país, e cando chegue a hora de escoller, vostede responda de vostedes, que nós imos responder de nós, e non lle imos fallar a Galicia. Non estea preocupado por nós, estea preocupado por vostede, que é o que vai tirar este penalti e teno que meter por dentro. Nós démoslle a vostede a responsabilidade de que marque ese gol, e vai ternos detrás a todos, pero, por favor, por encima de tirar o penalti non lle bote a culpa a todo o mundo. É que aquí parece que todos estabamos confabulados contra vostede. Non, non perdoe, ás veces a vehemencia nas palabras, a vehemencia na maneira de expresarse pode dar unha sensación equivocada. Vimos apoiar o presidente de Galicia, pero permítame que lle diga que temos dereito a que nos explique cómo nos vai defender.

E vostede —e remato con isto; fariame falta tanto tempo para falar, pero remato con isto, remato cunha petición concreta— ensínenos a todos... E coincido con vostede en que isto pode estarse iniciando, e o que teña prása que espere. Eu quero que os galegos resolvablen o seu problema, sen présas, porque imos marcar unha definición para o futuro, pero pido claramente, a través de como vostede queira, comisión de portavoces, reunión de presidentes de grupo, medios de comunicación, que saque a táboa reivindicativa de Galicia, que dimensione o modelo de financiamento deste país; ensínelo a todos, e iremos todos defendendo o presidente de Galicia. Pídlle, ao mesmo tempo, que nestes días, transcendentais para o futuro de Galicia —e non llo pido como unha maneira de colisionar, por favor— non poña a camiseta do PP, poña a de presidente de Galicia, e verá como nos entendemos todos moito mellor e verá como imos todos [...]

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ:... defender os intereses deste país.

Quero rematar recordándolle que me parece que o diálogo institucional entre presidentes é unha fórmula que é a única para sacar adiante a Galicia e a España, e que vostede ten que exercer de presidente de Galicia, e vai ter a todos os grupos, particularmente o Grupo Socialista, vaine ter detrás de vostede, pero pedímoslle que ese cheque que lle demos, non nos pida, por riba, que sexa un cheque en branco no que non sabemos qué vai escribir vostede.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Vázquez.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra don Manuel Ruíz Rivas.

O señor RUÍZ RIVAS: Grazas, señora presidenta.

Señorías, aquí que tanto se falou de camisetas, eu teño que dicir unha cousa, o presidente Núñez Feijóo, presidente de Galicia e presidente do Partido Popular tamén, é o único que, cando pon a camiseta, pona de titular, o resto, como vostedes, son suplentes ou están nin máis nin menos temporalmente no cargo. (*Aplausos.*)

O que si lle teño que dicir, señor Aymerich (*Murmurios.*) –tranquilidade, ¡home!–, é que cando vostede fala de que pon a camiseta de Galiza, lle recordo que cos seus plantexamentos e coas súas camisetas normalmente deixan fóra ao 85% dos galegos. (*Aplausos.*) Polo tanto, non se poña vostede o que lle saca aos demais; os demais, incluído o presidente, temos un norte e ese norte é nin máis nin menos que os intereses de Galicia. Por iso, cando vostede se sae do ties-to –esta vez si, formalmente tivo vostede un bo ton–, despois parece que non lle gusta escoitar as verdades do barquero que di o señor presidente da Xunta de Galicia. Porque, mire unha cousa, vostede ensinou un documento aquí que se firmou, ¿acórdase de que ese documento en Madrid e a creación da comisión bilateral foi nin máis nin menos unha iniciativa parlamentaria do Grupo Parlamentario Popular en Madrid? ¿E acórdase de que despois a quixemos trasladar a Galicia e houbo que poñer un consenso porque houbo quen se quixo desmarcar nin máis nin menos que daquel consenso, que era o Grupo Socialista? ¿E acórdase de como naquel momento buscaba tanto ao Partido Popular e ao Grupo Parlamentario Popular para chegar a un acordo cando os seus socios de Madrid os estaban desairando a vostedes, que, iso si, despois son quen de aprobarlles os presupostos e ensalzar e aplaudir á señora Magdalena Álvarez? Pero aquí tiveron que buscar a quen eran nin máis nin menos a maioría de Galicia, que eran os 37 deputados do Partido Popular.

Mire, a min o que me gustaría saber, cando tanto se fala aquí de que hai cantidade de cousas que estaban feitas, e de que cando xa temos unha nova unidade de pago na Xunta de

Galicia, que, seguindo ao señor Vázquez, dixo que deixaron documentadas as propostas económicas do hospital, mellor sería que vostedes deixaran un só euro e non tanta proposta, porque vostedes... Si, si, propostas teñen moitísimas, porque aquí falabamos da depuradora de Vigo, da depuradora das rías, o que está claro é que catro anos despois dun goberno bipartito as rías están moito peor do que estaban no ano 2005, e iso non é a inanición de quen está aquí, senón de quen está aí. (*Aplausos.*)

Por iso, claro, cando se fala de financiamento, empezamos e temos que dicir: ¿de que nace agora o problema do financiamento? ¿Creouno o Partido Popular ou creouno o Estatuto de Cataluña ou creárono os socialistas cataláns? ¿Creouno o señor Zapatero cedendo nin máis nin menos que ás imposicións dos socialistas cataláns para manter a súa estabilidade no Goberno ou nace das necesidades de Galicia? Non, nace dos seus problemas e da debilidade do señor Zapatero.

Mire, cando tanto falan de Madrid, de Valencia, do Partido Popular. Aquí, en Santiago –ademais, acórdome, paréceme que foi en Santiago–, todos os presidentes autonómicos e presidentes do Partido Popular en todas as autonomías firmamos un manifesto, e nese manifesto todos dicíamos que o principio básico de calquera sistema de financiamento tiña que ser a solidariedade. ¿Estame vostede dicindo que é capaz vostede de dicirlle ao señor Montilla que veña aquí a Santiago a firmar iso mesmo? ¿Son capaces os socialistas cataláns, os socialistas de Madrid de dicir que o criterio básico dese financiamento vai ser a solidariedade? Deixen vostedes en paz a quen defende os intereses da súa comunidade, co mesmo dereito que o facemos nós, pero sobre unha base moi diferente, que é nin máis nin menos que o que vostedes negan, a solidariedade entre todas as persoas e todos os territorios.

Por iso eu o que lle pido a todos os grupos é o que tivo aquí o presidente da Xunta de Galicia: coherencia. Deixémonos xa de tanta camiseta e realmente saquemos a camiseta, e o que nos temos que xogar na defensa dos intereses de Galicia é a pel, o resto creo que non serve para nada, e para o único que serve é para que veñan facer –que, por certo, xa o fan moi ben en tan pouco tempo– o seu papel de oposición.

Moitas grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Ruíz.

Ten a palabra o presidente da Xunta de Galicia para o peche.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Vázquez, eu agradézolle a súa última parte da intervención. Vostede dixo claramente que van apoiar o presidente de Galicia nesta negociación. Iso é o que quería escoitar, porque creo que ese é o camiño axeitado. E por iso vostede saberá todo o traballo que supón esa palabra ou ese compromiso: un traballo pola súa parte, polo seu grupo, polo seu partido. Porque, señorías, o que non se pode é crear problemas e botarlles a culpa aos demais de que non son capaces de arranxar os problemas que un creou. Iso non é razoable dende ningún punto de vista. Vostedes iniciaron unha negociación case hai un ano, deixaron un modelo, e agora resulta que o problema da efectividade e do resultado práctico do modelo que vostedes plantexan é un problema do Goberno de Galicia. Vostedes pactan que Cataluña perciba uns recursos por riba da media do resto de España. Pero non é que o pacten soamente, é que o presidente do Goberno de España foi dicilo directamente na Comunidade Autónoma de Cataluña de forma solemne, e agora resulta que nós somos os responsables de que o presidente do Goberno de España lle diga a Cataluña que vai ter, por primeira vez na historia, un financiamento por riba da media do resto de España. Por iso, eu agradézolle moito ese apoio, e agradézolle moito ese apoio porque vostede sabe igual ca min que é un apoio imprescindible. O que si queda por concretar é se vostede será capaz –seguro que vai traballar igual ca min para conquerilo– de manter a súa palabra ata o final.

Sen dúbida, señor Vázquez, sabe vostede igual ca min que unha cousa é falar e outra cousa é facer, que unha cousa son as proclamas e as frases e outra cousa é dicirlle ao seu partido que vostedes non admitirán que unha comunidade autónoma con varios puntos de renda superior á de Galicia teña un financiamento superior á media da renda per cápita do resto das comunidades autónomas.

Había algún socialista que cando estaba gobernando dicía aquilo de que os que queren comer sós é que queren comer máis. Ese socialista agora preside o Congreso dos Deputados. Eu digo o mesmo. Pasamos dun financiamento multila-

teral a un financiamento bilateral, e agora estamos pasando dun financiamento bilateral a un financiamento electoralista, e, de seguir así, seguiremos, dun financiamento electoralista a un financiamento para arranxar os problemas internos dos 24 deputados do Partido Socialista de Cataluña. Iso, señoría, é o que temos que traballar (*Aplausos.*) e é o que eu lle propono formalmente, por iso agradezo o seu apoio. Pero, insisto, o seu apoio ten que ser tamén ao saír da Cámara.

Mire, señor Aymerich, a contribución das rexións ao Estado en proporción á súa riqueza para combater as desigualdades rexionais é o noso modelo; a contribución das rexións ao Estado en proporción á súa riqueza para combater as desigualdades rexionais. Non é unha idea orixinal deste Goberno nin do seu presidente, expresouna o señor Castelao no Parlamento da República durante o debate do Estatuto catalán. Hoxe tráioa a colación para reiterar que a contribución das rexións ao Estado en proporción á súa riqueza debe de combater as desigualdades rexionais. Seguro que o señor Castelao estaría de acordo coa intervención que hoxe fixemos desde o Goberno de Galicia, seguro. (*Aplausos.*)

Cónstame que a Xunta de Galicia... (*O señor Lobeira Domínguez pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Perdón, presidente.

Por favor, señor Lobeira e señora Pontón, escoiten con atención e con respecto, por favor llelo pido.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

Grazas, señoría.

Seguro que a Xunta de Galicia ten o aval do Parlamento galego para negociar, e estamos seguros de que non temos o aval do Parlament catalán; a nós chéganos con este. Eu espero que todos sexamos conscientes de que este Parlamento, a nacionalidade histórica, igual que Cataluña, debería ter o mesmo peso que o Parlament catalán.

Se o financiamento autonómico se negocia con Galicia e co resto das comunidades autónomas seremos os últimos en levantarnos da mesa; agora, se o financiamento se converte nunha subhasta, igual retiramos a puxa. Polo tanto, se o que queren é financiar en igualdade de condicións que o resto, seremos os últimos en retirarnos da mesa, pero se isto se

converte nunha subhasta, eu informarei á Cámara puntualmente.

Igualmente, señor Aymerich, informarei a Cámara puntualmente antes de asinar ningún acordo en materia de infraestruturas, porque mañá o que imos é negocialo, non asinalo. Eu lamento que nos atopemos un incumprimento da lexislatura anterior en infraestruturas, porque supoño que vostede disto sabe moito. Pero, xa lle digo, nós informaremos os voceiros dos grupos antes de asinar un acordo institucional en materia de infraestruturas e antes de asinar un acordo institucional en materia de financiamento.

Señor Vázquez, eu agradézolle moito o ton da súa intervención, dígollo de verdade, porque por primeira vez vostede trae aquí un ton, na miña opinión, razoable. Pero, mire, vostede pode dicir que nós temos diñeiro... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Na miña opinión. Se non podo ter opinión..., eu reitéroa. Pero vostede vén aquí e di que tiña xa todo preparado e que, ademais, hai certificados, convenios, que só quedaban por asinar. Efectivamente, señoría. Mire, voulle dicir a certificación coa que nos atopamos na súa consellería; certificación ¡eh!, non é unha palabra, é unha certificación dun responsable que incorre en responsabilidade contable. ¿Sabe canto diñeiro tiña vostede dispoñible para toda a competencia en materia de augas ata o ano 2013? Trinta e seis millóns de euros. ¿Sabe canto valía só a depuradora de Vigo? Cento quince. ¿Como ía facer vostede, señor Vázquez? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿É mentira esta certificación? Déixolla á súa disposición.

Señoría, digo que hai que falar con rigor, porque, se non falamos con rigor, automaticamente podemos confundir a xente, e creo que non é cuestión de confundir a ninguén. Mire, nós sabemos que o problema deste financiamento non é a poboación, son os escanos. Nós sabemos que o problema deste financiamento non é a poboación, son os escanos. Se puideramos ter a seguridade de que o problema do financiamento de España fora a poboación, estaríamos tranquilos. O problema é que tememos que non é a poboación, senón son os escanos, os escanos do Partido Socialista de Cataluña no Parlamento español.

Polo tanto, retomemos a poboación e deixemos dun lado os escanos, que están perturbando o sistema de financiamento. A iso o convoco. E eu estou convencido de que vostede

reflexionará porque do que estamos a falar aquí son de temas que afectan a Galicia e ao seu futuro. E o que é máis grave, dos temas de igualdade real, dos principios constitucionais de solidariedade e de cohesión.

Mire, nós mañá o que imos é iniciar unha xuntanza chea de prudente esperanza. Nós mañá ímonos ver co ministro de Fomento, que foi o que lle dixó a toda España que non ía cumprir os compromisos acadados na anterior lexislatura. E por iso nós nos imos reunir para solemnizar os compromisos das infraestruturas. É o momento de solemnizar por escrito os compromisos. É o momento de darlle credibilidade a eses compromisos.

Eu voulle mandar concreción, voulle demandar catro cuestións:

Primeiro. O acordo debe de incluír prazos de inicio das infraestruturas; non só prazos de remate, non, prazos do inicio das infraestruturas. O acordo debe de incluír unha comisión de seguimento para que Galicia poida facer un seguimento permanente dos incumprimentos.

Galicia vai plantexar que no ano 2010 deberá de estar en obras o 100% dos quilómetros do AVE coa Meseta.

Galicia vai plantexar que non se sacrifique ningunha cidade, a súa conexión do tren de alta velocidade, entre si e coa Meseta.

E Galicia vai plantexar que faltan 2.000 millóns de euros, que estiveron presupostados nos exercicios económicos dos últimos cinco anos e que non se gastaron. Polo tanto, Galicia ten 2.000 millóns de euros autorizados nas Cortes Xerais para investir na nosa comunidade autónoma e que o Goberno de España non gastou.

Esas son as catro cuestións que imos plantexar e que llas reitero. Un acordo solemne e por escrito onde se inclúan os prazos de remate e os prazos de inicio das obras, no que se contemple unha comisión de seguimento. No ano 2010 deberá de estar en obras o 100% do tren de alta velocidade coa Meseta. E, por suposto, reiteraremos o incumprimento dos 2.000 millóns de euros que Galicia deixou de investir como consecuencia dunha decisión unilateral do Goberno de España.

En definitiva, señorías, estou convencido de que se seguimos traballando, se seguimos negociando e se seguimos sendo coherentes Galicia sairá beneficiada.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente.

Suspéndese a sesión ata a tarde ás 16.00 horas, catro da tarde.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás dúas e seis minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos.

A señora PRESIDENTA: Boas tardes, reiniciamos a sesión co punto de comparecencias en Pleno.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para informar dos obxectivos e das liñas xerais de actuación política do seu departamento

A señora PRESIDENTA: En primeiro lugar e para a intervención ten a palabra o conselleiro de Presidencia, don Alfonso Rueda Valenzuela.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, en primeiro lugar, e, por suposto, quixera expresar a miña satisfacción por comparecer a petición propia ante as súas señorías co obxectivo de explicar as liñas xerais da política da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza nesta oitava lexislatura.

Primeiro de todo trasladarlles, por suposto, o meu respecto pola voz desta Cámara e o respecto de todo o Goberno, a disposición miña e de todo o Goberno á colaboración e ao diálogo en todo momento. E dicirlles que comparezo convencido de que o labor de control ao Goberno resulta útil para confirmar a traxectoria do mesmo e para xerar confianza na sociedade galega, especialmente nun contexto de crise como no que actualmente nos atopamos.

Señorías, hoxe quero presentar dende as miñas responsabilidades un proxecto de goberno para esta lexislatura que acabamos de iniciar; un proxecto de goberno que, para efectos da súa presentación, quero dividir en dous bloques de xestión diferenciados –insisto– no ámbito de competencias que lle corresponde a esta consellería. O primeiro bloque vaise referir, vai atinxir, ás estruturas de xestión, coordinación e cooperación administrativa e institucional que lle corresponden a esta consellería. A esta consellería, como saben, correspóndelle o labor, en primeiro lugar, de apoio ao presidente, o labor de coordinar no seu conxunto a xestión do Goberno, de articular a relación co Parlamento e cos grupos parlamentarios e, por suposto tamén, co resto das administracións públicas, especial e nomeadamente coa Unión Europea, coa Administración do Estado e coas corporacións locais galegas. E xunto a estas importantes funcións, esta consellería ten tamén atribuído outro transcendental ámbito de actuación: impulsar, mellorar e visibilizar servizos que resultan –e hoxe máis que nunca– esenciais para a calidade de vida das persoas, en concreto, os que desenvolve a administración de xustiza e os recursos que manexa a Comunidade Autónoma para a seguridade e a xestión das emerxencias. E por suposto para cumprir estas funcións hai que marcarse uns obxectivos nesta lexislatura, e estes obxectivos, pódolles asegurar, e estas estratexias son –ou así o entendemos– as que teñen propiciado o apoio maioritario da cidadanía galega para asumir as responsabilidades de goberno que agora nos toca exercer e que por suposto queremos cumprir.

Señorías, estas estratexias de actuación que quero relatar pódense resumir en tres eixos fundamentais: o primeiro eixo refírese ao criterio de austeridade na actuación da consellería e do resto da Administración autonómica. Esta estratexia de austeridade ten que ver coa necesidade de impulsar sólidas iniciativas para o control do gasto público. Consideramos dende o Goberno galego que o pasado 1 de marzo os cidadáns e cidadás galegas certificaron nas urnas o seu desexo de cambio político en Galicia e gran parte tamén deixou patente o seu descontento con situacións de despilfarro en tempos de crise dificilmente entendibles.

Señorías, pódolles asegurar que este Goberno non vai vivir de ficcións ou escenarios virtuais. Queremos restablecer a un nivel axeitado a Facenda pública, e para iso queremos facer reorganizacións con vocación de permanencia e continuidade. Estamos seguros de que despois de máis de vinte e

cinco anos de autonomía contamos cunha administración consolidada e que en certo modo caeu nos últimos anos no inmovilismo de pensar que canto máis grande máis poderosa e máis útil para os cidadáns, e iso necesariamente non ten por que ser —case nunca o é— así.

Consideramos que dende o Goberno galego hai que imaxinar un novo crecemento, un crecemento que non sexa estimulado artificialmente a base de soste publicamente e cos cartos de todos gastos innecesarios. Pola contra, consideramos que hai que camiñar pola senda da racionalización, da redución de estruturas e do uso eficiente e eficaz dos recursos públicos, que sempre son escasos e neste intre máis escasos que nunca; un crecemento, en definitiva —que é o que buscamos—, que nos permita o achegamento paulatino ao equilibrio orzamentario. E por iso nesta liña, como saben, temos reducido drasticamente a estrutura orgánica da Xunta de Galicia: pasamos de trece a dez consellerías, pasamos de 79 direccións xerais e secretarías xerais a 68 e pasamos de 52 delegacións provinciais a unicamente 5. E esta redución, unida á redución do persoal eventual de gabinete en máis dun 25%, vai representar —e o que é medible é dificilmente opinable— un aforro de máis de 9 millóns de euros anuais respecto ao anterior Goberno: 40 millóns de aforro unicamente durante esta lexislatura.

E por suposto este foi o punto de partida, un punto de partida que queremos estender —ímolo facer nesta lexislatura— á chamada Administración paralela. Queremos —e xa o estamos facendo— axustar funcións, examinar duplicidades, e pódolles asegurar que non nos vai tremer a man para eliminar todas aquelas institucións, todos aqueles organismos que agora mesmo evidencien que están solapando as accións desenvolvidas pola Administración xeral da Xunta. Ímolo facer, iso pasa por un exame exhaustivo e ao final da lexislatura se verá o resultado. E dentro desta política de austeridade cremos que é no espazo das delegacións territoriais onde se produce un maior aforro, onde se ten que producir. E é neste espazo das delegacións territoriais da nova Administración periférica onde se van comprobar os beneficios da senda da austeridade que temos iniciado.

E hai que deixalo claro, señorías —e vouno deixar claro outra vez aquí—, a redución experimentada co aforro en millóns de euros que acabo de expoñer non vai afectar en absoluto o funcionamento dos servizos públicos nin a relación dos cidadáns

coa Administración autonómica. Lonxe disto, o novo deseño non lle suporá ao cidadán a realización de ningún trámite ou desprazamento adicional con respecto á situación anterior: mesmos funcionarios, mesmos servizos, unha redución drástica dos altos cargos, que se traduce, ao final, en menos gasto, máis eficacia e maior eficiencia. Esa vai ser a nosa regra para detraer os recursos onde de verdade fan falta agora.

E dentro desta liña de austeridade creo que como conselleiro me corresponde facer, ou determe especialmente, nun campo no que se amosa, se queren de modo simbólico, pero algo máis porque é un aforro importante, que se poida aforrar sen deixar de ser eficaces. Refírome, señorías, ao parque móbil da Xunta de Galicia. Temos en marcha —xa se iniciou, está nos seus inicios— un plan de reestruturación do parque móbil ao servizo da Xunta de Galicia, con varios tipos de medidas, as primeiras urxentes á racionalización de efectivos, con moitas medidas, se queren, simbólicas, pero que tamén aforran cartos, por exemplo, o uso dun só vehículo por conselleiro ou conselleira. Acabáronse os segundos e os terceiros coches de uso individual para os conselleiros; un só vehículo por cada conselleiro. E, por suposto, estas medidas que aforran cartos teñen que ir acompañadas dun plan máis ambicioso: a redución de parque móbil asignado ás delegacións territoriais é un feito; menos altos cargos, menos coches do parque móbil para eses altos cargos que agora non existen. O aforro total estimado tras a aplicación destas medidas vai ser xa este ano dun millón e medio de euros. E, por suposto —dixémolo e ímolo facer— imos enaxenar, está en marcha xa o proceso, todos os vehículos de alta gama que agora mesmo xa non se están utilizando. E esta enaxenación, por suposto, non vai supoñer en ningún caso a necesidade de mercar un só coche máis para ningún alto cargo da Xunta de Galicia.

E para pechar todo este proceso elaboraremos e aplicaremos un programa de optimización de recursos e aforro no parque móbil que teña en conta tanto os custos de persoal como o mantemento e os gastos de taller, combustibles, peaxes, servizos de transporte contratados a terceiros e gastos correntes en xeral. En definitiva, señorías, o obxectivo que debemos cumprir é rematar esta lexislatura cun aforro mínimo do 25% nos gastos do parque móbil con respecto á etapa anterior, aos últimos catro anos.

E o segundo eixo dos que se anunciaba será a cooperación e o diálogo entendido dende a lealdade institucional. Señorías,

queremos avanzar nas estratexias de cooperación, querémolo e desexámolo sinceramente. E particularmente queremos avanzar nas estratexias de cooperación co Estado, coa perspectiva de completar o noso marco competencial, e hai moito traballo por facer nesta materia.

Hai case catro anos o anterior Executivo, o bipartito, desqualificou por pouco ambiciosa a petición de 33 novas transferencias que deixara enriba da mesa o último Goberno do Partido Popular. Falouse como alternativa polo Goberno bipartito dun desenvolvemento do marco competencial dende un criterio de máximos –iso era o que se dicía– e enumeráronse dúcias e dúcias de transferencias posibles. O certo, señorías, é que hoxe en día a realidade o que nos amosa é que, a pesar de semellante declaración de intencións, a etapa pasada non foi unha etapa frutífera en materia de transferencias, e nesta ocasión de novo o que é medible é dificilmente opinable. En concreto, só se traspasaron once competencias e, delas, apenas tres ou catro tiñan entidade suficiente para sustentar esa declaración de gran avance que se dicía ao principio da lexislatura en materia de transferencias. Agora, señorías, traballaremos para que esta nova etapa permita ser avaliada en termos máis positivos, con menos grandes palabras, probablemente, pero esperamos que con máis resultados. E, dende logo, o traballo xa ten comezado, estamos en pleno proceso de definición, en diálogo conxunto das dez consellerías para marcar unha nova folla de ruta e completar –como lles dicía antes– o marco competencial. E teño que insistir en que será unha folla de ruta que, sen deixar de ser ambiciosa, o que vai ser sobre todo é realista e vai presentar un ritmo razoable na materialización de novos traspasos, que, ao final, é o que fai funcionar as cousas.

Desde logo, os primeiros pasos deste itinerario xa llos avanza, e con carácter inmediato será pechar as transferencias que quedaron pendentes, sen pechar, na etapa do Goberno do bipartito: museos, bibliotecas e arquivos –inda non está culminada–; pechar coa Administración central o saldo da chamada débeda de superficie; reclamar e poñer en marcha a participación máis intensa de Galicia nas funcións da Inspección de Traballo e asumir as bolsas e axudas ao estudo que agora mesmo están en mans do ministerio e que xa dixo o Tribunal Constitucional que é posible que asuma Galicia.

E, por suposto, e de xeito paralelo, reabriremos o proceso para acadar novas competencias, e adiántolles, entre outras,

nas seguintes materias, que cremos que teñen suficiente entidade: nas competencias en materia do Instituto Nacional de Meteoroloxía, a ordenación do sector pesqueiro, a inspección e vixilancia pesqueira, a inspección en materia de seguridade a bordo, a xestión do dominio público marítimo-terrestre, as autopistas AP-9 e AP-53 e o tráfico e seguridade viaria, que agora mesmo se atopa en tramitación parlamentaria nas Cortes Xerais do Estado.

E tamén nesta cooperación leal que queremos impulsar co Estado terá un papel moi importante a reclamación dun voto emigrante, un voto –perdón– dos galegos no exterior, un voto da emigración limpo. Imos facer un labor de apoio ao acordo unánime que se tomou neste Parlamento orientado a modificar a Ley orgánica del régimen electoral general. Queremos dotar o voto dos galegos no exterior das máximas garantías, igual que aquí. Trátase –e creo que nisto estamos todos de acordo–...; é unha cuestión urxente, dende o punto de vista da democracia e dende o punto de vista da garantía de dereitos. Non podemos permitirmos a continuidade dunha situación que atenta seriamente contra a solidez do noso desenvolvemento político.

E, por suposto, non imos, para conseguir todo isto, facer plantexamentos, como se fixeron na etapa anterior do Goberno bipartito, de educar a Madrid. Non cremos que este tipo de plantexamentos, dicilo así e plantexalo así, ao final xa vimos os resultados. De nada serve conducir as nosas relacións co Estado baixo a premisa da confrontación ou a agresividade de posturas maximalistas que logo non se traducen, por desgraza, en resultados favorables para Galicia. Lonxe diso, como lles digo, este Goberno vai propiciar un clima de verdadeira cooperación institucional; dende logo, non vai quedar neste sentido por parte do Goberno da Xunta de Galicia.

Queremos atraer novos beneficios dende unha lealdade ben entendida, que, por suposto, non nos fará renunciar á necesaria firmeza cando sexa necesario. E esta, pódolles asegurar, señorías, que vai ser a nosa liña de traballo nesta lexislatura: falar e acordar co Estado alí onde se requira, mobilizar esforzos compartidos en todo aquilo que precise dunha aposta conxunta. E a transferencia de competencias a Galicia require, dende logo, desa aposta conxunta.

E neste marco de cooperación coas administracións creo que hai que facer un especial fincapé –e é unha competencia

desta consellería— na cooperación coa Administración local, que vai estar baseada —xa llo adianto— no diálogo permanente. Cremos firmemente na autonomía local e, polo tanto, cremos que esta autonomía non ten outro xeito de materializarse que dialogando permanentemente cos 315 concellos galegos como o mellor xeito de garantir esta autonomía. E por iso nos comprometemos a informar sempre os concellos do que lles afecte para tratar de evitar, por exemplo, o sucedido en épocas moi recentes, onde a falla de diálogo dos representantes da Xunta cos municipios non lles deixou aos municipios máis camiño que impugnar normas aprobadas polo Goberno autonómico. Cremos que isto se pode evitar. Imos facer todo o posible para que no futuro non volva suceder.

Pero, sen embargo, señorías, non é posible falar da auténtica autonomía local se non se garante a suficiencia financeira das entidades locais, especialmente —e estarán de acordo comigo— nun momento como o actual, no que se está a producir unha moi preocupante baixada dos fondos que o Estado destina aos concellos galegos. Este ano os cálculos menos optimistas —nin sequera vou dicir pesimistas— calculan que a participación dos concellos galegos nos tributos do Estado pode experimentar unha baixada de ata quince millóns de euros.

Por iso, señorías, para evitar isto, o primeiro será avanzar nas fórmulas que temos de cooperación cos entes locais, a primeira, o Pacto local. O Goberno anterior asinou o Pacto local, é verdade, cos concellos galegos en xaneiro de 2006, e aplaudiuse dende aquel momento dende o partido na oposición, o Partido Popular, este pacto, porque criamos que era beneficioso. Pero como as cousas hai que medilas despois dun tempo, hai que dicir dun xeito obxectivo que, a pesares do tempo transcorrido, máis de tres anos, a maioría, a inmensa maioría das previsións que están no Pacto local, están aínda sen executar. E por iso lles digo que é un compromiso firme desta consellería dar un cumprimento veraz e non de cara á galería ao Pacto local.

Como mostra dese compromiso a Xunta de Galicia vai comezar este mesmo ano a asumir gastos que ata o de agora viñan soportando os concellos como consecuencia, por exemplo, do mantemento dos centros de saúde, dos centros de educación infantil e primaria e dos xulgados de paz.

En conxunto, propoñémonos que nesta lexislatura e por estes conceptos a Xunta de Galicia asuma ao redor de, como

mínimo, 12 millóns de euros en concepto de gastos correntes que agora mesmo son asumidos polos concellos. E a partir de aí, señorías, con estas realidades, cómpre traballar por ir asumindo máis compromisos neste eido.

Como lles dicía, como neste ano a situación financeira dos entes locais é excepcional, tamén excepcionais terán que ser os apoios da Xunta para remedialo. E anúnciolles, señorías, que este ano, o noso propósito, o propósito desta consellería, é que o fondo non finalista que a Xunta de Galicia destina aos concellos, o Fondo de Cooperación Local, aumente, cando menos, en 1.200.000 euros sobre a cantidade que xa tiñan pactada os concellos coa Federación Galega de Municipios e Provincias. E proporémoslle á Fegamp —porque hai que negociar as cousas coa Federación Galega de Municipios e Provincias— que estas cantidades sexan destinadas aos concellos que máis o necesitan agora mesmo, que entendemos que son os concellos máis pequenos, os concellos que teñen menos recursos, polo tanto, e os concellos que agora mesmo o están a pasar peor. Este aumento irá, insisto, á cantidade xa pactada, e que xa lles corresponde aos concellos nesta anualidade en concepto de participación no Fondo de Cooperación Local. Por suposto, haberá que empezar este ano a negociar para fixar o Fondo de Cooperación Local para os vindeiros catro anos, cun obxectivo claro, que non se produzan —ao contrario do que se está producindo co fondo estatal— diminucións nas cantidades que están percibindo os concellos, porque neste intre as necesitan máis que nunca.

Tamén —e para rematar con esta cooperación coas entidades locais— lles anuncio un esforzo por liberar os concellos de gastos aos que dificilmente van poder facer fronte se non teñen unha axuda da Xunta de Galicia. Refirome a un proceso xa iniciado e non culminado, que é o apoio para que os concellos poidan afrontar o apagón analóxico que se vai producir de xeito inminente e cuxos espazos están fixados por lei.

Señorías, segundo os datos da propia Retegal —datos obxectivos—, a práctica totalidade dos concellos galegos teñen zonas chamadas en sombra, ou, dito doutra maneira, arredor de 500.000 veciños situados en máis de 10.000 núcleos de poboación galegos non poderán ver a televisión dixital se non se instalan reemisores que o posibiliten. E por iso lles anuncio que a Xunta de Galicia asumirá, en colaboración coa Administración do Estado e a través dunha encomenda de xestión a Retegal, os custos dos equipos necesarios para

garantir a cobertura do territorio, para garantir este dereito que teñen os veciños e para facer posible o obxectivo de que alá onde vivan unha serie de servizos os teñan garantidos en todo caso.

Liberaremos as entidades locais de afrontar os gastos para afrontar o apagamento analóxico e garantiremos así os dereitos de milleiros de galegas e galegos que viven en zonas afastadas nas zonas rurais, ao redor de 15 millóns de investimentos, ao que esperamos –e así cursaremos a correspondente invitación– que se sumen as aportacións das catro deputacións galegas para intentar así que o custo das entidades locais, das 315 entidades locais, sobre todo as máis pequenas, sexan custos mínimos.

Por último instaremos tamén, neste apartado da Administración local, a Administración do Estado a que desenvolva xa dun xeito definitivo, en colaboración coas comunidades autónomas, a Lei básica do Goberno local. Unha vez que estea feita, que era un proxecto anunciado e non realizado dende a Administración xeral do Estado, traeremos a este Parlamento, nesta lexislatura, unha nova lei da Administración local de Galicia.

En materia de asociacionismo, señorías, por suposto quero manifestarlles que o Goberno da Xunta segue crendo na viabilidade e posibilidades das fórmulas de asociacionismo que aproveitan as realidades territoriais que temos en Galicia. Por iso non lle imos dar as costas á realidade metropolitana que existe en Galicia, e de tal xeito promoveremos a constitución destas áreas e comezaremos pola área metropolitana de Vigo, que constitúe un compromiso vixente e constitúe un compromiso que, ao noso entender, ten todo o futuro do mundo. Este compromiso, señorías, vaise visualizar a través do impulso á súa creación, a través do asesoramento na súa xestión e a través da delegación de competencias que hoxe ten a Xunta de Galicia. O punto de partida, por suposto, terá que ser o consenso que no seu día existía e que fixo posible un texto aprobado unanimemente polas entidades implicadas, con independencia da cor política.

Esperamos, señorías, neste senso, e sinceramente que entendan todos os concellos implicados, os 14 concellos implicados inicialmente, que paga a pena deixar os proxectos metropolitanos, proxectos desta envergadura, á marxe da cor política, e esperemos que a totalidade dos gobernantes municipais estean nesta liña e pensen o mesmo.

Polo que se refire ás relacións exteriores e coa Unión Europea, e ás políticas de cooperación, que tamén son competencia desta conselleira, adiántolles que temos claro que as prioridades estratéxicas se deben centrar na colaboración con Portugal, nomeadamente na colaboración coa Unión Europea en xeral e por suposto na colaboración con Iberoamérica.

No relativo a Portugal, imos darlle un pulo á comunidade de traballo Galicia-norte de Portugal, que estivo –e hai que dicilo– escasamente dinamizada nos últimos anos e que presenta, a día de hoxe, un balance certamente pobre de actividades e resultados, xa non recoñecidos por nós, senón recoñecidos polos propios representantes portugueses.

Polo que atinxe á nosa posición na Unión Europea, temos que adaptarnos a un entorno –e estarán todos de acordo– extremadamente mudable e que vai, ademais, variar aínda máis coa previsible entrada en vigor do Tratado de Lisboa. Haberá novas regras, novas políticas comunitarias e novas normas de cohesión rexional agraria e pesqueira, que incidirán moi directamente en Galicia.

Temos que estar, polo tanto, en Bruxelas, porque alí é onde se xoga gran parte do noso futuro, e estar en Bruxelas, desde logo, implica impulsar a nosa participación na Conferencia de Asuntos Relacionados coas Comunidades Europeas, o chamado ou coñecido como CARCE. E temos que estar tamén no Comité das Rexións, onde ata o de agora –e aí están as actas para velo– os ditames e as memorias oficiais referidas á presenza galega son máis ben pobres nestes últimos catro anos.

Para iso redobraremos os esforzos e a presenza da Fundación Galicia-Europa. É un instrumento viable, cremos na súa potencialidade, cremos que foi útil e cremos que pode ser aínda moitísimo máis. A Fundación Galicia-Europa deberá ser un factor clave para potenciar a Galicia na Unión Europea. Imos aproveitar a experiencia e bagaxe acumuladas, e aproveito para salientar que a Fundación Galicia-Europa se vai implicar igualmente na promoción institucional do vindeiro Ano Xacobeo no conxunto da Unión Europea. Quere-mos que o Ano Santo teña a debida repercusión na axenda das institucións e órganos comunitarios e, por suposto, nos estados membros. E xa adianto que proporemos a celebración en Galicia de cando menos un consello europeo de

ministros, e propoñemos, neste senso, o Consello Europeo de Ministros de Cultura.

Con respecto ao desenvolvemento, está a piques de expirar a cooperación e o desenvolvemento; refírome a que está a piques de expirar o vixente Plan director 2006-2009, que foi aprobado por unanimidade do Parlamento de Galicia despois dun gran consenso social. Queremos traballar na redacción dun vindeiro plan e agardamos esa mesma unanimidade e esa mesma cooperación desta Cámara e, dende logo, do tecido social asociativo de cooperación.

O terceiro eixo ao que me quería referir, xunto á austeridade e á cooperación, é pretender que a calidade e a eficacia da xestión se constitúan en verdadeiros sinais de identidade desta consellería. Hai que materializalo en feitos concretos, e cremos que o campo das competencias desta consellería onde mellor se pode ver é nas áreas da xustiza e nas áreas da emerxencia interior.

Polo que se refire á emerxencia interior, señorías, anuncio-lles que os nosos obxectivos pasan por consolidar o Sistema Galego de Xestión das Emerxencias. Hai que mellorar a coordinación, hai que mellorar a axilidade, hai que mellorar a eficacia e a resposta e ao final hai que camiñar cara a ese obxectivo que todos desexamos, que é que todos os cidadáns de Galicia, vivan onde vivan, teñan garantido un servizo de emerxencias que lles asista nun tempo razoable e dun xeito profesional.

E para isto hai que dar unha serie de pasos, señorías, o primeiro é reformar a Axencia Galega de Emerxencias. Consideramos, logo dun exame da mesma, que a axencia naceu cunhas expectativas que en modo ningún se viron cumpridas. Cremos que sobrou –polo menos nos seus inicios– improvisación á hora de realizar investimentos –aí están os vehículos que non se utilizan–, improvisación á hora de plantexar proxectos e dispositivos sen base organizativa, que lles impediu operativos, e evidenciouse ao final unha falla de miras ao nutrir á Axencia Galega de Emerxencias dun persoal administrativo en vez de nun persoal especialista en emerxencias.

Por iso agora cómpre reformar esta axencia, a través de cambios que garantan a súa plena operatividade, e por iso urxentemente vamos mellorar a capacidade de resposta do 112

–isto é fundamental– e imos ampliar o número de postos de traballo dos 15 actuais a como mínimo 25 ¿Con que obxectivo? Conseguir que, ante emerxencias que provocan unha gran alarma, un gran número de chamadas, non se produzan colapsos como o acaecido recentemente con ocasión do furacán Klaus.

Tamén imos incidir na profesionalización do persoal da axencia, como lles dixen. Imos facer que o persoal técnico especialista en emerxencias teña presenza física na sala de operacións do 112, para que poida avaliar *in situ* e actuar inmediatamente ante a gravidade de calquera incidencia e dispoña os medios necesarios para atendela.

Respecto da construción prevista dun novo edificio que sirva de sede ao 112, un novo edificio para a Axencia Galega de Emerxencias, entendemos, señorías, que a ubicación debe ser reformulada. Neste sentido anuncio-lles que estamos estudando a localización da futura Sega nas instalacións da Academia Galega de Seguridade na Estrada. Queremos aproveitar as magníficas instalacións alí existentes e que actualmente se atopan na súa maioría infrautilizadas. Quere-mos converter a este concello no centro das emerxencias e da seguridade de Galicia, e con iso estou seguro de que gañaremos en eficacia e de que, dende logo, se producirá un aforro importante sen perder un ápice de efectividade.

Por último, señorías, tamén faremos un especial fincapé na protección civil. Actualizaremos, en primeiro lugar, os plans de emerxencia existentes nestes momentos, é necesario facelo. Aprobaremos, en colaboración coa Consellería de Sanidade, un protocolo para a planificación da protección civil ante un risco de pandemia, que é un risco certo, e tamén activaremos plans específicos de protección civil, diante, en vésperas, como estamos, do Xacobeo 2010. Queremos que este plan afecte a máis de 70 concellos implicados nos camiños de Santiago que atravesan Galicia.

E, por suposto, unha asignatura pendente que cremos que se desatendeu nestes últimos anos é a atención ás agrupacións de voluntarios de protección civil. Non ten sentido que se teñan reducido as aportacións ata menos da metade do que se percibiu no ano 2005. Cremos que había unha rede en Galicia que non se pode perder –e aínda estamos a tempo de recuperala– de voluntarios de protección civil que merecen atención, merecen apoio, merecen axuda, e así o imos facer.

Por último, revisaremos –¿por que non?– a Lei de emerxencias de Galicia para que o sistema, que debe estar coordinado pola Xunta –iso entendemos–, non se basee –e temos casos de sobra para expoñelos– na imposición de obrigas aos concellos sen antes prever os necesarios mecanismos de asistencia económica. E continuaremos, por suposto, co despliegue dos parques de bombeiros. A situación mudou, afortunadamente, moito en Galicia desde o ano 2000 ata o momento actual, avanzouse moitísimo durante todos estes anos, e agora o que toca é consolidar o modelo de atención de parques de bombeiros en todo o territorio galego, colaborar coas cidades para que estendan o seu servizo e acabar o despliegue dos parques comarcais. E reformulando ao mesmo tempo –non hai que terlle medo a iso– o despliegue dos grupos municipais de intervención rápida e os servizos *quasi* profesionais de emerxencias que teñen moitos concellos, ao final acadarase o obxectivo que é posible –custará esforzo, pero é posible–, ese obxectivo que lle dicía antes de que todos os cidadáns galegos, vivan onde vivan, teñan garantida unha atención profesional de emerxencias nun tempo razoable.

E falar de seguridade, señorías, tamén é falar da policía. O primeiro que lles quero dicir é que o Goberno da Xunta de Galicia non renuncia en ningún caso a ter unha policía propia. Esa posibilidade está no Estatuto e ese obxectivo ten que acabarse cumprindo, pero hai que ser realistas tamén e, no contexto actual de dificultades económicas, o mellor é ir paso a paso, ser realistas, como lles dicía, e aproveitar as posibilidades que agora mesmo ten a unidade adscrita.

Señorías, este Goberno, na súa entrada, atopouse cun problema de progresiva perda de efectivos na actual Unidade de Policía Adscrita. Tiña que ter 500 e agora mesmo está polos 370. E perder efectivos estarán de acordo en que é perder a posibilidade de que a Unidade de Policía Adscrita poida prestar servizo. Por iso cremos que, antes que nada, esta unidade ten que recuperar a súa capacidade operativa. E para iso é necesario pedir a prórroga do acordo de colaboración co Ministerio do Interior; un acordo que permite que funcione esta unidade e cuxa sexta prórroga venceu no mes de outubro, e a día de hoxe –e no mes de abril xa van seis meses– non se atopaba prorrogada.

Señorías, por iso, con respecto á Policía Autonómica, neste momento, a prioridade –insisto– é que pasa por garantir a

cobertura total do cadro de persoal desta unidade para garantir o seu pleno rendemento e, sobre todo, para asumir novas competencias que temos por diante. A atención ao Xacobeo vai supoñer un pico importante nas atencións en materia de seguridade que ten que dar a Xunta de Galicia e atender, como pretendemos, novas competencias relacionadas, por exemplo, con algo tan importante como a vixilancia do furtivismo nas costas galegas.

Por iso consideramos que é fundamental a lealdade institucional –da Xunta de Galicia xa quedou claro, neste caso do ministerio– para conseguir a prórroga deste convenio. Confiamos na sensibilidade do Ministerio do Interior neste senso e no seu sentido de cooperación institucional.

En materia de xustiza, señorías –algo moi importante para esta consellería–, queremos deixar claro que a Xunta de Galicia pretende exercer as súas competencias en materia de xustiza de xeito pleno. Teñen moitísima importancia e, polo tanto, querémolas tomar moi en serio. E para facer isto o primeiro é coñecer e recoñecer o noso marco competencial.

Á Xunta de Galicia correspóndelle esencialmente a dotación de medios materiais e de persoal dos xulgados que non se traten nin de secretarios nin de xuíces nin de fiscais. Pola contra, e como é sabido, non podemos decidir –alomenos non temos a última palabra– na creación de novos órganos xudiciais nin tampouco temos a posibilidade de reforzar o sistema, como hai xuíces ou fiscais ou secretarios. Iso si, sabemos onde están as necesidades de Galicia e queremos que o ministerio nos escoite sempre á hora de tomar estas decisións.

E precisamente porque é moi importante esta colaboración co ministerio, coas competencias estatais, cómpre –e ímolo facer– traballar coordinadamente co Ministerio de Xustiza e, por suposto, con outras comunidades autónomas. Queremos traballar coordinadamente, por exemplo, no que atinxe ás novas tecnoloxías. Hai que consensuar aplicacións que permitan que estean conectados todos os xulgados, xa non de Galicia, que o están, senón de toda España, para que poidan intercambiar información e facer máis áxil a administración de xustiza.

Anúnciolles que o noso propio ámbito competencial nunhas semanas –en todo caso, antes do mes de agosto– teremos

listo un plan de medidas urxentes orientado a mellorar a rede de comunicación entre os xulgados de Galicia. Hai que renovar o parque informático, señorías, que está obsoleto, e consolidar a implantación das aplicacións informáticas, que nalgúns casos están dando a día de hoxe problemas de implantación. En todo caso, este plan o que pretende é que ao final do ano un terzo dos equipos informáticos, da ofimática dos xulgados, estea renovado, empezando, como lles dicía, polos que se atopan nun estado máis obsoleto dende o punto de vista tecnolóxico.

E queremos traballar –isto é moi importante– coordinadamente co Estado na asistencia xurídica gratuíta. Urxe, é urxentísimo –e así llo pedimos ao ministro–, unha modificación da actual regulación. Hai que delimitar o dereito á asistencia xurídica gratuíta. Non se pode deixar a ninguén que teña dereito sen a asistencia dun avogado. Pero tamén estarán de acordo as súas señorías en que é necesario arbitrar mecanismos para que aquel que se poida permitir o pago dun avogado non teña a Xunta de Galicia –en definitiva, os impostos de todos os galegos– que custealo, cando estamos ante o risco certo dunha desviación orzamentaria brutal no tema da asistencia xurídica gratuíta. Insisto, é un dereito que nunca se pode deixar de dar, pero para iso hai que dalo obxectivamente. Ímoslle pedir ao Estado que cambie a normativa para poder actuar nós. É necesario que antes a lei que regula este aspecto se cambie dende o punto de vista estatal, e, unha vez que estea feito, actuaremos en consecuencia.

E, en todo caso, dígolles cal é o noso obxectivo nesta materia. Queremos que os profesionais que prestan un labor impagable, os avogados que están na quenda de oficio na asistencia xurídica gratuíta, poidan cobrar nos 30 días seguintes ao vencemento do correspondente bimestre –agora vaise cobrar cada dous meses–, e ao mesmo tempo negociaremos un baremo para a quenda de oficio que deixe estabilizado este sistema para os próximos anos, actualizando os conceptos e as cantidades indemnizables. E tamén lle pediremos ao Estado –e esperamos a súa colaboración, e así o dixo o ministro a semana pasada– que nos ceda o resto das competencias que a día de hoxe non temos en materia de persoal e que agora mesmo xestiona a Xunta de Galicia. Non ten moita lóxica que a día de hoxe a Xunta de Galicia non poida, non teña a última palabra, á hora de aprobar as relacións de postos de traballo nos xulgados –insisto, nese per-

soal que agora mesmo non xestionamos–, á hora de aprobar as plantillas e á hora de convocar as ofertas de emprego público. Estamos seguros de que, unha vez que se asuma esta competencia, lla imos reclamar, e unha reclamación conxunta de todas as comunidades que agora mesmo teñen transferidas as competencias en materia de xustiza, cando a teñamos, dende logo, mellorará moito a xestión de persoal, que –insisto– agora mesmo está condicionada pola última palabra que ten o Estado á hora de aprobar as RPT, as plantillas e as ofertas en materia do persoal auxiliar da administración de xustiza.

E polo que se refire á xustiza de paz –moi importante e ás veces hai quen se esquece diso–, poremos en marcha de maneira progresiva as agrupacións de secretarías de xulgados de paz para axudar os concellos a soportar estes gastos, e completaremos o plan de informatización da xustiza de paz, dándolle un verdadeiro soporte informático para desenvolver as importantes funcións en materia sobre todo de rexistro civil e outras. Nunha primeira fase, antes do mes de agosto, quedarán informatizados 74 xulgados de paz, e o Plan de informatización rematará no ano 2010 cos restantes 196 xulgados de paz.

E seguiremos –e fago un pequeno resumo– coas actuacións que xa están en marcha en materia de infraestruturas xudiciais que están acordadas na comisión mixta entre o poder xudicial e a Xunta de Galicia e que supoñen que nas cidades da Coruña, Santiago e Ferrol se sigan acometendo diferentes obras de reforma, rehabilitación e construción de edificios de xulgados. En Ourense está agora mesmo a punto de resolverse o concurso de ideas para dotalos dun novo edificio xudicial –reclamación longamente feita e que agora se vai converter en realidade–. En Vigo estamos á espera de que o Concello poña á disposición da Xunta de Galicia os terreos para empezar todas as actuacións –xa está feito o proxecto– para construír a chamada Cidade da xustiza. En Pontevedra plantexaremos e acometeremos no próximo ano, se realmente o Concello pon á disposición da Xunta de Galicia terreos da súa propiedade para facer un novo edificio que supere o colapso que agora mesmo empeza a ter o edificio do Xulgado da Parda... E tamén faremos novos edificios, en principio, en Tui, Pontearreas, Muros e Celanova como obxectivos máis inmediatos. E, a partir de aí, sempre de acordo co poder xudicial, no seo da comisión mixta creada para o efecto, iremos plantexando novos edificios xudiciais.

Abordaremos tamén un plan de reforzo de 17 millóns de euros para mellorar a produtividade das oficinas xudiciais e mellorar, polo tanto, a calidade do servizo. Queremos tamén fortalecer a actuación dos maxistrados na Sala do social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dándolles funcionarios de reforzo e axudando con cartos as prolongacións de xornada –todo iso cun custo anual de 530.000 euros–. E, por último, incrementaremos o cadro de persoal funcionario da administración de xustiza en 250 postos, máis do 10% da plantilla, que acada actualmente os 2.421 postos de traballo e, como digo, se verá incrementada nun 10% con este incremento de 250 postos.

Estaremos atentos, por suposto, ao diálogo necesario cos xuíces, cos fiscais, cos sindicatos da administración de xustiza. Faremos unha aposta especial –e aquí quero facer un chamamento porque creo que a todos nos interesa– a promover algo tan importante como frear o constante aumento da litixiosidade, que se está convertendo nun dos principais problemas da administración de xustiza e que pode chegar a colapsar moitos órganos xudiciais.

Imos apoiar o ministerio nese plan para introducir mecanismos intraxudiciais e extraxudiciais de solucións de conflitos, cun obxectivo: reducir en catro anos un 12% como mínimo os procesos nunha serie de ámbitos xudiciais que agora mesmo –xa digo– ameazan co colapso de determinados órganos, e ao final acadar o obxectivo de 1.500 expedientes ao ano como media solucionados pola vía da mediación sen necesidade de acudir aos xulgados.

E, por último, señorías, respecto da Escola Galega de Administración Pública e da Academia Galega de Seguridade da Estrada, queremos traballar na calidade e eficacia da xestión. E para iso hai que reorganizar e modernizar a nosa administración, e por iso os dous centros de formación que dependen desta consellería van cumprir –anúnciolles– un papel fundamental. Queremos que actúen de verdadeiras axencias de formación ao servizo dos empregados e dos servizos públicos. E, por iso, ademais de descentralizar as súas actividades presenciais ao maior nivel posible –é importante seguir con esta política de descentralización–, queremos impulsar e fomentar e cremos firme e sinceramente nas potencialidades da teleformación. Hai que aproveitar, en materia de formación, as tecnoloxías da información e comunicación. Queremos construír nesta lexislatura unha

verdadeira EGAP 2.0, que abre un enorme abano ás posibilidades formativas sen ter necesidade de desprazarse. Queremos que neste período de catro anos se superen as 10.000 prazas ofertadas dende a Escola Galega de Administración Pública para facer teleformación.

Ao mesmo tempo anúnciolles que imos abrir a Egap ao maior número posible de empregados públicos, a todo o persoal ao servizo das administracións públicas en Galicia, non só da Xunta de Galicia, senón tamén do resto das administracións con presenza na nosa comunidade autónoma.

E toda esta modernización non tería sentido sen acometer profundas reformas no funcionamento diario da Administración da Xunta de Galicia. Disto vaise ocupar a Edición Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa en colaboración estreita coa nova Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica. Estamos analizando xa todos os procedementos administrativos que se tramitan na Xunta de Galicia a instancia de parte, que son, segundo os datos que obran no noso poder, 1.776. Pois ben, neses 1.776 procedementos pódense –e é posible e ímolo facer– suprimir os trámites que non sexan absolutamente necesarios para resolver os correspondentes procedementos, sobre todo os que se refiren á petición de documentos. Cremos que esta actuación pode supoñer a eliminación de aproximadamente entre o 15% e o 20% dos trámites agora mesmo esixidos nos procedementos que tramita a Xunta de Galicia. Evitaremos, polo tanto, pedir documentos que xa pode xerar a propia administración. Non ten sentido estarlles pedindo aos administrados papeis e documentos dos que xa dispón a propia Administración.

E tamén lles anuncio que no terreo da contratación haberá innovacións. Pecharemos o ciclo completo do sistema de contratación electrónica –e isto é unha novidade moi importante– para todo tipo de contratos. Implantaremos a factura electrónica. E, así as cousas, como resumo, dicir que xa non será necesario ir á Xunta para presentar unha oferta –ir fisicamente, refírome– nin será necesario acudir á Xunta para asinar un contrato ou para presentar unha factura, coa correspondente mellora que isto vai supoñer para moitísima xente que agora mesmo se ve obrigada a un desprazamento físico a unha sede da Xunta de Galicia.

E, finalmente, convencidos de que a administración non ten por que ser un obstáculo para os emprendedores, e conven-

cidos de que, ao contrario, ten que ser un axente activo, promoveremos tamén a implantación dun sistema integrado de tramitación para a creación de empresas; un sistema –dito en palabras entendibles– que sirva de punto único para a obtención de todos os permisos, licenzas e axudas que sexan necesarios para crear unha empresa en Galicia dende o punto de vista das competencias autonómicas.

Queremos con este proxecto evitarlles custos aos cidadáns e, ao tempo, queremos que o cidadán deixe de estar ao servizo da Administración á hora de facer trámites e que a Administración da Xunta de Galicia pase definitivamente a estar ao servizo do cidadán para facilitarlles todos estes trámites.

En definitiva, señorías, pretendín nesta comparecencia darlles unha visión o suficientemente ampla, necesariamente resumida por cuestións de tempo, das principais liñas de xestións que a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pretende implementar nesta lexislatura. Estamos convencidos na consellería de que unha administración moderna é sempre unha administración que innova, unha administración que incorpora novas iniciativas e unha administración que está sempre a favor de implantar novas técnicas de xestión. Pero sobre todo estamos convencidos na consellería de que unha administración moderna é sempre aquela que se adapta ás esixencias e circunstancias de cada momento. Por iso neste momento de crise –especialmente neste momento de crise– unha boa administración non será nunca aquela que absorbe recursos para si mesma, senón aquela que fai todo o contrario. Unha boa administración é aquela que libera recursos para dedicalos ás funcións que máis urxentemente están demandando os cidadáns.

Ese, señorías, será o noso empeño e nese empeño nos atoparán durante os próximos catro anos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra don Alfredo Suárez Canal.

O señor SUÁREZ CANAL: Señora presidenta, señoras e señores deputados.

Señor conselleiro, penso que na súa comparecencia hai moita retórica e poucos compromisos. Agás algunhas cousas concretas no terreo da xustiza, agás algunhas cousas concretas no terreo das plantillas, no tema das emerxencias e do persoal da xustiza, o demais, moita retórica: hai que mello-rar, hai que modernizar, imos estudar... E iso dá unha dificultade para facerlle un seguimento a vostede ao longo da lexislatura e saber se en realidade se van cumprir compromisos e obxectivos.

Empezou vostede, como non podía ser menos, coa nova palabra totémica para o Goberno da Xunta, que é austeridade. A austeridade, como vostede pode imaxinar, é unha pretensión que calquera administración é loable que defenda, aínda que non se mide en termos de redución de persoas. A redución en si mesma non ten que ser un fin, senón en vez de dez consellerías habería que poñer cinco ou catro. Haberá que medir en función da eficiencia dos resultados. E agora que empezamos a ver a plasmación concreta da estrutura nova, vemos que, de austeridade nos servizos que se montan e, polo tanto, nas unidades da Administración, nada de nada, señor Rueda; non sei no parque móbil, xa o veremos. Pero eu se fago unha comparación homoxénea –homoxénea, refírome– da súa consellería coa anterior, non me sae redución nos postos que atenden á sociedade cando empeza a baixar a estrutura orgánica a nivel de servizo. Vaiamos aos datos concretos. Digo comparación homoxénea; é dicir, incluíndolle a vostede o que antes era a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, que pasa a ser unha dirección xeral agora; a Secretaría de Relacións Institucionais, unha parte que estaba en Vicepresidencia, que agora pasa á súa consellería, e ao mesmo tempo perdendo a parte da Dirección Xeral de Avaliación, que pasa como secretaria xeral a Presidencia. Facendo comparacións homoxéneas a min saénme, señoras e señores deputados –iso si, con cambio de nomes e, efectivamente, redución de altos cargos, a iso me referirei despois, e comparando estruturas homoxéneas–, 63 postos na Administración central e 33 na periférica, e non conto aí os gabinetes dos delegados territoriais novos; sen contar iso, 63 postos: 1 conselleiro, 7 directores xerais, 16 subdirectores, 39 servizos e 33 na Administración periférica; total, 96. ¡Atención!, antes o conselleiro, a secretaria xeral –que estaba en Presidencia e que agora pasou a ser unha dirección

xeral con vostede de relacións institucionais—: 8 directores xerais, 18 subdirectores, 42 servizos e 24 na Administración periférica; total, 94. Agora 96, antes 94. A austeridade, ¿onde está? Fagan vostedes a comparación, que eu levei o traballo de facela unha a unha. É certo, se falamos de altos cargos, si, porque cambiaron os xefes territoriais, que antes eran altos cargos, agora non o son —antes eran delegados provinciais e agora son xefes territoriais—. Xa veremos cando vaian baixando as RPT para abaixo qué vai pasar. Dende logo, na Consellería de Presidencia, sumando Administración central e Administración periférica, 96 postos de traballo no que ata agora coñecemos; é dicir, a nivel de servizo. Na Administración anterior, 94. ¿U-la austeridade, señor Rueda? ¿U-la austeridade?

E, ademais, cando baixamos ao terreo da política, vemos que tamén a austeridade non é tal, é un criterio político. ¿Onde reduciron vostedes nos altos cargos? —fíxese, para definir claramente que hai escasísima vocación de autogoberno na Xunta de Galiza—. ¿Onde se reduce? Redúcese nas relacións exteriores. Efectivamente, chega a Fundación Galiza-Europa. Calquera comunidade que se prece na Unión Europea e que queira pretensións políticas de negociar algo tería que ter a día de hoxe a aspiración de ter unha auténtica delegación en Bruxelas para relacionarse coa Unión Europea. Para vostedes, non, chega a Fundación Galiza-Europa. Xa non me quero meter no que xa saíu esta mañá aquí a nivel de relacións coa emigración e a importancia de que haxa unha administración importante nese terreo.

Señores e señoras, a policía non é unha pretensión importante para este Goberno. Alén de que sexa moito máis eficaz unha policía máis próxima —e pódollo dicir con coñecemento de causa: en ámbitos onde a colaboración era importantísima ¡como sería moito mellor ter neses ámbitos maiores rangos competenciais por parte da Xunta de Galiza!—, hai dualidade entre a policía adscrita e a policía hoxe existente; e, por tanto, non tería por que ser un custo adicional. Non me veña coa cantinela aí da austeridade, señor Rueda. Aí hai un problema político: que non se quere dotar no terreo de interior dunha auténtica policía integral neste país. E ese é outro problema que volve evidenciar que a austeridade para todo o que sexa incremento do autogoberno, un paso atrás; a austeridade para outro tipo de cousas, polo que se ve, non aparece. Tamén é certo que un dos servizos que vostedes anulaban é a atención ao

ciudadán. Fíxense vostedes, a austeridade tamén leva a que un dos servizos que había no rexistro, que era o de atención aos cidadáns, desapareza na propia estrutura orgánica da Xunta.

E, por suposto, as relacións institucionais co Estado, as relacións institucionais de Galiza. Efectivamente, como aquí non hai vocación de crer nun auténtico goberno galego, pois hai que afrouxalas, hai que facelas máis austeras. ¡Fíxense vostedes que concepto político da austeridade!: redución claramente do que son todas as potencialidades de autogoberno. ¡Amigo!, pero no que se trata de crear unha nova estrutura política por arriba menos, efectivamente, eliminando os delegados provinciais, que tiñan un perfil político-administrativo na propia configuración das persoas, agora iso mantense como xefes territoriais, non son altos cargos. Eu xa discutín aquí que creo que é unha equivocación que a Administración máis próxima aos cidadáns non se poida designar ao día seguinte da constitución do Goberno para que poida empezar a tramitar xa problemas. Pero, bueno, eu podo entender que vostedes queiran eliminar esa categoría, é un cambio de nome e iso acaba significando redución de altos cargos. Pero, claro, non ten sentido entrar nesa mecánica porque eu tamén podería dicir: ¿onde a austeridade, se de oito secretarías xerais pasaron a once? Aí, como non lles interesa a comparación, din: non, non, é que as secretarías xerais son asimiladas ás direccións xerais. ¡Falso! As secretarías xerais teñen por debaixo direccións xerais. Polo tanto, onde interesa se fan comparacións nun totum revolutum; onde non interesa, non.

Pero, dígolle máis, vostede toda esa estrutura territorial dos delegados territoriais, improvisada e que xa temos analizado aquí en profundidade, que está xerando enormes problemas, que está atrasando xestións, aí si que non hai problema de austeridade. Aí non hai, créase unha estrutura nova, efectivamente, con, en principio, dez cargos políticos, e xa veremos o que se lle coloca ao lado. E é unha estrutura absolutamente política, non ten ningunha funcionalidade de que imos mellorar este servizo, imos facer isto máis operativo, non, non, porque o propio conselleiro desde a tribuna di: Todo o demais queda como está, iso é a maiores. Polo tanto, nada de austeridade, polo menos neste terreo. No do parque móbil xa o avaliaremos cando cheguen vostedes a facer as reformas. Neste terreo a súa consellería evidencia que en datos concretos non está aí a situación.

E, dende logo, o que é certo é que no plano do que é o auto-goberno hai, efectivamente, adelgazamento. A Xunta actual ten pouca vocación de autogoberno neste país e, polo tanto, adelgázanse todo o que serían as funcións importantes nese terreo. E os primeiros pasos –señor Rueda, non me vai dar tempo de dicirlle todo o que quería– témoslle que dicir que empece a corrixilos. Non é de recibo que nunha *web* que pagamos todos os galegos se dedique a insultar, se dedique a falar de chantaxe, a falar de mentiras, a falar de calumniar os grupos da oposición constantemente. Unha cuestión é que vostedes fagan as comunicacións oficiais que queiran a nivel partidario e outra utilizar a *web* da Xunta de Galiza como un auténtico disparadeiro contra os grupos da oposición, contra os sindicatos, contra todo o que se mova contra a actual Xunta de Galiza. Tamén lle teño que dicir que, efectivamente, se reducen eses servizos aos cidadáns.

Vostede das relacións co Parlamento non dixo nin pío. Efectivamente, no que levamos visto neste inicio de Parlamento, aquí si que hai unha T4 en Madrid. Seica hai unha T3 en Barcelona, unha nova T3. Aquí hai a T2 da Xunta de Galiza. O Parlamento é a T2 da Xunta de Galiza; é unha nova terminal polas primeiras iniciativas que vostedes tomaron a nivel de funcionamento normativo e a nivel de desenvolvemento normativo.

Na segunda intervención farei algúns comentarios –porque non me dá tempo e teño que rematar– sobre a súa intervención dende a tribuna nalgúns outros aspectos como transferencias...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Suárez Canal.

O señor SUÁREZ CANAL:..., como o tema da Administración local, o tema da xustiza, o tema das emerxencias [...]

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Suárez Canal.

O señor SUÁREZ CANAL:..., pero, fíxese vostede, señor Rueda...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Suárez Canal.

O señor SUÁREZ CANAL: Permítame dez segundos nada máis para facerlle unha pregunta ao señor Rueda.

Vostede é o responsable da Administración galega, vostede é o responsable da relación coa Administración de xustiza, onde o 3% das sentenzas se publican exclusivamente en galego. ¿Escoitáronlle, señoras e señores deputados, unha soa palabra falando do progreso na galeguización da xustiza e na galeguización da Administración? Cero [...] *(O señor Suárez Canal pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Suárez Canal.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Lage Tuñas.

O señor LAGE TUÑAS: Boa tarde.

Grazas, señora presidenta.

Benvido, señor Rueda Valenzuela. Digo benvido porque despois de sesenta días vostede comparece neste Parlamento para dar conta das liñas de actuación do departamento que dirixe e, polo tanto... Non se violenta que de momento lle estou dando a benvida. É dicir, penso que non lle parece razoable. A min paréceme o normal. Cando alguén vén por primeira vez a contar o que vai facer no seu departamento o normal é darlle a benvida. Penso que ao mellor a vostede non lle parece ben.

En todo caso, é fácil coincidir con algunha das cuestións que vostede apuntou: referencias de carácter xenérico a que funcione da mellor maneira posible a Axencia de Formación, a Escola Galega de Administración Pública; que se simplifiquen os trámites administrativos; que se profunde na contratación electrónica; incluso que se poida incrementar o persoal de xustiza; que se poidan mellorar as dotacións materiais dos xulgados, e un longo etcétera que pode discorrer dende o apoio ás agrupacións de protección civil, o desprezo do parque de bombeiros –no cal agradezo que recoñeza o avance que supuxo o Goberno socialista na Xunta de Galicia nesta materia–... Paréceme, pola súa parte, moi interesante. Pero a min gustárame comezar dicíndolle, señor Rueda, que son as cinco da tarde do martes 23 de xuño e que vostede aínda non dimitiu. Vostede non dimitiu *(Risos.)* e vén aquí a este Parlamento despois de ter proferido ameazas e de formular chantaxes desde a tribuna deste Parlamento como conselleiro da Presidencia, que é, actuando con grave

irresponsabilidade, cecais, para tentar tapar as súas propias vergoñas. (*Murmurios.*)

Señor Rueda, vostede dixo dende esta tribuna: “*Se van a enterar*”. A min paréceme intolerable. Si, señor Rueda, si, esa foi a súa resposta a un deputado que me precedeu no uso da palabra. Nin a chantaxe nin a ameaza vai frear o traballo do Grupo Parlamentario dos Socialistas galegos, quero que lle quede ben claro. E se a súa actitude é esa e quere falar de alfombras, vexo que a escola do Casino de Pontevedra pasa do señor Rajoy Brey como “*el del señor de los hilillos*” ao señor Rueda de Valenzuela como “*el señor de las alfombras*”. ¿Vaise dedicar vostede como conselleiro da Presidencia ás alfombras? Bueno, pois daquela é evidente que teremos señor dos hilillos, señor das alfombras, non señor dos anillos.

Señor Rueda, ao Grupo Socialista o que lle apetece é contri- buír dende o lugar onde o situou a poboación galega –que é a oposición neste caso– con medidas positivas, con propos- tas positivas, para mellorar a calidade da democracia e a cooperación coas administracións locais. Haberá puntos de entendemento e de acordo en beneficio das galegas e dos galegos en tanto en canto sexamos capaces de compartir determinadas accións que son necesarias, sen ir máis lonxe, na suficiencia de fondos para as corporacións locais, nome- adamente os concellos galegos. Señor Rueda, a nosa posi- ción é unha posición construtiva e é a posición construtiva dun grupo que aspira a ser goberno de novo e que entende que é necesario seguir dando pasos para mellorar a calidade da democracia, entre outras cuestións, con algunhas propos- tas das que vostede non dixo nin unha soa palabra na súa pri- meira intervención: a reforma dos medios públicos de comu- nicación, qué pasa coa Lei de publicidade institucional que deixou elaborada o anterior Goberno, señor Rueda, coa incorporación da sociedade civil aos debates no Parlamento de Galicia e co que se refire aos textos lexislativos que poña en marcha o Goberno de Galicia.

A nós parécenos significativo que vostede, que fixo un repa- so con declaracións máis ben escasas de compromiso, agás nalgúns temas, non teña tocado nin a reforma do Estatuto de autonomía, o incremento do autogoberno galego, a mellora da administración da xustiza, a necesidade dunha lei de publicidade institucional. Non sabemos se teñen pensado ou non mellorar os mecanismos, sabemos o que pensan do voto

emigrante, compartimos a necesidade de apostar polo voto en urna, sen dúbida. Iso xa está no Congreso dos Deputados, como vostede ben saberá. Pero nada nos dixo dunha posible reforma electoral en Galicia, da Lei electoral de Galicia.

Falou do Pacto local, e no Pacto local teño que recordarlle que foi un goberno socialista presidido por Emilio Pérez Touriño, señor Rueda, o que foi quen de asinar coa Federa- ción Galega de Municipios e Provincias un anhelos de todos os concellos, como era ese Pacto local, porque a vostedes non lles dera tempo. Estiveron dezaseis anos e foron poucos para poder asinar e poñer en marcha o Pacto local. Podemos compartir a necesidade de impulsar o seu desenvolvemento, e desde logo xa hai partidas recollidas, como vostede ben sabe, recollidas no orzamento do 2009 para poder facer posi- ble esa asunción de custe económico por parte da Xunta de Galicia, de custes que están asumindo agora os concellos galegos.

A verdade é que puxo aquí vostede encima da mesa o tema da policía, e vostede a verdade é que ten unha forma moi curiosa de poñelo enriba da mesa, porque, desde logo, nin hai aposta polo desenvolvemento da policía e, desde logo, parécese máis a súa política de redución de efectivos á que tivo o señor Aznar que á política de incremento de efectivos na seguridade pública que puxo en marcha o Goberno de Zapatero en España. Vese ben por onde vai a súa liña de actuación e a súa liña política.

Desde logo que aos socialistas nos parece importante acadar unha organización e ordenación administrativa territorial consensuada e nova que poida mellorar a que temos hoxe en Galicia. Unha nova lei de administración local de Galicia é unha tarefa pendente, e consideramos importante abordala nesta nova etapa da autonomía de Galicia. E, desde logo, entendemos que a cidadanía demanda novos dereitos e demanda eficiencia das administracións en termos de tempo e de calidade.

Sería bo coñecer as propostas do Goberno para abordar a reforma da Administración pública galega. Vostede fixo aquí unha serie de consideracións que desde logo eu non vou descualificar. O que si digo é que polo de agora o único que fixo foi un enunciado, nin máis nin menos que unha decla- ración de intencións sen concreción e que, desde logo, deixa moito que desexar desde o noso punto de vista.

Tampouco se referiu á presenza de Galicia no exterior en termos dun novo modelo; é dicir, cal vai ser a aposta que faga o Goberno de Galicia en torno á proxección de Galicia no exterior. É certo que dez minutos non dan para tocar todos os temas que están pendentes e que abarca a súa consellería, pero non estaría de máis que nos contara o que vai facer co Xulgado do Mercantil, vostede que trata de evitar que os cidadáns de Vigo poidan acadar o Xulgado do Mercantil –remítome ás súas declaracións–. E, desde logo, creo que sería interesante coñecer as súas propostas en materia de xustiza gratuíta, dado que o anterior Goberno aprobou un decreto e deixou pactado ademais os incrementos das partidas de honorarios para letrados e procuradores. Este non é un tema menor. Desde logo, creo que é relevante, ao igual que os outros que temos tocado, ao igual que a publicidade institucional, a necesidade de artellar mecanismos de transparencia en torno á relación cos medios de comunicación, coas empresas da comunicación, criterios transparentes e, desde logo, que posibiliten unha democracia de maior calidade.

Señor Rueda, a tarefa do Grupo Socialista é construír un país mellor; construílo agora, dende a oposición, e, cando nos toque de novo, dende o Goberno. Na tarefa de buscar entendemento en asuntos que son de interese para a maioría dos galegos, o Grupo Socialista sempre estará disposto, pero vostede puxo hoxe aquí enriba da mesa as eivas que ten a proposta do Partido Popular. Non sabemos nada da reforma do Estatuto, non sabemos nada da publicidade institucional, non sabemos nada de grandes asuntos que ten o país por diante. E, por certo, os números non vou reiterar o que xa dixo un matemático destacado como é o señor Suárez Canal, creo que o explicou de forma moi sinxela e moi clara. Señor Rueda, sería bo que non seguisen enganando os cidadáns. De momento, austeridade, cero. Cambiáronlle os nomes aos delegados provinciais, nomearon xefes territoriais...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor Lage, por favor.

O señor LAGE TUÑAS:... e o que fixeron foi poñer cinco comisarios políticos.

Desde logo, o que montaron foi un bo lío, e vostede puido velo en Pontevedra hai ben poucas horas. Vostede é o responsable dos líos que están montando dende a súa consellería. Nin austeridade nin aforro.

E, por certo, aínda non lles explicaron aos cidadáns galegos...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Lage.

O señor LAGE TUÑAS:... cales son as novas prestacións, os novos beneficios que reciben os galegos e as galegas das súas reformas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Lage.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra don Antonio Rodríguez Miranda.

O señor RODRÍGUEZ MIRANDA: Grazas, señora presidenta.

Boas tardes a todos, señoras deputados, señores deputados.

Señor conselleiro, antes de nada queremos agradecer a súa comparecencia porque, efectivamente, esa é a mostra de que hai uns novos equipos de traballo na Xunta e de que, efectivamente, hai un obxectivo para poder traballar por Galicia. Agora si podemos dicir que existe unha auténtica Consellería de Presidencia e non aquel sucedáneo que tivemos durante o bigoberno que só exercía as súas competencias transversais sobre a parte socialista, e para iso escasamente.

Agora si existe un único interlocutor para articular a relación co Parlamento e coas demais administracións públicas. Agora si que será posible levar a cabo o avance necesario na reforma da Administración galega para que se converta na administración moderna do século XXI, como é a propia sociedade galega.

E, efectivamente, esa modernización, señor conselleiro, debe facerse, como aquí expuxo, desde a austeridade; unha palabra que parece que aquí, nas bancadas da oposición, causa certamente sarpullidos. *(Protestas.) (Aplausos.)* Aquí algún deputado estivo practicamente os dez minutos intentando xustificar o inxustificable. Austeridade é o que nos pediron os galegos e as galegas fronte á ostentación e ao despilfarro, que esa é a marca que levan vostedes e ninguén lla pode quitar, gañárona a pulso, demostrando que se poden baixar máis dun 45% os altos cargos, que se pode baixar un 30% o persoal eventual, que se pode substituír a políticos por funcionarios, que se pode despolitizar e profesionalizar

a Administración, algo que prometeron e que nunca cumpriron, e agora xa non lles toca. (*Aplausos.*)

E eses aforros son reais, 35 millóns de euros de aforro, díxeronllelo. E, na Administración periférica –que tanto lles molesta– 15 millóns de aforro precisamente nos próximos catro anos. Por certo, alguén aquí falaba de páxinas web. Eu non sei se se referirían á páxina web de Medio Rural, cando estivo colgada non sei cuántos meses alá naquel agosto negro porque non interesaba que se soubesen datos; igual se refería a aquela páxina web. (*Aplausos.*)

Efectivamente, a cooperación e o diálogo é o necesario agora na Administración galega, fronte ao sectarismo e á crispación de posturas extremistas e con miras exclusivamente partidistas; demostrando que se pode pasar daquela cooperación intelixente, que ao final se converteu nun servilismo egocéntrico, ou de educar a Madrid, que levou a aquilo de: dáme algo, que hai que xustificarse alá en Galicia. Pasamos a esixir con dignidade e firmeza o que consideramos de xustiza para Galicia, reclamando compromisos escritos para o AVE, reclamando 440 millóns para a dependencia, reclamando respecto ás necesidades de financiación de Galicia, tendo en conta o envellecemento ou a dispersión e pensando que as competencias non só hai que reclamalas nos medios de comunicación, na prensa; hai que efectivizalas nos reais decretos de traspaso. Alí é onde se ven as competencias reais que asume Galicia, nos reais decretos de traspaso, e diso vostedes non practicaron nada.

A calidade e a eficiente xestión. Efectivamente, iso é o necesario, fronte ao conformismo e a inoperancia. Debemos pasar daquel “vaise acabar a peregrinaxe dos alcaldes polas consellerías”. A realidade: un total partidismo no reparto de subvencións aos concellos. O Partido Socialista levaba o 50% dos cartos, o Bloque andaba alá polo 20%, o PP quedábase co 30%, cando é o Partido Popular o que ten a maioría dos concellos de Galicia, dos 315 concellos. (*Aplausos.*)

Ten que se acabar esa política de fachenda. Non pode ser que se aprobe unha lei de transparencia e a metade dos asesores non apareceran publicamente, que existise un rexistro de convenio, que dependía da área nacionalista do Goberno, ao que eran insubmisas as consellerías do Partido Socialista.

Nunca se debeu ser campións do sistema secreto de contratación: o superaudi, a sala de consellos, o despacho do presidente, o despacho do conselleiro de Presidencia, a plataforma de emerxencias... Por certo, a maioría dos gastos do señor conselleiro de Presidencia son tan secretos que nin facturas parece que existan. En vez da Xunta de Galicia, parece que tiñamos a CIA na Xunta. (*Protestas.*) (*Aplausos.*)

Estamos noutros tempos. O Goberno galego, señor conselleiro, ten que colaborar para que o Parlamento de Galicia cobre protagonismo, o que merece, para que o Parlamento sexa o punto de referencia da cidadanía no que atinxe aos seus problemas e inquedanzas. O Goberno debe favorecer o labor de control do Parlamento e ten que asumir este compromiso, o compromiso de que se vai desde o Goberno favorecer ese labor de control para axilizar os trámites das iniciativas que presenten todos os deputados desta Cámara.

En materia de Administración local, é necesario reforzar as relacións de cooperación cos entes que conforman a Administración local. É necesario que ese Pacto local se converta en realidade, que eses 80 millóns de euros previstos no Pacto local, o 90% aínda sen executar, nin cinco millóns de euros... É necesario, hoxe máis que nunca, avanzar na mellora do financiamento das corporacións locais. ¿Como é posible que durante estes anos os concellos impugnaran, a través da Fegamp –por certo, dirixida por un alcalde socialista–, normas emanadas da Xunta de Galicia, como foron as do hábitat, a Lei de servizos sociais ou puxeran os seus recelos respecto do Consorcio de Servizos Sociais?

¿Como puideron marcar novas leis obrigas económicas aos concellos galegos sen darlles unha dotación orzamentaria, como foi no referido á Policía Local ou na Lei de emerxencias? Porque non había diálogo, porque a chulería da Xunta era suprema e impuña por riba de todo, e a autonomía municipal estivo vulnerada continuamente durante estes catro anos. Iso ten que rematar e vai rematar. Non pode ser que despois de tres anos o Pacto local, o 90%, estea sen cumprir. ¿E por que non avanzaron na súa estabilización e na súa profesionalización os Grumir, que tantos servizos teñen prestado en Galicia?

Certamente é necesario tamén incidir nos dereitos económicos dos cargos electos locais. Non se poden permitir os concellos galegos que cos gobernos bipartitos que agora temos

os gastos destes concellos en altos cargos e asesores se incrementasen o 40%. Os galegos non se poden permitir iso.

É necesario tamén, señor conselleiro, que este pacto de perdedores que impediou en Galicia durante catro anos que avansasen iniciativas do Grupo Popular para sacar adiante a área metropolitana de Vigo deixe de ser ese un problema e sexa o propio Goberno o impulsor precisamente do avance das áreas metropolitanas en Galicia. É necesario que os concellos galegos reciban axuda para implantar a administración electrónica para acercarse aínda máis aos cidadáns, aos que xa están moi cerca.

En materia de relacións exteriores, queríalle trasladar, señor conselleiro, do noso grupo o apoio á decisión da Xunta de trasladar a delegación da Xunta en Bos Aires ao Centro Galego, referente histórico da galegitude, acadando a necesaria cercanía aos galegos alí residentes. E ao mesmo tempo consideramos acertada e imprescindible, dentro do marco xeral de austeridade, esa redución superior ao 50% que vai supoñer esta decisión do total dos 800.000 euros que custaba á Xunta de Galicia, eliminando así esa sorte de posmoderno pazo virreinal nas américas –que así se podería cualificar–, claro, ese sultanato socialista galego do século XXI ao que nos teñen acostumados...

A señora PRESIDENTA: Perdoe un momento, señor Rodríguez Miranda.

Rogo aos deputados que escoiten en silencio a intervención do señor Rodríguez Miranda. (*Murmurios.*)

Rogo, por favor, que se escoite en silencio.

Moitas grazas.

Ten a palabra, señor Rodríguez Miranda.

O señor RODRÍGUEZ MIRANDA: E temos que falar tamén, señor conselleiro –porque a outros deputados parece que aquí non lle interesaba–, hai que falar tamén das emerxencias en Galicia, efectivamente. Hai que falar desas deficiencias estruturais que tiña o Centro de Atención de Emerxencias, 112, estruturais e funcionais, que se arrastraron durante os últimos catro anos, sen mediar ningunha acción, que provocaron colapsos continuos deste servizo, que houbo

cotiás protestas dos traballadores por inadecuadas condicións de traballo, por falla de protocolos, por ter espazos raquíticos e inapropiados.

¿Ou que dicir da Axega, ese centro do despilfarro das emerxencias, que persoal técnico non tiña, pero si tiña á súa fronte un responsable que gañaba un 30% máis que o presidente da Xunta ou un secretario xeral que gañaba máis de 60.000 euros ao ano? Pero técnicos de emerxencia non tiña. E non nos podemos esquecer das agrupacións de voluntarios, aos que se lles retirou o 50% dos fondos. ¿Para que? Para facelos esmorecer e para meter todos eses cartos nesa pantasma, precisamente, na que se converteu a Axega.

Teríamos que falar dos parques de bombeiros, da policía, pero, evidentemente, non queda tempo, e da xustiza. No segundo tempo teremos ocasión.

O que si lle pedimos, señor conselleiro, é agradecer novamente a súa presenza e que siga nesa liña de traballo porque, efectivamente, os galegos así llo van agradecer. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rodríguez Miranda.

Ten a palabra para a réplica o conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Lage, eu agradézolle a benvida, non me pon nada nervioso, agradézolla de verdade; o malo é que non lle teño moito máis que agradecer do que dixo na súa comparecencia.

Mire, eu sinceramente, esperaba... En fin, eu vin aquí a falar de cousas serias, de verdade, e lamento comprobar que as súas prioridades, e supoño que as do seu grupo, son as que vostede expuxo, son as que vostede resumiu. Mire, eu vinlle aquí a falar creo que de cousas importantes e que merecían un debate e merecían probablemente as súas propostas alternativas. Están na oposición, é lóxico que non pensen igual que o Goberno nalgúns cousas, aínda que penso que noutras todos deberíamos estar de acordo, pero xa vexo que non é así.

Eu faleille..., vin aquí a falar de cousas concretas. É lóxico que vostedes me digan nun guión escrito: Non, é que vostede vén a falar de inconcrecións. Pero é que non é así. Faleille de cousas concretas, o malo é que a vostede, claro, non lle interesa entrar a debater esas cousas.

Mire, faleille da situación na que nos atopamos cando se nos dixo que 33 transferencias eran un obxectivo pouco ambicioso, e díxose que se ían facer ducias e ducias e ao final xa ve o resultado. Nós non queremos iso, non queremos –xa llo dixen– dicir que temos que educar a España en confrontar. Non, queremos unha comparación intelixente, co goberno que estea gobernando en Madrid en cada momento, porque iso lle interesa a Galicia. E deille unha lista de competencias, que queremos a transferencia desas competencias. Non me dixo nada delas. Ao mellor non lle parecen importantes as que lle enumerei: o dominio público marítimo-terrestre –¡joia!, pois arreglaría bastantes cousas, digo eu–, as autopistas, arreglarían bastantes cousas... As competencias que enumero eu creo que son importantes e non me dixo nada diso.

Faleilles tamén dos esforzos por ser máis austeros e que van en serio, señor Lage e señor Suárez Canal. Propoñémonos ser austeros. Pódese ser austeros, pódese aforrar, os números cantan. Pódenlle dar as voltas que vostedes queiran. Ao final, hai un aforro importante: entre 35 e 40 millóns de euros en catro anos. ¿Onde os imos adicar? Onde máis falta fan. Haberá que pagar a dependencia, non había cartos. Haberá que facer un plan de choque, haberá que pagarlles aos parados. (*Aplausos.*) Alí van ir.

Faleille tamén de que queremos axudar os concellos, deille unha cifra concreta, que non é desprezable. Ao mellor a vostede lle parece que non ten ningunha importancia, pero é que aos concellos pequenos, que non teñen cartos para o máis esencial, darlles máis dun millón de euros agora de xeito incondicional e que aumenten o Fondo de Cooperación Local, estou seguro que moitos alcaldes, incluídos os do Partido Socialista e os do BNG, o van agradecer, e ímosllo dar, porque se poden adicar agora mesmo ao que máis falta fai, que o van pasar mal, que o Goberno central vaille baixar arredor de 15 millóns de euros o fondo estatal, a participación, a financiación incondicionada; o máis importante para un concello vai baixar. Diso non estamos falando, haberá que falar. Iso a vostede non lle parece que sexa motivo de

preocupación, que se vaian perder quince millóns de euros este ano dos ingresos que os concellos galegos perciben do Estado. Nós faremos algo modestamente, o que poidamos, na situación que vostedes nos deixaron, para intentar solucionar todo iso. Diso non me dixo nada tampouco e deille unha cifra concreta.

E falámoslle tamén dos esforzos para que todos os galegos teñan garantido un mínimo, un umbral de seguridade mínimo alá onde máis falta fai. É que é moi importante. ¡Claro que eu lle recoñezo que se avanzou no deseño dos parques comarcais! ¡Home, faltaría máis! Eran fondos europeos, é que o contrario era perder eses fondos. Claro que se avanzou, pero voulle dar unha cifra. En catro anos o Goberno do Partido Popular fixo catorce parques, nos seguintes catro anos vostedes fixeron cinco. Aí ve a diferenza, e aínda quedaban moitos por facer. Co cal, ¡home!, vólvolle dicir: o que é medible non é opinable; 14 fronte a 5 no mesmo período de tempo. Recoñezolle o mérito, pero podían ter traballado bastante máis. Agora farémolo, cooperando con todas as deputacións, incluídas as do Partido Socialista. Xa verá como non vai haber ningún problema alí. Así o agardo. Pero faleille diso. Diso non me dixo practicamente nada.

Faleille da leal colaboración que hai que ter co ministro de Xustiza para cousas importantísimas. Oia, non é verdade que houbera un pacto para a xustiza gratuíta. ¡Xa me gustaría que houbera ese pacto! ¿Sabe que pasa? Entón, cando chegáramos, non nos encontraríamos a situación que realmente topamos: cos avogados do turno de oficio sen cobrar dende o mes de setembro, señor Lage, e sen cartos para pagar. E xa houbo que pagarlles con cartos deste ano. E deille un compromiso: teñen que cobrar inmediatamente, fan un labor fundamental. Non se lles pode ter así. E asegúrolle que ao longo desta lexislatura estabilizaremos os pagos. Iso parece ser que tampouco a vostede lle merece... Faleille dun mecanismo para que realmente quen queira a xustiza gratuíta a poida ter; é un dereito, o dereito á tutela xudicial efectiva, hai que darlle un avogado. Pero tamén lle falei dun pacto para intentar que aqueles que teñen cartos para pagar un avogado non haxa que pagalo cos impostos de todos os galegos. Aí non me dixo nada. E aí voulle pedir que nos bote unha man co seu Goberno amigo, porque é unha cousa conxunta entre o ministerio e a Xunta de Galicia. Iso parece ser que tampouco lle ofreceu demasiadas inquedanzas.

E, mire, faleille dunha estratexia para aproveitar as potencialidades que ten a Xunta de Galicia no exterior; é que estamos perdendo oportunidades. É que é verdade, que o din os portugueses, perdemos anos fundamentais na cooperación con Portugal, que é fundamental, que se nos foron organismos moi importantes a Estremadura, que non se aproveitaron aquí os que se tiñan que aproveitar, que temos que recuperar o tempo perdido. Iso tampouco parece ser que lle mereceu ningunha inqueda.

Faleille tamén de que hai... É certo, a fundación Galicia-Europa está composta por magníficos profesionais, técnicos aos que hai que apoiar, aos que hai que darlles un pulo, que hai que facer que traballen todos os días para non perder unha soa oportunidade. Iso parece ser que tampouco lle merece ningunha inqueda e o deixa frío.

Vostede, ao final, vénme a falar aquí do casino de Pontevedra. ¿Que quere que lle diga? Eu creo que, se se escoita outra vez, vostede ten que pasar vergonza allea. Vénme a min a falar aquí como conselleiro de que nós estamos seguindo a estratexia do Casino de Pontevedra con estes asuntos fundamentais. *(Aplausos.)* ¿Pero dáse conta do que di? ¿Dáse conta do que di?

¡Home!, eu pretendo vir a esta tribuna a ser serio, señor Lage, e voulle falar de cousas serias, porque como conselleiro correspóndeme facer propostas e correspóndeme facer o que estaba facendo e o que vin facer aquí: pedir a colaboración de todos os grupos; por suposto, do meu o primeiro, pero tamén dos grupos da oposición, porque nos xogamos moitísimas cousas. E pretendo non facer nin frivolidades nin dicir cousas que non levan a ningunha parte. Vostede, se o quere seguir facendo, ao final o que está facendo é amosar as súas prioridades. E, ao final, claro, non me estraña que diga que non concretei nada. É que non me fixo ningún caso, é que vostede aquí me viña falar do Casino de Pontevedra. Dáballe igual o que eu lle dixera, era o mesmo. Ademais, vén sen datos, perdoe que llo diga. É que non son verdade. A vostede ou non lle contaron os datos ou realmente os sabe e non os quere dicir.

¡Home!, do Pacto local. Terá que saber que o Pacto local está sen executar, por desgraza. Xa lle dixen, apoiámolo dende o primeiro momento. Ninguén poderá dicir que no ano 2006 o Partido Popular non dixo que estaba de acordo co Pacto

local, entre outras cousas porque vostedes asinaron con pequenos matices exactamente o que xa quedara preparado, e que tamén os seus alcaldes –salvo un punto final, que foi o que impediu o acordo– o asinaron. Ao mellor a vostede non lle contaron iso, por iso vén dicir aquí isto, pero estabamos de acordo co Pacto local. Co que non estamos de acordo despois é con que fixeron moitas fotos, reuniron moitas comisións e despois non deron ningún paso adiante e perdeuse moito tempo. E agora que os concellos o empezan a pasar realmente mal, vostede vénme con que non lle merece un só comentario nin lle merece que sexa ningún esforzo que a Xunta de Galicia empece a plantexar financiar a concellos que o están empezando a pasar realmente mal, señor Lage. E, se non o sabe vostede, eu pódollo contar con casos moi concretos que merecen e necesitan un apoio urxente das administracións, empezando pola Xunta de Galicia, que é a nosa competencia.

E, dende logo, da Policía Local, ¡home!, aí a situación é a que nos deixaron: unha unidade que perde efectivos día a día, que non os pode prestar, que é necesario. Xa llo dixen, dende o mes de outubro sen prorrogar un convenio co Ministerio do Interior socialista. Eu agardo a lealdade institucional do ministro para que ese convenio se poida prorrogar nas mesmas condicións que estaba ata o de agora, e que se poidan complementar as prazas. Agardo esa lealdade. Estou seguro de que a vou ter, e nese sentido nos imos dirixir ao Ministerio do Interior, e, dende logo, agardo a súa cooperación. Iso é importante. Supoño que Galicia se xogará moito no desenvolvemento da Unidade de Policía Adscrita para despois pasar, cando poida ser necesario, a unha policía autonómica. Agardo a súa colaboración. Non me dixo nada diso aínda e fixenlle un ofrecemento directo.

Falábame do Xulgado do Mercantil. ¿Pero que me está preguntando? Pero se o ministro de Xustiza di que o ten amarrado perfectamente, que non hai de que preocuparse. Eu quedo con esas palabras. Xa o ministro de Xustiza garantiu que o xulgado ía ir onde el dixo que ía ir. Nós aí non temos nada que dicir. Se ese é o compromiso, oia, pois amén, veremos se realmente o compromiso é ese, porque o Consello do Poder Xudicial non está dicindo iso. Eu agardo. Vostedes confían na palabra do seu ministro, eu non teño por que ter dúbidas sobre iso. Veremos realmente cal é a firmeza do compromiso do ministro. Nada que dicir sobre iso, xa veremos.

Parece ser que o alcalde de Vigo non confía tanto na palabra do ministro, porque está dicindo as cousas que está dicindo. E, en todo caso, mire, falando do alcalde de Vigo, tamén lle dixen outra cousa, espero que nos digan se o alcalde de Vigo está polo labor dun proxecto estratéxicamente tan importante como é botar a andar a área metropolitana de Vigo. Nós, desde logo, estamos de acordo. Cremos que a maioría dos concellos están de acordo tamén. Pero Vigo terá que manifestar a súa postura; non parece ser tampouco que estea moi polo labor. Espero que vostedes me poidan aclarar ese tema, se é que non mo aclara o alcalde de Vigo. Ese si que é un tema importante, non o Casino de Pontevedra, señor Lage, non está nas súas prioridades.

E, xa lle digo, o da xustiza gratuíta, non existe ese pacto. Oxalá estivera existindo ese pacto e non teríamos agora mesmo os problemas de desviación presupostaria que estamos tendo.

E, señor Suárez Canal, de verdade lle agradezo o ton da súa intervención. Non estou de acordo en que non concretáramos as cousas; creo que si temos compromisos concretos e son os que lle acabo de expoñer. Pero de verdade lle agradezo que fixera un labor fundamental, que é que tomara a molestia –e eu creo que si que o fixo– de cotexar os datos. Non estará de acordo, os computará doutra maneira. Agora voulle explicar realmente cales son as cifras de redución de servizos na Xunta de Galicia. Pero, polo menos, tomou esa molestia e eu agradézollo sinceramente, porque é o que estamos pedindo: que se mire obxectivamente en que consiste a reforma que está proponendo a Xunta de Galicia. E ao final chegarán á conclusión –outra cousa é que o poidan dicir publicamente– de que, efectivamente, se aforran moitos cartos. Alí están os servizos de Intervención da Consellería de Facenda; é que nós non nos inventamos nada, son os estudos orzamentarios que se fan. Igual que se facían antes, fanse agora. Claro, se agora se reducen servizos, se reducen organismos, sae un aforro que antes non saía.

Mire, eu voulle dicir, referíndome a esta consellería, xa que é a miña responsabilidade como conselleiro e referíndome á Xunta de Galicia: antes había 800 directivos, agora hai 7; antes había 26 subdireccións xerais, agora hai 22 e antes había 70 e agora hai 64. Un centro directivo menos, catro subdireccións xerais e seis servizos menos. Iso respecto a

esta consellería, señor Suárez Canal. E, se quere, pásolle os datos para que o poida comprobar.

E respecto ao Goberno, o aforro tamén é importante. Están os datos aí. Prodúcese un aforro final de 40 millóns de euros, entre 35 e 40 millóns de euros. Está aí o aforro. Vostede poderá dicir que non. ¡Oia!, e de verdade lle pido..., porque ese estudo que vostede dixo que fixo e que, xa digo, estou seguro que fixo, non chegou ao final, porque, se non, entendería en que consiste a reforma da administración periférica. Hai 5 altos cargos onde antes había 52. Os delegados da Xunta non teñen que ver cos xefes territoriais. Os xefes territoriais son o equivalente aos antigos secretarios provinciais. Os delegados provinciais desaparecen e son substituídos; 52 en vez de 5, señor Suárez Canal. E aí están os créditos orzamentarios para comprobalo. Faga, de verdade, remate ese estudo exhaustivo e terame que dar a razón, porque é así, e pódollo asegurar, señor Suárez Canal: un aforro importante, que tamén se traduce no parque móbil.

Xa vexo que non lles interesa nada. Dinme que si, que o tema do parque móbil. Falamos de cousas importantes. Imos enaxenar unha serie de vehículos que non teñen utilidade agora e que saben vostedes perfectamente aos que me estou referindo. Iso nin o nomean, por se acaso. Parece que é un tema espiñoso, pero, oia, primeiro, é un aforro importante e, segundo, dende un punto de vista simbólico dunha administración que quere ser austeria, eu creo sinceramente que ten a súa importancia.

Pódolle seguir dando cifras, señor Suárez Canal, dese estudo que non fixo. Fala da miña consellería: 17 asesores, agora teño 10. ¿E eses cartos que fixen con eles? Devolvínos para ese plan de choque. Non quedei con eles, é que de aí sae o Plan de austeridade, en ter menos xente para facer, como mínimo, o mesmo traballo e, se podemos, realmente máis, que o queremos facer. Díxenllo na miña exposición inicial: máis austero, igual ou máis eficiente, igual ou máis eficaz.

Da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, que me falaba vostede, oia, é que antes había unha secretaria xeral e unha dirección xeral dentro da secretaria xeral. Agora hai unha dirección xeral nada máis e imos facer o mesmo traballo. Xa non lle digo o que aforramos nas delegacións no exterior, que tamén aforramos moito. Verá vostede como os galegos que viven no exterior o agradecen. Pero hai unha redución.

Eu antes topei, cando cheguei, unha Dirección Xeral de Emerxencias, unha Dirección Xeral de Interior; agora hai unha soa dirección xeral. Pero é que están aí para velo. Xa lle digo, complete ese estudo, píddollo de verdade.

E, mire, por último, nas relacións co Parlamento, señor Suárez Canal, eu pódolle asegurar que nas competencias que lle competen a esta consellería e á Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias e Institucionais – [...] a refundición que se fixo e xa verá como non perden eficacia– lle ofrecemos o que ten que ofrecerlle calquera órgano do Goberno que pretenda ser obxectivo, e nós pretendemos selo: lealdade, información –dende logo, non tardando o que tardaban vostedes en facilitala, ás veces toda a lexislatura– e intentar sempre mediar para que as relacións entre o Parlamento –que para nós é fundamental, e por iso quixen empezar por aí a miña comparecencia– e o Goberno da Xunta de Galicia sexan como teñen que ser, dous poderes diferentes pero que teñen que entenderse sempre e teñen que colaborar lealmente. E dende logo ninguén é inimigo de ninguén. *(Aplausos.)*

E respecto da xustiza, señor Suárez Canal, eu estou de acordo en que hai que seguir potenciando a normalización lingüística da xustiza, claro que estou de acordo. Pero lamento sinceramente que o único comentario que me faga sobre a administración de xustiza sexa ese e non me faga ningún comentario sobre as medidas propostas para superar o colapso que agora mesmo temos, sobre as medidas propostas para reforzar o persoal –que fai moita falta–, sobre as medidas propostas para aumentar as retribucións por produtividade e que todo funcione mellor e sobre as medidas propostas para seguir construíndo as infraestruturas xudiciais, que lle podo asegurar, á parte de todo o demais, que son realmente necesarias.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleiro.

Rolda especial de aclaracións. *(Pausa.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra don Alfredo Suárez Canal.

O señor SUÁREZ CANAL: Señora presidenta, señoras e señores deputados.

Señor conselleiro, os datos son elocuentes. Efectivamente, produciron unha redución no ámbito da Administración central; na Administración periférica ampliouse, 96, a nivel de servizo, que é o que está hoxe no DOG, –96 en total– fronte a 94 antes. Punto final. Eses son datos que vostede pode contrastar. E, por certo, os xefes territoriais, a día de hoxe con soldos máis altos que os delegados antigos, e aínda sen contar os 3.000 euros que pretenden de plus, etc; máis altos, nin máis nin menos. Polo tanto, eses son datos incontestables. Xa veremos que pasa de aí para abaixo, cando coñezamos as RPT, porque todo ía ser unha redución e agora, cando empezamos a entrar no territorio das cifras, resulta que a redución en servizos, que é o que ata hoxe está no DOG, nada. A administración da súa consellería, central e periférica, é certo na central con redución –xa lle expliquei a qué política obedece esa redución–, en total 96 postos fronte a 94.

Segunda cuestión. Vostedes reducen no que é importante de perspectiva de autogoberno e de presenza de Galiza no exterior, nas relacións institucionais. Aí hai reducións, vostede referiuse a algunhas. E eu referínme a que concrecións poucas, non nos deu o catálogo de servizos que se van mellorar. Nós entendemos que son moi positivos todos eses desiderátum de mellora nas tramitacións, etc. Estalle falando un conselleiro onde se produciu un salto cualitativo impresionante nestes catro anos na tramitación dos expedientes por parte dos funcionarios, e todo iso será benvido. Pero compromisos concretos que poidamos avaliar, nada. Decía Galileo que mide todo o que poidas medir e o que non faino medible. Vostedes, por se acaso, non nos dan cifras que poidamos medir para saber se cumpren ou non cumpren ao longo da lexislatura.

Policía, o que sabemos é que hoxe hai unha unidade adscrita que en moitos casos é redundante con outras que existen. Van reforzar o persoal. Aí parece ser que non hai austeridade, que é necesario reforzar o persoal. Xa se ve que hai cousas que hai que reforzar, ¿verdade, señor conselleiro? Pero do que non nos di nada é de aspirar a unha policía integral que evite redundancias, e aí si que hai transferencias a conseguir, señor conselleiro. No catálogo de transferencias, algunhas importantes, pero no terreo da xustiza deberíamos de aspirar, como unha nación de primeira dentro do Estado español, a ter as competencias en demarcación e planta –vostede diso non nos di nada–, que poidamos, efectivamente, tramitar novos xulgados de distintos ámbitos, que

tanto reclamaban na lexislatura anterior. Fálanos dalgúns edificios –e aí imos poderlle facer seguimento– pero, desde logo, non nos di cal é a aspiración da Xunta ao remate da lexislatura en xulgados de violencia de xénero, en xulgados do mercantil e en reforzo dos xulgados actuais que responden moito máis á realidade poboacional do noso país. Aí, nada de nada.

Redución no tema da Administración local. Bueno, vostedes teñen que cumprir unha lei, que significa unha redución importantísima da vinculación da Xunta con entes que estaban aí, que eran as fundacións comarcais, que se crearon ata o ano 96, que tiñan un obxectivo fundamental, que era desenvolver os plans de desenvolvemento comarcal, que a Administración anterior non aprobou ningún, como era preceptivo por Consello da Xunta, e que polo tanto eran organismos inútiles. A Xunta desvincúlase deles, son 34. ¿Que van facer con eles? Sería importante que nese proceso de austeridade e de redución da Administración claramente esas cousas que son redundantes e duplican cousas que están hoxe existindo que vostedes as anularan.

Señor Miranda, ¡home!, os datos no tema da información dos incendios, é que non os someto a consideración. Vostedes comparen ata o ano 2005 e a partir do 2005. E que vostede teña que agarrarse aos doce días nos que tivemos un problema fundamental, onde o prioritario era apagar e non medir, e en moitos incendios que duraban dous ou tres días –e que tiñamos, efectivamente, que esperar a apagalos para podelos medir– que nos diga que neses días en vez de tardar dous días tardamos algúns días máis –poucos máis, ¡eh!–, efectivamente, para facer unha medición rigorosa, xa veremos a información que vostedes dan. Pero, dende logo, con ese tema eu non quero facer política de confrontación.

Transferencias, señor conselleiro, díganos cantas, cales. Algunhas dixo pero nós aspiramos, desde logo, a moitas máis das que vostedes tiñan solicitado.

A austeridade, xa lle dixen, é un concepto que está moi ben, pero non é un fin en si mesmo; ten que estar vinculado a mellores servizos, a mellores prestacións, e iso irémolo avaliando ao longo da súa lexislatura. Na súa consellería a día de hoxe...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor Suárez Canal.

O señor SUÁREZ CANAL:... austeridade, pouca.

E por fin dúas consideracións finais, señora presidenta.

Respecto do Parlamento, efectivamente, non empezaron vostedes con bo pe. Explicaron un certo mecanismo de censura. Hoxe nesta sesión un grupo non pode presentar iniciativas de impulso ao Goberno polas restricións que vostedes están aplicando. E, sobre todo, vostede intentaron converter o Parlamento...

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Suárez Canal.

Un segundo.

O señor SUÁREZ CANAL:... –non máis de quince segundos– en toda a lexislatura nunha terminal do Executivo. Por aí van mal e equivócanse.

E, por fin, xa para rematar, efectivamente, señor Rueda, a galeguización da Administración de xustiza e a galeguización de toda a Administración galega para nós é fundamental. Pero para un goberno que se prece de tal e que a súa razón de ser, entre outras cousas, está pola existencia dunha lingua propia deste país, que un conselleiro suba a esta tribuna...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

O señor SUÁREZ CANAL:... e non diga nin unha palabra sobre iso, que é obrigación legal, impulsar a normalización da lingua, evidencia cal é o seu compromiso co idioma neste país; efectivamente o que vimos pola mañá [...] *(O señor Suárez Canal pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Suárez Canal.

O señor SUÁREZ CANAL: E, señor Miranda, teño claro que desde o día 20 de abril hai unha nova forza na Xunta de Galicia [...] *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Suárez Canal.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor don José Manuel Lage Tuñas.

O señor LAGE TUÑAS: Grazas, señora presidenta.

Señor Rueda, por ir por partes, eu penso que vostede fala dunha serie de prioridades e dende o Grupo Socialista falamos doutras. Eu escoito sempre atentamente o que din todos os deputados e deputadas, tamén os conselleiros e conselleiras.

No terreo das transferencias, señor Rueda, hai 70 transferencias marcadas e delimitadas na anterior lexislatura e, como vostede pode comprender, quen comparece hoxe aquí é vostede como conselleiro da Presidencia e terá que dicirnos cales son as prioridades para o Goberno en materia de transferencias. A nós parécenos ben todo o traballo que se faga en materia de transferencias, parécenos que houbo un importante impulso; pero, desde logo, nós situamos a reforma do Estatuto, a mellora do autogoberno, para estar en igualdade de condicións no Estado das autonomías, e vostede diso non falou nada.

Vostede pode vir aquí a ter un diálogo de xordos e, polo tanto, que non nos entendamos. Díganos algo con respecto á reforma do Estatuto de Autonomía –vólvollo dicir por segunda vez–, díganos algo da reforma dos medios de comunicación públicos, díganos algo da publicidade institucional, da reforma da Administración de xustiza. E, por certo, díganos algo dunha futura lei de Administración local de Galicia, porque iso si son prioridades para o Grupo dos Socialistas de Galicia.

Señor Rueda, eu entendo que lle toque temas espiñentos que lle doen. Vexo que o do Casino o leva mal. O que ten que levar mal é o seu proceder, a súa falta de ética cando actúa mal, como ten actuado. Non sei se o señor Rodríguez Miranda tamén quere intervir no debate, pero...

A señora PRESIDENTA: Señor Lage, por favor.

O señor LAGE TUÑAS: En todo caso, señor Rueda, para os socialistas a prioridade está tamén en saber cales son as liñas de actuación do Goberno que hoxe comparece aquí. ¿Ou quere que lle digamos nós o que ten que facer? Nós fixamos unhas prioridades.

Vostede terá que poñer as dotacións necesarias para ese xulgado do mercantil e non pasar de puntillas ou facer as declaracións que fixo. Desde logo que se vostede quere falar de Vigo e da súa área metropolitana o que ten que facer é traer aquí –non sei por que non o trouxo xa a este Pleno, pode

facelo en setembro–, traía antes das vindeiras eleccións municipais, a Lei da área metropolitana de Vigo, tráíaa, ¿por que non? Díganos cal é o seu modelo de seguridade, que diso si que non falou nada. ¿Cal é o modelo de emerxencias, señor Rueda, máis alá de criticar o que fixeron gobernos anteriores? Por certo, o Goberno anterior o que fixo en materia de emerxencias non foi nin máis nin menos que imitar e copiar un bo modelo, porque ás veces non hai que inventalo, hai que copialo. E o modelo que copiou é o da Comunidade de Madrid, cunha empresa punteira preparando unha plataforma tecnolóxica. Señor Rueda, non se pode facer tanta demagogia.

E, polo tanto, sería bo tamén que nos explicara cal é o seu modelo en torno á organización territorial do país e á organización administrativa. Vostedes levaban no programa electoral o modelo comarcal, ¿van cumprir o seu programa?, ¿van crear as oficinas comarcais? Cóntennolo, porque vostede vén hoxe aquí a contarnos o que vai facer desde o Goberno. Non lle temos que contar o que imos facer dende a oposición os socialistas galegos. Xa llo dixen, os socialistas galegos imos traer propostas de impulso, propostas construtivas, para mellorar a calidade da democracia en Galicia e mellorar a cooperación coas administracións locais. E, sen ir máis lonxe, señor Rueda, tamén sería bo saber qué opina da necesidade de coordinación das deputacións e, sobre todo, da existencia dun plan único de obras e servizos, algo que non debería producir especial inquedanza no seo do Grupo Popular. Nin sequera nas deputacións que non son gobernadas polo seu partido, hai dificultade ningunha; hai vontade de cooperación, como manifestaron os presidentes das deputacións cada vez que viñeron a presentar as súas credenciais aquí ao Parlamento de Galicia, na hora de aprobar os orzamentos. Xa en Cataluña existe e funciona con normalidade dende hai anos a coordinación, e non produce inquedanza de ningún tipo nas deputacións existentes, que tamén son catro, como aquí, señor Rueda. Sería bo que coñecéramos cales son as súas liñas de actuación, qué é o que ten pensado facer.

E, desde logo, permítame que lle lea –para rematar– unha cita do *Diario de Sesións* que comeza así. Di: “Tampouco me parece moi racional, precisamente nun tema tan importante, como é chegar a xustiza aos cidadáns, ou como pode ser, neste caso, o traballo polos nosos emigrantes, que se supriman esas consellerías. É máis, os colectivos da emigración e do mundo xudicial fixéronllo saber a vostede”.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor Lage.

O señor LAGE TUÑAS: Señor Rueda, iso dicíao o portavoz do seu grupo parlamentario. ¿Onde está a coherencia do Grupo Parlamentario Popular? ¿Onde está a súa coherencia? O que antes pedían despois non o cumpriron.

E, desde logo, que é un mal precedente, señor Rueda, intentar buscar puntos de encontro e que vostede non entenda que nós poñemos posición política clara enriba da mesa, melloira da calidade democrática...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Lage.

O señor LAGE TUÑAS:... Lei [...] –remato, señora presidenta– e a reforma do Estatuto de autonomía, e vostede diso non dixo unha soa palabra.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Lage.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra don Antonio Rodríguez Miranda.

O señor RODRÍGUEZ MIRANDA: Grazas, señora presidenta.

Señor Suárez Canal, eu recoñezo que vostede, efectivamente, é un home sesudo e teimudo; co tema da redución quere demostrar os seus postulados. Hónrao o feito de ser unha persoa insistente, pero, evidentemente, os datos son os que son e a realidade está aí, e vostede segue esperando polas RPT, pero as RPT son as que hai. Porque, mire, elimínanse políticos, postos políticos, mantéñense os funcionarios, porque os funcionarios non os podemos mandar para a casa, señor Suárez Canal. Iso significa despolitizar e profesionalizar. Iso é que vostedes non entenderon durante estes anos, pero ¡que lle imos facer!

Miren, falaban das limitacións do Parlamento. Eu só lle vou dar un dato. Neste período téñense tramitado 76 iniciativas; 50 da oposición, 26 do grupo que sustenta o Goberno. É dicir, o 76% da oposición; o resto, o 24%; e no período equivalente anterior tramitáronse 60. Delas o 61% a oposición; o 61% fronte ao 76%. Posibilidade de falar a oposición. Datos, señor Suárez Canal, eses son os datos.

Mire, señor Lage, que vostede veña falar aquí de ética –logo, xa llo direi, teremos ocasión, que temos outro debate, xa lle falarei de ética, non se preocupe–, que veña falar de ética, que fale aquí de chantaxes e de ameazas... Señor Lage, vostede e eu sabemos de que falamos, ¿verdade? Sabe de que falamos, e dese goberno vingativo, que as últimas decisións que toma, incluso sendo nulas de pleno dereito tamén. Ese non é o estilo deste Goberno nin deste grupo, será o doutros.

E preocúpalle a vostede moito a Lei de publicidade institucional. Señor Lage, mire, iso élle mala conciencia, porque vostede sabe que Lei de publicidade institucional, que empezaron a tramitala alá polo principio da lexislatura, estivo parada máis de ano e medio, non sei se nos caixóns da consellería, non sei onde estivo. E, ao final, entrou no Parlamento alá nos últimos meses, cando sabían que xa non se podía tramitar, que xa non daba tempo porque ían precisamente disolver o Parlamento; pero había que traela aquí, porque, se non, quedaba a cousa mal. ¿E agora vén vostede reclamála; agora, en dous meses, vén vostede reclamála cando vostedes a tiveron aparcada catro anos? Cecaís será por esa mala conciencia de que deixaron nos caixóns máis de dous millóns de euros de facturas sen pagar de publicidade. ¿Iso é do que nos quere falar, señor Lage? ¿É diso? Pois dígaos claramente, dígaos claramente.

Falan aquí das comarcas, aqueles que durante catro anos non foron capaces de traer un cambio no modelo de desenvolvemento comarcal, aqueles que sempre reivindicaron a comarca como centro de atención da estrutura periférica. Durante catro anos non foron capaces de traer unha nova lei que desenvolvese esa estrutura. ¡Ah!, o que si trouxeron foi unha lei para destruír o que había precisamente nas comarcas. Só foron capaces de traer unha lei para suprimir, precisamente, as fundacións comarcais.

Pois miren, os galegos xa llelo dixeron, queren un goberno que constrúa, non un goberno que destrúa. Como vostedes destruíron, pero non construíron, por iso os galegos falan e dixeron o que dixeron. (*Aplausos.*)

Señor conselleiro, eu creo que sería interesante que nos indicase..., porque crin entender que o anterior Goberno non foi quen de molestarse, non foi quen de chamar ás portas do Goberno amigo de Madrid, para renovar o convenio para manter activa a Unidade de Policía Autonómica. ¿Quere isto

dicir, señor conselleiro, que o anterior Goberno deixou en serio declive a Unidade de Policía Autonómica, que a deixou mermada de efectivos, que a deixou con persoal desmotivado polo abandono e desidia dos responsables políticos? ¿Quere dicir, señor conselleiro, que para atender as competencias que temos na actualidade, para atender as novas necesidades que se plantexan, como pode ser o Xacobeo, nos vai facer falta un esforzo importante e non deixaron os medios necesarios para iso? Creo que é necesario aclarar isto.

E si lle pedimos, señor conselleiro, que ten que ser un obxectivo para nós, ten que ser unha meta, conseguir ese corpo de Policía Autonómica que este Goberno non foi quen de pólo en marcha durante estes anos. E a proba de que nunca tivo intención é que á propia Academia Galega de Seguridade o que fixeron foi reducirlle orzamentos, porque sabían que non ían necesitala, porque sabían que nunca ían crear esa unidade propia, esa Policía Autonómica...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor Rodríguez Miranda.

O señor RODRÍGUEZ MIRANDA: E en materia de xustiza –remato, señora presidenta–, o que está claro é que se dedicaron tamén ao despilfarro. Outro día cecais poderemos falar dese edificio Proa, na Coruña; podemos falar do que supuxo dese gasto austero ao que nos tiñan vostedes habitados.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rodríguez Miranda.

Ten a palabra o conselleiro de Presidencia para o peche.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Suárez Canal, pois se vostede está practicamente convencido de que cando saian as RPT e cando se desenvolva, por así dicilo, toda a estrutura administrativa da Xunta de Galicia resulta que os servizos non van diminuír, a min gustaríame que llo dixera ao alcalde de Pontevedra, que leva todo o rato dicindo sen ningunha proba que se van ir servi-

zos de Pontevedra, cando sabe de sobra que non é verdade, cando xa está o decreto en vigor e os servizos non se moveron de Pontevedra. El di que toda esta estrutura da Administración periférica vai servir para eliminar servizos. Alégrome de que vostede non estea de acordo con el. E ten razón, e está contando a verdade. Gustaríame que llo transmitira sinceramente, sinceramente. (*Aplausos.*)

E alégrome tamén de que agora xa dea por bos os datos que se demostraron que eran verdade, que, efectivamente, os delegados territoriais van ter dúas persoas no seu gabinete, un xefe de prensa e un asesor, que, xuntados aos que imos ter os conselleiros e o presidente, fan unha redución de máis do 25%. É que vostedes dixeron que iamos ter nas delegacións territoriais 8- 10 asesores; dixérono, non sei se o dixo vostede, pero, dende logo, díxoo xente do seu partido. ¡Menos mal que despois...! Como xa lle digo, agarden vostedes, xa verán como todo o que se anuncia vaise ir cumprindo. A austeridade é un principio que imos cumprir e non hai outro xeito de cumprilo que ir dando pasos que se vaian vendo, e despois, señor Suárez Canal, facer os números correspondentes.

E vólvolle dicir: o que é medible, non é opinable, e o aforro teno aí, e xa lle dixen onde van ir todos eses cartos.

Respecto das competencias que me dicía de xustiza, é verdade, eu díxenlle as actuacións xudiciais que se van facer, que están en marcha xa. Algunhas xa estaban en marcha, non as imos parar; ¿por que?, se se pactaron coa comisión mixta, co poder xudicial, se ese é o camiño. Ireinas dicindo e asegúrolles que as contarei neste Parlamento cada vez que as vaíamos pactando. É que ese é o mecanismo, é que hai que facelo de común acordo. ¿A ver de que serve que a Xunta de Galicia diga, sen falalo cos xuíces, os xulgados que vai facer e as unidades xudiciais?

Mire, iso pasou. Pasou, non sei se vostede está enterado. Pactouse o ano pasado facer o Xulgado, en Vigo, do Social, e resulta que despois a consellería por detrás, e sen falar cos xuíces –e os xuíces así mo manifestaron– cambiou ese xulgado por outro. A consecuencia é que agora mesmo ese Xulgado do Social non se vai facer en Vigo e o Xulgado do Mercantil está pendente dunha decisión do Consello do Poder Xudicial. Ese é quen ten que decidilo. Eu volvo estar tranquilo.

O señor Lage, en fin, parece ser que non confía demasiado na palabra do ministro. É todo un ministro e comprometeu a súa palabra, señor Lage. Se ten esa capacidade para tomar esas decisións, que eu entendo que lle corresponden ao poder xudicial, teña vostede por seguro que nós aí non vai haber ningunha dúbida. O ministro díxoo, e o que faremos, desde logo, é cumprir as nosas obrigacións, non lle caiba ningunha dúbida. Pero dígame vostede se confía ou non confía na palabra de todo un señor ministro.

E, dende logo, seguiremos reclamando as competencias. Claro que Galicia ten que ter máis competencias á hora de decidir onde teñen que ir os xulgados, as competencias en planta e demarcación. Claro que o seguiremos facendo, xa llo dixen, se foi unha das conclusións que acordamos todas as comunidades autónomas con competencias en materia de xustiza. Non imos renunciar a iso, igual que non imos renunciar –non me dixo a súa opinión, pero supoño que lle parecerá ben– a que completemos a transferencia das competencias en materia do persoal que agora mesmo xestionamos e que non sexa o Estado quen teña que ter a última palabra en cousas fundamentais para organizar o persoal ao servizo da administración de xustiza en Galicia. É unha transferencia importante. Supoño que lle dará o valor que ten, aínda que non me dixo nada.

E respecto das transferencias, señor Suárez Canal, citeille unha serie delas –sete concretamente– moi importantes e que son as fundamentais. Xa lle dixen que non cremos nese sistema de facer ducias e ducias e ducias e mandalas a Madrid coa mensaxe de que hai que educar precisamente a aqueles cos que temos que negociar e sentarnos a negociar; iso non funciona, esa confrontación por diante; ao final non dá resultado, señor Suárez Canal. É mellor marcar as prioridades, priorizalas, dicir: isto é o importante e dicir que imos ter unha cooperación leal co Estado á hora de negociar as transferencias, estea quen estea gobernando, en cada momento. Porque, ao final, isto si que é facer país e é o que funciona. Cambiamos a estratexia, xa llo dixen na miña primeira intervención.

E, señor Lage, en fin, xa vexo que as referencias que fixo ao principio, vostede mesmo se deu conta de que, en fin, por aí non ía a ningunha parte razoable. Agora foi un pouco..., polo menos referiuse ao que se tiña que referir. Eu non lle pido que estea de acordo comigo, o que lle pido é alternativas.

Xa sei que agora estamos gobernando nós. Os galegos puxéronnos aí cunha maioría absoluta. O que espero é que vostede me diga o que non lle gusta e que me diga, nós o faríamos así. ¡Se acaban de saír do Goberno! As propostas son nosas; agora, as alternativas terán que ser da oposición. Non me deu ningunha e, como sempre, non me escoitou.

¡Oia!, e xa lle dixen, a Lei de Administración local. Vostede supoño que o traería escrito no papel e, como o ten escrito, teno que ler. Faleille da Lei de Administración local. Díxennlle que en canto o Estado cumpra o seu compromiso de facer unha lei básica, señor Lage –porque supoño que saberá que a lexislación en materia de Administración local é básica, e hai cinco anos que o Goberno do señor Zapatero fixo un libro branco, no cal eu participei na primeira fase na súa elaboración; ía estar para dous anos e a partir de aí modificábase a lei estatal–, oia, volvemos outra vez ter as competencias, e diso, nada de nada. Non se sabe cando vai facer o Estado esa lei. Pregúntelles vostede aos seus compañeiros en Madrid e pódolle asegurar que inmediatamente faremos a Lei de administración local de Galicia, porque é necesaria, porque os concellos a reclaman e porque a queremos facer. Pero antes haberá que dar ese paso. Agradézolle tamén que nos bote unha man aí, pero antes entérese do que lle estou dicindo.

E, mire, ¿de emerxencias? Claro que temos un modelo, que se lle poden dar moitas voltas ou explicado dun modo sinxelo, que todo o mundo o entenda. En Galicia todos os veciños e veciñas, vivan onde vivan e, sobre todo se viven en núcleos afastados das grandes vilas e das cidades, teñen que ter garantido algo tan esencial como ter un servizo de emerxencias nun tempo razoable. Para iso foi o plan de parques; para iso queremos facer o que vostedes non se atreveron, que é reformular os Grumir e poñelos onde faga falta, con valentía, sen atender a convivencias políticas e cerrar o sistema, señor Lage. Iso é o que queremos facer, ese é o noso modelo. E todo iso intentando gastar o menos posible, pero tendo claro que hai que investir. Por iso empezamos. Xa lle dixen, agradézolle que seguisen con iso. ¡Menos mal que non o cortaron!

Pero non vaia vostede..., non defenda causas moi difíciles de defender. Oia, a plataforma... É que é verdade, é que era unha plataforma para entregar en dezaseis meses de tres millóns de euros, encargada polo sistema secreto –que non

sabemos por que—, para instalar nun edificio que ía tardar en facerse como mínimo tres anos. ¿Onde ía poñer a plataforma? ¿Pero que sentido ten iso, señor Lage? Iso é unha cousa moi difícil de defender, moi difícil de explicar. Non me dixo, por certo, qué lle parece que traslademos a un centro que xa está feito a Axencia Galega de Emerxencias, que poñamos profesionais e non administrativos a traballar nela, que se aumente o número de persoas que vai atender o 112 e que aforremos como mínimo o 50% do que inicialmente ían vostedes gastar, coa mesma eficiencia, senón máis, e que convertamos a Estrada —por certo, gobernada por un alcalde socialista, aí non somos nada sectarios— nun centro de referencia da seguridade en Galicia. Dígame qué lle parece todo iso. Estou seguro de que o alcalde da Estrada estará encantado, igual que todos os veciños da Estrada. Porque ademais é algo obxectivo, é algo que hai que facer. Vostedes só me falan dunha plataforma, xa lle digo, indefendible, tal como estaba plantexada, indefendible.

E, señor Lage, vamos ver, vostede me lanza... En fin, eu creo que da publicidade institucional, despois das débedas que o señor Rodríguez Miranda lles contou que vostedes nos deixaron, sen crédito, de hai moitos anos, en publicidade institucional aos medios de comunicación... Están sen pagar, están sen facer nada. Ese é o seu modelo, o noso non vai ser así, pódollos asegurar. Pero, mire, xa que me lanza, vostede o toma como un reto, eu tómoos como unha responsabilidade. ¿Sabe o que imos facer co Estatuto? O que lle reclamamos durante toda a lexislatura pasada aos dous grupos que formaban o Goberno e non foron capaces de facelo. O Goberno da Xunta de Galicia presentará dende o Goberno unha proposta para reformar o Estatuto, cousa que non fixeron vostedes, e a partir de aí estamos seguros de que empezaremos a negociar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para informar dos obxectivos e das liñas xerais de actuación política do seu departamento

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, para esta primeira intervención, o conselleiro de Medio Ambiente, don Agustín Hernández Fernández de Rojas.

O señor CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Hernández Fernández de Rojas): Señora presidenta, señoras e señores deputados, comparezo hoxe perante o pleno do Parlamento para dar conta das liñas xerais de actuación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ao longo desta lexislatura.

Quixera, nesta miña primeira intervención de carácter xeral en sede parlamentaria, deixar constancia do meu recoñecemento a quen me precedeu no desempeño das funcións á fronte da consellería que me honro en dirixir. O seu traballo, a súa dedicación e os seus esforzos, plasmados en actuacións e planificacións, serán un punto de referencia para un novo tempo no que, conforme á nosa visión reformista, trataremos de manter e continuar o que consideramos que funciona razoablemente, sen que iso supoña renunciar á revisión e mesmo á substitución daquilo susceptible de mellora. Todo iso, por suposto, dentro da obriga e o compromiso de desenvolver unhas propostas e unha programación concreta que mereceu o respaldo maioritario das galegas e dos galegos.

Desde un principio quixera anticipar a vontade, como responsable deste departamento, de facer do diálogo, o rigor e o traballo constante, os vértices dunha política nunha área de tanta transcendencia para o presente e o futuro da nosa terra. Esa vontade de diálogo, tratando de acadar o desexable consenso á hora de tomar decisións transcendentais para o conxunto da cidadanía, quixera que comezara no propio ámbito parlamentario, onde reside a representación do pobo galego, para o que fago un ofrecemento sincero de colaboración.

As actuacións que desenvolverá a consellería van incidir, como non podería ser doutro xeito, nos aspectos que conformaron as bases dun programa, dun compromiso electoral contraído cos cidadáns deste país, tratando de garantir a sostibilidade do medio natural como un ben de valor económico en si mesmo, avanzar na procura dun desenvolvemento equilibrado do territorio, facer realidade o mandato constitucional a unha vivenda digna e impulsar a mellora das infraestruturas de transporte e con elas a apertura, a competitividade e o crecemento da nosa economía produtiva no contorno dunha economía máis globalizada.

Á par destes obxectivos xerais que de seguido comentarei polo miúdo, a nosa actuación vai estar guiada pola adopción de medidas de austeridade e eficiencia na xestión, xunto a

unha mellora do rigor orzamentario e do control de gasto nas distintas áreas deste departamento.

No que fai referencia á organización da consellería, procedeuse a realizar un plan de austeridade da estrutura orgánica que deu como resultado, xunto coa supresión de dúas prazas dos titulares de dúas consellerías, á redución de catro postos directivos, nove subdireccións xerais e 25 servizos, así como a unha diminución do 65% do persoal do gabinete, que pasa de 35 persoas adscritas a 12. Iso supón unha redución dos gastos de persoal dun 17,8% no conxunto da consellería, máis o Instituto Galego da Vivenda e Solo, que se concreta nun aforro de 1,7 millóns de euros; é dicir, case que sete millóns na lexislatura.

Vou pasar a continuación ao primeiro aspecto que me gustaría subliñar das competencias da consellería, que é o medio ambiente.

Será tarefa prioritaria desta consellería a protección e defensa do patrimonio natural de Galicia, base sobre a que se sustenta o crecemento equilibrado e a calidade de vida, considerando o territorio como un espazo único que é preciso ordenar e desenvolver de forma harmónica e racional para garantir a sostibilidade.

O noso obxectivo é unha Galicia na que os espazos naturais e os espazos urbanos estean racionalmente delimitados a través dunha integración funcional do conxunto do territorio; unha Galicia concibida como unha cidade policéntrica, conectada interna e externamente.

Os cambios tanto na normativa da Unión Europea como a nivel do Estado español, así como nos coñecementos sobre os efectos que as actuacións humanas producen no medio, motivan a proposta de elaboración dunha nova estratexia de desenvolvemento sostible que integre e satisfaga os cambios que se operaron no marco lexislativo, na economía e na conciencia social.

A estratexia de desenvolvemento sostible basearase na horizontalidade e na actuación coordinada da Administración en todas as súas áreas; é dicir, unha estratexia asumida polo conxunto dos departamentos da Xunta de Galicia. Tamén estará coordinada e manterá a coherencia coas directrices de ordenación do territorio, xa que cada espazo territorial con-

tén unhas características funcionais e sectoriais que fan necesario un tratamento específico dos seus recursos ambientais.

Por último, a estratexia de desenvolvemento sostible profundará na implicación dos concellos como actores do desenvolvemento sostible, en particular, a través da implantación e, no seu caso, a revisión das axendas 21 locais, fomentando a creación de redes intermunicipais de concellos sostibles. E na súa elaboración e desenvolvemento participarán os diversos axentes socioeconómicos e as administracións públicas galegas.

Na área da administración ambiental, coa finalidade de facilitar a integración da variable ambiental na acción do Goberno, impulsaremos a integración e a coordinación da política ambiental nas políticas sectoriais. Garantirase unha maior coordinación entre a Comunidade Autónoma e as administracións locais, é dicir, as deputacións e os concellos. Axiliaranse e simplificarase os procedementos administrativos. Reduciranse os prazos da tramitación dos procedementos de avaliación ambiental estratéxica, avaliación ambiental e autorizacións ambientais integradas, especialmente tendo en conta que todos eses trámites estarán, residirán, nunha mesma dirección xeral, non como ata a data. Impulsarase unha reorganización da inspección ambiental, dotándoa de máis medios e garantindo a coordinación con outros corpos de inspectores da Administración autonómica e co Seprona. Potenciarase a modernización e ampliación das redes de observación ambiental. Finalmente, introduciranse sistemas de contratación pública verde.

Na área do cambio climático. O cambio climático é unha realidade innegable que xa está afectando os nosos quefaceres diarios. Galicia non é allea a este problema e, polo tanto, esta consellería elaborará un plan galego de acción contra o cambio climático no que se integra a loita contra o cambio climático en todos os programas sectoriais da Xunta de Galicia. Este plan será presentado nos vindeiros meses e profundará nos seguintes eidos: establecemento de políticas de mitigación do cambio climático de xeito coordinado coas respectivas consellerías; fomento de liñas de investigación do cambio climático, profundando na predición dos impactos nos diferentes ecosistemas galegos e sectores económicos; impulso da concienciación dos problemas derivados do cambio climático en todo o conxunto da sociedade galega:

empresarios, escolas, cidadáns, concellos, etc.; elaboración de plans e guías de adaptación ao cambio climático que permitan minimizar os efectos negativos e aproveitar aqueles positivos que prevexan os modelos nas diferentes áreas.

Na área da mellora ambiental do sector produtivo de Galicia, as prioridades serán: en primeiro lugar, retomar e impulsar a figura do pacto ambiental; en segundo lugar, no marco do impulso á produción limpa, proporemos un plan de información sobre tecnoloxías e coeficientes. Ademais, impulsaremos as novas tecnoloxías que faciliten ás empresas cumprir coas obrigas de información periódica das súas actividades con incidencia ambiental; incentivos á elaboración e publicación de memorias de sostibilidade por parte das empresas, industrias e institucións da Comunidade Autónoma, e, por último, apoio ás empresas para a implantación e a actualización de sistemas de calidade e de xestión ambiental certificados conforme ás normas ISO e para a súa adhesión ao Rexistro Comunitario de Xestión Ambiental, EMAS.

Na área de educación ambiental, fomentaremos a educación ambiental nos principais eidos ambientais de Galicia: cambio climático, augas e eficiencia enerxética, conservación do litoral e residuos e outros.

No ámbito da política de residuos e como accións prioritarias, logo de dispoñer da auditoría ambiental sobre Sogama para analizar e tomar as determinacións que correspondan, que temos previsto rematar no vindeiro mes de xullo, aprobaremos un novo plan de residuos sólidos urbanos para Galicia, que contemplará, entre outras, as seguintes cuestións: a definición de accións concretas e obxectivos específicos de redución, reutilización e reciclaxe de residuos sólidos urbanos; a construción de novas instalacións para a xestión dos residuos sólidos urbanos, que, aplicando as últimas tecnoloxías, complementen a capacidade de tratamento da planta de Sogama –actualmente saturada– e contribúan a conseguir o obxectivo comunitario de vertido cero; apostamos por establecer centros de tratamento integrados, ben dimensionados, nos que se aplicarán as últimas tecnoloxías dispoñibles para a valorización de residuos; a ampliación da rede de puntos limpos tamén será unha das nosas liñas de actuación, establecendo, en colaboración cos entes locais, un sistema que garanta a súa axeitada xestión e explotación; e ademais impulsaremos os sistemas integrados de xestión de residuos.

En relación cos residuos industriais, elaboraremos un plan de xestión dos residuos industriais de Galicia. Así mesmo, prestaremos especial atención á xestión dos residuos da construción e demolición, impulsando a utilización dos materiais procedentes das plantas de reciclado.

No tocante á área de solos contaminados, ao longo da lexislatura elaboraremos o Inventario dos Solos Contaminados de Galicia e definirase o protocolo para decidir a realización de investigacións, analíticas e adopción de medidas preventivas de control e seguimento, así como os criterios para a realización de análises cualitativas de riscos para a protección de ecosistemas e para a saúde humana.

Paso a relatarlles as liñas de actuación en materia de augas. No apartado de xestión do dominio público hidráulico e de xestión de augas temos decidido poñer en marcha a fusión do organismo Augas de Galicia coa Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos na procura de gañar en eficacia, evitar duplicidade de competencias e funcións, mellorar a comunicación entre planificación e execución de obras e, en último termo, racionalizar os recursos económicos. O obxectivo fundamental consiste en adaptar á xestión da auga a nova filosofía que contempla a Directiva marco da auga da Unión Europea. Con este fin aprobarase un novo plan hidrolóxico de Galicia costa para cumprir cos requirimentos da devandita directiva. Este plan está xa en consulta pública ata o día 28 de xullo no que se refire ao esquema de temas importantes, o que seguirá cara ao mes de setembro-outubro a consulta pública por espazo de seis meses do borrador do plan e, finalmente, procederase á elaboración do propio plan. Tamén se procederá á actualización do Plan de saneamento de Galicia.

Por outra banda, as accións do Goberno galego nesta materia integraranse nun plan de racionalización, captación, transporte, uso e tratamento da auga cos obxectivos seguintes: levar a cabo as actuacións necesarias en materia de saneamento para garantir o cumprimento da directiva de augas residuais, o que implicará un plan de choque para impulsar aquelas actuacións necesarias que impliquen a eliminación de vertidos nas rías galegas. Con este fin asúmese un compromiso de axilización de trámites en relación coas obras de saneamento e depuración, en particular coa aplicación de procedementos de licitación conxunta de proxecto e obra. Implantaremos un modelo de xestión en materia de explota-

ción de depuradoras de augas residuais co obxectivo de garantir o axeitado funcionamento das depuradoras existentes. Tamén actuaremos para garantir o abastecemento e regulación dos recursos hídricos en calidade e cantidade coa realización de obras de infraestrutura necesaria, velando así mesmo polo seu consumo responsable e fomentado o seu aforro. Fomentaremos a aplicación dunha política de tarifas que incentive o uso racional da auga, tendo en conta o tamaño dos fogares e das industrias e centros de consumo. Acometeremos, en colaboración cos concellos, as actuacións necesarias para mellorar a rede de abastecemento secundaria nas diferentes poboacións co fin de evitar as perdas que nelas se producen. Priorizaremos a defensa fronte ás inundacións, mellora das marxes e recuperación dos contornos degradados co fin de restablecer as condicións naturais dos ríos e zonas costeiras, integrándoas no seu contorno e protexendo a poboación das posibles enchentes, o que levará consigo unha axeitada actuación de deslinde do dominio público hidráulico. En cumprimento da Directiva marco da auga, estableceranse plans de control e seguimento da calidade das augas, tanto superficiais como subterráneas, o control de verteduras urbanas, agrarias e industriais, o control biolóxico da calidade das augas, a recuperación ambiental dos ríos de Galicia, e así mesmo elaboraremos un plan para tratamento dos lodos das depuradoras de augas residuais.

En materia de augas, a tarefa máis prioritaria na actualidade é o saneamento das rías galegas, para o que se potenciará a aceleración da tramitación e construción das depuradoras pendentes, resolvendo os problemas derivados da explotación destas instalacións e reforzando a colaboración técnica e financeira coas entidades locais nesta materia. Nesta dirección pódense citar pola súa importancia, entre outras, as seguintes accións: a curto prazo acadar un acordo co Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Marino e coa sociedade AcuaNorte para o financiamento da ampliación e mellora da Edar do río Lagares para poder licitar esta actuación no 2009; contribuír ao saneamento da ría do Burgo, na Coruña, rematando as obras actualmente en execución, por importe de nove millóns de euros, e iniciar a moi curto prazo a mellora das estacións de bombeo do Temple e a renovación do colector xeral do Paseo dos Templarios, en Cambre; e, por último, a sinatura dun convenio marco cos diferentes concellos para obras previstas no Plan de actuación integral para a eliminación de verteduras nas rías galegas, cun investimento previsto de 19 millóns de euros. E ademais licitar a

Edar de Ribeira, despois de conseguir o seu desbloqueo nunha negociación co Concello de Ribeira.

A medio e longo prazo o noso obxectivo é acadar o cumprimento da Directiva 91/271, de tratamento de augas residuais, redactar diferentes plans sectoriais nas rías galegas co obxectivo de adaptar a rede de saneamento á capacidade das estacións de bombeo e das depuradoras de augas residuais, e executar as actuacións prioritarias que indiquen os plans sectoriais aos que me referín anteriormente.

Paso agora a relatalles as liñas de actuación no que se refire á ordenación territorial. A gran cantidade de decisións que hoxe se toman dun xeito estanco e independente polas distintas administracións, organismos e axentes actuantes teñen impedido o desenvolvemento dun contorno urbano saudable. Isto ten orixinado a aparición da cidade difusa, a cidade sen bordos, onde o medio urbano e o medio natural se mesturan producindo unha indefinición territorial que impide un desenvolvemento equilibrado e sostible, perdendo calidade de vida, benestar e cohesión social. É necesario impulsar procesos de transformación e desenvolvemento da cidade e do territorio de tal xeito que ese ben permanente sobre o que nos asentamos sexa capaz de soportar o necesario desenvolvemento e, ao mesmo tempo, ser protexido para o noso ben e de futuras xeracións.

Unha análise actual da situación galega debe facernos reflexionar dende a perspectiva do conxunto do país sobre o camiño que levan as nosas cidades, sobre como soporta o medio físico a nosa actividade e dinamismo e sobre cal debe ser a relación entre cidade e territorio; unha relación que nos permita desenvolver unha estratexia económica de cohesión e desenvolvemento social e de sensibilidade e coidado do medio ambiente, da paisaxe e do contorno natural.

É necesario, pois, reconducir a situación, temos que entender o territorio como unha cidade única, establecendo unha reformulación global que nos permita recoñecer Galicia como unha realidade policéntrica. Ao longo dos vindeiros catro anos imos facer un esforzo en planificación e ordenación que se concreta nas seguintes medidas: elaboración das directrices de ordenación do territorio e do Plan do litoral, que estarán en disposición de ser aprobados ao longo deste ano. Para a elaboración do Plan do litoral xa se ten iniciado neste mes un proceso de comunicación cos organismos

implicados, buscando a participación á hora de establecer criterios e normas xerais. Tanto o Plan do litoral como as directrices de ordenación do territorio permitirán sinalar criterios obxectivos de desenvolvemento sostible aos que se deberán suxeitar os concellos á hora de exercer as súas competencias de planeamento urbanístico. Limitarán tamén a actual discrecionalidade coa que conta a Xunta no outorgamento da aprobación definitiva dos plans de ordenación xeral e municipal, fronte de continuos conflitos políticos e sociais nos últimos anos.

En planeamento municipal, incrementaremos o nivel de esixencia na protección dos valores ambientais e paisaxísticos do noso territorio. Para iso trataremos de desbloquear e acelerar a aprobación dos plans xerais e os plans de desenvolvemento. Desde a consellería darémolles un impulso decidido ao proceso de formulación dos plans xerais ou de adaptación á vixente regulación legal dos que aínda non estivesen mediante medidas de fomento e, de ser o caso, de subrogación necesarias. Proponanse tamén ámbitos de desenvolvemento urbanístico e de entidade máis controlada que permitan axilizar as actuacións sobre o territorio, tanto na tramitación como na xestión. Estableceranse as determinacións legais e regulamentarias necesarias para permitir a aprobación parcial con distintas velocidades de partes de documentos de planeamento xeral, unha vez que se concreten os modelos globais de sostibilidade para o territorio en estudo. Unificaremos, coordinaremos e revisaremos todo o corpo lexislativo existente en materia de ordenación do territorio, urbanismo e medio ambiente co obxecto de recoller as novas formas de entender a intervención sobre o territorio e a ocupación do solo e adaptalo coherentemente ás novas realidades galega, estatal e europea, dando seguridade xurídica e tentando facilitar así a súa aplicación.

Vou referirme ao ámbito máis concreto do urbanismo. A necesidade de mellorar a calidade urbana dos nosos pobos, vilas e cidades será un dos obxectivos básicos que se plasmarán no necesario control legal e na implantación de medidas que xeren unha nova forma de actuar no contorno urbano, de xeito que se priorice o desenvolvemento equilibrado dos concellos, a sostibilidade ambiental, así como a legalidade, a redistribución e a transparencia. Como compromisos programáticos específicos en materia de urbanismo, o labor da consellería para a actual lexislatura centrarase como prioridade principal na axilización e mellora dos procedementos

para a xestión urbanística, adoptando para isto, entre outras, as seguintes medidas: promoveremos e facilitaremos a progresiva implantación da tramitación e outorgamento das licenzas urbanísticas por medios electrónicos; elaborárase un prego unificado de condicións tipo que especifique a totalidade da documentación que debe conter un planeamento para a súa correcta tramitación; constituirase un grupo mixto de traballo Xunta-Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia e demais colexios profesionais e administracións implicadas para estudar a posible modificación dos requisitos de tramitación das distintas figuras de planeamento e lograr así a redución dos tempos de tramitación e aprobación dos documentos; impulsarase a axilización da tramitación do planeamento xeral dos concellos coordinando e unificando no posible a tramitación ambiental e urbanística; prestaráselles apoio económico e técnico aos concellos para facilitarlles desde as súas competencias a redacción dos seus plans xerais co obxectivo de que o 100% dos concellos contén cun plan xeral de ordenación urbana adaptado á lexislación vixente; fomentárase a realización do planeamento municipal desde os propios concellos a través da creación de equipos internos co cofinanciamento autonómico; impulsarase, en colaboración coas deputacións, a creación de oficinas técnicas que garantan o asesoramento e o apoio urbanístico aos concellos máis pequenos, en especial para a redacción do seu planeamento; creáranse figuras de coordinación concellos-Xunta a fin de evitar a lentitude e a burocratización dos procedementos de xestión urbanística; apoiaremos a recuperación histórica das cidades galegas, así como a utilización do simbolismo práctico para acadar unha óptima identificación cos núcleos urbanos a través de accións que consoliden a identidade de cada lugar e a súa riqueza cultural; prestaráselle atención ao desenvolvemento de plans e proxectos de reurbanización, conservación e rehabilitación dos barrios residenciais das cidades; impulsaremos o recoñecemento dos núcleos tradicionais no litoral, tratando de resolver a problemática que arrastran estes enclaves; estableceranse axudas económicas aos concellos que aposten por zonas verdes, espazos públicos, por enriba das porcentaxes que obrigatoriamente fixan os planeamentos; desde o Goberno realízase un manual de construción no rural; e, por último, reforzase o papel da Axencia Galega da Protección da Legalidade Urbanística para que cumpra axeitadamente o seu obxectivo de velar pola legalidade urbanística, colaborar activamente cos concellos, promovendo a súa incorporación e facilitando o exercicio efectivo dos dereitos dos cidadáns

en relación co territorio; e finalmente garantiremos a obxectividade e a imparcialidade da propia axencia.

Vou referirme a continuación a un tema que entendo que é de vital importancia na miña consellería, que é o relativo á paisaxe. Quero subliñar que unicamente tres autonomías do Estado español dispoñen dunha dirección xeral especializada en temas de paisaxe: nós, polo tanto, estamos na vangarda da protección da paisaxe. A paisaxe terá unha consideración especial como referente para o deseño do territorio. A paisaxe é a expresión do carácter e identidade de cada lugar e resulta determinante á hora de facer atractivo un territorio como lugar de vida e traballo. O enorme valor, calidade e diversidade da paisaxe de Galicia require un estudo e tratamento diferenciado para cada ámbito que imos abordar. Durante a lexislatura imos abordar a elaboración dun catálogo da paisaxe de Galicia. Tamén se porá en marcha un plan global para a integración paisaxística de elementos. En consonancia co enorme valor ambiental e cultural que teñen os nosos territorios costeiros, imos elaborar e implementar un plan integral para a posta en valor do litoral que englobará un importante paquete de medidas e un claro esforzo investigador que complementa o Plan de ordenación do litoral co fin de incentivar as súas potencialidades. Faremos un esforzo na rehabilitación do patrimonio cultural galego do litoral e crearemos unha rede de parques naturais do litoral coa recuperación e posta en valor dos espazos de maior valor ambiental da costa galega nos que se combine cun sistema de sendas brandas ao longo do litoral.

Vou referirme agora á vivenda e solo empresarial. O sector da vivenda enfróntase actualmente a dous grandes problemas, especialmente en Galicia: en primeiro lugar, o relacionado coas dificultades que atravesan moitas familias e a maioría dos mozos para acceder a unha vivenda ante as restricións impostas no mercado crediticio para a adquisición mediante créditos hipotecarios ou para atender no medio da crise as súas obrigas hipotecarias; en segundo lugar, e como consecuencia das dificultades económicas e financeiras mencionadas, as empresas da construción están a atravesar por dificultades tanto para vender as promocións realizadas nos últimos tempos como para iniciar novas obras, o que, á súa vez, incide na destrución de emprego no propio sector en todos os sectores que dunha ou outra forma del dependen. Esta situación crítica prodúcese ademais nun contexto no que en Galicia se fixo especialmente difícil o acceso á viven-

da. Hai que recordar que nos últimos anos Galicia foi a terceira comunidade autónoma onde máis se incrementou o prezo da vivenda. Este empeoramento das condicións de acceso a unha vivenda afecta con especial dureza á mocidade. Hoxe acadar unha vivenda é unha misión case imposible para os mozos e mozas de Galicia. Desenvolver unha política de vivenda é fundamental para o futuro de Galicia, constitúe un factor de atracción de persoas novas e dinámicas, tanto para o conxunto do noso país como para as zonas interiores que tenden ao despoboamento. Ademais, o tema da vivenda ten un poder de arrastre sobre moitos outros sectores que xeran un elevado volume de emprego: materiais, mobles, comercio; e tamén incide nos niveis totais de investimento da economía galega, na que a achega da vivenda nova e a rehabilitación son decisivas.

A obra pública pode substituír parcialmente e a curto prazo a caída do investimento privado en vivenda pero non pode sostener o sector indefinidamente. Dende a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas impulsaremos unha política de vivenda incardinada na política territorial e urbanística mediante a potenciación dos patrimonios públicos de solo e dos demais instrumentos que a lexislación lle outorga á Administración para abaratar o custo do chan, respectando a iniciativa privada no sector inmobiliario; un sector criminalizado a pesar do seu importante peso específico no que é a economía galega, posto que aporta un 13% do valor engadido bruto da nosa economía.

A política de vivenda fomentará a construción de vivendas de protección, de localización de empresas e equipamentos públicos, atendendo ás novas realidades sociais e culturais tales como os cambios nos ámbitos familiares, as demandas de segundas residencias ou as demandas sociais de maiores equipamentos e dotacións públicas.

As prioridades en materia de vivenda paso a subliñalas a continuación. Terán un triplo obxectivo: facerlles fronte aos problemas relacionados co acceso á vivenda das familias e os mozos, reactivar un sector do que depende o traballo de moitas persoas e pemes e mellorar o *stock* de vivenda de Galicia tanto en cantidade como en calidade. Para iso actuaremos nas seguintes áreas:

No referente a vivendas en aluguer e en aluguer con acción a compra, para promover o desenvolvemento dun parque de

vivendas de promoción pública en aluguer, unha das carencias fundamentais do mercado da vivenda galego, o Goberno impulsará dous programas: Programa de vivenda en aluguer con opción a compra e programa de vivenda en aluguer rotacional sen opción de compra.

No referente á vivenda de protección autonómica, é dicir, en relación coa vivenda de protección que realizan os promotores privados, desde a Xunta de Galicia actuarase en dúas liñas concretas: en primeiro lugar, modificarase o funcionamento do actual rexistro de demandantes de vivenda por unha estrutura máis áxil que dea resposta ás necesidades reais; e, en segundo lugar, tamén se impulsará a cualificación individual das vivendas protexidas, medida xa incluída no decreto autonómico do Plan de vivenda 2009-2013, polo que toda persoa física que reúna as condicións para adquirir unha vivenda de protección autonómica poderá adquirir calquera vivenda con tal de que non supere os límites de superficies máximas e o custo establecido pola normativa.

Vivenda de promoción pública. Dende o Goberno fomentaremos de novo a construción de vivendas de promoción pública para as familias máis necesitadas, xa que nos últimos catro anos quedaron practicamente paralizadas e limitadas as actuacións que xa deixara en tramitación o anterior Goberno. Estas vivendas estarán dirixidas ás familias coas rendas máis baixas, aos mozos, e xestionaranse prioritariamente en réxime de aluguer con opción de compra.

No relativo á rehabilitación, aumentarase tanto o número de áreas de rehabilitación como o número de actuacións que na actualidade se lles asignan a diferentes áreas. Impulsarase a rehabilitación dos barrios das cidades, en consonancia coas medidas a desenvolver en materia de ordenación do territorio e urbanismo. E continuarase tamén coa adquisición e rehabilitación de áreas que, polo seu estado de degradación, non son de interese para a iniciativa privada. Na área de rehabilitación rural, simplificarase a actual normativa, que, pola súa complexidade, resulta ineficaz na práctica. Distinguirase a calidade arquitectónica da vivenda a rehabilitar, diferenciándose as pequenas rehabilitacións das rehabilitacións de vivendas de interese arquitectónico que necesitan unha atención especial por parte da Administración. E, por último, no apartado da erradicación do chabolismo fomentaranse estas actuacións en colaboración cos concellos para solucionar os casos extremos e acabar progresivamente co chabolismo en Galicia.

Outras medidas a impulsar para facilitar o acceso á vivenda. A obtención de financiamento é unha das principais dificultades que as familias, especialmente a mocidade, atopan para acceder á vivenda. A Xunta de Galicia, en liña cos obxectivos da hipoteca xove, que no seu momento lles facilitou o acceso á vivenda a moitas mozas e mozos galegos, propoñeralles ás entidades financeiras unha mellora das condicións aos préstamos hipotecarios a través de mecanismos que melloren as garantías esixidas polos bancos e caixas de aforro. Desde a consellería tamén se poñerán en marcha axudas para a adquisición de vivenda libre nos concellos onde non hai vivenda protexida; unha situación que é particularmente grave nos municipios costeiros, nos que a nova construción se destina prioritariamente ao mercado de segunda vivenda para as vacacións, dificultando a compra para os residentes nestes municipios.

Por outra banda, para impulsar a saída ao mercado do gran número de vivendas rematadas e reactivar o sector inmobiliario en xeral, e ao mesmo tempo facilitar o acceso á vivenda de moitos mozos e familias, dende o Instituto Galego da Vivenda e o Solo impulsarase a sinatura dun acordo entre a Administración e todos os actores do sector inmobiliario –promotores, entidades de crédito, colexios de notarios e rexistradores de propiedade– que propicie a saída ao mercado do *stock* de vivenda existente en Galicia no curto prazo a través das diferentes fórmulas de acceso e cun compromiso de prezos máximos.

Nesa dirección promoverase a creación da figura da vivenda libre de prezo concertado, iniciativa xa incluída no decreto autonómico correspondente ao Plan de vivenda 2009-2013, na que se incluírán aquelas vivendas libres e xa rematadas para as que o promotor desexe esta cualificación co compromiso de non superar un prezo determinado por metro cadrado que será fixado anualmente pola Administración autonómica.

Reactivación do sector da construción. É fundamental que Galicia manteña un sector da construción competitivo. Neste contexto dende a Administración, en primeiro lugar, trataremos de xerar confianza; en segundo lugar, non agravar a situación coas accións públicas, e, en terceiro lugar, apoiar o sector na resolución dos seus problemas máis inmediatos, como é o da falta de financiamento, xa que as empresas están a ter dificultades mesmo para o financiamento de proxectos de vivenda protexida e de rehabilitación.

Un labor de gran transcendencia para reactivar o sector é a axilización de todo o referente á tramitación administrativa en materia urbanística, na que imos incidir, como dixen anteriormente, conscientes de que menos dun 10% dos concellos galegos –uns 30 de 315– teñen adaptado o seu plano urbanístico á lexislación actual.

Dende a Xunta de Galicia prestaremos especial atención a mellorar a coordinación entre administracións para garantir un cumprimento máis estrito dos prazos na emisión dos informes sectoriais durante a información pública dos plans; colaborar cos concellos cunha mellor dotación de persoal e medidas para axilizar a resolución dos expedientes administrativos; garantir a aprobación definitiva dos plans xerais no prazo legal previsto; e impulsar a vivenda de protección alí onde se demande e onde a repercusión do solo o permita, xa que a promoción pública pode ser a salvación de moitas empresas e postos de traballo a curto e medio prazo.

Para lograr este conxunto de obxectivos en materia de vivenda procederemos tamén a reformar as vixentes normas de hábitat, que, xunto a algúns aspectos positivos que imos manter, consideramos introducen algunhas previsións pouco axeitadas. Reformaremos de xeito integral o Plan sectorial de solo residencial, buscando o consenso cos concellos e a súa coordinación cos plans xerais de ordenación municipal. Formalizaremos –e a sinatura do convenio será o próximo xoves– co Goberno central o Plan de vivenda 2009-2013. E, por último, entre as medidas máis salientables en materia de vivenda, levaremos a cabo unha unificación e revisión das distintas normativas que lle afectan á vivenda aprobadas na última lexislatura nun único texto legal, evitando a súa total formulación excesivamente intervencionista.

Vou referirme a continuación ao solo empresarial. O solo e as comunicacións son elementos indisolubles. As experiencias exitosas doutros países demostran que os medios locais máis atractivos son os que contan con cidades con espazo de uso empresarial ben comunicado e próximo a eses núcleos que xeren a necesaria centralidade. O Goberno, coa finalidade de facer de Galicia un territorio que resulte atractivo para o investimento de empresas que ademais de xerar emprego se movan nos segmentos produtivos máis demandados, levará a cabo as seguintes medidas: recuperación do tempo perdido coa creación de máis superficie empresarial; a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo aceleraranse os proxec-

tos pendentes atrasados na lexislatura pasada, promovéndose a creación de novos parques empresariais nas zonas nas que hoxe existe unha maior demanda; teremos unha visión metropolitana e de ordenación territorial; a dotación de solo industrial require necesariamente unha planificación metropolitana de dimensión superior á municipal e ben integrada no conxunto do país coas súas infraestruturas e coa ordenación do seu territorio. Esta foi a intención coa que no seu día se aprobou o Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia; un plan que tivo a súa execución paralizada ou atrasada na última lexislatura na maior parte dos seus proxectos. A clave para mellorar nas infraestruturas empresariais é poñelas ao servizo dunha estratexia de país. Con iso conseguiremos atraer empresas foráneas e lograr que non marchen as que crean riqueza en Galicia. Dito doutro modo, é preciso que sobre a estrutura mande a estratexia.

No referente á mobilidade, de todos é sabido que as infraestruturas de transporte son un elemento clave para a competitividade da nosa economía, para a calidade de vida dos galegos e para a cohesión, vertebración e reequilibrio territorial de Galicia.

As infraestruturas de transporte que facilitan a mobilidade das persoas e o acceso aos mercados son esenciais para o desenvolvemento dun país situado, dende a perspectiva española e europea, nunha posición xeográfica periférica. Unha das premisas que fan a un territorio atractivo aos investimentos é a existencia dun sistema integrado de infraestruturas e transporte moderno e eficiente. Non menos importantes son os efectos que unha boa dotación de infraestruturas de transporte ten sobre a igualdade. Os territorios que non resulten competitivos e atractivos, en termos de custo e de tempo de acceso aos mercados, estarán condenados a perder posicións no escenario do comercio mundial. Adicionalmente, a actual conxuntura económica, que afecta especialmente ao sector da construción, tamén en Galicia esixe que as administracións públicas fagan un especial esforzo investidor.

Todas estas circunstancias fan que o actual Goberno considere prioritario a estratexia de dotar a Galicia de infraestruturas e de poñer en marcha un plan de mobilidade e de transportes.

Galicia recibiu nos últimos anos un importante impulso en materia de infraestruturas, e especialmente nos tres lustros

posteriores ao ano 1990, cando se puxeron en marcha os máis ambiciosos plans de infraestruturas tanto por parte do Goberno da Xunta como do Goberno do Estado. A través deles fraguáronse obras tan transcendentales como as autovías de conexión coa Meseta, a autovía do Cantábrico, as novas vías de altas prestacións autonómicas ou a mellora xeral da rede de estradas galegas. Unha etapa marcada pola coordinación e asunción de acordos interadministrativos do que é parangón a sinatura do acordo pola construción das autovías, que... É certo que esa etapa marcada pola coordinación remitiu nos últimos anos, nos que a paralización de tramitacións en marcha e a ralentización do ritmo construtivo e investidor marcaron en gran medida a política de infraestruturas dos gobernos central e autonómico.

Neste escenario faise preciso retomar a senda do rigor na planificación do traballo continuado e do cumprimento dos prazos na xestión pública das infraestruturas. É preciso recuperar o ritmo investidor doutroa, recuperar a transparencia, a coordinación, a cooperación e o diálogo tanto coas demais administracións como cos posibles afectados polas obras públicas. É preciso volver ao sentido institucional e non actuar dende o partidismo.

Do mesmo xeito comprométome a orientar a política de infraestruturas de Galicia conforme a uns principios básicos que garantan que as actuacións estarán ao servizo dunha concepción estratéxica do país; que a planificación terá como obxectivo prioritario a mellora da mobilidade; que se actuará cunha maior eficacia na xestión das infraestruturas a través da especialización e da racionalización da Administración autónoma galega; que se garantirá a participación da iniciativa privada, que debe ser parte da xestión das infraestruturas, especialmente nun contexto de crise como o actual; que se traballará no acceso a calquera tipo de infraestrutura de transporte con carácter equitativo, universal e global, co obxecto de garantir o principio de solidariedade e de igualdade de oportunidades. Xunto con estes principios básicos, a política de infraestruturas estará marcada por premisas de racionalidade, seguridade, calidade, eficiencia, integración e coordinación, mellora da mobilidade, adecuación aos ámbitos metropolitanos, transparencia e diálogo.

En materia de infraestruturas, como obxectivos máis inmediatos destacaremos que nos cen primeiros días de goberno aprobaremos unha planificación de infraestruturas co hori-

zonte de execución no ano 2015. Xestionaremos, e estamos a xestionar, a transferencia da titularidade das autoestradas do Atlántico e do tramo Santiago-Dozón da autoestrada Santiago-Ourense, conforme o recente acordo adoptado por unanimidade nesta Cámara. E ao longo deste ano presentárase unha proposta para reducir as peaxes nas autoestradas galegas atendendo a criterios de coherencia, globalidade, progresión e universalidade, tal e como xa se adiantou nesta mesma Cámara. Crearemos a Axencia Galega de Estradas, suprimindo con esta medida tres organismos: a Dirección Xeral de Infraestruturas, as sociedades SPI e Aceousa. A axencia configurarase como un organismo público da Administración autonómica que aglutinará os servizos actualmente existentes nos entes que se eliminan. Deste xeito conseguirase racionalizar, especializar e optimizar os recursos, xerando un aforro de gasto corrente. No horizonte da lexislatura traballaremos para lograr reducir nun 50% o número de vítimas de accidentes de circulación nas vías de titularidade autonómica.

O último apartado das nosas prioridades infraestruturais refírese ao seguimento e ao impulso das importantes actuacións que o Goberno central promove no territorio galego. Como xa quedou patente na recente entrevista entre os presidentes de Galicia e España e na intervención do presidente da Xunta esta mesma mañá, trataremos de lograr un acordo formal, cun calendario realista e compromisos orzamentarios para a execución das infraestruturas da Administración central pendentes en Galicia.

No que se refire ás principais actuacións na rede de autovías e vías de altas prestacións autonómicas, impulsárase en todos os itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, no seu caso, de vías de circulación con deseño desdobrábel para transformalas en autovías cando así o demande o tráfico. A rede viaria galega deberá garantir que o 80% da poboación se sitúe a menos de dez minutos dunha vía de alta capacidade.

Nas redes das vías de alta capacidade que o Goberno vai impulsar contempláranse en concreto as seguintes actuacións: a autoestrada do Val Miñor cos seus respectivos enlaces, a vía de altas prestacións do Baixo Miño, a conexión da autovía A-52 coa área loxística da Plisan en Salvaterra, a autovía do Morrazo, a autovía Pontevedra-Vilagarcía, a autovía do Salnés ata o Grove, a autovía Santia-

go-A Estrada, coa prolongación ata a Nacional-541, en Forcarei-Cerdedo, a autovía Santiago-Noia, a autovía Carballo-Cee-Sardiñeiro-Fisterra, a Vía Ártabra, na terceira ronda da Coruña, a vía de altas prestacións do norte, a autovía Ferrol-Vilalba, a autovía Lugo-Sarria-Monforte, a autovía Ourense-Celanova e a vía de altas prestacións da Costa da Morte-Santiago.

En definitiva, o horizonte será a posta en servizo, no horizonte da lexislatura, de 267 quilómetros de vías de altas prestacións, aos que hai que engadir 85 quilómetros que, no horizonte do final da lexislatura, estarán en obras, o que define unha rede maiada de 352 quilómetros de novas vías de altas prestacións.

Por último, en materia de estradas, presentarase unha especial atención á mellora da seguridade viaria, cunha maior incidencia na rede secundaria e nas travesías consonte a elevada sinistralidade que se produce nestes ámbitos.

En relación coa mobilidade, Galicia precisa unha política que garanta a mobilidade da poboación, atendendo ao mesmo tempo á sostibilidade, á seguridade, á economicidade de custos e á comodidade das persoas. Coa mirada posta nestes requisitos, o Goberno galego ten como obxectivo prioritario en materia de mobilidade a potenciación e a racionalización da actual dirección xeral de mobilidade e a creación dun ente ferroviario galego que xestione as proximidades e que dirixa a construción e explotación dos metros lixeiros das áreas metropolitanas da Coruña e de Vigo. Unha das actuacións máis destacadas en materia de mobilidade será a creación do Consorcio de Transportes Metropolitanos de Galicia, a través do que a Xunta de Galicia vai fomentar a coordinación administrativa, a integración tarifaria e a integración modal. Neste novo órgano está previsto integrar o novo Ente Ferroviario Galego, e nel convidarase a que se incorporen concellos, deputacións e o propio Ministerio de Fomento. O Consorcio planificará, coordinará e organizará o transporte nas áreas metropolitanas de Galicia. A intención é que este órgano mesmo poida estender as súas actuacións máis aló do ámbito metropolitano, co obxectivo de formular un único título de transporte que en Galicia permitise o desprazamento das persoas en calquera modo de transporte público. Desta forma Galicia tería un esquema de transporte congruente que lle permitiría satisfacer as necesidades de mobilidade de todos os cidadáns.

Accións prioritarias en materia de mobilidade. Mentres o Consorcio de Transporte Metropolitano non comece a operar, a Xunta de Galicia continuará avanzando na mellora da mobilidade das persoas a través das seguintes accións: ao longo da actual lexislatura propoñémonos tramitar e aprobar os plans sectoriais viarios das grandes cidades que restan —é dicir, Vigo, Ourense, Lugo e Pontevedra—, así como os plans de mobilidade para todas as áreas urbanas intermedias. Remataremos o Plan de transporte metropolitano de Galicia iniciado en 2004, estendéndoo no primeiro ano ás sete áreas metropolitanas de Galicia, para beneficiar a máis de 1.650.000 persoas, preto do 65% da poboación de Galicia. En cada área metropolitana e como actuación primordial integraranse as redes urbanas e metropolitanas de transporte público mediante unha política tarifaria común e un prezo reducido, incrementando a frecuencia da oferta. Impulsarase a construción de estacións de transporte intermodais que aproveiten a chegada da alta velocidade e conxuguen o transporte ferroviario co transporte público por estrada, tanto de autobuses coma de taxis, e a conexión cos aeroportos. Crearemos intercambiadores en todas as cidades de Galicia e naquelas vilas de maior poboación cunha localización óptima e que complementen a intermodalidade das estacións centrais. Culminarase a creación e a adecuación das áreas de estacionamento de segundo nivel. Impulsarase a dotación de aparcadoiros disuasorios conectados coa rede de transporte público que permitan ao cidadán estacionar o seu vehículo por un prezo reducido e acceder inmediatamente ao transporte público urbano, metropolitano, incluso comarcal. Avanzarase na total eliminación das barreiras arquitectónicas no acceso ao transporte e aos medios de transporte mediante a renovación das [...] co novo material adaptado e ambientalmente sostible.

Outra actuación transcendente será a posta en marcha inmediata do Plan de transporte comarcal e rural, que beneficiará ao 35% restante da poboación galega. Nesta liña adaptarase a xeneralización neste ámbito de todas as melloras tarifarias propostas no ámbito metropolitano. Reformularemos unha nova oferta de servizos onde se prime o aproveitamento das distintas ofertas existentes coa ampliación do servizo que se adecúe á demanda mediante a xeneralización universal do transporte á demanda. O aproveitamento da capacidade de transporte escolar será outra das liñas de actuación, e a reordenación zonal das actuais liñas de transporte por estrada tamén será outra das liñas prioritarias no que é o transporte comarcal e rural.

Tamén impulsaremos a xeneralización espacial e temporal do transporte nocturno como opción de mobilidade e seguridade viaria para os mozos nos lugares de concentración de actividade de lecer; así será cos servizos de Noitebús, que terán un orzamento reforzado na convocatoria que se está a piques de facer pública nestes momentos.

Na mesma dirección de mellora da seguridade viaria estamos a articular un programa coa Dirección Xeral de Xuventude para fomentar a figura do condutor alternativo entre os grupos de amigos que saen de noite para evitar que a mocidade que bebe conduza. Co mesmo fin levaremos a cabo cursos de conducción segura e de seguridade viaria.

Poñeremos en marcha un programa de intermodalidade autobús-ferrocarril que aproveite a conclusión de actuacións de mellora da rede ferroviaria xunto cunha mellora na oferta ferroviaria en media distancia en tren de proximidade.

No ámbito do transporte marítimo, promoveremos a implantación de novas relacións e o fortalecemento das existentes, coordinadas co transporte por estrada, que garantan a prestación dun servizo público de calidade coas frecuencias requiridas polos usuarios a un prezo idéntico ao do transporte metropolitano, no que se integrará.

Igualmente potenciaremos o transporte discrecional por estrada, que contribúa á desconxestión da circulación e á seguridade viaria, evitando a sinistralidade pola prestación de servizo por profesionais. Implantaremos unha nova normativa que, recollendo as previsións dos regulamentos comunitarios, facilite o desenvolvemento do sistema de transporte público de viaxeiros por estrada.

Por último, en materia de mobilidade, aprobaremos unha normativa que regule os servizos de taxi en Galicia, que, entre outros aspectos, impulsará que no ámbito comarcal e rural os servizos de taxi sexan unha peza fundamental dos plans de transporte, especialmente de transporte e demanda, ou incluso programado.

No referente ao ferrocarril, permítame que dea unhas pinceladas. O Goberno galego aposta de xeito decidido polo ferrocarril como modo de transporte eficaz e sostible; un modo de transporte axeitado tanto para a mobilidade das persoas e as mercadorías fóra como cara a dentro da nosa

Comunidade Autónoma, como nos traxectos de curta e media distancia para os viaxeiros. O Goberno galego ten como obxectivo o impulso da sinatura dun acordo institucional co Goberno de España para a execución das obras do tren de alta velocidade en Galicia. A Xunta está disposta a acadar un acordo que contemple prazos e orzamentos. O acordo marco tería que incluír inescusablemente un compromiso expreso de datas e de anualidades e o seguimento por parte dunha comisión específica.

Unha política ferroviaria integral. A promoción do ferrocarril en Galicia non se debe limitar unicamente á alta velocidade, debe comprender todas as posibilidades que ofrece este medio, tanto no longo recorrido como no transporte de proximidade e media distancia ou de mercadorías. O Goberno galego aposta por potenciar os tres ámbitos indicados sen esquecer ningún, proponendo para iso a creación do Ente Ferroviario Galego.

É unha realidade que nos últimos anos os gobernos español e galego, coa falsa promesa de comprometer a alta velocidade para o 2012, enmascararon unha inactividade respecto do resto de cuestións que son tan importantes como a conexión do AVE con Madrid, entre elas o transporte de mercadorías, os servizos de proximidade e a conexión de portos e aeroportos coa rede de ferrocarril.

Respecto do transporte de mercadorías, a Xunta de Galicia aposta polo mantemento da rede convencional actual no eixo atlántico para poderlles dar saída ás mercadorías dos portos e poder canalizar os devanditos produtos cara ao interior da Península. O mantemento da actual infraestrutura permitirá a potenciación da rede de proximidade, que, no caso do eixo atlántico, é altamente rendible.

Por último, o sistema portuario galego necesita ser xestionado de forma coordinada. A conexión dos portos coa rede ferroviaria permitirá realizar o transporte de mercadorías de forma sostible e eficaz, sen esquecer a súa relación coas áreas loxísticas.

Igualmente considérase prioritario nesta materia o desenvolvemento dunha estratexia para que o cambio de ancho de vía teña unha afección mínima para o transporte portuario e sexa consonte as operacións que se desenvolvan no resto da rede ferroviaria española e portuguesa.

Metros lixeiros nas áreas de Vigo e A Coruña. O Ente Ferroviario Galego asumirá o estudo, coordinación e posta en marcha, no horizonte desta lexislatura, dos sistemas de metro lixeiros nas áreas metropolitanas de Vigo e A Coruña, tendo en conta que os entes locais non teñen capacidade económica suficiente para poder asumir o custo que supón a construción dun metro lixeiro e a implicación dun número elevado de concellos. Estes grandes proxectos deben ser dirixidos desde un organismo dependente da Xunta de Galicia, xa que os requisitos do material fixo e móbil a establecer nesas áreas metropolitanas deberán ser únicos co obxecto de poder conseguir aforros na adquisición de vehículos, sinalización e demais materiais.

Por outra banda, o Ente Ferroviario Galego poderá estudar a viabilidade de implantar o metro lixeiro noutras áreas urbanas de Galicia e, como non podería ser doutra maneira, pedirá a colaboración do Ministerio de Fomento, como de feito se realiza noutras áreas metropolitanas españolas.

En relación coas novas fórmulas para a explotación de liñas ferroviarias rurais, os convenios que anualmente subscribe Renfe coa Xunta de Galicia para o mantemento de servizos deficitarios non son unha solución ao problema que formulan as liñas de tráfico débil. Con esta solución o único que se consegue é perpetuar a situación deficitaria destes servizos.

Dende a Xunta de Galicia promoverase o estudo e posta en práctica de diferentes medidas encamiñadas á mellora da rendibilidade dos servizos ferroviarios rurais, entre elas, unha oferta coordinada de servizos ferrocarril-autobús, a posibilidade de oferta de servizos ferroviarios rurais por parte doutros operadores distintos de Renfe e a incorporación de solucións técnicas que contribúan de modo efectivo á redución dos custos de explotación e que serán subvencionadas no marco do convenio a establecer entre operador, administrador de infraestruturas e a Xunta de Galicia.

Como é sabido, a área da Coruña —e estoume a referir á nova terminal de mercadorías na Coruña— conta cunha terminal ferroviaria de mercadorías en terreos próximos ao porto coñecida como terminal de San Diego. De acordo cos plans de desafección de infraestruturas portuarias para a súa posterior urbanización, esta terminal desaparecerá sen que ata o momento se coñeza unha nova localización. Por iso, como unha acción básica, formularase a elaboración do proxecto

dunha nova terminal de mercadorías da Coruña. Para iso será preciso estudar, en colaboración co Concello, a súa situación, extensión e instalacións co obxecto de ir realizando a oportuna reserva de terreos ata que se inicien as tarefas do proxecto de construción.

No referente ao novo ramal ferroviario para a zona sur de Vigo, é evidente a enorme transcendencia que para a comarca de Vigo, e en particular para a súa industria, tería a construción dun novo ramal ferroviario que permita dar saída por ferrocarril á produción da factoría do grupo PSA Peugeot-Citroën, que acceda directamente á terminal ro-ro de Bouzas e que conecte a zona industrial do sur de Vigo e a zona franca coa rede ferroviaria nacional. Desde o Goberno galego promoverase esa posibilidade procurando unha acción coordinada que faga posible a súa construción.

Vou referirme á política aeroportuaria. O Goberno galego non renuncia a exercer competencias na xestión dos aeroportos. Por iso considera fundamental fixar como obxectivo conseguir que Galicia asuma o traspaso dos aeroportos galegos para a súa xestión máis eficaz e para satisfacer as necesidades dos cidadáns e das empresas. Coa competencia sobre os aeroportos as entidades locais e sociais poderán participar na planificación do sistema aeroportuario galego.

Como medidas específicas no ámbito do transporte aéreo a Xunta impulsará a integración das actuais infraestruturas aeroportuarias no marco dun sistema aeroportuario galego que contribúa á coordinación e complementariedade dos tres aeroportos e demais infraestruturas existentes; o fomento, a implantación de novos servizos aéreos de ámbito nacional e internacional; e, por último, a potenciación do tráfico de mercadorías que xeran un elevado valor engadido e contribúen fortemente ao nacemento de servizos loxísticos avanzados con incidencia forte no tecido empresarial e no emprego de calidade.

Centros loxísticos e de transporte. O fomento da competitividade empresarial, a creación de emprego e a implantación de novas empresas esixe a posta en valor dos centros loxísticos. Dende o Goberno galego imos avanzar nesa dirección, e propónse crear unha verdadeira rede de plataformas loxísticas que conxuguen o potencial dos nosos portos coa dinamización empresarial e a extensión ordenada sobre o territorio autonómico, aproveitando a intermodalidade respecto do

transporte marítimo e ferroviario, e así mesmo impulsar as actuacións necesarias para acelerar a posta en servizo da Pli-san, da Plataforma Loxística Salvaterra-As Neves, do porto seco de Monforte, o de Lugo, así como as novas da Coruña, Santiago e Ferrol, a adecuación dos centros de transporte actualmente existentes en Ourense, potenciando a intermodalidade ferroviaria e o aproveitamento do traslado das instalacións ferroviarias na estación de Ourense e no centro de Pontevedra, ligado á actividade do sector de mercadorías portuarias e industriais. Tamén dos centros de Lugo e Lalín, ampliando as súas instalacións na procura de convertelos en verdadeiros centros loxísticos.

O aproveitamento de solo industrial dispoñible para crear centros de transporte e áreas de segundo nivel que permitan o estacionamento de vehículos pesados fóra dos contornos urbanizados e faciliten o descanso na condución será tamén unha das nosas liñas de actuación.

De acordo coas autoridades locais, promoveranse tamén centros específicos de transporte de mercadorías do ámbito interno urbano e metropolitano que contribúan á especialización deste sector e á mellora medioambiental e de habitabilidade das cidades e contornos máis urbanizados desconxestionando o tráfico.

Vou rematar. Vou dar fin a esta exposición alongada por mor do cumprido abano de competencias que abrangue esta consellería.

Quero rematar volvendo reiterar a miña disposición ao diálogo e ao acordo como fórmula para mellorar e garantía de acerto na acción política. Estou persuadido de que a integración nunha soa consellería do conxunto de competencias que máis inciden na transformación e desenvolvemento da faciana de Galicia constitúe unha oportunidade histórica para levar a cabo unha acción conxunta que defenda e poña en valor a nosa terra. Esta convicción lévame a marcar como unha das miñas prioridades ao longo da actual lexislatura a procura dun pacto polo territorio entre as forzas políticas presentes nesta Cámara como representación do conxunto da sociedade galega. Solemnemente fago este ofrecemento para consensuar o modelo territorial partindo do cumprimento do programa electoral que, apoiado pola maioría do pobo galego, nos permite gobernar hoxe en Galicia, porque só a través do diálogo e dunha acción política responsable poderemos

poñer en común as liñas mestras que fortalezan a posición do noso país e perpetúen a identidade e o carácter diferencial do territorio e da paisaxe de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor conselleiro.

Rolda de intervencións dos grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a deputada dona María Teresa Táboas Veleiro.

A señora TÁBOAS VELEIRO: Señor presidente en funcións, señores deputados, señoras deputadas.

Señor Hernández, é cando menos inxusto o tempo que temos para poder reflexionar e dicirle o que pensamos sobre esa lectura que acaba de facer vostede do programa do PP integramente. Acaba de facer unha lectura. Podía non ter vido aquí ao Parlamento e terse aforrado esta comparecencia, tendo vostede tanto traballo nesa superconsellería. Polo tanto, en dez minutos dificilmente vai poder explicar o que pensa o Grupo Parlamentar do BNG, o que pensamos de cada unha das liñas nas que vai traballar a súa consellería, e ademais unha macro consellería. Vostede falou aquí de que é histórica esta fusión de tres consellerías. Iso xa existía, cando vostede precisamente..., co que foi o seu tutor, o finado señor Cuíña. Era unha macroconsellería onde estaba todo: augas, vivenda, infraestruturas, urbanismo. Polo tanto, en vez de ser regreso ao futuro é regreso ao pasado. Non é nada novo, non é nada novidoso iso que acaba vostede de presentar aquí.

No referido ás cuestións, ás competencias que ten esa macroconsellería, quería falar sobre todo dunha cuestión que aos nacionalistas nos preocupa moito, e preocúpanos sobre todo nun día como hoxe. A súa consellería é, sen lugar a dúbidas, a consellería do territorio, porque todas as competencias que vostede ten repercuten e colisionan co territorio: as infraestruturas, o medio ambiente, o urbanismo, a construción de vivendas, o solo empresarial. Para nós é un sinal de identidade, igual que a lingua, que esta mañá vimos como pouco a pouco se tenta esnaquizar por parte do Partido Popular. Estamos tamén preocupados doutro sinal de identi-

dade do noso pobo, como é o territorio galego. Voulle ler aquí –esta mañá trouxeron aquí dúas persoas, unha o deputado e compañeiro Bieito Lobeira– unha cita de Castela referida á lingua. Despois trouxen outra, mal traída ademais, porque quen facía as políticas financeiras daquela era Alexandre Bóveda. Decía no *Sempre en Galiza* Castela: “Ten Galiza un territorio propio, a mellor esquina do solar hispánico, cabo do mundo antigo e avanzada da Europa no mar da liberdade, a terra e a patria”. Polo tanto, preocupados estamos de que tantas competencias recaían nunha soa persoa despois de, ademais, escoitar que o único que fixo vostede é ler un programa dunhas eleccións que acaban de pasar o primeiro de marzo.

Comezou falando vostede de cambio climático para referirse ás políticas medioambientais. Estráñame en vostede que crea no cambio climático, cando o presidente da forza política que sustenta este Goberno, o PP, pois non cre no cambio climático por mor dunhas conversas co seu primo. Polo tanto, non sei por que fala vostede do cambio climático.

Despois, no referido a medio ambiente –vou tentar resumir porque en dez minutos é complicado–, imos regresar de novo ao pasado. ¿Lémbrese vostede do encoro do Umia? ¿Lémbrese vostede de que fixo vostede o proxecto para aquel encoro do Umia e de que houbo unha resolución no seu momento do Valedor do Pobo e 27.000 alegacións referidas a temas medioambientais? Porque se non tivera pasado como funcionario nesa consellería, nesa macroconsellería daquel momento, pois ao mellor non lle podería dicir o que lle vou dicir. ¿Lémbrese vostede de que realmente ese desño foi feito non para un encoro dunha demanda de auga que despois o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza dixo que non había, pero si foi feito, sen embargo, para conceder dúas centrais hidroeléctricas? ¿Lémbrese que aquela resolución do Valedor do Pobo de 1998 falaba de que o documento que vostede fixo contiña un estudo integramente do sur peninsular? Era un estudo de impacto medioambiental plaxiado –esa foi a acusación que lle fixo no seu momento a Coordinadora contra o Encoro do Umia– doutro realizado para a provincia de Huelva? Vostedes naquel momento mandaron un fax –un fax que lle chamaron fe de erratas– que dicía o seguinte –porque isto é importante porque é quen vai decidir as políticas medioambientais do noso territorio–, onde di: “presa de Sanlúcar”, debe dicir: “presa de Caldas de Reis”; onde di: Guadiana, debe dicir: Umia; e onde di: Ribeira do

Guadiana, deberá dicir: Ribeira do Umia. Ese foi un proxecto, señor Hernández, feito por vostede.

E continúo, non falou vostede en ningún momento, no referido a cuestións medioambientais, de qué vai facer vostede con ese aumento, ese incremento, de residuos sólidos urbanos. Si lin o outro día nunha entrevista que lle fixeron que quere vostede potenciar a incineración. Nós apostamos por algo moi diferente; nós apostamos por unha política, unha proposta, unha xestión preventiva e sostíbel dos residuos sólidos urbanos en Galiza, non da incineración. Vostede xa dixo o outro día claramente que apostaba pola incineración.

Despois, seguindo nas cuestións medioambientais, hai pouco –non teño aquí os datos–, co referido á variante de Brión-Noia, á ponte que se vai construír, vostedes fixeron –deixe que atope a folla que teño por aquí porque é importante, porque iso está amosando que xa fixo tramitacións que van en contra desa boa vontade, dese fume de carozo que deixou hoxe ver aquí lendo ese programa do Partido Popular–... Vostedes na variante Noia-Brión elixiron unha proposta, a número 2, para facer unha ponte, e non volveron facer a declaración de impacto medioambiental, alegando que as modificacións dese trazado eran flexíbeis e non afectaban á declaración de impacto medioambiental. Polo tanto, recolleron a declaración de impacto medioambiental que había no ano 2005. Tres cuestións xa referidas ao tema medioambiental.

Continuamos, urbanismo. Vostede falou aquí de urbanismo e falou do urbanismo en termos, bueno, que amosan claramente que nunha macroconsellería, aprendiz de todo, mestre de nada. Falou dun urbanismo que non ten nada que ver co noso territorio nin coa realidade socioeconómica nin territorial da Galiza. Falou vostede de urbanismo, de rexións urbanas extensas –que se chama no argot dos urbanistas– e non falou vostede da realidade deste país. Pero en urbanismo tamén xa fixo vostede algo dende que é conselleiro: pois, mire, rexeitar a modificación puntual, número seis, do Plan xeral de ordenación municipal de Pontevedra, que era un convenio subscrito coa ONCE, entre o Concello de Pontevedra e a ONCE, co fin de recoller importantes equipamentos, socioasistenciais de 11.583 metros cadrados. Prefiro crer que ese informe feito pola que é a súa secretaria xeral de Urbanismo, que foi xerente do Concello de Sanxenxo, non ten nada que ver con que alí mesmo en Campolongo, onde se atopa a ONCE, hai tamén neste momento unha grande

promoción dun alto cargo do PP que seguramente terá sen vender. Prefiro non pensalo porque, entón, estaríamos comezando mal esta lexislatura, señor conselleiro.

Continuamos, urbanismo. Falou vostede de estradas de alta prestación, de 267 quilómetros, falou vostede de todo o que ía facer en materia de infraestruturas, pero nós, os nacionalistas, estamos preocupados porque queremos que se nos explique como vai vostede financiar esas infraestruturas: se vai ser un sistema de financiamento público, se vai ser un sistema de financiamento privado, sen repercusión para os orzamentos da Xunta e que pagarían os usuarios, se vai ser un sistema de financiamento privado con repercusión sobre os orzamentos da Administración e os contribuíntes faranse cargo dos orzamentos nos anos futuros ou un sistema de financiamento mixto onde participa conxuntamente o sector público e o sector privado con repercusión, iso si, no sector público. Porque voulle dicir unha cousa, ese aspecto que ás veces se fala, esa xestión privada, o que fai é moito máis custoso o que son as infraestruturas, sobre todo as viarias. E queremos, polo tanto..., porque quedamos preocupados porque falou –máis ben leu o programa do PP integramente– pero non explicou aquí cal vai ser o modelo de xestión e de financiamento das infraestruturas viarias do noso país.

Eu vou rematar xa porque non me queda máis tempo. Teño aquí moitas dúbidas, moitas cousas que nos preocupan aos nacionalistas, porque o que fixo vostede, señor Hernández, e o que leva facendo dende que é conselleiro, cando menos, xéranos unha gran preocupación.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Táboas.

Turno para o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

en a palabra dona Mar Barcón Sánchez.

A señora BARCÓN SÁNCHEZ: Grazas, presidente.

Señorías.

Señor conselleiro, benvido á Cámara, créame que para o noso grupo era hoxe un día ben importante, porque dada a

cantidade de competencias que descansan na súa consellería pois tiñamos moita curiosidade para que vostede viñera aquí e despesara algunhas dúbidas que ao longo destes 60 días foron suscitando algunhas declaracións súas.

Permítame, sen embargo, que comece dicindo que ao longo destes 60 días vostede seguramente foi máis coñecido por algunhas dúbidas que espertou o seu comportamento que por cuestións que tiñan que ver coas súas competencias ou coa súa toma de decisións. Porque vostede, se se destacou por algo nestes 60 días, foi por anunciar paralizacións e por anunciar non ese novo tempo e a visión reformista coa que vostede iniciaba o seu discurso, señor Hernández, senón eu diría revisionista; é dicir, paralizar, parar e anunciar revisións. E hoxe, esta tarde, ao longo desta tarde, anunciounos que moitas desas revisións teñen un horizonte que vostede chama da lexislatura, do que logo lle falarei, e que é absolutamente intolerable, seguramente, para moitos cidadáns.

Foi vostede, señor Hernández, máis noticia polo seu comportamento. Eran –permítame que me dirixa agora a algúns dos seus compañeiros que falaban da illa, da illa– cando a illa e outras cousas, en relación coa honestidade, e tiñan polo menos un valor electoral; agora, pasadas as eleccións, a honestidade pasou tamén a un segundo plano e non ten nin sequera ese valor. *(Aplausos.)*

Señor Hernández, falou vostede ao longo desta tarde de moitas cousas. Tivo vostede a habilidade, ademais, de ser exhaustivo no seu plantexamento porque así corrimos o risco de que a enumeración –volvo referirme– exhaustiva de todos e cada un dos puntos de unión de todas esas consellerías, departamentos e áreas de goberno nos impedira separar o trigo da palla e saber cales son as cuestións verdadeiramente importantes.

Falou vostede, por certo, ao inicio, da famosa austeridade –da que tamén nos falaron antes–, e anunciounos un aforro de 7 millóns de euros en toda a lexislatura. Eu suxírolle, señor Hernández, que adique algúns deses 7 millóns de euros a facer polo menos algunha obra de mantemento nesas vías, que son xa da súa competencia, e que asuma os escasos 34 millóns de euros que ten vostede licitado ata este momento, porque esa é a bagaxe dos seus 60 días.

É vostede o conselleiro da paralización, en 60 días, 34 millóns de euros de licitación e máis de 400 millóns de euros

de anunciadas paralizacións. Licitou vostede 34 millóns de euros de expedientes rematados, pero xa nos anunciou que ía revisar, paralizar ou voltar para atrás obras por valor de máis de 400 millóns de euros.

Señor Hernández, polo visto, dicía vostede na súa primeira entrevista que era vostede, sobre todo e por riba de todo, o conselleiro do Medio Ambiente. E para visibilizar aquilo xa nos anunciaba que ía cambiar de despacho. Pasou vostede de San Caetano a San Lázaro, e ese tránsito no santoral foi a única mudanza ou a única relevancia que lle deu vostede ao medio ambiente, porque a partir de aí, malia as cousas que falou vostede hoxe, todos os anuncios foron tristuras para o medio ambiente. A última déunola onte cando nos anunciou que ía aprobar, que ía voltar a aquela senda de aprobación de minicentrais hidroeléctricas da que vostede e algún membro máis do seu equipo foron protagonistas no seu día e da que houbo que paralizar máis de corenta actuacións polo anterior Goberno.

Señor Hernández, vostede é o conselleiro do non medio ambiente, porque todas e cada unha das actuacións que vostede sinalou hoxe aquí como actuacións prioritarias para o seu departamento están en marcha, foron aprobadas ou están xa feitas. Hai un plan galego de residuos feitos, señor Hernández, pendente de pasar polo Consello da Xunta, hai un plan galego de acción fronte ao cambio climático feito, pendente de resolución de alegacións –por certo, dixo vostede que era demasiado ambicioso, vainos explicar en que– e hai unha auditoría ambiental feita en Sogama, outra cousa é que vostede lle quixera encargar a un primo dun amigo, a outro primo, outra auditoría, que quere dicir que pode volver vostede a contratar a unha persoa á que o Consello de Contas lle dixo que non debía.

¿Hai un plan de choque de saneamento nas rías galegas? É certo; valor, 25 millóns de euros, díxoo vostede, as obras todas definidas polo anterior Goberno. Hai un plan de acción contra os verquidos feito, empezado no ano 2007, e o primeiro estudo completo que vostede presentou hai uns días fíxoo o anterior Goberno. Cando fale vostede do emprego verde nos concellos, ¿verdade que se refire ao Plan de emprego Natura que fixo o anterior Goberno? E cando fala do catálogo da paisaxe, é o catálogo ao que lle obriga a Lei da paisaxe aprobada polo anterior Goberno, señor Hernández. (*Aplausos.*) Vostede, de medio ambiente, xa sabe, a

única novidade é: de San Caetano a San Lázaro. Sesenta días valeron tamén para que vostede, como lle digo, nos anunciara paralizacións, atraso e revisionismo.

Anunciou vostede que paralizan actuacións relativas a esa autovía Vilagarcía-Pontevedra. Suxírolle unha cousa, que copie a un dos seus compañeiros, que penso que se senta por aí. Faga unha enquisa, envíellela aos cidadáns do entorno de Vilagarcía e Pontevedra a ver se lles parece ben unha paralización dunha obra e unha paralización dunha autovía que viñan reclamando e que precisaban.

Entretense cun xogo dialéctico para falarnos de que non é capaz de seguir impulsando ou de mandar que se inicien dunha vez as obras desa autovía que vai rematar co illamento de Bergantiños e a costa atlántica. Por certo, levaba vostede tamén 60 días falando do anterior Plan Galicia. ¿Sabe que é isto? É unha copia –o que garda sempre ten–. Nun concello da costa atlántica aínda gardan aquel exemplar que lles mandaron vostedes –cando vostede era director xeral– daquel Plan Galicia que lles ía resolver as conexións coa costa atlántica. E dígolle o que pensaban facer:

Tramo Carballo-Baio, zona de Denillón, sección tipo, ano 2007-2026. Sección tipo corredor: *“El estudio de tráfico del estudio informativo revela que hasta el año 2026 es suficiente con una sección de un carril por sentido, pues no sobrepasa el nivel de servicio; año 2026, desdoblamiento.*

Baio-Berdoias, sección tipo: *“El tipo de vía que mejor se adapta a las necesidades de este tramo es una vía rápida, vía para automóviles. Según el estudio de tráfico del estudio informativo mantiene que hasta el horizonte del 2027, un nivel de servicio igual o inferior al anterior. Y además dispone de unos parámetros de trazado muy buenos”.*

Berdoias-Cee: *“Solución adaptada, mellora do trazado, realización de mejoras puntuales en la carretera C-522”.*

¿Isto é o que pretende facer vostede cando nos anuncia que farán autovías que despois se poidan desdobrar, señor Hernández? ¿Isto é o que vostede tiña previsto ou ten previsto que se faga para esa costa atlántica e para Bergantiños? Paralizou vostede ou non realizou vostede ao longo destes 60 días as actuacións de seguridade vial. Verá, o noso grupo nunca o someterá a vostede ao vergonzoso e lamentable

espectáculo ao que outros quixeron someter á conselleira de Política Territorial nesta Cámara, como algúns do seu grupo cando cada vez que había un accidente de tráfico traían aquí a esta Cámara o recordo da persoa morta. Nós non o imos facer, só lle pedimos que, por favor, non atrase as actuacións de seguridade vial, que, por favor, non desmantele que a seguridade vial se tiña convertido nunha prioridade para o anterior Goberno.

Falou vostede, señor Hernández, de elaborar o Plan do litoral e de elaborar as directrices de ordenación do territorio. Seguro que foi un erro, seguro que quixo dicir aprobalas. Por certo, darlle a noraboa unha vez máis por ter cambiado de opinión en canto á moratoria da prohibición da construción no litoral neses 500 metros. É o momento, seguramente, de sacar aquel simpático titular: *“El PP asegura que la Ley del litoral paralizará el urbanismo hasta el 2014”*. Menos mal que vostede nos lles fixo moito caso aos do PP, mantivo a moratoria e aprobará seguramente o Plan do litoral e as directrices de ordenación do territorio feitas polo anterior equipo e que lle dará tempo a aprobar a vostedes de camiño.

No ámbito do transporte, permítame que lle manifeste a nosa inquedanza. Señor conselleiro, falou vostede de que no horizonte desta lexislatura habería proxectos de metro lixeiro nas áreas urbanas da Coruña e en Vigo. Por certo, algúns orzamentos xa estaban nos orzamentos deste ano, o orzamento do estudo técnico do metro lixeiro da Coruña. Falou vostede de poñer en marcha o Consorcio de Transportes no horizonte desta lexislatura. Señor Hernández, vostedes, que durante dezaseis anos fixeron caso omiso das necesidades da mobilidade do transporte público; vostedes, que durante dezaseis anos de goberno deixaron a política de transporte relegada ao último do último do último lugar, non nos diga que temos que esperar ao horizonte desta lexislatura para que fagan algo máis.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Vaia rematando, señora Barcón.

A señora BARCÓN SÁNCHEZ: Enseguida acabo, presidente.

Plan de estradas, directrices de ordenación do territorio, Plan do litoral, Plan de residuos, Plan contra o cambio climático, Lei da paisaxe, Lei de residuos, Lei do transporte, Lei de vivenda, Axencia da Legalidade Urbanística, proxectos de

metro lixeiro, Plan de saneamento das rías, Autovía da Barbanza, do Salnés, Santiago-Ourense, Santiago-Brión, Ferrol-Vilalba, Rande-A Barcala, sen peaxes. Todo iso e moitas outras cousas máis se fixeron. Agora imos aceptar ese pacto que vostede nos propón, pero imos facelo moito máis sencillo, pero tamén moito máis concreto. Señor Hernández, díganos cando e onde, sinale un calendario da depuradora de Vigo, expropie e licite o corredor, o que queda do corredor do norte, expropie e licite a autovía Pontevedra-Vilagarcía, manteña o compromiso de...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Barcón.

A señora BARCÓN SÁNCHEZ:... de construír a de Tui-Goián, a autovía Ourense-Celanova, aprobe as directrices de ordenación do territorio, non paralice o transporte público e, por certo, abra unha comisión de seguimento para que sexamos os grupos quen de controlar tamén o seu traballo.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Grazas, señora Barcón.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Gómez Alonso.

O señor GÓMEZ ALONSO: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro de Medio Ambiente, señorías, francamente me sorprende o ton de escepticismo e de acritude que as dúas voceiras da bioposición *(Murmurios.)* tiveron á hora de manifestarse o señor conselleiro de Medio Ambiente sobre os plans que vai levar a cabo ao longo desta lexislatura... Á bioposición moléstalle ata estar xuntos; non queren nin estar xuntos na oposición e molestáballe estar xuntos no Goberno.

Chámame a atención o ton que vostedes empregaron para referirse ao plan de traballo do señor conselleiro. ¿É que acaso vostedes olvidaron que ata hai escasos 60 días vostedes estaban no Goberno? ¿É que acaso vostedes se olvidaron de que ata hai 60 días votedes tiñan toda a responsabilidade para tomar as decisións políticas das rendas que debería levar este país? ¿Vostedes esqueceronse tan rápido para adoptar este ton tan reivindicativo, con tanto escepticismo, con tanta acritude? Pero é que vostedes parece que en 60 días se esqueceron de que houbo unhas eleccións e de que o

pobo de Galicia os puxo precisamente no lugar en que mellor vostedes saben traballar, que é na oposición (*Aplausos.*), e a este partido púxonos no Goberno, señorías; no Goberno, señorías. Por tanto, a vostedes fáltalles ese plus que é o do rigor e o da credibilidade, porque cando se fala de infraestruturas hai que falar con rigor e credibilidade, e por iso é moi importante lembrar neste debate a Galicia que precisamente o bigoberno herdou no ano 2005 cando chegou á Xunta de Galicia.

Porque, miren vostedes, señorías, por aquelas datas o departamento e as competencias que hoxe xestiona o señor Hernández eran exercidas por dúas consellerías. Na Consellería do Medio Ambiente, no ano 2005, deixamos aprobado o Plan extraordinario contra a seca e o Plan de continxencias para defensa de espazos naturais e de especies, e realizamos un importante esforzo investidor en infraestruturas hidráulicas, saneamentos, abastecementos, clausura de vertedoiros. Pero, señorías, se a herdanza que deixou o Partido Popular en medio Ambiente era moi salientable, o noso punto forte sempre foron a política territorial e as infraestruturas. Así, un dos nosos obxectivos sempre foi que todos os concellos dispuxeran de normas de planeamento urbanístico, e no 2005 conseguimos que máis de 190 concellos de Galicia se beneficiasen de axudas plurianuais, e incrementamos a dotación desas subvencións en máis dun 67%, e deixamos practicamente aprobadas as directrices de ordenación territorial e nun avanzado estado de tramitación o Plan territorial integrado do litoral.

Señorías, as nosas políticas de vivenda no 2005 sempre tiveron un marcado carácter social. No último ano do Goberno Fraga deixamos máis de 2.300 vivendas de promoción pública en execución e deixamos en perfecto estado de funcionamento un programa de aluguer e a hipoteca xoven. Pero tamén no 2005 consolidamos o impulso das nosas políticas de fomento do transporte público, deixamos perfectamente aprobado un plan de transporte metropolitano, deixamos perfectamente aprobado o decreto regulatorio do Noitebús e incrementamos as partidas orzamentarias para o fomento do transporte público en Galicia.

En estradas, señorías, sempre fomos conscientes de que as infraestruturas xeraban un importante poder transformador e cohesionador, e así deixamos unha herencia no último ano do Partido Popular do ano 2005 cun programa de estradas

que tiña aprobado un incremento de máis dun 166% no seu orzamento, e fixémoslo coa intención de que se puideran licitar no 2005 196 quilómetros en autovías e autoestradas e 258 quilómetros en vías rápidas e corredores. Por tanto, señorías, agora cabe preguntarse: ¿que fixo o bigoberno coa herencia deixada polo Partido Popular no ano 2005? A resposta é nada, por incompetencia; nada, por incompetencia. Vostedes tiveron dúas opcións cando chegaron ao Goberno, presidido polo señor Touriño: unha, ou ben aproveitar todas as políticas axeitadas deixadas polo Goberno de Manuel Fraga, seguir impulsando e desenvolvendo aqueles programas, aqueles proxectos e aquelas obras que eran importantes para Galicia ou tiñan a opción, que é menos aconsellable, que é a que nós non estamos a desenvolver, que é paralizalo todo, críticoalo todo e demonizar todo o que viña do anterior Goberno. Vostedes precisamente se acolleron á segunda das opcións, vostedes quixeron baixo todos os conceptos e ao longo de toda a lexislatura intentar demonizar todo o que viña dos gobernos de Manuel Fraga, vostedes pararon todo o que era parable, tan só deixaron en obras aquilo que estaba en licitación, aquilo que estaba en redacción do proxecto construtivo ou nos estudos informativos; metéronos nun caixón. Esa foi a actitude que vostedes exerceron ao longo de case catro anos de bigoberno, señorías. E é máis, a última das decisións que tomaron é que as tres competencias que hoxe exerce o señor Hernández as exerceron a través de tres consellerías. É dicir, aumentaron o gasto, a burocracia e a descoordinación, e iso que vostedes eran o Goberno do cambio, o que pretendía cambialo todo. Tanto cambiaron que se cambiaron eles mesmos nun tempo récord, señorías. (*Aplausos.*)

Pero agora hai que dicir algo máis, ¿cal é o balance que lle deixa o bigoberno ao actual Goberno popular presidido polo señor Alberto Núñez Feijóo? Señorías, o que si está claro é que a vostedes o Goberno da Xunta sempre lles quedou moi grande. Vostedes nunca estiveron preparados para levar o timón dun goberno que levase a Galicia a bo porto, e por iso, como resultado de tanta incompetencia, a Galicia que herdamos no ano 2009 os populares arrastra un pésimo balance de xestión. De nada bo serviron tantos anuncios nin tanta propaganda nin tanta manipulación. Os mil anuncios do señor Pachi Vázquez quedaron en cero feitos. O señor Pachi Vázquez non foi capaz de licitar máis de tres depuradoras ao ano, cando o Partido Popular licitaba unha media de 14. (*Murmurios.*) Sogama, pese ás innumerables críticas, que-

dou exactamente igual, salvo que vostedes enterraron sen tratamento previo máis de 500.000 toneladas de residuos ao ano, e o máis significativo: o balance medioambiental do bipartito suma cero metros cadrados de espazo protexido e 100.000 hectáreas menos de verde en Galicia.

Señorías, vostedes fracasaron tamén na política de ordenación territorial, fracasaron claramente na política de ordenación territorial, recoñézaos; a súa xestión durante case catro anos foi para nota. Miremos por onde miremos en todas as áreas que hoxe xestiona don Agustín Hernández vostedes ou ben crearon ou ben se buscaron un problema. Pasamos de ser unha das comunidades autónomas onde era máis fácil acceder a unha vivenda a onde máis lles custaba aos mozos acceder a unha vivenda; pasamos de ter un transporte marítimo na ría de Vigo cun servizo óptimo para os usuarios a ter un servizo afundido; pasamos de aprobar un plan de transporte metropolitano para Galicia enteira a ter un plan imposible de implantar nas catro cidades galegas. E a todo isto hai que sumarlles os innumerables conflitos que xeraron por todo o territorio. A lexislatura pasada, señorías, parecía que Galicia, máis que estar organizada en concellos e deputacións, estaba organizada en plataformas contra o Goberno de Galicia e contra o Ministerio de Fomento. E foi así, señorías; foi así, señorías. *(Aplausos.)*

O señor conselleiro expuxo detalladamente todos os principios e accións programáticas que vai exercer. ¡Por suposto!, xestiona tres consellerías. Logo, ¿que querían vostedes, que fálase de tres grandes importantes áreas do Goberno e das políticas do noso país en quince minutos, en dez minutos? Xestiona tres áreas, señorías, e marcouse grandes retos que vostedes foron incapaces de levar a cabo, en materia de mobilidade, de defensa do ferrocarril en Galicia, das liñas de alta velocidade, e algo que vostedes nunca foron capaces de facer, que é a colaboración e o entendemento institucional, goberne quen goberne, señorías.

Por tanto, á vista do exposto polo señor conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, está claro que o novo Goberno popular vai

Territorio e Infraestruturas, está claro que o novo Goberno popular vaise adicar a gobernar, vaise adicar a resolver os problemas deste país, vai afrontar os grandes retos que ten Galicia, todos os retos que temos en materia de infraestrutu-

ras, vivenda e defensa do medio ambiente. E ímolo facer cun só departamento que xestione sobre un único mando tres grandes áreas que antes requirían de tres conselleiros. Estamos a falar dunha superconsellería cun só conselleiro que vale por tres do bigoberno; un só que vale por tres do bigoberno. *(Aplausos.) (Protestas.)* Nós imos afrontar os retos de Galicia, e ímolo facer cun único programa electoral, que foi referendado polo pobo de Galicia e que vai ser o noso guieiro, sen cortapisas, da nosa acción política. Señorías, imos facelo coa mesma determinación e forza coa que gobernamos Galicia durante case dezaseis anos e coa mirada posta no obxectivo de que Galicia supere con éxito o seu terceiro gran proceso de modernización deste país.

Nós fomos autores dos dous primeiros procesos, e non hai dous sen tres. E farémolo coa mesma forza, farémolo coa mesma ilusión, coa mesma ambición política coa que escozamos a gobernar a Xunta de Galicia en 1990, señorías. Porque, señorías, a maior riqueza que ten Galicia son as galegas e os galegos, e o noso pobo é un pobo intelixente, é un pobo traballador; o noso pobo non comulga con rodas de muíños. E que lles quede a vostedes ben claro, este é o Parlamento que representa ao pobo de Galicia, pero este é o Goberno que máis se parece a Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.) (Protestas.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Gómez Alonso.

Réplica do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O señor CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Hernández Fernández de Rojas): Moitas grazas, señor presidente.

Estarán vostedes de acordo con que o sorprendente sería que a miña intervención non se axustara ao programa do Partido Popular. Porque, miren vostedes, o día 1 de marzo o Partido Popular gañou as eleccións, ¡que lle vou facer! Iso é así e, polo tanto... *(Aplausos.)*

Creo que quedou claro na miña intervención que vin a esta tribuna a falar do futuro e a ofrecer un pacto, un pacto polo territorio, do que unicamente a portavoz do Partido Socialis-

ta, señora Barcón, fixo algunha mención ao longo da súa intervención. A señora Táboas non tivo ese detalle, aínda que agradezo ás dúas o ton que empregaron.

O pacto polo territorio é certo que vai pivotar arredor do Plan de estradas, señora Barcón. É o Plan de estradas que fixeron vostedes, é así, pero sen consenso. Nós imos darlle o consenso que vostedes non quixeron darlle.

As directrices de ordenación do territorio tamén; tamén iniciaron vostedes a tramitación. Despois de tres anos colleron as directrices de ordenación do territorio que tiñamos feito nós hai catro anos e iniciaron a súa tramitación. Continuaremos esa tramitación e aprobarémola.

E tamén o Plan do litoral, que é certo que vostedes fixeron un traballo, aínda que escomezaron o mesmo dous anos despois de iniciar a lexislatura e, por non facer, nin cumpriron co trámite da publicación nos xornais de Galicia, ou sexa que... Pero nós ofrecemos un pacto arredor deses tres documentos imprescindibles para o que é o deseño do noso territorio.

Señora Táboas, díxeno hai un momento. Vin a falar de futuro; vostede parece que prefire falar do Umia. Simplemente lle recordo dúas cuestións. En primeiro lugar, se volvese repetir a tramitación, claro que non faría a tramitación do Umia como a fixen, porque rectificar é de sabios. Pero tamén quero dicirlle unha cousa, señora Táboas, pregunte vostede aos mariscadores da ría de Arousa que pasaría se no momento do vertido de Brenntag non existise o embalse do Umia. Pregúntelles que pasaría, porque o que pasaría sería que chegaría todo o vertido químico á ría de Arousa. Iso é o que pasaría, señora Táboas. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

En relación, señora Táboas, coa integración nunha única consellería das competencias de medio ambiente, de territorio e de infraestruturas, dicirlle a vostede que non é un modelo que non exista noutros territorios de España; polo contrario, é un modelo frecuente. Supoño que vostede non terá, e os seus compañeiros de oposición tampouco, ningunha dúbida de que o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño é de medio ambiente e tamén tramita programas, tramita obras e somete os seus expedientes á tramitación de impacto ambiental. E tamén en Asturias, por certo, que está aí ao lado, existe unha consellería que ten exactamente as mesmas competencias que a miña. Polo tanto, creo

que nesta consellería precisamente o que se consegue é potenciar o medio ambiente. Niso é no que imos traballar e creo que quedou claro na miña intervención.

En canto á variante de Noia, señora Táboas, ten vostede que informarse axeitadamente. A variante de Noia que imos facer ten un informe de impacto ambiental favorable; teno porque así o di o órgano ambiental da Xunta de Galicia. E, se vostede pensa que non é así, xa sabe o que ten que facer. Porque probablemente o que vostedes queren é que non se faga a variante de Noia. Nós o que queremos é que se faga a única variante de Noia que é posible e que é tecnicamente viable.

No referente ao Plan de urbanismo e no referente a ese tema puntual ao que vostede fixo mención, simplemente dicirlle á señora Táboas algo que xa sabe perfectamente pola súa orixe. O informe que fixo a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ao respecto da modificación do Plan do solar da ONCE que plantexou o Concello de Pontevedra unicamente fai o mesmo que fixo a súa compañeira anterior do Goberno, a señora Caride, que foi trasladar ao Goberno municipal de Pontevedra a imposibilidade de facer esa modificación de acordo coas prescricións que estaban no documento. O único que fixemos foi trasladar o mesmo documento que xa coñecía ao Ayuntamiento de Pontevedra. Polo tanto, non nos diga que temos ningún interese, o único interese é o mesmo que tiña a compañeira súa de goberno na etapa anterior da Xunta.

No referente á financiación das infraestruturas, simplemente dicirlle, señora Táboas, que a financiación das infraestruturas, loxicamente, se fará coa participación do sector privado, especialmente nun momento de dificultade orzamentaria. Iso imos facelo nós e vai facelo a Administración central, onde díxoo o propio ministro de Fomento no Senado, e simplemente dicirlle que o único esquema que non imos escoller na Xunta de Galicia é o esquema que fixo vostede no Instituto Galego da Vivenda e Solo, utilizando as Xestur, rozando a legalidade e rozando as prácticas contables que non son de recibo. Iso é o que non imos facer porque nós o que non queremos é que dentro de catro anos teñamos un Instituto Galego da Vivenda e Solo e catro Xestur en quebra técnica. Iso é o que nós non queremos. *(Aplausos.)*

Señora Barcón, ¡home!, sorpréndeme que vostede diga que eu son o rei das paralizacións. Creo que vostedes paraliza-

ron a variante de Noia, a VAC Tui-A Guarda, paralizaron os seus socios de goberno os proxectos de solo empresarial, non tiveron o axeitado diálogo no nudo de Curro, no Plan de estradas, no Plan de solo empresarial... Iso é o que vostedes fixeron. Nós non paralizamos nada que non dixéramos no programa electoral e nós non paralizamos nada que supoña un atraso na posta en servizo das infraestruturas. Pero o que si que imos facer é dialogar e intentar acadar o mellor deseño.

Sorpréndeme que vostede diga que vou paralizar ou que paralicei a autovía Carballo-Berdoias. Mire, a autovía Carballo-Berdoias atopeime cun contratista que non empeza a obra porque non ten financiación, que o dixo o anterior presidente da Xunta e a anterior conselleira no mes de decembro no acto de posta da primeira pedra, e a pesar diso ninguén me dixo nada no cambio de goberno. Ninguén me dixo nada e tiveron que enterarme, ao cabo de vinte días, por un escrito que tiña metida a concesionaria á conselleira anterior. Nós si que imos facer esa autovía, pero, loxicamente, temos que intentar resolver un problema que vostedes nos deixaron enriba da mesa, ou, por dicir mellor, debaixo da mesa, escondido.

No referente á autovía Vilagarcía-Pontevedra, sorpréndeme, non sei onde atopa vostede ese tipo de informacións porque o que podo confirmarlle é que o primeiro treito da autovía Vilagarcía-Pontevedra, que é a autovía de Curro a Baión, vaise licitar neste mesmo ano 2009. E o que si que estamos a facer é reformular o nudo de Curro, porque a anterior responsable da consellería parece que como a Deputación de Pontevedra era do PP non lle gustaba falar con nós e non quixo consensuar un deseño axeitado para un nudo de Curro adecuado. Iso é o que pasou. E nós o que estamos a facer é acadar un deseño adecuado do nudo de Curro e resolver un problema que tamén tiñamos enriba da mesa.

Mire, señora Barcón, eu non teño a culpa de que os sistemas de saneamento que fixo o anterior Goberno para resolver o problema das rías non funcionaran. Pero é que non é unha cuestión que eu invente, é unha cuestión de que hai feita unha auditoría dos diferentes sistemas de saneamento das rías de Galicia que demostra que moitas das actuacións nunca funcionaron, e ningunha funciona axeitadamente. ¿Cal é o resultado? Que agora, cos datos oficiais, cos datos oficiais da Consellería de Pesca, a situación das rías de Gali-

cia é peor que no 2005; é dicir, no 2009 é peor que no 2005. Polo tanto, nós o que imos facer é resolver ese problema e acadar o adecuado saneamento das rías.

Creo que vostede non sei se non le adecuadamente as miñas declaracións ou non quere lelas adecuadamente, porque teño dito publicamente que a política en relación cos aproveitamentos hidroeléctricos vai ser moi restritiva. É dicir, nós temos a idea de non aprobar novos aproveitamentos hidroeléctricos nos ríos de Galicia-costa. Que o saiba a señora Barcón porque iso é o que dixen e iso é o que vai estar recollido no Plan hidroeléctrico das concas de Galicia-costa, que está neste momento en tramitación.

Por último, señora Barcón, a min gustaríame contar co apoio do seu grupo para intentar acadar o mellor financiamento para a depuradora de Vigo, porque nós si que queremos facer a depuradora de Vigo e queremos que se licite de xeito inmediato. Pero, señora Barcón, podo pensar que alguén desde Galicia podería estar alentando a Administración central para que non acade un convenio xusto e un convenio financeiro coa Administración autonómica, porque quero dicirlle que si que percibín un cambio de actitude dos responsables da Administración central dun día para outro: de ter unha posibilidade de acordo a ter unha imposibilidade de acordo. Mire, o convenio que tiñamos para a depuradora de Vigo era imposible de financiar coa situación orzamentaria da Xunta de Galicia; era imposible de financiar antes e é imposible de financiar agora. O único que queremos é contar coa financiación, contar cunha posibilidade de diferir nos orzamentos. Imos poñer os 115 millóns, pero o único que pedimos é poñelos nun prazo máis alongado.

Moitas grazas e máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleiro.

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra dona María Teresa Táboas Veleiro.

A señora TÁBOAS VELEIRO: Señora presidenta.

Señor conselleiro, non fai falta que se alporice nin se poña tan nervioso, as cuestións aquí no Parlamento e neste país...

Non somos nós de poñernos así. E todo o que se lle dixo aquí era simplemente para amosar cal era o seu pasado, porque tiña un pasado na Administración pública e, bueno, para iso se fixo. E alégrome, ademais, e hónrao, de que recoñeza que non voltaría facer o que fixo con ese plaxio do proxecto de impacto medioambiental do encoro do Umia que tantos problemas ten dado.

No referido ás cuestións que nos [...] a preocupar aos nacionalistas, non contestou a ningunha das preguntas que eu lle fixen. Por exemplo, o referido a esa política preventiva cos residuos sólidos urbanos, da xestión dos residuos. ¿Vostede aposta pola incineración? Pregunteillo e non me contestou nada.

No referido ás centrais hidroeléctricas, como esas dúas que se deron no seu momento, cando vostede fixo o proxecto do Umia, di que na Galiza-costa. Pero, entón, ¿quere dicir que vai conceder novas minicentrais na Galiza interior? Pregúntolle tamén dende o Grupo Parlamentar do BNG, porque falou da Galiza-costa, entendinlle aquí que falou da Galiza-costa. Polo tanto, explíquenos se vai ser no interior do país.

Falou vostede doutras plantas tamén para eses residuos. Terá que explicar vostede onde coa maior brevidade, porque sabe que son cuestións que lle preocupan moito á cidadanía unha vez que se decide acometer unha instalación deste tipo en calquera situación.

Polo tanto, pedímoslle dende o Grupo Parlamentar do BNG, señor Hernández, responsabilidade porque ten vostede entre as mans o territorio e, polo tanto, como lle dixen ao principio, un dos sinais máis importantes de identidade e un elemento que, dende logo, non queremos que siga deteriorándose, como se fixo nos dezaseis anos nos que vostede formou parte dun goberno no referido, por exemplo, a cuestións urbanísticas ou a cuestións de infraestruturas.

Falou vostede tamén —e non llo comentei antes na miña primeira intervención— dese aforro do que vostedes tanto falan, ese enchérselles a boca de falar desa austeridade, de 1,7 millóns de euros que van aforrar cada ano, o 17%, pero rápido tiraron por outro lado cos 2.200.000 do contrato de Microsoft; polo tanto, aforran por un lado e tiran por outro. É como aquel que recollía pesetas e tiraba duros, pois o mesmo fan vostedes cos cartos.

Falou vostede aquí de cuestións que a min me preocupan, e parece mentira que despois dese paso por ser funcionario da Administración pública e que estivo na empresa privada non saiba distinguir qué é unha creba técnica —que non é quebra—; é creba técnica. Que me explique vostede iso aquí neste Parlamento, porque quedaron os Xestur con auditorías feitas; e o Instituto, como sabe vostede, fai investimentos e dende hai anos, cando vostede era director desa consellería, ao final de ano, cando había algunha distorsión entre ingresos previstos e gastos, pasábanse cartos da Consellería de Política Territorial ao Instituto Galego da Vivenda e Solo. E aí están os datos tamén.

Falou vostede do tema da emancipación dos mozos. Voulle dar os datos, os últimos datos, do Observatorio da Xuventude e da Vivenda. No ano 2006 emancipáronse, con respecto aos anos que gobernaban vostedes, un 35% máis de mozos no noso país. No ano 2008, no último trimestre, as cifras aumentaron o 40% máis, aí están os datos. Licitación de vivenda pública: 600 vivendas de media; vostedes, 300 no seu momento. Agardamos que no futuro..., aínda que quedei preocupada cunha afirmación que fixo vostede. Dixo que non querían facer moita vivenda pública para evitar que eses promotores puideran vender as súas vivendas que teñen sen vender. Iso preocúpanos porque quere dicir que prima o interese privado de certos promotores sobre o interese da Administración pública e dos cidadáns deste país. Polo tanto, pedímoslle rigor e tamén credibilidade.

Vostede fixo aquí unhas declaracións —ténhoas aquí— onde di que as políticas de vivenda da Xunta de Galiza do Goberno anterior non cumprían co referido plan estatal. Miren, aquí teño as declaracións da ministra do mes de abril: “De este modo Galicia se sitúa como la comunidad autónoma con un mayor grado de cumplimiento del Plan de vivienda 2005-2008, con un 184,5%”. Estes son os datos, señor Hernández.

Polo tanto, fáltalle rigor, fáltalle tamén credibilidade e espere e agardo que teña, cando menos, responsabilidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Táboas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra dona Mar Barcón Sánchez.

A señora BARCÓN SÁNCHEZ: Grazas, presidenta.

A min xa me tiña algo esta tarde de acontecemento planetario, pero despois do que dixo o seu compañeiro de partido, de que vale vostede por tres e que vostede é mellor que tres conselleiros, só me queda dicirlle que, efectivamente, temos que descubrílos. Bueno, tan bo é, señor Gómez, que non é que valla por tres conselleiros, mire, vale por tres conselleiros e ademais élle capaz de adxudicar unha obra, de dirixila, de despois pagala, de despois certificarla aínda que non estea rematada e despois volver. É un fenómeno (*Aplausos.*), de verdade que non saben vostedes o que teñen aquí. (*Aplausos.*)

Eu non me acordaba moito diso, pero certo é, señor Hernández, que –o tema do outro acontecemento planetario– que coincidiran o señor Rueda e vostede aquí sacouno hoxe; ao mellor foi por iso que se confundiu e, cando falou da Deputación de Pontevedra, dixo “nós”. Dixo: “... non nos dixeron a nós...”.

Señor Hernández, depuradora de Vigo, dillo unha coruñesa que tivo que esperar oito anos a que se fora o Goberno de José María Aznar para que unha obra declarada de interese xeral, como a depuradora de Bens da Coruña, fora iniciada por un goberno socialista. Que o tiveron vostedes moi fácil, no 2001 tiñan que ter vostedes declarada de interese xeral a depuradora de Vigo e agora non terían este problema. Por certo, hai un convenio asinado no que o Goberno de España poñería 112 millóns de euros, o Concello os terreos e a Xunta de Galicia 115 millóns de euros. E ten vostede nos seus orzamentos 5 millóns de euros para licitar o proxecto, fágao, e faga o seu traballo, señor Hernández. Vostede é o conselleiro, é o conselleiro que ten que resolver a depuración para toda esa zona de Vigo. Vostede é o conselleiro; efectivamente, señor Hernández, vostede é o conselleiro que nomeou o PP; é o responsable, é o que ten que dicirlle á concesionaria desa autovía que lle di que ten problemas que empece, e que, se hai algún problema financeiro, se resolverá. Pero que empece, porque o que nos está dando a impresión a todos é de que está vostede máis en volver a aquel Plan Galicia –que xa vemos qué tipo de autovías e de carreteras– e que está vostede máis interesado en poñerlle deberes a outras administracións que en facer o que ten que facer vostede. Ten vostede que resolver a obra da depuradora de Vigo, ten vostede que resolver a autovía da costa atlántica, e, se non, pois non tería que vostede ter aceptado ser eses tres

conselleiros nun só que, como a Santísima Trinidad, [...] ao Goberno de Galicia, que é unha cousa ben bonita.

“Oito zonas de produción marisqueira melloraron a súa clasificación”. Verá, eu estou segura de que atopará vostede algún momento na lexislatura para ir comparecendo e falando de depuración, falando de saneamento das rías. ¿Que lle vou dicir de saneamento das rías? Vostede sabe coma min que o Goberno anterior se atopou coa mellor herdanza: 40 millóns de euros de multa porque vostedes non tiñan feito nada, porque o anterior Goberno non tiña feito nada en depuración. Vinte e tres EDAR adxudicadas, licitadas e en obra, señor Hernández, e, dende logo, moitas zonas de marisqueo en mellor situación que antes; seguramente as mariscadores de Placeres –que vostede coñece mellor ca min– estarían agora asentindo.

Señor Hernández, pareceunos ao meu grupo, seguro que nos equivocamos, pero cando defendeu a súa xestión no tema do Umia, que falaba da posible realización de embalses preventivos. Porque, claro, como dixo vostede: non, non, a cousa era peor; se non houbera un embalse, pois, en caso de verquido, sería peor. Bueno, pois só nos quedaba facer embalses preventivos para evitar que, en caso de verquidos, houbese unha situación peor.

A ampliación de espazos naturais protexidos a un goberno que polo menos comprou –que eu recorde– así como dúas sillas, señor Gómez, non fai falla reiteralo.

Mire, hai catro anos, cando compareceu a señora conselleira de Política Territorial para falar da liñas xerais do que ía ser, o portavoz daquel momento do Partido Popular díxolle literalmente –a min gústame sempre ir ao *Diario de Sesións*, que ilustra moito–: ¿Que fixeron vostedes nestes dous meses?, ¿que pasa con Santiago-Brión?, ¿por que non se inician as expropiacións? O que me preocupa é que vostede quede única e exclusivamente na reflexión e non pase á acción. Iso é máis propio, sen dúbida –xa sabe, pola orixe da señora conselleira– da universidade que da xestión”. A nós preocúpanos xustamente o contrario. Reflexione, señor conselleiro, reflexione nos 34 millóns de euros que leva vostede licitados. O ano pasado licitáronse 180...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señora Barcón.

A señora BARCÓN SÁNCHEZ:... —termino, señora presidenta— millóns de euros. Reflexione, señor conselleiro, se por este camiño de revisionismo, de paralización, se axuda á crise, se axuda á creación de emprego, se axuda ás comunicacións en Galicia. E reflexione un pouco e, dende logo, deixe de dar eses titulares, que non nos falan dun novo tempo e de reformismo, senón de revisionismo e dun vello tempo que ule a naftalina.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Barcón.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra don Alejandro Gómez Alonso.

O señor GÓMEZ ALONSO: Grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro.

Señoras voceiras, está claro que lles preocupa que as infraestruturas, a vivenda e a ordenación do territorio estean xestionadas por unha única consellería e por un único conselleiro. Pero a realidade é que este conselleiro xestiona o 44% das competencias da Xunta de Galicia, e ten unha importante responsabilidade e ten unha importante carga de traballo. Pero, así como ten unha importante responsabilidade e carga de traballo, hai que dicir que a herdanza que vostedes deixaron en todas esas áreas francamente é negativa.

A señora Barcón agora está intentando que cuaje outra mensaxe: este é o conselleiro da parálise. Pero, señora Barcón, a ex conselleira de Política Territorial atopouse no ano 2005 —a ex conselleira, María Xosé Caride— con 14 vías de alta capacidade, que suman un total de 450 quilómetros; 8 delas licitadas e adxudicadas e 6 coa declaración de impacto ambiental favorable. ¿Sabe con que se encontra o conselleiro de Medio Ambiente e Territorio en materia viaria? Encóntrase con 376 quilómetros, que acumulan un atraso medio de preto de 30 meses, señora Barcón, e son máis de 1.000 millóns de euros que vostedes non foron capaces de investir. ¿E vostede vén aquí a falar de que este é o conselleiro e o Goberno da parálise? Pero se, señorías, vostedes, cando mudou o Goberno no ano 2005, o tiñan moi fácil: tiñan que deixar traballar os técnicos; estaba previsto que entre o 2008 e o 2009 entrasen en servizo preto de 582 quilómetros de vías de alta capa-

cidade declaradas convencionais. ¿Cantas entraron finalmente, señora Barcón? Cento corenta e dúas, unha quinta parte dos obxectivos establecidos. Pero é que se fracasaron en materia de política territorial, en infraestruturas, tamén fracasaron en vivenda. Todo se lle foi en gastos de publicidade, 7 millóns de euros en publicidade, 4,5 millóns de euros gastados entre o 2007 e o 2008. A débeda de Xestur supera os 24 millóns de euros. ¿Ese é o resultado da política de vivenda do bigoberno? ¿Ese é o gran resultado?

¿E en medio ambiente? Hai que dicilo claro, a falla de controis provocou o maior desastre nun contorno fluvial de Galicia: o embalse do Fervenza. E non nos podemos olvidar dos vertidos do Umia, do Eume *(Murmurios.)* e dos vertidos do río Lengüelle, señorías. A situación nas nosas rías empeorou... *(A señora Seara Sobrado pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Perdoen un momento.

Señor Alonso, por favor.

Señora Laura Seara, non quero ter que chamala á orde, por favor, escoite con atención e con respecto.

Ten a palabra, señor Alejandro Gómez Alonso.

O señor GÓMEZ ALONSO: Cando mudou o Goberno, no ano 2005, e este grupo era a oposición deste país, nós defendemos os nosos grandes proxectos construtivos, defendemos a non paralización das obras, defendemos os nosos plans de obras; pero non fixemos ningunha caza de bruxas, como vostedes están a facer co señor Rueda e co señor Agustín Hernández. Nós non fixemos ningunha caza de bruxas, non fixemos demagogia barata, non fixemos prexuízos, como están vostedes a facer, dubidando da honestidade da xente dun xeito gratuito. Onte mesmo lles puxemos un exemplo dunha mesma certificación dunha obra da Consellería de Medio Rural sen acabarse esa obra, que era unha ponte en Tomiño. Inda estamos esperando a que vostedes nos reclamen esa documentación para xudicializar o caso, como fixeron co señor Hernández. Ou, ¿en que se basea a súa credibilidade?, ¿na dobre moral? Se hai unha certificación para non perder fondos europeos e a fai un organismo do PP, aos xulgados; se a fai un organismo do Bloque Nacionalista Galego ou do bigoberno, que se quede aí, dan vostedes a calada por resposta. ¿E con iso vostedes queren ter credibili-

de nesta clase de debates?, se o único que lles preocupa nas infraestruturas é desprestixiar o conselleiro. Pero non o van tentar, téñeno vostedes moi difícil. ¡Pero se aquí vostedes estiveron preto de catro anos!, teñen cola que lles pisen.

Tamén fixeron cousas que non son correctas. E, se non, que lle pregunten ao señor Pachi Vázquez. ¿Como foi posible que adxudicara preto de 47 millóns de euros pola vía directa, amparándose nunha lei que non se podía amparar, que era a Lei de contratos, pola vía de urxencia? ¿Como é posible que o señor Pachi Vázquez utilizase esa clase de adxudicación e adxudicara a dedo 47 millóns de euros para obras hidráulicas? E vostedes despois queren ter a credibilidade de vir aquí e inda por riba prexulgan a honorabilidade dos membros deste Goberno, señorías. *(Aplausos.)* Ninguén nos deu aínda explicacións sobre esa clase de actuacións.

Fíxense vostedes se o fixeron ben que bateron o récord de temporalidade dun bigoberno na historia democrática de Galicia. Romperon todos os récords. Polo tanto, pídolles un pouco máis de humildade, un pouco máis de seriedade. É que por inventar incluso o bigoberno inventou as adxudicacións imposibles...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor GÓMEZ ALONSO:..., como aconteceu na autovía da Costa da Morte. ¿Ou de quen é responsabilidade esa adxudicación? ¿Do Partido Popular ou de vostedes? É responsabilidade de vostedes, señorías, e témolo que arreglar nós. Polo tanto, nós non paralizamos, arreglamos todos os desaguisados que vostedes deixaron ao longo de todo o territorio. *(Aplausos.)* E, por suposto...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor GÓMEZ ALONSO:... —remato— nós o que nunca imos facer é, cando fagamos unha inauguración ou un inicio dunha obra, bautizar as pedras cos nomes dos ex conselleiros ou dos conselleiros...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Gómez Alonso.

O señor GÓMEZ ALONSO: Nós niso non imos caer. Nós non imos caer na súa política de gobernar [...] *(O señor Gómez Alonso pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Gómez Alonso.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.) (Aplausos.)

Moitas grazas.

Ten a palabra, para o peche, o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O señor CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Hernández Fernández de Rojas): Señora Táboas, Galicia-costa —aínda que non está; ¡ah!, si que está, non está aí— é a demarcación na que a Xunta de Galicia ten plenas competencias no dominio público hidráulico. Cando o Goberno central nos traslade as competencias da xestión do dominio público hidráulico das concas do Miño-Sil, que é unha petición que temos feita de hai moitísimo tempo, pois poderemos ter criterios sobre a xestión do dominio público hidráulico. En todo caso, tamén lle digo que no referente aos trámites ambientais, tamén seremos moi estrictos nese ámbito, no que si que temos trámites en relación coas competencias ligadas ao medio ambiente.

Mire, señora Táboas, a Xestur de Pontevedra, a de Pontevedra, non ten neste momento os mesmos auditores que tiña cando vostede estaba na consellería porque abandonaron o seu traballo por diferenzas de criterio na valoración do déficit da devandita Xestur, porque, mire, as Xestur non poden pagar o que deben ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, e, como vostede sabe perfectamente, igual ca min, as Xestur son empresas participadas polo Instituto Galego da Vivenda e o Solo, e creo que, no ámbito da contabilidade, xogar co déficit dun organismo utilizando empresas participadas raia un comportamento que contablemente creo que é máis que dubidoso. Vostede sábeo, eu sei, e a realidade é que neste momento o Instituto Galego da Vivenda e Solo, se lle parece mellor dígo en castellano: *está en quiebra técnica.* *(Aplausos.)*

En relación co Plan de residuos sólidos urbanos de Galicia, é certo e é unha realidade, porque non está probado, que o Goberno bipartito non foi quen de aprobar un plan de residuos sólidos urbanos para Galicia, e ademais o borrador que tiña feito e que someteu a información pública tiña graves erros de plantexamento. O borrador do plan previa incre-

mentar a capacidade do vertedoiro de Sogama, ampliar os vertedoiros da Barbanza e crear vertedoiros novos en Lugo e en Ourense, en clara contradición co obxectivo de vertido cero da Unión Europea. O novo Plan de residuos sólidos urbanos que nós imos facer ten que dar solucións inmediatas á situación actual dos residuos urbanos e prever liñas de futuro que eviten situacións como as que ten actualmente a planta de Sogama. Ten que dar solucións técnicas e vai dalas adecuadas, acordes cos sistemas de tratamento máis modernos implantados en Europa e en España, e non facer elucubracións teóricas de cara á galería que hipotequen o noso futuro. Iso é o que imos facer, señora Táboas.

Señora Barcón, teño claro que eu sei o que lle dixen á empresa adxudicataria da autovía Carballo-Berdoias. Díxennlle que empezara inmediatamente as obras, que nós non imos permitir unha modificación do contrato, como parece ser que estaba a falar a anterior Xunta de Galicia con eles, posto que iso o demostra o feito de que a empresa solicitou á Xunta de Galicia no mes de abril de 2009, antes de que eu chegara á consellería, unha modificación do contrato de 40 millóns de euros. Nós non imos permitir iso, e creo que a anterior consellería tampouco debería ter permitido iso, e debería ter obrigado á empresa a empezar a obra ao rescindir o contrato no mes de decembro, non empezar a facer negociacións e cambalaches co obxecto unicamente de tapar un problema, de poñer unha primeira pedra e de dicir que iso estaba resolto. Por non saber, non sabía a consellería –creo que non o sabía nin a propia responsable da consellería– que o trazado de Berdoias-Cee estaba paralizado dende o mes de xaneiro de 2008; é dicir, que no trazado Berdoias-Cee non se estaba a facer nada desde xaneiro do 2008. Iso é o que estaba a pasar na consellería.

Mire, señora Barcón, teño os datos, e os datos son os que son. O Goberno bipartito, é certo, licitou 23 EDAR nas rías, pero é que o Goberno do Partido Popular entre o 2002 e o 2005 licitou 31 EDAR. Esos son os datos, e a realidade é tamén así. A realidade é que actualmente as rías, como vostedes sabe, están bastante peor que no 2005.

Mire, señora Barcón, para pechar o tema da depuradora de Vigo. Encargareime, fixen e seguirei facendo xestións ante o presidente da Confederación do Cantábrico, que, por certo, cambiou a súa actitude. Farei xestións coa ministra de Medio Ambiente –que, por certo, ten enriba da súa mesa

unha petición de audiencia–, con ela ou coa persoa que ela designe para falar deste tema. Falarei, se é necesario, co presidente do Goberno e, se é necesario, co señor presidente da Unión Europea para conseguir unha cuestión que para min é imprescindible e creo que é fácil, e é simplemente que me permitan diferir o financiamento a unhas anualidades que a administración hidráulica de Galicia poida asumir.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Tal e como anunciamos ao comezo desta sesión, substanciaremos a continuación a pregunta de dona Laura Seara Sobrado e dona Carmen Gallego Calvar.

Pregunta de D.^a Laura Seara Sobrado e D.^a María del Carmen Gallego Calvar, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto do proxecto do Parque Medioambiental de Galicia previsto en Carballada de Avia

A señora PRESIDENTA: A iniciativa foi publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do día 12 do 5 de 2009.

Para formular a pregunta ten a palabra dona Laura Seara Sobrado.

A señora SEARA SOBRADO: Si, moitas grazas, presidenta.

Antes de nada, queriamos, desde o Grupo Parlamentario Socialista, saudar os representantes da comarca do Ribeiro que hoxe nos acompañan, alcaldes, concelleiros, portavoces, empresarios e empresarias, representantes de organizacións e tamén de sindicatos.

Mire, señor conselleiro, señor don Agustín Hernández y Fernández de Rojas, como seguro que vostede saberá, o señor Baltar, que é o presidente do Partido Popular en Ourense e ao mesmo tempo o presidente da deputación, dixo que a consellería que vostede dirixe, ou intenta dirixir, non vai construír o parque ambiental de Carballada de Avia. Por outra parte, o señor delegado territorial en Ourense, o condenado –xa condenado e tamén agora de novo imputado– Rogelio Martínez, dixo que o proxecto quedaba paralizado porque si, porque agora en Ourense manda el. É bastante lamentable que a súa

primeira intervención como delegado da Xunta de Galicia en Ourense fora recibir a unha plataforma do non, a Plataforma do Parque Medioambiental Non, e dicir, loxicamente, que esta actuación non se ía levar a cabo. Foi a súa primeira e única decisión, a única decisión política que tomou desde que chegou a esa responsabilidade. É un home coñecido, vostede sábeo ben, pero non polo seu traballo nin pola súa imaxinación nin pola súa locuacidade, un home coñecido por ocupar páxinas e páxinas dos medios de comunicación polas súas visitas ao xulgado, ¿verdade? Pero, en todo caso, o señor Baltar falou, o señor Rogelio Martínez falou; o que xa non sei eu é se ambos faláron previamente con vostede para dicir o que dixeron ou se agora é vostede o que vai ter que decidir o que eles xa lle dixeron que tiña que facer.

En todo caso, como a supresión do proxecto do Parque Ambiental de Carballeda a este grupo, ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, lle parece unha barbaridade de incalculables dimensións, non me vou resistir a preguntarlle a vostede directamente, porque supoño, sei, despois da comparecencia que fixo, que manda, ¿verdade?; esa superconsellería supoño que algo mandará. Porque, ao final, desde o Grupo Socialista, estamos convencidos de que vostedes non van descartar de todo un proxecto destas dimensións só por un capricho electoral do seu partido no Ribeiro, só por un capricho electoral e por unha teima do señor Rogelio Martínez. Queremos –este grupo, e imaxino que moita xente no Ribeiro, desde logo os que nos acompañan aquí– que nos aclaren qué van facer, queremos que nos aclaren se van impulsar ou non este proxecto empresarial, proxecto sostible que crearía 800 postos de traballo, se aínda ten que tomar a decisión ou se xa a tomaron por vostede, se vai ter autonomía para tomala ou ben se vai limitar a obedecer, se vai facer unha enquisa, como antes dicía a señora Barcón. Queremos saber se vai antepoñer os intereses dos veciños do Ribeiro ou ben vai sucumbir ao sectarismo e ao revanchismo que acompañan todas as decisións que toman tanto o presidente da deputación como o señor Rogelio Martínez, con mentiras. Fartáronse de dicir que neste parque ía a incineración [...] *(A señora Seara Sobrado pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Seara.

Ten a palabra, para responder, o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O señor CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Hernández Fernández de Rojas): Grazas, señora presidenta.

Como vostede ben sabe, o Parque Medioambiental de Carballeda de Avia foi unha iniciativa conxunta da Consellería de Medio Ambiente e de Vivenda e Solo, actuando esta última –creo que é importante salientalo, esta última a de Vivenda e Solo– como promotora.

Segundo os datos dispoñibles, o obxectivo deste proxecto sectorial era a creación dun gran polígono ambiental centrado no tratamento e reciclaxe de residuos no sur de Galicia, nunha superficie dunhas 80 hectáreas, no concello ourensán de Carballeda de Avia. As razóns que alegou o anterior Goberno para a elección do lugar eran, entre outras, a súa situación estratéxica, a súa boa comunicación, a existencia dun PXOM do término municipal e a posibilidade de ofrecer a superficie requirida para esa actuación.

A idea era que se asentaran alí, entre outras, plantas de tratamento de residuos sólidos urbanos, aceites vexetais e animais, aparellos electrónicos, disolventes, metais e compostos metálicos, neumáticos fóra de uso, papel e cartón, plástico, tóner e cartuchos de tinta ou ácidos.

Para levar a cabo o proxecto, en marzo de 2007 –hai máis de dous anos– asinouse un convenio entre as dúas consellerías mencionadas, Medio Ambiente, Xestur Ourense e o propio Concello de Carballeda. A Consellería de Vivenda estimaba o custo total do parque nuns 40 millóns de euros. Segundo o convenio, o investimento para o 2007 ascendía a 4 millóns de euros. O 17 de decembro de 2007 o Instituto Galego da Vivenda e Solo presentou a comunicación do inicio do procedemento de elaboración do proxecto sectorial do parque empresarial. O 3 de xaneiro do 2008 a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible concluíu que o proxecto podía ter efectos negativos sobre o medio natural, polo que tería que someterse ao procedemento de valoración ambiental estratéxica. O 14 de abril de 2008 a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible emitiu o documento de inicio sen que desde entón –abril de 2008– se tivera recibido máis comunicación en referencia a este proxecto, continuando a día de hoxe á espera de que o Instituto Galego da Vivenda e Solo remitira a documentación para a realización da memoria ambiental. Pola súa parte, o Instituto Galego da Vivenda e

Solo, organismo promotor das obras, non someteu a información pública o proxecto sectorial e paralizou a súa tramitación seguindo as indicacións do informe da súa dirección técnica do solo, que o 23 de decembro do 2008 consideraba inviable a actuación. É dicir, en decembro de 2008 o Instituto Galego da Vivenda e Solo dicía que a actuación non era viable.

Tendo en conta os avatares deste proxecto, é doado contestar a súa pregunta. Nós non imos paralizar este proxecto porque esta actuación xa estaba paralizada polo seu promotor, a Consellería de Vivenda e Solo, desde decembro de 2008, por considerar inviable a devandita actuación.

Moitas grazas e máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Para a réplica, ten a palabra dona Laura Seara.

A señora SEARA SOBRADO: Si, señora presidenta.

Vostede non sei en que lío se meteu só. Desde logo, non contestou a pregunta que eu lle formulei... *(Murmurios.) (Risos.)*, que é se o seu Goberno –non, non, non contestou, non sei de que se rin– vai paralizar o Parque Medioambiental de Carballada de Avia. *(Murmurios.)* Non é certo que estea paralizado. Vostede fartouse aí de dar datos incorrectos...

A señora PRESIDENTA: Perdoe, señora Seara.

Por favor, escoiten con respecto a intervención da señora Seara. Moitas grazas.

A señora SEARA SOBRADO: Fartouse de dar datos incorrectos, señor Agustín Hernández y Fernández de Rojas, porque nesa planta non vai haber nin un só gramo de residuos sólidos urbanos, e díxose por activa e por pasiva polo anterior Goberno. Nesa planta non vai haber incineración, que, por certo, xa sabemos que é o modelo que vostede promulga, efectivamente, para resolver o tema do lixo en Galicia.

Contésteme, pídollo por favor. Sei que é difícil, nun momento de crise, explicarlle á cidadanía que van anular de golpe, por un capricho do señor Rogelio Martínez e do señor Baltar e do seu propio presidente –que se lle quentou a boca nun

mitin, en Ribadavia, dicindo que esta ía ser a primeira decisión que tomaría no primeiro Consello da Xunta, xa sabemos que é mentira–, 800 postos de traballo na provincia de Ourense e na comarca do Ribeiro, con máis de 30 empresas que alí se ían asentar.

Señor Agustín Hernández y Fernández de Rojas, non esquive a pregunta, pídollo por favor. A decisión está nas súas mans. Efectivamente, gañaron as eleccións o día 1 de marzo –desgraza para nós, pero gañáronas–, e vostedes teñen que tomar esa decisión, deixen de marear a perdiz. Está licitado o enlace do Ministerio de Fomento con ese parque. ¿Que van facer tamén, dicirlle que non a ese enlace desde unha autovía a ese parque empresarial? Aclárense, explíquenllo ás xentes do Ribeiro, que están esperando a que este Goberno goberne.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Seara.

Réplica do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O señor CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Hernández Fernández de Rojas): Señora Seara, creo que igual aquí faría falta facer un cambio no que é o Regulamento deste Parlamento para que a oposición bipartita puidera facer preguntas ao resto da oposición bipartita, porque, como dixen moi claramente, a actuación medioambiental do Parque de Carballada de Avia, que non existe, porque non se tramitou, foi paralizada de acordo cun informe do Instituto Galego da Vivenda e Solo do 23 de decembro de 2008, que, entre outras cousas, señora Seara, dicía que as condicións do terreo, a presenza da autovía cruzando o ámbito e outros viais de acceso a Carballada de Avia fan que a superficie dedicada a parcelas de uso industrial sexa unha porcentaxe moi baixa do total do ámbito, polo que o prezo estimado de venda por metro cadrado supera os 100 euros, moi alto para a zona. Importantísimo impacto paisaxístico, alto custo das conexións exteriores de electricidade, abastecemento e saneamento, problemas coa EDAR, problemas coa liña de media tensión. Iso é o que dicía o Instituto Galego da Vivenda e Solo o 23 de decembro de 2008.

Polo tanto, volto repetirlle, a paralización deste proxecto, sábeo vostede, sábeno os seus socios de Goberno, anterior

ao 20 de abril, foi decisión da Consellería de Vivenda e Solo do Goberno anterior.

Moitas grazas e máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Continuamos coa orde do día.

Punto catro, de mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a María Tereixa Paz Franco e dous deputados máis, sobre as presuntas incompatibilidades do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

A señora PRESIDENTA: Esta moción é consecuencia da interpelación publicada no BOPG número 15, debatida na sesión plenaria anterior.

A esta moción non se lle presentaron emendas e para formular a palabra don Alfredo Suárez Canal, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor SUÁREZ CANAL: Señora presidenta, señoras e señores deputados.

No transcurso da interpelación na sesión pasada chegamos a unha convicción: que unha vez analizados mesmo os informes que nos remitiu a Xunta de Galiza cobraron máis contundencia e máis certidume.

No caso da presunta incompatibilidade do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no seu discorrer pola Administración pública e polas empresas privadas, hai fundados datos para pensar que, efectivamente, hai caso e hai necesidade de esclarecemento da presunta incompatibilidade.

O conselleiro que respondeu na pasada sesión utilizounos un argumento de autoridade: que había uns informes, en concreto dous, que acreditaban basicamente dúas cousas. Na forma, que a Xunta actuara mal, a Xunta anterior, e, no fondo, que non había causa de incompatibilidade. Chamo a atención de que un deses informes está asinado polo director xeral de Avaliación da Reforma Administrativa, nomeado o

8 de maio, e fixo o informe o día 11, o luns. Nomeado un venres e o primeiro acto que xera é o informe.

En calquera caso, dicíase que eran informes que claramente determinaban iso e, polo tanto, caso cerrado para o conselleiro. O curioso é que os informes son asinados por directores xerais. El dicía que eran as persoas competentes, polo tanto, cargos públicos, que poden non ter formación xurídica ningunha, porque poden ser calquera cidadán deste país. Por tanto, formación xurídica, ningunha. E apelábanos a que eran eses informes os que dicía con toda rotundidade –e, polo tanto, que tiñamos que fiarnos deles– que claramente non había caso no fondo e que ademais nas formas nós, a Administración anterior, cometera unha equivocación ao abrir unha información reservada pola autoridade non competente.

É curioso que se apelara a que oposición tiña que acreditar neses informes. A administración actual, cando chegou á Xunta de Galiza, atopouse cun informe dun cargo exactamente igual que estes, de libre designación, o secretario xeral da Consellería da Presidencia. E nese informe o secretario xeral da Consellería da Presidencia –cargo de libre designación, igual que os que asinan agora estes informes; polo tanto, coa mesma credibilidade– dicía con total rotundidade: “Non ofrece dúbida ningunha que don Agustín, no exercicio do seu cargo como director xeral de obras públicas, ditou algunha resolución relativa a este expediente, o que lle impide, consonte o citado artigo 3.5, realizar durante dous anos actividade para a empresa que finalmente resultou adjudicataria da obra”. Dicía antes: “Esta conduta infrinxiría o disposto no artigo 3.5 da Lei 9 do 1996, do 18 de outubro, de incompatibilidade de membros da Xunta de Galiza e altos cargos da Administración”.

Había que preguntarse por que a Administración –que, por certo, non solicitou informes antes de designalo, sabendo que había esta circunstancia, senón a posteriori– non se fiou dun informe dun alto cargo da Administración anterior e nos temos que fiar nós dos informes dos altos cargos da Administración actual. Polo tanto, tanta credibilidade teñen uns como outros. E o que hai é unha contradición. Hai un secretario xeral que di que hai caso e hai dous directores xerais que, facendo o informe a posteriori, din que non. Iso é o que motiva que nós pensemos que claramente hai caso. E hai caso, desde o noso punto de vista, por varias consideracións:

primeiro, porque, efectivamente, hai visións contraditorias, e, polo tanto, queremos coñecer todos os expedientes en que participou o señor Hernández e que tiveron como destinatarias as empresas das que despois foi traballador; e tamén queremos saber, con posterioridade a ter eses informes, que se poidan producir comparecencias en sede parlamentaria nunha comisión non permanente.

O curioso do caso é que ademais o Partido Popular, se se aplicara o criterio de que un director xeral que participa en mesas de contratación e, polo tanto, participa en resolución, na tramitación do expediente, que non estea incurso en ningunha causa de incompatibilidade. ¿Que queredes dicir iso? Queredes dicir entón que só están suxeitos a incompatibilidade os conselleiros e os directores dalgúns organismos autónomos que teñen capacidade de contratar directamente, nada máis. Porque os directores practicamente nunca contratan ou practicamente nunca realizan contratacións e ningún outro alto cargo. Sen embargo, a aplicación da non colisión entre interese público e privado que habitualmente se fai é en sentido amplo. Mesmo ata na Administración local hai cargos que nin sequera poden participar nas votacións de expedientes que están próximos e afectan a persoas ou a familiares próximos a esa persoa.

Polo tanto, se non se aplica un criterio de analizar en profundidade o que está ocorrendo, estaríamos ademais sentando un precedente para dicirlle o que teñen que facer os altos cargos que queiran aproveitar o seu alto cargo en beneficio propio para despois ter unha relación cunha empresa privada. O único que non teñen é que participar na sinatura final; en todo o demais non teñen problema ningún, e, polo tanto, se non teñen problema ningún, poden facelo a partir dese momento. En calquera caso, o que é evidente é que hai uns datos que son incontestables neste proceso. Hai altos cargos da Xunta que pensan que hai incursión en incompatibilidade; hai outros que non. Non sei por que hai que crer máis a uns que a outros.

En segundo lugar, ¿este señor era empregado público antes de ser alto cargo? Si. ¿Exerceu un cargo político? Si. ¿Participou en expedientes que teñen como resultado final beneficiarios de empresas das que despois foi traballador? Si. ¿Mesmo presidiu algunha mesa de contratación? Si. ¿Beneficiáronse empresas das que despois el foi traballador? Si. Sendo empregado público, cando deixa de ser alto cargo, o

normal sería que volveuse ao emprego público. ¿Vai a unha empresa privada que tivo como destinatario un dos contratos nos que el participou? Si. ¿Seguramente para beneficiarse economicamente? Haberá que saber, e por iso é necesaria a comisión de investigación, se en realidade hai ou non beneficio. Queremos supoñer que si porque, se non, seguiría no seu posto público. Tamén é curioso que non se pedira o informe previamente ao seu nomeamento, tamén é curioso. O informe pídese a posteriori e cando está designado e encárgaselle a persoas que, efectivamente, son altos cargos.

Pedimos, polo tanto, documentación e abrir comisión.

E, señores do Partido Popular, o que é evidente é que vostedes cren que cando hai un proceso de contratación destas características, os altos cargos, neste caso un director xeral, ten moito que ver.

Cando vostedes presentaron a reclamación a nivel xudicial contra a anterior Administración no caso da autovía da Barbanza non tiveron ningún xénero de dúbidas en imputar tamén nesa demanda xudicial o director xeral de Obras Públicas da anterior Administración. Estaba claro que vostedes pensaban que esa persoa participaba directamente na resolución dos expedientes, non sabemos se co grao de sinatura, nas mesas de contratación, etc. Para vostedes eran participantes activos na resolución do expediente.

Polo tanto, cremos que, efectivamente, aquí hai un caso que é necesario que se estude no Parlamento galego porque, de vulnerarse a Lei de incompatibilidades no artigo 3.5, estaríamos ante unha posible situación de que moitas das actuacións da Xunta de Galiza, por coñecidas con anterioridade, podían estar incluso incorrendo en ilegalidade manifesta.

Señoras e señores do Partido Popular, o que nós pedimos na nosa moción non é nin máis nin menos que se nos envíe a documentación para desvelar esa contradición que existe nos informes, que se nos aclare cal foi o proceder do señor Hernández e que poidamos someter neste Parlamento a posibles comparecencias con posterioridade a coñecer esa información.

Todos os datos e a propia reacción do Partido Popular intentando, efectivamente, en moitos casos, ampliar con tinta do calamar o problema, evidencian que hai caso, e nós queremos esclarecelo ata as últimas consecuencias.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Suárez Canal.

Intervención dos grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra don Modesto Pose Mesura.

O señor POSE MESURA: Grazas, presidenta.

A posición do Grupo Parlamentario Socialista sobre esta moción, froito da interpelación presentada no Pleno anterior polo Grupo Parlamentario do BNG... Ao noso xuízo na interpelación quedou suficientemente claro que a actuación de don Agustín Hernández y Fernández de Rojas –bueno, pareceranse moito aos galegos; nos apelidos, recoñecerame, señor Gómez, que no apelido este, non se parece moito aos galegos; noutras cousas é probable, pero non creo eu que se chamen así moitos galegos, pero bueno—... Esta actuación non foi precisamente exemplar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* –Non se moleste, que era sen ánimo de molestar.– Non foi exemplar, e non o digo eu, díxoo o propio presidente da Xunta nalgunha entrevista que eu teño lido por aí.

Pero para o Grupo Parlamentario Socialista queda claro que don Agustín Hernández non cumpriu a Lei de incompatibilidades; a nós parécenos. Ben é verdade que terá que haber outros expertos que ditaminen se iso foi así ou non. O señor Suárez Canal fixo aquí unhas argumentacións: se se daba isto, se se daba o outro, pero eu creo que é moi sencillo. A Lei de altos cargos, a Lei 9 do 1996, feita, por certo, na etapa de Fraga –por certo, espírito da lei, que é importante, á parte da letra, pero feita, precisamente, para evitar as condutas como as do señor Hernández; por iso é polo que se fai esa lei—... E un alto cargo, que era o señor Hernández, director xeral de Obras Públicas, foi contratado por unha empresa; empresa que precisamente foi subsidiaria de importantes adxudicacións nas que o señor Agustín Hernández tivo algo que ver.

Polo tanto, para nós... En fin, estamos falando de responsabilidades políticas; outro tema son outro tipo de responsabilidades. Para nós, como responsabilidades políticas, branco e en tetrabrik, leite. Polo tanto, quedounos bastante claro.

E este non é un debate intrascendente, non é un debate que a oposición, os grupos da oposición, o fagan para desgastar o Goberno e para desgastar un conselleiro tan importante, tridimensional, como o señor Agustín Hernández, non. Este é un debate substantivo porque está afectando a principios constitucionais, a principios de obxectividade e imparcialidade da Administración; da Administración na que teñen que ter unha confianza absoluta todos os galegos.

Polo tanto, o Parlamento de Galicia ten que tomar partido ante a dúbida –ímolo deixar ao beneficio da dúbida, que o resolvan os máis entendidos–, pero, polo menos, ten que investigarse a fondo esta situación.

Non é casualidade, ademais, parécenos a nós que non é casualidade, ou si, ao mellor é casualidade, pero resulta que o mesmo conselleiro que está afectado por unha situación de incompatibilidade entre o seu traballo á fronte da Consellería de Obras Públicas en Galicia e o seu traballo como empregado dunha empresa beneficiaria de adxudicacións resulta que tamén é o conselleiro afectado pola certificación e pago de obras, xa non acabadas, senón antes practicamente de comezar. E aí, para a nosa perplexidade, pois veñen os responsables do Partido Popular, o señor Louzán e incluso creo que o señor presidente fixo algunha mención, de que parece que nós non entendemos disto, que isto é normal. E eu, sinceramente, a verdade é que un –que destas cousas de obras, ao mellor, non sabe moito, que se dedicou sempre a temas sanitarios e a temas asistenciais–, pois di: a ver, isto ¿como é normal? E unha certificación de obra, ¿que é? Pois unha certificación de obra, ¿que é unha certificación de obra? Pois será que un funcionario vai comprobar se unha obra está feita ou non está feita. Resulta que un funcionario chega alá a Salvaterra e di: Nada por aquí, nada por alá, a obra non está feita. ¡Ah!, pero iso non importa, o importante é que certificamos que está feita e punto. E iso non é relevante; iso non é relevante desde o punto de vista democrático. E iso non só non é relevante senón que se nos intenta teorizar e dar leccións de que iso vale na Administración. E, ademais, ándase buscando con lupa a ver quen andou por aí que tivo algún problema nalgún prazo determinado.

Non, non, señor Miranda, non, porque vén aí o señor Gómez –e seguramente que vostede tamén–: que por que non denunciemos a non sei quen. A vostede, que parece que este tema lle resulta absolutamente tolerable desde o punto de

vista democrático, a min non, convénzame. Escóiteme, a min non me resulta tolerable. Que se certifique. Pois sexamos todos..., e dicimos: Pois, mira, os certificados de obra, de final de obra, pois a partir de agora non se fan. Non sinalo a ninguén, estamos falando, señor Miranda, do conselleiro de Infraestruturas da Xunta de Galicia. Polo tanto, non me sinala a ninguén. En todo caso, é o seu problema; eu descoñezo os datos. Eu tiven coñecemento destes datos e por iso creo que, como responsable político e como deputado, é a miña obrigaón denunciar estes datos.

En todo caso, non quedamos... ¿hoxe aquí non se fartou de dicir o presidente da Xunta que o importante é dicirlles a verdade aos galegos? O importante é dicirlles a verdade aos galegos. A ver, o importante é dicirlles as verdades que vostedes cren aos galegos. O importante é dicirlles aos galegos que na manifestación de Pontevedra non eran 20.000, que eran 3.000. Iso é importantísimo. O importante é dicirlles que, no caso Gürtel, 55 afectados por escándalos do Partido Popular... ¿Iso non é importante? O importante é que non sei que relación de amizade ten o xuíz Garzón ou o xuíz Bermejo, ou o xastre, que o despediron. Iso é o importante; do resto non falamos. Dos 55 afectados por corrupción do Partido Popular, deses non falamos.

Polo tanto, en fin, eu non sei se isto é medible –como dicía o señor Rueda– ou non é medible. Todo o que é medible –dicía el– non é opinable. Non é verdade, hai cousas que son medibles e son opinables. (*Murmurios.*) Querería dicir que os datos non son opinables, son datos. Eu o que lles pido é que utilizemos a mesma vara de medir. Non me falen vostedes unha vez de metros, outra vez de litros e outra vez de gramos, e non sabemos a que andamos. Entón, se vostedes existen, que me parece, porque ademais creo que é o punto de partida para que os partidos melloremos, melloremos todos..., porque seguramente santos hai moi poucos, pero vostedes o que non poden é ter ese discurso farisaico que ven as cousas pequenas no ollo dos demais e non ven as vigas grandes no seu propio ollo.

Polo tanto, o Grupo Parlamentario Socialista imos aprobar o primeiro punto desta moción, que nos parece o máis relevante, que é que a información veña a esta Cámara, a información; e a partir de aí contrastaremos. E no segundo punto ímonos abster simplemente por unha cuestión de procedemento e unha cuestión de forma.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Pose.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra don Jaime Castiñeira Broz.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Señora presidenta.

Señorías.

Señor Pose, eu non sei de onde é o seu apelido nin me importa, non me preocupa. O que lle quero dicir é que se o Instituto Nacional de Estatística non falla, paréceme que Hernández hai mil e pico na provincia de Pontevedra e Pose creo que 214. Só lle quero dicir iso, pero tampouco me importa, non me preocupa os que haxa. (*O señor Pose Mesura pronuncia palabras que non se perciben.*) Non me preocupa, señor Pose. E, mire, mellor ser tridimensional que non plano, iso si é triste, (*Aplausos.*) iso si é triste, señor Pose.

Señorías, está claro que estamos ante unha pataleta de quen non soubo perder unhas eleccións. ¡Que lle imos facer!, é así, é unha rabieta tomada *in extremis*, no último momento, cando vostedes estaban saíndo pola porta no último Consello da Xunta. Hai que ser o que hai que ser e hai que dicir as cousas como son. Vostedes non sabían como atacar a maioría absoluta do Partido Popular. Houbo unhas eleccións, perderon, e non sabían como: pois imos intentar a ver como podemos..., eu diría que, non sei que palabra utilizar, pero posiblemente destruír politicamente un dos deputados de renome naquel momento do Partido Popular. Era un dos que estaban negociando, precisamente, o traspaso de funcións; traspaso do que poderíamos falar día e noite e varios días de como se portaron vostedes. Por certo, que nunha reunión, precisamente a o 7 de abril pasado, xusto cinco minutos despois de saír desa reunión de traspaso de poderes, onde o señor Hernández era un dos representantes do Partido Popular nesa negociación, nese traspaso, aos cinco minutos de saír desa reunión, entérase de que lle abren un expediente por unha das persoas precisamente que estaba, un representante do Partido Socialista, que era un dos que estaba nese traspaso de poderes. Señorías, desde logo, demostra o comportamento dalgúns partidos e dalgúns persoas. Iso, señorías, é o que hai, e hai que dicilo todo. Quizás o non saber –como digo– perder; e, sobre todo, quizás o intentar despis-

tar outras cousas, que vostedes tiñan moito que tapar, uns e os outros, os do bipartito; desde logo, bastantes cousas. Bastantes cousas, señor Suárez Canal, como Corrumeiro.

Supoño que vostede sabe quen é Alberte Souto, supoño que o coñece, porque era ex secretario xeral da consellería que vostede presidía; supoño que o coñece. Pois ten moito que ver en Corrumeiro, esa sociedade montada para despois pagarlle. Unha vez que montan a sociedade, pasa para a Administración e desde alí contratan. Supoño que o sabe vostede. Iso, ao mellor, non é incompatible; ao mellor non é incompatible, é incompatible o dos demais, que xa falaremos do demais. E, señor Pose, ao mellor tampouco é incompatible que o ex secretario xeral do Sergas, que firma convenios con hospitais privados, ao mes seguinte do seu cese, ao mes seguinte, resulta que é o director do hospital onde acababa de firmar o convenio. Non pasa nada, iso non é incompatible, señor Pose; iso, señorías, é habilidade socialista. *(Aplausos.)* Iso é como lle chaman, si señor; si señor, iso non é incompatible.

Miren, señorías, o informe da asesoría é moi claro. E, mire, non se olvide de que o director xeral da asesoría é o primeiro letrado, e vostedes están dubidando dun letrado. Vostedes saben que o expediente que intentaron abrírlle ao señor Hernández é manifestamente incompetente, é nulo, porque foi iniciado por un órgano que non tiña esa competencia. E saben perfectamente coma min –porque, ademais, os do Bloque son máis listos ca ningún; polo tanto, sábeno de sobra– que un expediente, un acto feito por un órgano incompetente, é nulo de pleno dereito. Ata aí chegamos os do PP, e vostedes chegan a moito máis. Polo tanto, deixémonos de tonterías, que saben que é iso. E tamén saben que unha cousa é unha proposta e outra unha resolución. E saben que a Dirección Xeral de Obras Públicas non tiña competencias para ditar resolucións nin contratos; única e exclusivamente en contratos de obras menores, pero nada máis. Polo tanto, malamente unha persoa que non ten competencias pode exercer as que non lle corresponde. Ao mellor, no bipartito podía pasar calquera cousa, porque no bipartito nos estamos encontrando con cousas de todo e, polo tanto, ao mellor, era así.

En canto á moción que aquí se presenta, señorías, estamos no mesmo: ruxe, ruxe e dálle que a ver se queda algo; imos darlle máis ao ruxe ruxe e que non haxa outra cousa. Iso é o que pide, iso é o que queren. Están vostedes pedindo, en

concreto, copia de todos os expedientes –que di o señor Pose que van apoiar–. Eu quero que saiban todas as señorías o que realmente piden no apartado 1: instar a Xunta de Galicia a que no prazo de quince días se aporten fotocopias de todos os expedientes, dende o inicio ata o último acto da súa tramitación, onde participou o señor Hernández. Pois temos para varias furgonetas, señores; temos fotocopias para varias furgonetas, porque foi sete anos director xeral. Non se olviden de que vostedes negaron as fotocopias dun só expediente, como era a autovía da Barbanza; nin iso foron capaces de aportar aquí. Ou as facturas da Habana, que o meu compañeiro, que seguro que está aí, seguro que se acorda perfectamente.

Pero, mire, só dicirlles o que hai. Segundo o artigo 9 do Regulamento da Cámara, teñen vostedes dereito a pedilo, non fai falta traer unha moción para iso. Señores, agora goberna o Partido Popular, non se equivoquen, non está gobernando o bipartito. Vostedes, en función do artigo 9, teñen dereito a ter esa documentación, ou a vela. Váiselles dar ese proceso, non hai problema ningún, non temos nada que ocultar, non somos coma vostedes. *(Aplausos.)* Miren, poden entrar en Ágora –que todos temos acceso, os deputados– e verán vostedes só unha pequena reflexión. Voulles dar só datos das últimas dúas lexislaturas onde gobernaba o Partido Popular onde non quedou nin un só expediente nin unha sola solicitude que vostedes fixeran, en función do artigo 9, sen atender. Mire vostede aí, *ni una sola*, o programa Ágora... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois vostedes moi mal fixeron o traballo. Preocupados estamos porque, entón, moi mal fixeron o traballo, porque o programa Ágora está aí... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Perdón.

Señor Castiñeira, perdón, que xa queda menos, pero, por favor, a ver se rematamos con tranquilidade.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Siga vostede, señor Castiñeira.

Señor Lobeira.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Como digo, parece que escocen as cousas e as verdades. Entren no programa, invítoos, seño-

res deputados, a saber quen é o que mente. É moi fácil, nin un só expediente, nin unha soa solicitude sen contestar. ¿Sabem cantas quedaron na lexislatura pasada? Pois 342 peticións sen contestar. Iso é o que hai.

E logo vostedes, no segundo punto, piden propiciar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Piden que o Parlamento inste a Xunta de Galicia a que propicie o Goberno da Xunta a creación dunha comisión no Parlamento. É que isto é unha burla. ¿E como? ¿Desde cando o Goberno é o que nos ten que dicir ao Parlamento como temos que actuar ou funcionar? ¿Desde cando? ¿Ou é que vostedes non teñen outros mecanismos para poder pedir unha comisión? Ao mellor é que, claro, non hai outros, pode ser; pero, señorías, non utilicen artimañas nin trampas. Porque, desde logo, non nos vai organizar ao Parlamento o Goberno, goberne quen goberne, estea apoiado por quen estea. As funcións do Goberno son gobernar e as do Parlamento, por suposto, son controlar o labor do Goberno e motivalo e, desde logo, impulsar para que o traballo sexa efectivo para todos os galegos.

Moitísimas grazas e nada máis.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario autor da moción, ten a palabra don Alfredo Suárez Canal.

O señor SUÁREZ CANAL: Si, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Señor Pose, agradecerlle o seu voto favorable.

Señor Castiñeiras, ten que rifarlle á Mesa do Parlamento. A moción está cualificada, non hai trampa nin cartón. Se a moción está cualificada é que se pode votar.

Ten un carácter substancial diferente que o Pleno acabe solicitando unha documentación. Os que temos certa experiencia niso sabemos como se gastaba a Administración do Partido Popular á hora de contestar as documentacións. Si, si. Vostede ten pouca experiencia aquí no Parlamento, algúns temos algunha máis e sabemos como nos contestaban as documentacións, como non as contestaban ou como nos

facían simplemente un renglón para contestarnos unha solicitude. Eu estou convencido de que se o solicitamos e vostedes non teñen ningún problema, que problema hai en solicitar a documentación. Non son, ademais, moreas, porque non pedimos todos os expedientes, todos os expedientes das empresas que resultaron adxudicatarias sendo el traballador con posterioridade. Hai dúas, hai dúas empresas. Polo tanto, non son moitos; non queremos afogar a Xunta, simplemente iso.

E, señor Castiñeiras, eu sigo pensando que hai caso por tres motivos: primeiro, porque hai un alto cargo do mesmo rango que os que vostedes din que non, o secretario xeral da Consellería de Presidencia, que di claramente que incorreu en incompatibilidade. A vostedes ese informe non lles serviu e queren que nos sirvan a nós os dos directores xerais; non os da primeira letrada, non se equivoque; os informes son dos directores xerais; polo tanto, cargos políticos que poden non ser nin sequera xuristas nin avogados. ¿Está? Polo tanto, teñen ese mesmo valor, exactamente igual que o anterior. Polo tanto, estamos ante un caso onde un cargo da Administración, un alto cargo, di claramente que se incorreu en incompatibilidade. Pero o que é máis grave, aquí estamos mesturando intereses públicos e privados, e nunha cuestión de enorme transcendencia,. Fíxense vostedes qué precedente están sentando. Un empregado público acaba sendo alto cargo, beneficiáanse determinadas empresas das súas actuacións nas que participa e, a renglón seguido, poucas semanas despois de cesar, acaba sendo contratado por unha desas empresas. Non volve ser empregado público. ¡Vaia unha empresa privada! Pensen vostedes do que estamos falando. Estamos falando dunha enorme colisión entre posibles intereses públicos e privados, e non quero ir máis alá. Polo tanto, é necesario investigar ata o final.

E non serve a tinta do calamar nin Carrumeiro nin nada, señor, e ademais non serve cando se difama e se mente, cando se difama e se mente, incluso altos cargos da Administración que non teñen nada que ver con esa empresa. E por suposto non fixeron o que o conselleiro dixo aquí desde esta tribuna, sendo alto cargo, adxudicar a empresas das que participaban. Falso e mentira.

E, ademais, descóbrennos unha cousa, señores do Partido Popular. Vostedes, á hora de adxudicar, ¿o que miran é a afiliación política do Consello de Administración das coopera-

tivas, das persoas xurídicas ou físicas, ou que cumpran a legalidade? Os centos de millóns de euros que adxudicou a Administración anterior –non esta, a anterior– a beneficiarios con familiares, con altos cargos, con persoas vinculadas a deputados do Partido Popular, ¿vostedes miraron iso cando fixeron as adxudicacións? ¿É o que miran? ¿Ou miran se cumpren a legalidade? Porque cando traen aquí dicindo non, é que hai estas adxudicacións... ¡Sorprendente! Na propia actuación, absolutamente discrecional, supoño que polo tempo da publicación de enquisa nos periódicos, tamén miraron iso, ademais feita con discrecionalidade porque aos periódicos que máis publican en galego non se lles deu esa publicidade institucional, pero hai outros medios de comunicación, algúns, se teñen cargos ou ex cargos do Partido Popular, ou altos dirixentes do Partido Popular, ¿tamén están feitos con intencionalidade política? ¿Saben de cantos centos de millóns de euros estamos falando da Administración anterior? Investiguen, porque quedamos sorprendidos. Nós pensamos que as adxudicacións había que facelas conforme a legalidade ou non a legalidade. Se non hai legalidade, ao xulgado; se están conforme a legalidade, o que realmente sorprende é que unha administración e un conselleiro suba á tribuna a intentar imputar. Primeiro, falso, non hai imputación. E, despois, que suba a tribuna falando de posibles filiacións dalgún dos membros dunha empresa. Pero ¿de que estamos falando?, ¿de que estamos falando, señores do Partido Popular? Auténtico macartismo, puro e duro, caza de bruxas, señores do Partido Popular...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor Suárez Canal.

O señor SUÁREZ CANAL: E, dende logo, neste caso o que é certo, efectivamente, é que hai colisión de dous informes. Hai, efectivamente, datos suficientes para pensar que pode haber colisión de intereses entre o público e o privado, e poden ter a seguridade de que nin con ameazas de chantaxes nin con ameazas e tintas de luras de calamar nós imos deixar de responder ao que efectivamente nos encomendou o pobo galego o 1 de marzo, non para a nosa satisfacción pero foi o que nos encomendou: que fagamos oposición e control ao Goberno, e esta é unha iniciativa de control ao Goberno. Vostedes, co seu voto, van impedir que poidamos controlar nunha cousa de enorme transcendencia para o futuro, e están sentando un precedente moi grave.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Suárez Canal.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez horas.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás nove do serán.



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25